



ESCOLA DE DOUTORAMENTO  
INTERNACIONAL DA USC

Francisco  
Alonso Toucido

Tese de doutoramento

Cerámica medieval galega:  
características, uso e evolución  
da produción

Santiago de Compostela, 2021



TESE DE DOUTORAMENTO

**CERÁMICA MEDIEVAL GALEGA:  
CARACTERÍSTICAS, USO E  
EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN**

Francisco Alonso Toucido

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN HISTORIA, XEOGRAFÍA E ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2021



D./Dna. **Francisco Alonso Toucido**

Título da tese: **Cerámica medieval galega: características, uso e evolución da produción**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

- 1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
- 2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
- 3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
- 4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Santiago de Compostela, 07 de Outubro de 2021.**

**Sinatura electrónica**





## AUTORIZACIÓN DA DIRECTORA DA TESE

### **Cerámica medieval galega: características, uso e evolución da producción**

Dna. María Pilar Prieto Martínez

INFORMA:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por D. Francisco Alonso Toucido, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

De acordo co indicado no Regulamento de Estudos de Doutoramento, declara tamén que a presente tese de doutoramento é idónea para ser defendida en base á modalidade de Monográfica con reprodución de publicacións, nos que a participación do doutorando foi decisiva para a súa elaboración e as publicacións se axustan ao Plan de Investigación.

En Santiago de Compostela, 07 de Outubro de 2021





## Índice:

|           |   |            |
|-----------|---|------------|
| <b>1.</b> | <b>Agradecementos .....</b>   | <b>5</b>   |
| <b>2.</b> | <b>Resumo .....</b>   | <b>9</b>   |
| <b>3.</b> | <b>Introdución. Aproximándonos á cerámica medieval galega .....</b> | <b>11</b>  |
| <b>4.</b> | <b>As fontes históricas e artísticas .....</b>                      | <b>15</b>  |
| 4.1       | Os documentos .....   | 15         |
| 4.1.1     | O rexistro invisible.....   | 22         |
| 4.2       | As representacións artísticas .....                                 | 24         |
| <b>5.</b> | <b>Estado da cuestión.....</b>                                      | <b>39</b>  |
| <b>6.</b> | <b>Formulacións, obxectivos e metodoloxía .....</b>                 | <b>71</b>  |
| 6.1       | Obxectivos.....   | 73         |
| 6.2       | Metodoloxía .....   | 75         |
| <b>7.</b> | <b>Base empírica: xacementos, contextos e pezas.....</b>            | <b>79</b>  |
| 7.1       | Os contextos da cerámica.....                                       | 81         |
| 7.1.1     | A Pousada .....   | 83         |
| 7.1.2     | As Pereiras .....   | 86         |
| 7.1.3     | Basílica da Ascensión e os Fornos de Augas Santas .....             | 90         |
| 7.1.4     | Bordel .....  | 94         |
| 7.1.5     | Casanova.....   | 107        |
| 7.1.6     | Castelo de Naraío.....  | 110        |
| 7.1.7     | Castelo de Portomeiro.....  | 113        |
| 7.1.8     | Castro de San Lourenzo.....   | 116        |
| 7.1.9     | Cova Eirós.....   | 120        |
| 7.1.10    | Faro de Budiño.....   | 124        |
| 7.1.11    | Franco nº 31 .....  | 130        |
| 7.1.12    | Porto Traveso.....  | 134        |
| 7.1.13    | Rocha Branca.....   | 139        |
| 7.1.14    | Rocha Forte.....  | 141        |
| <b>8.</b> | <b>Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media .....</b>     | <b>145</b> |
| 8.1       | Casanova, As Pereiras e A Pousada .....                             | 146        |
| 8.2       | Porto Traveso .....   | 202        |
| 8.3       | Faro de Budiño.....   | 233        |
| 8.4       | Cova Eirós.....   | 244        |
| 8.5       | Castelo de Portomeiro .....   | 257        |
| 8.6       | Bordel.....   | 262        |
| 8.7       | Castro de San Lourenzo .....  | 306        |
| 8.8       | Franco nº31 .....   | 380        |
| 8.9       | Basílica da Ascensión e os Fornos de Augas Santas.....              | 419        |
| 8.10      | Rocha Branca e Rocha Forte.....                                     | 523        |

|            |  |            |
|------------|--|------------|
| 8.11       | Castelo de Naraío .....  | 572        |
| <b>9.</b>  | <b>O rexistro invisible .....</b>  | <b>581</b> |
| <b>10.</b> | <b>A cerámica de época moderna .....</b>   | <b>609</b> |
| <b>11.</b> | <b>Síntese arqueométrica.....</b>  | <b>715</b> |
| <b>12.</b> | <b>Análise dos datos: cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega.....</b> | <b>773</b> |
| 12.1.1     | Séculos VI-VII.....  | 773        |
| 12.1.2     | Séculos VIII-IX.....   | 777        |
| 12.1.3     | Século X.....  | 781        |
| 12.1.4     | Séculos XI-XIII.....   | 783        |
| 12.1.5     | Séculos XIV-XV .....   | 798        |
| 12.1.6     | Séculos XVI-XVIII.....   | 805        |
| 12.1.7     | Interpretación de conxunto .....   | 807        |
| <b>13.</b> | <b>Conclusiones .....</b>  | <b>825</b> |
| <b>14.</b> | <b>Bibliografía: .....</b>   | <b>831</b> |
| <b>15.</b> | <b>Relación de publicacións que aportan contido á tese.....</b>                          | <b>859</b> |

«Canta conmigo Rosiña  
mira que son cacharreiro,  
dormirás en boa cama  
e sempre terás diñeiro».

(García Alén 2008: 232)



## 1. Agradecementos

Transcorreu un longo período de tempo dende que a presente tese foi matriculada ata que por fin sae do prelo, foron tempos de crecemento persoal e laboral; nun espazo temporal durante o cal xeráronse débedas de gratitude para as cales estas primeiras liñas pretenden ser un humilde pagamento. As miñas desculpas por adiantado para aquelas persoas que deberían ser mencionadas e por despiste non o son.

A primeira das personas a quen agradecer, como non podía ser doutra maneira, é á miña directora, dende aquel momento no que un perdido aspirante a arqueólogo entrou no seu despacho, buscando formarse en cerámica, foron anos de constante axuda, guía e dedicación, ás veces non completamente correspondidos pola miña parte. Os acertos deste traballo débense a ela, os erros unicamente a min.

Estes anos deron para aprender como nunca en canto á perspectiva laboral, primeiro en Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL agradecendo a Miguel Fernández Martínez os continuos debates e novas perspectivas na investigación. Posteriormente en Tempos Arqueólogos SL onde un dos pioneiros da cerámica medieval en Galicia, Mario César Vila remataría compartindo a súa experiencia e bo facer conmigo e a quen estarei eternamente agradecido.

Óscar Lantes Suárez realizou numerosas analíticas referenciadas neste traballo e sempre se preocupou de participar en proxectos de dignificación do traballo oleiro. Grazas a eses proxectos coñecemos a xente senlleira do mundo da olería como Luis Hixinio Flores Rivas, Lolo Santos ou Orlando Viveiro Veiga a quenes agradecemos que nos permitiran colaborar nos seus proxectos, con eles e con outros moitos amantes do patrimonio temos unha grande débeda de gratitude. Xentes

que aman á súa parroquia, ao seu concello ou á súa comarca e a defenden a capa e espada, xentes como Alfonso Campos Pérez ou José Fernández, Pepe das Pedras merecedores de canda súa medalla Castelao.

Varios dos materiais estudados o foron pola cesión e colaboración por parte dos directores das escavacións onde foron localizados. Queremos agradecer a Víctor Barbeito Pose e Víctor Rúa Carril a cesión temporal dos materiais de Porto Traveso e O Bordel respectivamente. Así como a Xurxo Ayán Vila quen nos acolleu no seu proxecto por terras lemavas dándonos acceso aos potes de San Lourenzo. A Arturo de Lombera Hermida pola disposición dos materiais de Cova Eirós. Sen esquecernos de Alba Lucía Carneiro Alonso quen puxo á nosa disposición os resultados do seu TFM sobre a cerámica de Portomeiro. Este espazo do Val do Dubra dificilmente sería traballado se non chega a ser pola labor de José Carlos Sánchez Pardo e Mario Fernández Pereiro. Iniciándose a relación co primeiro no Museo das Peregrinacións, catalogando ambos cerámica medieval sempre fomentou proxectos, cuestións e hipóteses de interese para o coñecemento da cerámica medieval. O segundo confiou en nós para a escavación dun dos enclaves da súa tese de doutoramento e que aportou materiais para a nosa, iniciándose unha relación laboral e de amizade que esperamos dure moito tempo.

A todos os coautores que permitiron a reprodución das publicacións nesta tese así como ás revistas e editoriais correspondentes. A Verónica del Río Canedo e Oria Ferreiro Diz por contar connigo para o estudo de recipientes en madeira. A Martín Rivas Vázquez quen realizou os debuxos das cerámicas do castelo de Naraío. A Samuel Nión Álvarez pola súa axuda en tódolos trámites burocráticos do presente traballo así como pola información sobre cerámicas medievais da Coruña. Manuel Gago Mariño e Soledad Felloza déronme a coñecer o fresco de Pombeiro cun posible recipiente renano en cerámica, espero que algún día o mundo do patrimonio arqueolóxico galego reconeza o antes e o despois que en valoración social supuxo o gran facer do bo e xeneroso de Gago.

## 1. Agradecementos

En todos estes anos, con Rebeca Blanco Rotea puideron participar en multitude de proxectos singulares, entre eles o de Augas Santas, sempre aprendendo na investigación e xestión do patrimonio cultural. Leccións que se ben non estaban relacionadas estritamente coa cerámica foron clave na nosa formación como arqueólogo. Grazas Rebeca espero que os ventos che sexan propicios como lle foron a Vasco da Gama. Agradecemos ao párroco de Augas Santas Eduardo Fernández Rodríguez o acceso ás xerriñas de Santa Mariña. Ao persoal dos museos que nos acolleron sempre coa mellor das vontades, con especial recordo para o persoal do Museo das Peregrinacións e de Santiago así como do Museo Arqueolóxico e Histórico de San Antón.

Igualmente supuxeron un antes e un despois na miña experiencia arqueolóxica a participación no proxecto Sputnik Labrego con toda a xente que ten pasado por el: Celtia Rodríguez González, Verónica Silva Alvite, Alejandro Rodríguez Gutierrez, Laura Martínez Panizo, Diego Torres Iglesias, Carla Pascua Ríos, Mario Fernández Pereiro así como a xentiña de Casaio, xunto aos cales puideron localizar o conxunto de arte esquemático de Pala de Cabras. Agradezo a oportunidade de poder participar neste proxecto único a Carlos Tejerizo García incansable investigador sen quen tamén tería moi complicado chegar a coñecer as coleccións altomedievais galegas, *grazie mille!*.

Samuel García Quintáns e Javier Flórez Díaz investiron parte do seu tempo na xestión dos materiais do Bordel. Agradecemos ao Incipit o espazo cedido durante varios anos nos seus laboratorios para a xestión do material cerámico. Xaime Varela Sieiro axudounos na interpretación de documentación medieval así como Carlos Galbán Malagón sempre presto en aportar referencias sobre recipientes na documentación. Grazas a Adrián Folgueira Castro e Roberto Bartolomé Abreira por darme a coñecer a singularidade de Lugo como cidade oleira.

## FRANCISCO ALONSO TOUCIDO

Aos meus pais Rosa María Toucido Cerqueiro e Juan Carlos Alonso Fernández, apoio vital incondicional xunto coa miña irmá, Irene Alonso Toucido. A toda a miña familia e aos meus amigos cun especial recordo para María Cortizo Carballo apoio fundamental nos traballos aquí presentados.

## 2. Resumo

A través da revisión de materiais procedentes de 14 xacementos arqueolóxicos con cronoloxías medievias o presente traballo pretende identificar as características da produción cerámica medieval galega ao longo de toda a Idade Media. Para tal feito identifícase a CTO de cada fase histórica, as súas formas, decoracións e capacidades técnicas xerándose un discurso interpretativo da evolución da cerámica medieval en Galicia refutado por datacións absolutas e estudos arqueométricos.

A arqueoloxía medieval en Galicia conta con varias teses de doutoramento centradas principalmente en estruturas ou sistemas habitacionais. Este traballo é a primeira tese que se centra na cerámica medieval dende perspectiva arqueolóxica en Galicia, dende o século VII d.C.. Como complemento incorporamos varios estudos de cerámica moderna, para comprender como se comportan as producións máis aló do século XV.

Dende unha produción autárquica inicial baseada no autoconsumo e con feitura a man, para os inicios da Alta Idade Media, conforme nos aproximamos ao ano 1000 obsérvase como as producións comezan a estandarizarse e especializarse. Este proceso de especialización chega ao seu punto álxido durante o século XII, a partir de cando se conforman sistemas de produción e especilización oleira que poderían ter chegado ata os nosos días. Cunha cerámica homoxénea en canto a formas e técnicas para toda Galicia e norte de Portugal, claramente diferenciadas das cerámicas asturianas e leonesas. Neste momento comezan a chegar por vía marítima as primeiras importacións provintes das costas europeas mentres que na Baixa Idade Media incorpóranse as producións peninsulares ao elenco galego cunha cerámica común puntualmente máis heteroxénea.



### **3. Introducción. Aproximándonos á cerámica medieval galega**

A escolla da temática do presente traballo responde a unha liña de traballo iniciada de maneira temperá durante os anos de formación do autor, conformando o seu Traballo de Fin de Grado en Historia sobre as cerámicas plenomedievais documentadas durante unha intervención arqueolóxica realizada na rúa do Franco nº31 en Santiago de Compostela, dirixida por Álvaro Rodríguez Resino. Posteriormente realizaría o seu Traballo de Fin de Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade sobre os materiais arqueolóxicos medievais recuperados na rúa Bordel, en Padrón, durante unha escavación en área dirixida por Víctor Rúa Carril. Tras estes traballos académicos foise aproveitando a traxectoria profesional do autor como arqueólogo de empresa para continuar afondando no estudo da cerámica medieval galega e ir publicando diferentes traballos que esperamos teñan contribuído a un mellor coñecemento da mesma e que hoxe forman parte da presente tese monográfica con reprodución parcial de publicacións segundo a normativa da USC.

Cando decidimos iniciar o camiño da investigación da cerámica medieval galega, facíámolo co obxectivo de mellorar a nosa experiencia cun dos máis abundantes materiais arqueolóxicos, a cerámica e co obxectivo de poder contribuír a un mellor coñecemento do rexistro arqueolóxico galego nas súas fases medievais. No ano 2013 os estudos sobre materiais arqueolóxicos en Galicia contaban cunha clara abundancia para épocas prehistóricas e romana, adocendo a Idade Media, Moderna e Contemporánea dunha ausencia de estudos que vai en detrimento dun mellor coñecemento histórico desas épocas. 8 anos máis tarde, como veremos a continuación, a situación non mudou en exceso, aínda que si fóronse sumando estudos puntuais que nivelaron en parte a balanza. A situación dos estudos sobre cerámica medieval é parella ao desenvolvemento da arqueoloxía medieval en Galicia, ao

igual que noutros puntos da Península Ibérica (Solaun Bustinza, 2005, p. 19), no noroeste primouse o estudo arqueolóxico de fases prehistóricas e romanas, por tanto Galicia conta cunha necesidade de coñecemento dos materiais arqueolóxicos máis próximos cronoloxicamente a nós.

Entre os obxectivos do presente traballo están os de favorecer un mellor coñecemento das producións cerámicas galegas ao longo da Idade Media afondando nas súas diferencias cronolóxicas, tipolóxicas e funcionais, especialmente daqueles séculos onde a información sexa máis escasa e incidindo no seu encadramento no discurso social e histórico, reclamando o seu papel fundamental para o coñecemento da historia medieval galega.

Non é obxecto do presente traballo definir nin debater sobre o inicio da Idade Media ou a fin do mundo antigo no noroeste peninsular baseándonos nos discursos rupturistas ou continuistas (Escalona Monge, 2006, p. 165; Tejerizo-García, 2015, p. 92). Se ben é certo que dende unha óptica estritamente cerámica o punto de inflexión a nivel comercial dentro das cronoloxías que nos ocupan dáse a partir dos séculos VII-VIII, coas respectivas caídas de Antioquía (636) e Cartago (698) e a posterior invasión da Península Ibérica por forzas musulmáns, pechándose o comercio mediterráneo e abríndose un período autárquico (Fernández Fernández, 2013, p. 206). Con todo os límites cronolóxicos do presente traballo veñen definidos pola dispoñibilidade de materiais para estudar, así como pola necesidade de información especialmente para determinados séculos, ante a ausencia de estudos. Por tanto o abano cronolóxico atópase delimitado entre os séculos VII e XV. Para centurias precedentes contamos cos amplos traballos para as cidades de Lugo e Vigo, aínda que as producións de cerámica común lucense rematan de fabricarse no século VI (Alcorta Irastorza, 2001), en Vigo os estudos chegan ata o século VII malia que principalmente centrados nas producións de importación (Fernández-Fernández, 2011). Con respecto ao marco xeográfico este atópase delimitado polos límites administrativos actuais de Galicia, pero para a presente investigación podemos e debemos aproveitar moitos dos

### 3. Introducción. Aproximándonos á cerámica medieval galega

traballos realizados en Portugal debido á historia común dos antigos condados portugalense e galego ata 1143 coa conformación do reino de Portugal, historia común político-social, lingüística e que como veremos tamén ten a súa representación cultural na cerámica do momento.

A presente tese de doutoramento realiza inicialmente, no capítulo 4, un percorrido polas diferentes fontes de coñecemento coas que contamos hoxe en día para o estudo da cerámica medieval, dende indirectas a directas. Como indirectas destacan as fontes históricas, escasas no caso galego ben por falta de publicacións ben por ausencia das mesmas e que adoitan facer mención unicamente a recipientes sen indicar o material no que están realizados. Sen esquecermos do rexistro invisible, mencións a recipientes en madeira os cales dificilmente chegan a nós, salvo en condicións excepcionais. As representacións artísticas de cronoloxías románicas e baixomedievais cobren escenas de banquetes tanto en escultura como en pintura no caso baixomedieval pero con problemáticas de identificación como veremos.

Posteriormente, no capítulo 5, realizamos un estado da cuestión dende os inicios dos estudos cerámicos medievais en Galicia durante o século XX ata os nosos días. Onde se plasma a ausencia dunha interpretación de conxunto para a cerámica medieval galega e a escaseza de publicacións especificamente centradas no tema, así como de teses de doutoramento.

Nos seguintes apartados, correspondentes co capítulo 6, definiremos as formulacións de partida, obxectivos e metodoloxía empregada, explicando o modelo de tese de doutoramento empregada. Empregamos o sistema de tese monográfica con reprodución parcial de publicacións, posto que considerábase urxente a necesidade de publicación de estudos sobre cerámica medieval galega ante a ausencia dos mesmos, por tal motivo boa parte do traballo exposto no presente documento foi publicado en diversas revistas, actas e libros.

Os xacementos obxecto de estudo son plasmados a continuación, no capítulo 7, cunha breve síntese descritiva tanto do xacemento en si como da intervencións ou intervencións realizadas, incorporando un mapa xeolóxico que sirva de base para o cotexo cos desgrasantes empregados nas cerámicas. A orde dos xacementos presentados é alfabética.

As diferentes coleccións cerámicas estudadas son presentadas no capítulo 8, en base á reprodución das publicacións nas que son recollidas ou ben plasmando directamente os estudos realizados. Buscouse unha orde orientativa en base á cronoloxía de cada xacemento; co obxectivo de facer máis doada a interpretación dos datos dende o punto de vista temporal. No capítulo 9 facemos mención ao rexistro invisible, as coleccións de recipientes de madeira de cronoloxía medieval unicamente constatados en condicións excepcionais de conservación.

Como complemento para o estudo das cerámicas medievais, incorpóranse no capítulo 10, resultados do estudo de recipientes posteriores ao século XV, axudando a comprender como as dinámicas iniciadas na Baixa Idade Media consolídanse na Idade Moderna.

As numerosas analíticas arqueométricas realizadas foron sintetizadas nun capítulo de libro o cal recollemos no capítulo 11, para posteriormente iniciar a discusión dos datos no capítulo 12. Este atópase dividido na interpretación conxunta de todos os datos estritamente cerámicos recompilados con anterioridade e nas implicacións espaciais e de contexto que as pezas poden aportar.

No capítulo 13 recollemos as conclusións de todo o traballo para posteriormente no 14 contar coa bibliografía e no capítulo 15 cubrir un dos requisitos das normas da USC con respecto ás teses monográficas con reprodución de publicacións, que é a incorporación do listado das mesmas e o seu índice de impacto, de telo.

## 4. As fontes históricas e artísticas

Para un mellor coñecemento da cerámica medieval galega contamos con fontes directas e indirectas, entre as primeiras a propia cerámica a través do seu estudo arqueolóxico directo, obxecto do presente traballo. Entre as segundas estarían as representacións artísticas, a modo de pinturas en forma de frescos ou miniaturas, ou esculturas; outra das fontes indirectas serían as documentais.

### 4.1 OS DOCUMENTOS

Un dos escasos traballos que poden aproximarnos, en certa medida, dende unha perspectiva documental á cerámica é unha parte do inmenso labor de Varela Sieiro sobre o léxico cotián na Alta Idade Media galega, máis concretamente a súa publicación sobre o enxoval (Varela Sieiro, 2003). Nela existe un capítulo dedicado ó servizo de mesa e outro a grandes recipientes, nos que podemos informarnos sobre os diferentes nomes que reciben os utensilios, na documentación da Alta Idade Media. A documentación reflexa nomes como *aquamanyles*, *aquamanylia*, *acumanyile*, e *ytria*, *ydrias* e *itrias* posiblemente xerras para o servizo de mesa ou lavado de mans, documentado por primeira vez o seu emprego como termo durante século X. (Varela Sieiro, 2003, pp. 209, 256) os *canados* tamén poderían ser xerras seguindo o modelo do portugués, aínda que a súa aparición é tardía, século XIII e a acepción presenta dúbidas (Varela Sieiro, 2003, p. 282). Das *concas*, *conquas*, *konquam*, documentadas por primeira vez no século X derivará a nosa *cunca*, aínda que nestes momentos, dado que se emprega o termo como unidade de medida posiblemente atopariámonos ante unha especie de escudela (Varela Sieiro, 2003, p. 217). As *copas* contan con primeira referencia no ano 942 e os *copos* do 969 (Varela Sieiro, 2003, pp. 220, 221). Os *ensorios*, *mesorios*, *missorios*, *messoiros* ou *messorium* así como as *offerturia*, *offertura* ou *inferturia* e as *parapside* e *paripsidas* serían

bandexas ou pratos para o servizo de mesa (Varela Sieiro, 2003, pp. 229, 233, 238). Mentres que o *fixorium* podería estar vinculado cun recipiente para fritir (Varela Sieiro, 2003, p. 228), así como as *sartagines*, a nosa tixola, da cal indicase o seu prezo, doce *modios* (Varela Sieiro, 2003, p. 243), e a *patellam*, posiblemente unha ola ou tixola (Varela Sieiro, 2003, p. 239). Como *scala*, *scaleas scalas* ou *escalas* posiblemente recóllase xa dende o século IX a nosa escudela para servizo de mesa (Varela Sieiro, 2003, p. 243), a cal na Plena Idade Media derivaría en *scutellas* (Varela Sieiro, 2003, p. 245). Baixo os termos *uasa* ou *uasos* acolleríanse diversas definicións sinónimas de vaixela, recipientes en xeral ou vasos (Varela Sieiro, 2003, p. 251). Os *cantara* ou *cantare* de aparición a inicios do século XIII na documentación mencionarían grandes recipientes para líquidos, como se aprecia na frase *pro robore uno caseo et una cantara de lacte* (Varela Sieiro, 2003, p. 283) A palabra común no mundo antigo *dolia* non goza de repercusión no mundo ibérico medieval onde unicamente atópase unha referencia galega como posible recipiente de almacenaxe de froitos ou viño (Varela Sieiro, 2003, p. 293). A *gargalia* mencionada nun documento de Caaveiro no 1081 tamén podería ser un recipiente indeterminado para líquidos, se temos en conta o uso no francés actual de *gargoulette*, podería tratarse dun cántaro (Varela Sieiro, 2003, p. 296). Un dos termos altomedievais que máis se atopan relacionados co rexistro arqueolóxico é o de *ollas*, con mencións no séculos XII e XIII aínda que escasas, tanto ao recipiente como ao produtor en documentación do condado portugalense: *illos oleiros qui regalengo sedent quod faciant suos foros de ollas, oleiro de tres cozeduras det II ollas I grande et alia parua*, e no condado de Galicia: *singulas ollas plenas miliis* (Varela Sieiro, 2003, p. 298). Outro dos termos do léxico vinculados a recipientes é o de *tinalia*, *tinalliam*, *tinalia*, do século XIII atópase relacionado con utensilios vitivinícolas, de aí que se propoña o seu uso para un recipiente tipo *tinaja* en castelán (Varela Sieiro, 2003, p. 300).

Trala revisión da documentación publicada vese claramente como esta adoita mencionar os elementos de maior valor localizados en

actas notariais, por tal motivo moitos dos recipientes anteriormente mencionados adoitan estar acompañados do adxectivo *argentum*, *eneos*, ou *auri* indicadores da prata, bronce ou ouro cos que estaban realizados. A pesares disto debemos ter en conta que se se especifica o material con que están feitos os obxectos, é porque podían existir os mesmos elementos fabricados en cerámica ou incluso madeira, atopándose algúns dos obxectos anteriormente mencionados sen adxectivo ningún e probablemente unicamente realizados en cerámica, como as *tinalliam*. Posteriormente tamén comprobaremos como existen obxectos mencionados que non adoitan documentarse no rexistro arqueolóxico, posto que a maioría do servizo de mesa común estaría probablemente fabricado en madeira, ata época baixomedieval, a modo de *uasa lignea* (Varela Sieiro, 2003, p. 217). Especial mención merece a procedencia, indicada para algúns produtos como de *aeyraclis*, *feyrach*, *erakes*, *erac* ou *eirake* aínda que nalgunhas pezas indícase que se trata de elementos de cristal, en moitos termos non se menciona o material (Varela Sieiro, 2003, p. 399). Dentro deste xentilicio englobaríanse toda clase de elementos procedentes do mundo islámico, podendo tratarse de Irak, pero tamén de Al-Andalus e tal vez se estean a mencionar importacións cerámicas altomedievais.

A pesares do evidente interese do léxico anteriormente indicado, a documentación estudada rara vez remite a lugares de produción, aos seus procesos, aos oleiros e oleiras, ás súas redes comerciais ou á súa organización social mediante gremios ou non. Dentro da escasa documentación que vai máis aló da mera mención de recipientes é de sumo interese o documento que recolle a frase mencionada anteriormente: *illos oleiros qui regalengo sedent quod faciant suos foros de ollas*. Atópase mencionada no ano 1136 no foro de Seia, no distrito de Guarda, Portugal, na Serra da Estrela, no antigo condado de Portugalense pertencente ao reino de Galicia (*Portugaliae Monumenta Historica a saeculo octavo post Christum usque ad quintumdecimum Leges et Consuetudines*, 1863, p. 372). A frase é de interese posto que nos marca un punto de produción oleira no interior do actual norte de Portugal pero tamén afonda no encadramento social e profesional dos oleiros, identificándoos como profesionais especializados, incluso

ordenando o pago de rendas de reguengo mediante especie, en olas. No distrito de Viseu atópase a vila de Sernancelhe, con foro outorgado en 1124 que menciona que un *oleiro de tres cozeduras det II ollas I grande et alia parua* (*Portugaliae Monumenta Historica a Saeculo Octavo Post Christum Usque Ad Qvintvmdecimvm Leges et Consuetvudines*, 1863, p. 364). Descoñecemos o significado exacto da mención ás tres cozeduras, se fai referencia a tres coccións anuais por cada oleiro ou que estes someten ás pezas a tres coccións. Probablemente trátase da primeira opción, identificándose así tamén outro centro oleiro no antigo reino de Galicia e o pago de rendas mediante unha ola grande e outra pequena.

En Galicia contamos cun acta do mosteiro de Oseira que menciona o seguinte *singulas ollas plenas miliis* (Varela Sieiro, 2003, p. 298). En contexto trátase do pago de rendas mediante olas cheas de millo miúdo, por tanto indícanos o uso de recipientes aparentemente vinculados á cociña, como elementos de almacenaxe.

A documentación relacionada con vilas e cidades conta con algunha mención relacionada coa cerámica, como por exemplo o foro de Pontevedra: *se algún onbre que no sea vizino traxier cuncas, arquas o ollas, deve dar de cada fexe una por portaje* (García Alén, 2008, p. 28). Ou o de Padrón: *se alguno onbre de outra parte venier a Padrón..., a de pagar al arçobispo... e de cada fexe de ollas que venier a la villa ha de aver el mayordomo una olla la mejor que vinier en lo fexe* (García Alén, 2008, p. 28).

Con respecto aos lugares de produción a documentación medieval menciona as palabras *furnos*, *forno*, *furnum* ou *fornum* pero nunca vinculada a adxectivos como oleiro, senón que moitas veces aparece sen adxectivo, por tanto poderían tratarse de simples fornos de pan. Noutros casos o adxectivo é *telleiro* documentándose varias mencións a estes fornos para realizar tellas (Varela Sieiro, 2008, p. 213). Na cidade de Ourense recóllense dúas mencións unha no seu foro: *Et outros y poserin et ordenaron que non seja tal nen tan ousado de regatear olas nen cántaros nen outro lauor de barro máis aqueles que o trougeren que o vendan no mellor barato*; e outra nas ordenanzas:

*Iten ordenaron mays sobre rasón das ollas que tragan os oleiros a vender a cidade a qual ordenança feseron en esta maneira: que qual quer ome de fora, oleyro, que trouxese ollas a vender a esta cidade* (García Alén, 2008, p. 28).

Ao contrario que en Galicia, en Portugal existen estudos realizados dende perspectiva arqueolóxica que vinculan documentación histórica e cerámica medieval xa dende inicios dos anos 90, como o de Mario Jorge Barroca quen recolle as mencións a oleiros e fornos tanto de tella como de cerámica (Barroca, 1993). A través do seu traballo compróbase como as cidades contaban con centros produtores próximos, algúns dos cales vinculados a mosteiros, como o caso de Vila Nova de Gaia para a cidade de Porto sen que iso bloqueara unha posible produción na propia cidade ou canto menos na súa área inmediata, como no caso de Braga (Barroca, 1993, p. 164). No caso das cerámicas provintes de Gaia a documentación reflicte para o século XIV como estas eran transportadas ben en bestas ou ao peso tanto por homes como mulleres, debendo pagar para a entrada en Porto unha ola ou un cántaro se se facía a pé e dous en bestas (Barroca, 1993, p. 161). Documentábase unha importante produción urbana en Guimarães así como en Prado e Cervães, freguesías do concello de Vila Verde a medio camiño entre Braga e Barcelos con abundante produción (Barroca, 1993, p. 163), que posiblemente aproveitarían a súa posición xeográfica para a distribución a estas dúas cidades, pero non como núcleos oleiros unitarios senón como unha grande área especializada de produción dispersa. Cara o norte do río Lima non foi identificada ningunha referencia nin para produción telleira nin oleira, achacado polo autor á escasa documentación publicada para a zona (Barroca, 1993, p. 165), pero que podería deberse á proximidade de núcleos de importancia galegos, como Tui, o cal contaba con abundante materia prima favorable para a elaboración de cerámica, como por exemplo no actual concello de Porriño.



**Fig. 2 – Possível área de influência dos centros oleiros de Entre-Douro-e-Minho. Cada círculo assinala uma área com 15 km de raio**

Figura 1. Centros oleiros do norte de Portugal e áreas de distribución estimada (Barroca, 1993, p. 165).

Entre os investigadores portugueses tamén destaca Isabel María Fernandes, coa súa tese de doutoramento e diversas investigacións que vinculan rexistros materiais e léxico dende o século XII ata os nosos días (Fernandes, 2016; Granja Fernandes, 2012). Gracias a ela sabemos que no anteriormente referido entorno de Prado, lugar de boas barreiras, existe unha referencia ao topónimo *Ollarius* xa no

#### 4. As fontes históricas e artísticas

século X (Granja Fernandes, 2012, p. 14). Tendo en conta a documentación dispoñible asóciase a existencia de produtores de cerámica á localización de barreiras nas súas inmediacións (Granja Fernandes, 2012, p. 15). Lamentablemente a maioría da documentación dispoñible e estudada por Fernandes é de época moderna e contemporánea con escasos casos de documentación pleno e baixomedieval.

Revisando os léxicos do corpus documental galaico-portugués existen diferentes termos de interese a estudar dende a filoloxía, a historia medieval e a arqueoloxía, para afondar no coñecemento da cerámica medieval:

|            |          |            |
|------------|----------|------------|
| barreiras  | olarios  | tegularium |
| cantaro    | olas     | tegularum  |
| cantaros   | oleiro   | tegulas    |
| cantereis  | oleiros  | tegule     |
| cuncas     | ollari   | teleiro    |
| concas     | ollarii  | teleyro    |
| escudellas | ollarius | telha      |
| fornada    | ollas    | telheiro   |
| fornata    | panela   | teliam     |
| forno      | panelias | telieiro   |
| fornum     | pichees  | tella      |
| fornus     | piichees | telleiro   |
| furnos     | tegellos | tinalliam  |
| furnum     | tegula   | tileyrum   |
| olariis    | tegulam  | vasos      |

Figura 2. Exemplos de termos relacionados coa cerámica medieval na documentación.

Outra das referencias de interese podería ser a toponimia, xa no seu momento o padre Sarmiento fixera mención ao topónimo Oleiros, sorprendido ante a abundancia do mesmo e a nula vinculación

aparente con produción oleira. García Alén revisa tamén a toponimia pescudando na posible vinculación coa produción oleira e non atopa referencias a fabricación de olas en ningún dos casos (García Alén, 2008, p. 27). Isto podería ter dúas explicacións, trataríase dun lugar produtor antigo, do cal xa se perdeu toda tradición ou memoria da fabricación de olas, poderían tratarse por tanto de lugares de produción medieval. Por outra banda o topónimo, podería non ter relación coa produción cerámica. Hoxe en día o Nomenclátor da Xunta de Galicia contén 11 lugares co topónimo oleiros (Figura 3).

| Provincia  | Concello         | Parroquia                           | Lugar              |
|------------|------------------|-------------------------------------|--------------------|
| LUGO       | CARBALLEDO       | Oleiros (San Miguel)                | Oleiros            |
| OURENSE    | CARTELLE         | Sande (San Salvador)                | Oleiros            |
| OURENSE    | CASTRELO DE MIÑO | Ponte Castrelo (Santo Estevo)       | Oleiros            |
| OURENSE    | CASTRO CALDELAS  | Vilamaior de Caldelas (Santa María) | Vilar de Oleiros   |
| PONTEVEDRA | COVELO           | Barciá de Mera (San Martiño)        | Oleiros, Os        |
| LUGO       | LÁNCARA          | Oleiros (San Martiño)               | Oleiros            |
| CORUÑA, A  | OLEIROS          | Oleiros (Santa María)               | Cruz de Oleiros, A |
| OURENSE    | PADRENDA         | Desteriz (San Miguel)               | Oleiros            |
| PONTEVEDRA | SILLEDA          | Oleiros (San Miguel)                | Oleiros            |
| CORUÑA, A  | TORDOIA          | Cabaleiros (San Xián)               | Oleiros            |
| OURENSE    | XINZO DE LIMIA   | Seoane de Oleiros (San Xoán)        | Seoane de Oleiros  |

Figura 3. Lugares co topónimo “Oleiros”.

#### 4.1.1 O rexistro invisible

En arqueoloxía moitas veces son tan importantes as evidencias como as ausencias, ao longo do presente traballo observaremos como en función do momento cronolóxico no que nos movamos predominarán unhas formas sobre outras e un tipo de servizo sobre outros. Un caso destacado é a completa ausencia de servizo de mesa en base a pratos e fontes ata a Baixa Idade Media. Esta ausencia de evidencia non significa evidencia de ausencia posto que hoxe en día continuamos a empregar pratos de madeira, sendo moi probablemente a madeira o material predominante para os pratos, fontes, cuncos e escudelas, dende o século VIII ata o XIV. De feito os torneiros

#### 4. As fontes históricas e artísticas

galegos contaban con bastante fama na antigüidade chegando a existir a tradición de que Cudillero foi fundado por torneiros galegos no século XIII (Graña García, 1985), manténdose máis patente hoxe en día a tradición torneira en Asturias que en Galicia. Recolle Luciano García Alén o uso deste tipo de servizo durante o século XVIII a través do informe dun deputado, que menciona que os empregan todas as clases sociais:

*“Otros/ labradores/ o sus mujeres, que son las que más acuden a los mercados, llevan... a él cuencos, platos y fuentes de palo, que son las vasijas de que se usa en Galicia, incluso los curas y la mayor parte de la nobleza.”* (García Alén, 2008, p. 20).

No apartado correspondente darase conta de varias intervencións galegas nas que se documentaron este tipo de recipientes en niveis de cronoloxía medieval.

## 4.2 AS REPRESENTACIÓNS ARTÍSTICAS

Durante a Idade Moderna e Contemporánea a representación de recipientes nas obras pictóricas e escultóricas será un feito común. Dende os bodegóns onde en moitos casos se representan unicamente servizos de mesa. Como por exemplo no cadro de Zurbarán *Natura morta d'atuells*, onde se representan recipientes arqueoloxicamente localizados en escavacións na cidade de Sevilla (Rodríguez Viñuelas, 2015, p. 238); ou no caso de Murillo, en representacións de vida cotiánas que se emprega cerámica (Muñoz Nieto, 2018), ambos con grande vinculación cunha cidade de singular importancia oleira como era a Sevilla do século XVII.

No medioevo galego unicamente represéntanse recipientes en pintura ou escultura se estes cobren algunha funcionalidade dentro da escena representada, de aí que contemos con escasos exemplos dispoñibles, tendo en conta que non é o obxectivo deste traballo realizar unha procura sistemática dos mesmos. Un dos máis temperás atópase na actual basílica de San Martiño de Mondoñedo, en Foz, obviando as fases previas, o inicio da construción que chegou ata os nosos días dátase a finais do século XI (Sánchez-Pardo et al., 2018, p. 358). A igrexa conta cun conxunto de capiteis historiados realizados en base a un estilo singular para Galicia, alleo aos obradoiros composteláns (Sánchez-Pardo et al., 2018, p. 360), nun deles represéntase degolación de San Xoán Bautista e banquete de Herodes mediante unha mesa á que se sentan Herodes e outras dúas persoas máis, dispostas ante 3 pratos ou fontes, un deles coa cabeza de San Xoán Bautista (Villa-Amil y Castro, 1904, p. 52).

Atopariámonos ante representacións dun servizo de mesa, con formas abertas pero que poderían estar realizadas en cerámica, en madeira ou en metal. Noutro dos capiteis mindonienses represéntase outra escena de banquete, identificada como a do rico Epulón e o pobre Lázaro (Peinado Gómez, 1972, p. 20), no frontal do capitel localízase unha mesa con 5 pratos, mentres que no seu lateral esquerdo un servinte ou ben escancia bebida dende unha crátera

#### 4. As fontes históricas e artísticas

(Castiñeiras López, 2017, p. 215), ou achega á mesa *un curiosísimo vaso ápodo con tapa y asas, colocado en su correspondiente pie, que parece ser de madera; y los de la derecha el uno lleva y el otro trae una vasija triangular* (Villa-Amil y Castro, 1904, p. 51), aínda que estas *vasijas triangulares* tamén foron interpretadas como instrumentos musicais (Fernández García, 2004, p. 1021). Nesta escena contaríamos tamén con servizo de mesa así como co recipiente globular indeterminado do lateral esquerdo, deixando a adscrición dos elementos do lado dereito como recipientes, como dubidosa.



Figura 4. Imaxe do banquete de Herodes de Mondoñedo (Castiñeiras López, 2017, p. 200).



Figura 5. Imaxe do banquete de Epulón (Castiñeiras López, 2017, p. 215).



Figura 6. Detalle do recipiente do lado esquerdo do capitel (Castiñeiras López, 2017, p. 216).

#### 4. As fontes históricas e artísticas

Na igrexa de San Bartolomeu de Rebordáns en Tui, reproducécese un capitel con contidos similares ao banquete de Herodes de Mondoñedo, moi posiblemente influenciado polo de Mondoñedo. Nel represéntase a mesa con diversos pratos e fontes aínda que cunha calidade inferior á de Mondoñedo (Castiñeiras López, 2017, p. 318). Trátase ao igual que en Mondoñedo de servizo de mesa con formas abertas das que descoñecemos o material, puiden tratase de madeira, metal ou cerámica.



Figura 7. Imaxe do banquete de Herodes de San Bartolomeu de Rebordáns<sup>1</sup>

A última cea é unha representación recorrente no mundo da iconografía relixiosa cristiá, no caso do mosteiro bieito de San Xulián de Moraime, con referencias dende o século XI (Benlloch del Río, 2010, p. 10), pero reformada no século XII, cóntase cun singular

---

 <sup>1</sup> <http://www.arquivoltas.com/11-galicia/01-Tuy-Rebordans2.htm>

tímpano sur esculpido en ambas caras no que na exterior represéntase a última cena. Son sete os apóstolos desta representación cun Cristo central a quen todos sinalan co seu dedo índice (Sousa, 1983, p. 143). Cada un dos apóstolos e Cristo contan con cadanseu recipiente aberto a modo de pratos ou cuncas, nalgúns casos abertas e noutras pechadas, cun fondo posible fondo realizado nalgúns casos.



Figura 8. Imaxe da última cena de Moraime. Fonte: Adrián Estévez.

Outro exemplo en escultura, cronoloxicamente posterior ao precedente é o do salón de cerimoniais do pazo arcebispal de Santiago de Compostela, denominado pazo de Xelmírez. As nervaduras do salón repousan sobre ménsulas que representan diferentes escenas cotiás do século XIII, como representacións musicais, banquetes, representacións de reis, etc (Lamperez y Romea, 1913, p. 13). Nas mesmas identifícanse algúns recipientes, como na escena de lavado de mans na que dúas persoas, posiblemente serventes, axudan a outra no lavado de mans, mediante unha xerra dunha única asa e con bico vertedoiro que parte aparentemente directamente do corpo, sen contacto co bordo, conta tamén con pé realizado. Ao seu carón a cada lado, outras dúas persoas traen dous recipientes con tapadeira, os dous con pés realizados de tipo escudela de gran tamaño e ambos tapados con tapadeiras de forma similar á do recipiente, o da dereita presente unha carena no seu bordo, trocando a tendencia do corpo e converténdoo en invasado (Figura 9 e Figura 10).

#### 4. As fontes históricas e artísticas



Figura 9. Representación de lavado de mans no pazo arcebispal de Santiago de Compostela<sup>2</sup>.



Figura 10. Recipientes a cada lado da escena de lavado de mans<sup>3</sup>.

---

<sup>2</sup> Imaxe provinte de <http://xsierrav.blogspot.com/2016/12/palacio-xelmirez-escenas-de-banquete.html>

<sup>3</sup> Imaxe provinte de <http://xsierrav.blogspot.com/2016/12/palacio-xelmirez-escenas-de-banquete.html>

Os mesmos recipientes son empregados noutra ménsula por dúas persoas nunha mesa con mantel unha delas atópase destapando o recipiente, aparentemente para comer directamente del e a outra conta co recipiente tapado por unha especie de empanada ou bola de pan circular con corrosco (Figura 11). Todos os recipientes do pazo arcebispal cumpren coas mesmas características, salvo a xerra. Recipientes xeralmente abertos, aínda que con algunha excepción, con carenas no seu bordo que os converten en invasados, son de tipo escudela, con pe realzado e poderían estar realizados en madeira ou cerámica, sendo pouco probable o metal. Contan con algún tipo de tapadeira, aparentemente do mesmo material e forma que o recipiente que cobren ou empregando produtos de panadaría como tapa, o sistema de cubrición recorda aos *tagines* hoxe tradicionais do Magreb.



Figura 11. Escena de banquete con recipientes na mesa<sup>4</sup>.

#### 4. As fontes históricas e artísticas

Outra representación de interese en escultura é a localizada no Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, ao sur do pantocrátor central, sitúanse os anxos da paixón (Silva Costoyas, 1999, p. 110). Entre os diferentes atributos que portan, o terceiro leva no colo unha xerra (Figura 12). Trátase dunha peza con grande detalle e definición, de forma globular, dobre asa e un pescozo con orientación vertical dende o corpo ata o bordo simple, sen pico vertedoiro, a parte inferior da peza conta con fondo realzado e paredes en relevo conformando unha superficie ondulada ata o punto central da peza, onde un reberete liso marca a diferencia entre as superficies do corpo, contando a superior con relevo en forma de alongadas escamas, o pescozo presenta unha liña de bolas no seu punto medio. Aparentemente debería tratarse dunha peza cerámica, sen desbotar totalmente o metal, podería tratarse dunha importación andalusí.




Figura 12. Detalle da xerra do Pórtico da Gloria, montaxe realizada a través de imaxes da Fundación Barrié de la Maza e blogArte e Historia.

#### 4. As fontes históricas e artísticas

A peza anteriormente mencionada podería ser a base para a conformación dunha similar na denominada “catedral do rural galego”, San Xulián de Ventosa en Agolada. No interior da igrexa consérvanse partes dun baldaquino medieval con escenas da creación, anunciación, nacemento, etc (Sá Bravo, 1978, p. 749). Entre as escenas da anunciación e a visitación localízase unha crátera de dobre asa superficie ondulada inferior e mesma forma que a do Pórtico da Gloria.



Figura 13. Imaxe da crátera de San Xulián de Ventosa <sup>5</sup>.

En canto ás representacións pictóricas que podemos localizar, estas son máis reducidas en número. Un dos escasos casos documentados é o da pintura mural románica de San Martiño de Mondoñedo. Situada no extremo sur do cruceiro, nela ao igual que nos capiteis anteriormente mencionados, tamén se representa o banquete

<sup>5</sup> Imaxe provinte de <https://maravillasdespana.blogspot.com/2014/05/noreste-de-pontevedra-y-mas-cosas.html> Consultada o 23 de xaneiro de 2021.

do rico Epulón e Lázaro, nunha mesa con mantel 2 cuncas e tres recipientes de pé realizado son plasmados, este tipo de recipientes non teñen paralelos no rexistro cerámica coñecido ata o momento (Yzquierdo Perrín, 2020, p. 251).

Outro exemplo é o de San Vicenzo de Pombeiro, no concello de Pantón, mosteiro situado na Ribeira Sacra, fundado canto menos no século X e posteriormente doado á orde de Cluny pola raíña Urraca (Yzquierdo Perrín, 2012, p. 324). No ano 1996 grazas ao traballo da restauradora Blanca Besteiro localizouse un importante conxunto de frescos datados no ano 1462, nos que se representan diferentes escenas relixiosas, como a natividade, a adoración dos reis, a fuxida a Exipto, etc (Suárez-Ferrín, 2002).

A escena do noso interese é a da última cena, coñecida grazas á divulgación que fixo da mesma Manuel Gago a través do seu blog, con fotografías de Soledad Felloza <sup>6</sup>. Trátase dun representación de carácter naturalista, onde os apóstolo atópanse ao redor dunha mesa con mantel branco sobre un chan do que parecen ser lousas cerámicas. Sobre a mesa dispónse para comer pan e peixe e os comensais beben en vasos simples, os cales poderían estar realizados en madeira ou cerámica, pero mentres a maioría beben en vasos, un deles faíno directamente dun pichel con tapa e outro pichel atópase sobre a mesa. Estes picheis presentan fondo realizado, corpo globular e un alongado pescozo rematado e bordo simple cunha tapadeira, a cal o apóstolo que bebe ten levantada. Independentemente do interese da diferenza de uso de recipientes para beber, o cal podería estar indicando o uso de viño e cervexa nas mesas do mosteiro, como xa avanzou Gago no seu momento, poderíamos atoparnos ante recipientes de metal, estaño, peltre, prata, pero tamén ante recipientes de cerámica de importación, sendo a tapadeira neste caso, de metal. Nestes momentos os diferentes centros oleiros localizados nas beiras do río Rin atópanse producindo e exportando grandes cantidades do denominado “gres alemán”, un tipo cerámico que durante a Idade Moderna tería unha distribución

---

<sup>6</sup> <http://www.manuelgago.org/blog/2013/12/22/a-ultima-cca-de-pombeiro-unha-fotografia-dos-usos-gastronomicos-da-galicia-do-seculo-xv/> Consultado o 23 de xaneiro de 2021.

#### 4. As fontes históricas e artísticas

totalmente global, sendo moi probable que esta representación recolla unha das primeiras importacións destes elementos en Galicia.



Figura 14. Cea de Pombeiro, retratada por Soledad Felloza.




Figura 15. Detalle dos picheis de Pombeiro <sup>7</sup>.

Os mosteiros son espazos que gozan de certos privilexios, entre eles os económicos, neles adoitan habitar membros relixiosos das clases altas da sociedade, clases que adoitan evidenciar a súa singularidade tamén a través da cultura material. No caso da representación de Pombeiro, o máis probable é que o artista contratado para pintar as escenas a finais do século XV reflicta a vida cotiá que se atopa no propio mosteiro e a adapte ás escenas representadas.

A palabra gres provén do francés, *grés*, (arenisca), fai referencia a un tipo de pasta cerámica realizada a base de arxila e area silíceo, que cocida a temperaturas de máis 1000 C° adquire un alto grao de compacidade e dureza, tal é así que en Inglaterra é coñecida como *stoneware* (louza de pedra) (Schávelzon et al., 2012, p. 88).

A produción de gres en Alemaña ten a súa orixe na zona de Renania (oeste de Alemaña, ao redor de Colonia), onde a ambos os dous lados do río Rin sitúanse cinco centros produtores de afincada

---

<sup>7</sup> Imaxe procedente de <http://www.manuelgago.org/blog/2013/12/22/a-ultima-cca-de-pombeiro-unha-fotografia-dos-usos-gastronomicos-da-galicia-do-seculo-xv/> consultada o 23 de xaneiro de 2021.

tradición, catro dentro das fronteiras da actual Alemaña: Langerwehe, Frechen/Colonia, Siegburg e Westerwald; e un na Bélxica xermanoparlante: Raeren. Unha das principais características do gres alemán é o seu vidrado ao sal, que produce acabados de diferentes cores e impermeabiliza as pezas así como a súa grande dureza, facéndoas ideais para o contido de líquidos e o transporte a longas distancias. A grande especialización das áreas produtoras favoreceu tamén a súa elaboración en serie e en inxentes cantidades (Quirós Castillo & Bengoetxea Rementería, 2010, p. 572).

O tipo que encaixaría coa imaxe corresponderíase coas *drinking jugs*, de perfil globular, pescozo alto e boca estreita cun asa e bordo vertical simple (Vlierman, 2010, p. 193). A partir do século XVI, a posición dos centros produtores a carón dun importante río navegable como é o Rin, a facilidade de transporte debido á súa dureza e o barato prezo en comparación con outras cerámicas vidradas provocan que este tipo cerámico chegue a todos os puntos do globo, sendo unha cerámica presente na maioría de niveis arqueolóxicos galegos da Idade Moderna. En Santiago de Compostela foi localizado entre outros lugares na casa do Deán en pleno núcleo da cidade histórica e no xacemento da Pousada, na saída da cidade en dirección Ourense (Castro Lorenzo, 2006, 2009; Prieto Martínez et al., 2015). A súa presenza é constante no resto de cidades galegas aínda que con moi escasa publicación, foron constatados *Bellarminos* na cidade de Vigo e outros tipos de gres na mesma cidade, en Baiona, en Pontevedra e na cidade de Ourense (Beltrán de Heredia & Miró, 2009; Caramés Moreira, 2004; Gorgoso López & Alonso Toucido, 2015; Xusto Rodríguez, 2004).



## 5. Estado da cuestión

En 1988 indicábase co esclarecedor título *Arqueología medieval. En las afueras del medievalismo* (Barceló Perelló et al., 1988), como en moitos casos, a arqueoloxía medieval era considerada como unha mera recuperadora de obxectos e estruturas auxiliares da investigación histórica documental, sen ser capaz de xerar as súas propias narrativas, sen convivir co medievalismo tradicional e véndose capada no obxectivo último de xerar coñecemento histórico.

Sirvan como exemplo do atraso ao que se vía sometida a arqueoloxía medieval hispana as diferentes datas de nacemento das revistas de referencia para a arqueoloxía medieval, de tres estados europeos (Barceló Perelló et al., 1988, p. 10). A *Medieval Archaeology* nace en 1957 gozando hoxe día dunha extraordinaria saúde, cos seus dous últimos volumes do ano 2019. A gala *Archéologie Médiévale* atópase operativa dende o 1971 ata os nosos días e finalmente a italiana *Archeologia Medievale* todo un referente para o Mediterráneo. En contraposición o seu equivalente *Boletín de Arqueología Medieval* foi creado en 1986 e o seu último volume publicado é do ano 2013. Non so as revistas de estados próximos contan con maior antigüidade, senón que hoxe en día atópanse a pleno rendemento, ao contrario que o caso español.

No caso galego, a principios da década dos 90, Xusto Rodríguez e Eguileta Franco (Xusto Rodríguez & Eguileta Franco, 1992, p. 273), indicaban que a arqueoloxía medieval era a irmá pequena fronte as arqueoloxías clásicas e prehistóricas. Uns 28 anos despois consideramos que tal cualificativo pode seguir empregándose, xa que a arqueoloxía medieval galega conta aínda con importantes lagoas de coñecemento; sendo o estudo da cerámica unha delas. Dez anos despois da publicación de Xusto e Eguileta, nun estado da cuestión, volvíase a incidir no limitado desenvolvemento da arqueoloxía

medieval galega (Acuña Castroviejo et al., 2012, p. 120).

Esta insuficiencia de estudos vese agravada polo “endemismo da historiografía medieval” (Xusto Rodríguez & Eguileta Franco, 1992, p. 279), baseada case en exclusiva na documentación e cun escaso aproveitamento dos datos arqueolóxicos. Pero os arqueólogos temos unha parte considerable da culpa deste feito, xa que non fomos capaces de facer ver á arqueoloxía medieval como algo completamente necesario, non so como a materialización do cotián da sociedade medieval senón como un método imprescindible para conseguir datos en moitas ocasións máis obxectivos que os propios documentos históricos e xerar así as propias narrativas do medievo galego.

Dentro da propia arqueoloxía medieval o feito de atoparse a galega, afastada culturalmente da andalusí constitúe outro hándicap, posto que esta sería a única que lograría crear unha narrativa propia na Península Ibérica (Tejerizo-García & Quirós Castillo, 2018, p. 124).

As numerosas intervencións de urxencia e preventivas escasamente publicadas e a ausencia de grupos de investigación que compaxinen sistematicamente arqueoloxía e documentación medievals, son feitos que contribúen ao escaso desenvolvemento desta arqueoloxía galega, o que non quita que se teñan realizado traballos de sumo interese como por exemplo, o estudo documental e arqueolóxico de vila *Bidualdi* (Pallares Méndez & Puente Míguez, 1981), as primeiras aproximacións á cerámica deste período, que comentaremos máis adiante (p.e. Fariña Busto, 1975; Suárez Otero et al., 1989), os precedentes nas prospeccións arqueolóxicas medievals como son os traballos de Bonilla Rodríguez (1991) ou o máis completo debido á proposta metodolóxica que derivou del (Xusto Rodríguez & Eguileta Franco, 1992), para a prospección da Baixa Limia (Eguileta Franco & Rodríguez Cao, 1991), e o val do Támea (López Quiroga & Rodríguez Lovelle, 1993). Será entre a década dos 90 e 2000 cando López Quiroga e Rodríguez Lovelle realicen as primeiras aproximacións ao mundo altomedieval desde varios puntos de vista como os asentamentos fortificados en altura (Rodríguez Lovelle &

López Quiroga, 1999), ou os modelos de poboamento (López Quiroga, 2004).

Cabe destacar os traballos sobre escavacións en castelos de época baixomedieval, como os de A Lúa, Rocha Forte e Moeche (Acuña Castroviejo & Casal García, 2009, p. 534), e dos que derivaron imprescindibles publicacións tanto sobre as diversas campañas como sobre as cerámicas documentadas e outros aspectos (p. e. Casal García et al., 2004; César Vila et al., 2010; César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003; Martínez Casal, 2006, 2007). Así mesmo os traballos de Ballesteros Arias sobre a paisaxe medieval galega (p.e. Ballesteros Arias, 2010; Ballesteros Arias & Blanco Rotea, 2009) clarifican dúbidas sobre aspectos dos usos agrarios anteriormente non desenvolto.

Dende finais dos 2000 as teses e traballos de varios investigadores aportaron novos datos e puntos de partida na investigación, como por exemplo Rodríguez Resino centrado na transición entre o Imperio Romano e a Alta Idade Media a través do estudo de varios xacementos de Galicia e Portugal (Rodríguez Resino, 2005), unha liña que tamén seguiría, ampliándoa cronoloxicamente, Sánchez Pardo na súa tese de doutoramento, estudando en detalle dous territorios do norte e sur de Galicia, Nendos e a Terra de Ceanova, cunha visión diacrónica da organización do territorio e o poboamento dende o cambio de era ata a Plena Idade Media (Sánchez Pardo, 2008). No caso das fortificacións altomedievais estas serían tratadas por Rodríguez Resino na súa tese centrada na área compostelana (Rodríguez Resino, 2008), un traballo que posteriormente sería ampliado pola, recentemente presentada tese de Fernández Pereiro sobre recintos fortificados en altura na Depresión Meridiana galega e cuxas cerámicas dun deses recintos, son referenciadas no presente traballo (Fernández Pereiro, 2018). Xa para fortalezas baixomedievais destaca a tese Galbán Malagón onde se tratan principalmente tres casos de estudo, as Torres de Altamira en Brión, o castelo de Cira en Silleda e o castelo de Vimianzo (Galbán Malagón, 2011). Non podemos esquecernos do mundo da arqueoloxía da arquitectura cos traballos de Blanco Rotea quen realizada as

primeiras aproximacións a fábricas medievais dende esta disciplina en Galicia (Blanco Rotea, 1998, 2005), e cuxa tese de doutoramento sobre a paisaxe fortificada da raia húmida aportará interesantes resultados das fortificacións medievais e modernas de ambos lados do río Miño (Blanco-Rotea, 2015). Recentemente a mencionada anteriormente Ballesteros Arias ven de defender a súa tese sobre a paisaxe rural galega, con interesantes aportacións ao período medieval (Ballesteros-Arias, 2020). A estes traballos hai que sumar a organización de encontros (M López-Mayán Navarrete & Galbán Malagon, 2007), os estudos paleobotánicos realizados por investigadores como Martín Seijo e Teira Brión onde se relacionan os diferentes aproveitamentos do bosque e do agro (Martín Seijo, 2010; Teira Brión, 2013, 2015; Teira Brión et al., 2011, 2012), así como o proxecto recentemente executado *Early Medieval Churches: History, Archaeology and Heritage* financiado por unha beca *Marie Curie* e levado a cabo polos doutores Sánchez Pardo e Blanco Rotea dende o grupo de investigación Síncrisis (Sánchez Pardo & Blanco Rotea, 2018; Sanjurjo-Sánchez et al., 2019). Estes traballos mostran que, nos derradeiros tempos, a arqueoloxía medieval pode aportar e, polo tanto, pode reivindicar un lugar importante como disciplina en Galicia.

Pese ao grande número de intervencións en contextos medievais galegos e a súa ampla distribución pola rexión, a publicación e divulgación dos resultados das mesmas é bastante escasa, se nos centramos nos traballos dedicados en exclusiva ou con algunha mención á cerámica o seu número verase reducido aínda máis. Moitos dos traballos existentes teñen problemas como poden ser o contexto das pezas non aclarado, atribucións cronolóxicas non fundamentadas, escavacións moi antigas, etc.



Figura 16. Exemplos de lugares con intervencións en contextos medievais galegos (César Vila et al., 2010, p. 155).

Os primeiros traballos arqueolóxicos realizados en contextos medievais galegos datan de finais do século XIX, cando López Ferreiro efectúa “exploracións” arqueolóxicas na Catedral, en torno ó sepulcro do apóstolo (Suárez Otero, 1999b, p. 46), así como en Santa María de Iria Flavia (Bonilla Rodríguez, 1991a, p. 221). Xa a mediados do século XX, Chamoso Lamas e Guerra Campos continuarán as intervencións dentro da basílica compostelá, e será o propio Chamoso quen realice novas escavacións en Iria Flavia (Padrón) así como nas Torres de Oeste (Catoira) (Chamoso Lamas,

1951, 1974; Guerra Campos, 1983). Lamentablemente as memorias de case todos estes traballos non adoitan atoparse na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e as publicacións existentes non son suficientes para un coñecemento exhaustivo do material arqueolóxico (Suárez Otero, 2007, p. 144). Con todo, D. Manuel Chamoso Lamas merece unha especial mención no ámbito da xestión do patrimonio cultural, tanto galego como estatal, chegando a participar en misións internacionais nos inicios da Segunda Guerra Mundial, para a recuperación do patrimonio expatriado durante a Guerra Civil (Chamoso Lamas, 1943, p. 288, 2009, p. 27). En 1945 é nomeado Comisario da Primeira Zona do Servizo de Defensa do Patrimonio Artístico en Santiago de Compostela, comezando así unha inxente labor de protección, salvagarda e investigación do patrimonio cultural galego chegando a intervir en numerosos xacementos de sumo interese para a arqueoloxía medieval, como Bretoña (A Pastoriza), Santa Mariña de Augas Santas (Allariz), Iria Flavia (Padrón), San Xulián de Moraime (Muxía), San Bartolomé de Rebordáns (Tui) ou a catedral de Santiago de Compostela entre moitos outros (Acuña Castroviejo et al., 2012, p. 123).

A mediados do século XX o profesor Balil Illana realiza escavacións nas Torres de Oeste (Catoira) onde documenta a maiores da ocupación medieval, fases romanas (Balil Illana, 1971). En 1973 Filgueira Valverde e Fariña Busto, realizan sondaxes no entorno da capela da Lanzada (Sanxenxo), documentando varios niveis con presenza de vasillas grises “que recordan o medieval” ou “con todas as características da cerámica medieval” (Filgueira Valverde & Fariña Busto, 1974, p. 85). Ao parecer as características destas pezas eran ben coñecidas por estes investigadores e un deles publicará ao ano seguinte o primeiro estudo sobre cerámica medieval galega, a través dos materiais recuperados durante a, anteriormente mencionada, intervención de Chamoso Lamas nas Torres de Oeste. Fariña Busto compara estas formas coas constatadas por el en cinco xacementos: Lobeira (Vilanova de Arousa), A Lanzada (Sanxenxo), Castelo de Darbo (Cangas do Morrazo), Castelo de Soutomaior (Soutomaior) e Vilasobroso (Mondariz) (Fariña Busto, 1975). Sen contar con

estratigrafía algunha, identifícanse dous tipos de producións, un tipo aparentemente heteroxéneo de pastas claras, a torno e de superficies coidadas incluso con algún engobe vermello así como con abundante mica, que polos debuxos e descricións aportados consideramos que inclúe elementos de diferentes épocas, non só a medieval; e un segundo grupo, máis numeroso e homoxéneo, con recipientes de pastas “gris perla” ou cor cincento escuro (Fariña Busto, 1975), con abundante desgrasante micáceo pero tamén con áreas de ata 4 milímetros de calibre, formas globulares de bordo volto cara o exterior e rematado en beizo biselado, con decoración incisa ou en cordón dixitado e beliscado, semellan estar feitas a man, pero nos bordos identifícanse estrías de torno.

Con posterioridade a esta primeira síntese íranse publicando os resultados de intervencións en xacementos medievais coa súa correspondente mención, en maior ou menor detalle, á cerámica neles localizados. Son exemplos a torre baixomedieval de Meira, Moaña; con cerámicas de cor gris pardo, vermello alaranxado e negro, así como un fragmento vidrado en branco (Acuña Castroviejo et al., 1976, p. 188), e o *castellum* do século X de Pena Goia en Toén, con formas pechadas de cor escura e sen decoración (Rodríguez Martínez, 1977).

Nas escavacións realizadas, entre 1977 e 1981, en Ouvigo; no concello de Blancos, constatáronse evidencias de culto paleocristiá posiblemente situadas nun templo pagán anterior. En definitiva, un edificio relixioso empregado dende época antiga ou tardoantiga ata época medieval. Na síntese das campañas mencionadas, os propios autores recoñecen o seu “sumamente embrionario” coñecemento sobre cerámica medieval (Rodríguez Colmenero et al., 1985, p. 323), e diferencian catro tipos de cerámica en función da cronoloxía: romana, visigótica, altomedieval e baixomedieval. A suposta cerámica altomedieval é a máis abundante, con bordos biselados, decoracións en base a cordóns dixitados e liñas incisas que recordan máis á época plenomedieval, pero os escasos estudos sobre cerámica medieval do NW peninsular existentes no momento de realizar o traballo, os paralelos tipolóxicos buscados noutros lugares da península, a

morfoloxía das tumbas identificada cos séculos XI e XII (Rodríguez Colmenero et al., 1985, p. 402), e o propio aviso dos investigadores “non nos atrevemos a precisar máis. Como aproximación vale. Serían necesarios aínda novos estudos para comezar a ver con algunha claridade” (Rodríguez Colmenero et al., 1985, p. 325); fan necesaria a revisión deste interesante conxunto de materias.

Tamén en 1985 publícase un informe sobre a execución de dúas catas de 2x2 no castelo de Soutomaior, onde se documentan fragmentos de pastas grises e “claras” de cerámica común así como pezas vidradas. Que nos remitirían a un período baixomedieval (de la Peña Santos, 1985, p. 156). Tres anos despois, Fariña Busto e Suárez Otero realizan unha aproximación á arqueoloxía medieval galega e nela establecen tres grupos de producións cerámicas en función da cronoloxía. Por un lado un grupo heteroxéneo subdividido en tres, en función das pastas, decoración e morfoloxía; para as cerámicas comprendidas entre os século IX e XI. En época plenomedieval, séculos XI-XIII, as pezas estarían caracterizadas pola súa cor “gris perla” e na Baixa Idade Media a partir do século XIII, documentaríanse recipientes grises xunto con elementos vidrados foráneos (Fariña Busto & Suárez Otero, 1988). Será entre os anos 70 e 80 cando comezan os traballos no interesante xacemento de Adro Vello (O Grove), un complexo palimpsesto no que se documentou unha factoría de salgadura romana sobre a cal se asentaba unha igrexa medieval e moderna coa súa correspondente necrópole (Carro Otero, 1987), tristemente este xacemento segue sumido no abandono dende o punto de vista da súa publicación como da súa posta en valor.

No libro *La cerámica medieval en el norte y noroeste de la Península Ibérica, aproximación a su estudio* (Bohigas Roldán & Gutiérrez González, 1989); Suárez Otero, Gimeno García e Fariña Busto realizan unha importante síntese cuns datos “escasos” e de “débil configuración” (Suárez Otero et al., 1989, p. 286), que fan dos resultados conseguidos algo moi meritorio. A publicación de Bohigas e Gutiérrez nace con motivo de ampliar o traballo presentado no IV Congreso Internacional de Cerámica Medieval do mediterráneo

Occidental, realizado en Lisboa en 1987. Neste congreso varios autores, fan unha síntese do estado do coñecemento sobre cerámica medieval dende Navarra ata Galicia (Andrío Gonzalos et al., 1991). A publicación de 1989 convértese en todo un referente para o estudo da cerámica medieval dos reinos cristiáns, dados os múltiples territorios e xacementos tratados, aportando unha visión global do norte peninsular durante a Idade Media. Os investigadores galegos infórmanos de como entre o século IX e XI documéntase un grupo de cerámicas de pastas avermelladas ou acastañadas realizadas a man e cun acabado pulido ou espatulado que presentan abundantes desgrasantes e a nivel formal recoñécéronse unha xerra/botella, unha patena e un cáliz. Así como un grupo de características semellantes pero de coloración gris e un terceiro grupo maioritario, que presenta recipientes pardo-vermellos, ocres ou alaranxados, de superficies rugosas os cales son morfoloxicamente olas pequenas de bordo esvasado e beizo recto vertical ou oblicuo así como xerras e recipientes para almacenaxe. A nivel decorativo predominan as impresións mediante dixitación, ben nos bordos ben en cordóns aplicados (Suárez Otero et al., 1989, p. 287). A partir do século XI a cerámica pasará a ser máis homoxénea en base a cor gris e predominando o “gris perla”. As formas son olas de bordo esvasado, xerras de bordo trilobulado, formas abertas e troncocónicas, tapadeiras, queixeiros ou coadores e incluso petos para moedas. A decoración nalgún caso é similar á precedente, impresións dixitadas aplicadas directamente sobre a peza ou en cordón pero tamén punzóns sobre as asas e incisións. A carón destas producións poderían aparecer vidrados de ton gris ou verdoso, que se asocian a importacións dende Al-Ándalus, pero os autores non xustifican suficientemente esta afirmación. Este traballo é entendido como unha proposta para a introdución ao mundo da cerámica medieval galega, na nosa opinión bastante acertada pero con problemas, como por exemplo a escasa xustificación da cronoloxía outorgada aos xacementos de referencia, se ben é certo, podemos asegurar que esta publicación sería o punto de partida para os estudos que chegarían despois, adocendo a maioría dos mesmos da visión xeral deste traballo.

Ante a necesidade de contar con tipoloxías cerámicas de calidade para o avance da arqueoloxía medieval, Bonilla Rodríguez comeza un traballo de investigación financiado pola Xunta de Galicia, comparando varios xacementos galegos, do cal contamos cun resumo e escasos resultados preliminares (Bonilla Rodríguez, 1991b). Pero descoñecemos se o proxecto foi máis aló xa que non se chegou a publicar nada sobre o mesmo. Nese mesmo ano de publicación ve a luz o estudo sobre as xerras de Santa Mariña de Augas Santas, Allariz. Trátase de 125 pezas practicamente completas, localizadas en 1948 de maneira casual (Pereira Marimón, 1991). Son recipientes con escasos paralelos coñecidos, de corpo bitroncocónico e bordo oblicuo aberto (Tipo A), bordo recto (Tipo B) así como olas con asa (Tipo C), posúen decoración incisa. Pese a ser clasificadas como romanas, as súas características e contexto coinciden cunha cronoloxía medieval, máis concretamente en torno ó século XIII (Pereira Marimón, 1991, p. 348).




Figura 17. Tipos de xerra de Santa Mariña de Augas Santas (Pereira Marimón, 1991, p. 349).

En 1992 Doval Galán tentará seguir avanzando no coñecemento ceramolóxico medieval através dos materiais de Penamoa (Carnota). Os recipientes foron recollidos no monte Pindo por un veciño e depositados na Universidade de Santiago de Compostela, polo tanto non posúen contexto, aínda así as cerámicas agrúpanse segundo unha proposta cronolóxica (Doval Galán, 1992). Identificouse cerámica romana, da Alta Idade Media e da Baixa. As dos séculos iniciais da Idade Media correspóndense con pastas mal decantadas, con inclusións plásticas de grande tamaño cocidas en ambientes oxidantes e redutores, de cor negro e ocre-alaranxado, entre as desta cronoloxía tamén se identifica un grupo de cerámicas ben decantadas. A nivel formal identifícanse unicamente olas, con bordos acanalados,

de orientación oblicua e horizontal. Unha peza conta con tratamento superficial en base a estrías, o cal podería tratase dun cepillado (Doval Galán, 1992). Documentáanse tres tipos de decoración, incisión, impresión e a técnica excisa (Doval Galán, 1992). O bruto das pezas altomedievais provocou incluso a súa comparación con pezas de cronoloxía prehistórica (Doval Galán, 1992). As pezas adscritas á Baixa Idade Media contan con cocción redutora e oxidante, de cores entre o castaño e o negro pasando polo gris, para as redutoras e o laranxa para as oxidantes, ambas de pastas ben decantadas. Para este momento destaca o brunido como tratamento superficial. A nivel formal trátase de olas con asa de bordo cunha pouco prominente pestana no seu punto medio. Só unha peza deste período presenta decoración, en base a unha incisión situada no seu ombro (Doval Galán, 1992).

En 1993 Suárez Otero publicará un estudo sobre un tipo cerámico escasamente documentado na Galicia medieval, as vasillas decoradas con pintura branca. Localizadas no conxunto de materiais recuperados durante as escavacións de Chamoso Lamas en Iria Flavia e na Catedral de Santiago, o seu contexto arqueolóxico está moi mal definido (Suárez Otero, 1993b). Son fragmentos heteroxéneos de xerra, algún con engobe vermello e decoración pintada formando aspás, outros con pastas alaranxadas e espatuladas ou de pasta gris. A mala documentación do rexistro arqueolóxico e a ausencia de paralelos fai que sexa moi difícil definir unha cronoloxía clara para as mesmas. Nos puidemos atopar un xacemento inédito con este tipo de cerámica, mediante a revisión das fichas de inventario de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Trátase do xacemento da Pedra da Pena en Moaña (GA36029001), no que mediante escavacións ilegais recuperáronse fragmentos de cerámica pintada, tamén dunha xerra, como así indica a ficha realizada por Rosa Gimeno e Angel Acuña en 1990. Aínda que se descoñece a tipoloxía de este xacemento, atopado a carón dun gran bolo granítico, nunha zona de grande dominio visual da ría de Vigo e aparentemente sen defensas asociadas.



Figura 18. Cerámica pintada de Pedra da Pena (a partir de Gimeno, R e Acuña, A; ficha da DXPC do GA36029001).

Será tamén en 1993 cando Suárez Otero faga o primeiro traballo exclusivo sobre cerámica vidrada en Galicia. Este tipo de producións son características dos séculos finais da Idade Media así como de toda Idade Moderna, aínda que tamén poden documentarse en contextos plenomedievais pezas vidradas. Os recipientes estudados por Suárez Otero proceden das escavacións do claustro da Catedral e foron tipificados como cerámica de Manises. Son seis fragmentos de vidro branco con decoración en azul e dourado (Suárez Otero, 1993a, pp. 93-94), a súa presenza é interpretada como evidencia das relacións comerciais entre o Mediterráneo e o Atlántico a finais da Idade Media.

A finais da década dos 90 comezan a ver a luz publicacións do Grupo de Investigación en Arqueoloxía da Paisaxe sobre diversos traballos de campo nos que se documentaron cerámicas medievais. Pese a ser moitos deles fragmentos recollidos en superficie ou durante

tarefas de control arqueolóxico e as veces cunha cronoloxía escasamente xustificada, estes traballos mostran con detalle as características das cerámicas localizadas. Son exemplos as cerámicas baixomedievais localizadas durante a construción da rede de distribución de gas na provincia de Lugo (Martínez López et al., 1998). As pezas documentadas no xacemento de As Pereiras en Amoeiro, cunha fibela xermánica, e cerámica de cores que varían entre o marrón, laranxa, e negro, destaca un forno portátil similar ao tipo Castromao. Lamentablemente a sensación do conxunto é de heteroxeneidade cronolóxica nun mesmo nivel, incluso con abundantes pezas da Idade do Ferro (Aboal Fernández & Cobas Fernández, 1999, p. 24). Suárez Otero volverá a incidir en aspectos sobre a arqueoloxía da Catedral de Santiago, facendo nesta ocasión un repaso das intervencións nela desenroladas e cun apartado específico para os materiais arqueolóxicos. Como xa indicamos no caso das cerámicas pintadas, a documentación do contexto das intervencións antigas na Catedral non foi adecuada, resultando ás veces completamente imposible coñecer o contexto dun material (Suárez Otero, 1999a, p. 48). Suárez Otero revisa os materiais das escavacións de Chamoso Lamas e López Ferreiro, agrupando as producións cronoloxicamente. Destaca a abundancia de cerámica dos séculos XI-XIII, algo que coincidiría coas obras de construción do templo. Son cerámicas grises con decoracións plásticas, dixitacións así como incisións (Suárez Otero, 1999a, p. 55).

A carón da Catedral lévase a cabo unha intervención no número 1 da rúa do Franco, onde se identifican un conxunto de cerámicas altomedievais (Doval Galán, 1999), que por analoxía con outros conxuntos recuperados na cidade, consideramos encadrables nos século XII-XIII.

Na vila romana de Bares, no xacemento de Eirexa-Vella (Mañón), localizáronse cerámicas que cobren un amplo abanico histórico incluíndo tamén a Idade Media (Ramil González, 2003). A súa vez identificáronse producións nomeadas como “cerámica tradicional” sen que foran adscribidas cronoloxicamente pensamos que moitas delas

poderían ser medievais.

Trala escavación do castelo baixomedieval da Lúa en Rianxo, publícase un dos artigos fundamentais para comprender as cerámicas baixomedievais e postmedievais galegas (César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003). Nel realízase por primeira vez unha tipoloxía desta cerámica que servirá de base para os estudos posteriores. Sendo elementos fundamentais as olas de bordo horizontal cóncavo e as olas de pestana de pastas grises ou negras (Figura 19). No ano 2005 os mesmos arqueólogos elaboran un traballo sobre a escavación levada a cabo na capela e lazareto de San Lázaro en Santiago de Compostela (Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005). Fundado o hospital a mediados do século XII, durante a escavación constátanse elementos cerámicos grises da Plena Idade Media tales como xerras trilobuladas e olas, así como cerámicas baixomedievais e modernas. As decoracións son as típicas descritas anteriormente cunha peculiaridade, un fragmento decorado en base a mamelóns con forma de diamante.




Figura 19. Olas de bordo horizontal cóncavo do Castelo da Lúa (César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, p. 345).

É na década dos 2000 cando máis sistemáticos son os estudos sobre cerámica medieval, como os dous anteriormente mencionados. O seguinte fito na investigación será a publicación do estudo de materiais cerámicos da campaña de 2004 do castelo de Rocha Forte (Martínez Casal, 2006), complementado por referencias anteriores e posteriores (Casal García et al., 2005, 2006). A cerámica común da fortaleza é clasificada como micácea, predominando as formas globulares de tipo ola con bordos horizontais e de pestana (Figura 20).

Haberá tamén xerras lobuladas, pero de cocción oxidante así como un abundante repertorio de louza importada (Martínez Casal, 2006, p. 208). Neste momento volverase a incidir nas producións de luxo medievais, máis concretamente do século XV, pero con breves mencións ás importacións de anos anteriores, sempre relacionadas cun comercio marítimo (Caramés Moreira et al., 2006). As primeiras importacións mencionadas no traballo son as noreuropeas, principalmente xerras de pastas monocromas e vidrado verde aínda que en menor medida documéntanse as de cor melado e incluso policromas (Caramés Moreira et al., 2006, p. 205). Posteriormente de procedencia norteeuropea viría o gres, cunha maior implantación a partires do século XVI, principalmente de obradoiros localizados na contorna do río Rin. A partires do século XIV detéctanse as primeiras louzas de importación con orixe peninsular, principalmente levantina, son cerámicas azuis e as primeiras producións de reflexo dourado de Paterna e Manises (Caramés Moreira et al., 2006, p. 206), sen que se descarten outros alfares peninsulares como Málaga, Sevilla ou Teruel. En canto a tipos cerámicos, serán as formas abertas as maioritarias, con tarros, escudelas e en grande número pratos, vinculados en moitos casos ao servizo de mesa, entre os que destacan os seus diferentes vidrados.

Ao ano seguinte publicarase un novo estudo sobre os materiais cerámicos dunha fortaleza galega, a de Moeche (Martínez Casal, 2007).




Figura 20. Olas de bordo de pestana da fortaleza da Rocha Forte (Martínez Casal, 2006, p. 196).

O primeiro xacemento publicado con niveis medievais e datacións absolutas asociadas aos devanditos niveis é a Torre de Hércules (Bello Diéguez et al., 2008). No marco dos traballos para restaurar a torre, leváronse a cabo escavacións arqueolóxicas no exterior da mesma na década dos anos 90. Nelas constouse unha zona de cociña, con abundantes carbóns que serían posteriormente datados. Os niveis arqueolóxicos superiores (EM3) atopábanse en disposición revolta,

sendo difícil a súa documentación. Os materiais medievais máis tardíos nel documentados, foron unhas moedas do século XIII e a cerámica estaba realizada a torno, tendo como peculiaridade as dixitacións e impresións en pleno beizo. Nos niveis inferiores (EM1 e EM2) a cerámica encádrase en dous grupos cronolóxicos: séculos XI-XII e XII-XIII, pero os autores deixan patente o carácter “difuso e pouco preciso” da división (Bello Diéguez et al., 2008) (Figura 21). Identificándose recipientes con decoración dixitada impresa, sobre cordón, directamente sobre corpo ou tamén no beizo, aparecerán “bandas de punta de diamante” como ocorría na escavación de San Lázaro, en Santiago. Hai incisións e incluso algún fragmento decorado con pintura branca (Bello Diéguez et al., 2008). Finalmente as datacións absolutas realizadas mediante carbono 14 mostráronse coherentes coa estratigrafía documentada. Esta escavación permitiría o emprego de material latericio para a experimentación en procedementos de datación por luminiscencia, empregándose para tal fin diversas tellas medievais recuperadas na intervención (Sanjurjo Sánchez et al., 2008).



Figura 21. Cerámica do século XI da Torre de Hércules (Bello Diéguez et al., 2008, p. 462)

Outro dos xacementos medievais con datacións absolutas será a Mourela (As Pontes), un suposto círculo lítico prehistórico que resultou ser baixomedieval e cuxo estudo cerámico realizou o arqueólogo Mario César Vila (César Vila, 2009). No mesmo ano publicárase o *Tapa 41*, cun capítulo dedicado ao xacemento de A Pousada, nas aforas de Santiago e onde se empregaron datacións absolutas tamén, que o adscriben á Alta Idade Media, pero lamentablemente o xacemento presenta niveis removidos asociados a un paquete de cultivo (Blanco-Rotea et al., 2009, p. 117). Como tamén os presenta Cova Eirós (Triacastela), onde foi posible datar un fogar dando como resultado unha cronoloxía medieval para o mesmo ( $1040 \pm 30$  BP, Beta-308578: 949-1032 Cal AD -26-) (Fábregas Valcarce et al., 2012, p. 22). As producións cerámicas atópanse repartidas por un mesmo nivel, onde conflúen elementos prehistóricos e de diversas épocas históricas,

sendo complicado diferencialas cronoloxicamente. Os exemplares documentados presentan pastas pouco depuradas, porosas con cuarzo e mica como desgrasantes. En eles foron identificados olas de bordo simple, olas de bordo horizontal cóncavo, bordos de pestana, xerras, etc (César Vila et al., 2018).

Durante o XIV congreso da Asociación de Ceramoloxía celebrado en Oleiros no 2009, presentouse unha comunicación sobre as producións cerámicas documentadas na escavación da igrexa románica das Encrobas (César Vila & Bonilla Rodríguez, 2011). Pese a ser unha igrexa románica os materiais máis numerosos e mellor conservados, corresponden a época baixomedieval e moderna.

Nun dos traballos máis completos ata o momento sobre cerámica medieval en Galicia, analízanse as producións de diversos xacementos anteriormente mencionados dende unha perspectiva tipolóxica, ademais do mosteiro de Santa María de Melón, son tratados xacementos como o Chozo da Mourela, a igrexa románica das Encrobas, o lazareto de San Lázaro e o Castelo da Lúa, sendo estas producións valoradas co apoio de datos cronolóxicos obtidos mediante datacións absolutas, como as da igrexa das Encrobas ou o Castelo da Lúa. Os resultados tipolóxicos poden sintetizarse basicamente nos seguintes tipos: xerra trilobulada, ola de bordo horizontal cóncavo, vaso de bordo simple e xerriñas de bordo de pestana (César Vila et al., 2010). Nese traballo pódese apreciar a evolución dos tipos dende a Plena Idade Media ata a Idade Moderna.




Figura 22. Diferentes tipos de bordo de pestana (César Vila et al., 2010, p. 158).

No 2010 verá a luz un estudo da cerámica constatada en dous túmulos de Roza das Aveas (Outeiro de Rei), neles localizáronse fragmentos cerámicos que abranguen períodos prehistóricos ata a época moderna. A cerámica tipificada como altomedieval é o 35,7 % do conxunto (Prieto Martínez et al., 2010). Son producións fabricadas

a torneta existindo entras as mesmas olas e xerras, son de pastas negras, alaranxadas e vermellas. Este traballo destaca por ser unha das primeiras veces nas que se aplican técnicas arqueométricas á cerámica medieval galega, evidenciándose unha procedencia local das materias primas. Este traballo pon en evidencia que ás reutilizacións ou usos en época medieval e moderna de espazos megalíticos prehistóricos son problemáticas contextuais moi desatendidas na investigación do megalitismo. Son poucos os traballos nos que se mencionan os materiais históricos documentados nas escavacións e moito menos os estudos sistemáticos das súas cerámicas. Sen dúbida é unha liña de investigación interesante e transversal coa prehistoria.

Dende unha óptica estritamente arqueométrica, relacionada co proceso metodolóxico de datación por termoluminiscencia membros do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal e do clube espeleolóxico Trapa realizan diversas datacións a materiais recuperados en complexos pseudokársticos graníticos galegos. Na publicación evidénciase como os complexos do Cibro e Peñafiel situados no monte Pindo, contan con cerámica medieval, aínda que non se realiza unha mínima descrición das mesmas nin se afonda en interpretacións históricas (Sanjurjo-Sánchez et al., 2013).

Dende unha perspectiva historiográfica Martínez Peñín fai un repaso polos traballos ceramolóxicos en contextos medievais, de Galicia e norte de Portugal que constitúe unha importante achega á hora de coñecer o estado da cuestión no NW ibérico (Martínez Peñín, 2013). Neste momento, no 2013, producírase unha das máis ambiciosas escavacións dun xacemento medieval galego, a escavación da fortaleza baixomedieval da Rocha Forte en Santiago de Compostela. Promovida polo propio concello de Santiago e dirixida por María José Bóveda Fernández as necesidades de rápida execución por mor da xustificación económica da intervención obrigaron á conformación dun protocolo de xestión de materiais que axilizara o seu tratamento e xestión en tempo real, recaendo esta tarefa no GEPN da USC. Desta intervención unicamente publicárase un libro de vontade divulgativa o cal incorpora unha síntese sobre a cerámica

baixomedieval galega, tanto a de produción autóctona como a dos vidrado de importación documentados tamén no castelo, como bo exemplo do seu luxo (Suárez Otero et al., 2013). Destes traballos destacan á súa vez, dende o punto de vista da cerámica a memoria da intervención, no seu apartado de estudo de materiais descríbese parte do conxunto de 3.256 fragmentos cerámicos recuperados durante o traballo de campo. O informe conta cunha ampla base de datos que permite dilucidar entre cerámica de produción “local” o 94,44% e foránea, o 6,66% (Bóveda Fernández, 2013b, p. 18). Na memoria identifícanse diferentes tipos cerámicos en relación coa súa funcionalidade, como cerámica de mesa, transporte e cociña así como unha interesante descrición dos diferentes tipos de bordos constatados no xacemento onde predominan os horizontais fronte aos oblicuos (Bóveda Fernández, 2013b, p. 23).

No ano 2013 publícanse os resultados do estudo de materiais dunha intervención arqueolóxica en Santiago de Compostela con niveis medievais e modernos, atopándose os medievais vinculados a silos de almacenaxe (Alonso Toucido et al., 2013). A través da interpretación histórica e por comparación por outros rexistros, propúxose unha datación encadrada no século XII, para estas pezas, algo que sería posteriormente refutado por unha datación absoluta (Alonso Toucido & Prieto Martínez, 2018a). O conxunto cerámico medieval está composto por olas de bordo biselado oblicuo e xerras trilobuladas de pastas gris perla con grande abundancia de mica (Alonso Toucido et al., 2013, p. 222).

No 2014 unha publicación reflicte os achados realizados durante a intervención na necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova, en Parada de Sil, un lugar cunha ocupación de longa duración, onde existirían fases plenomedievais e baixomedievais, corroboradas por datacións absolutas (Nieto Muñiz, 2014). Outro xacemento medieval de importancia é o castelo de Naraío, en San Sadurniño; no ano 2015 publícase unha síntese das intervencións realizadas polo arqueólogo Anxo López-Felpeto (López-Felpeto Gómez, 2015). Este traballo recolle un resumo dos resultados de dúas

campañas de sondaxes e control arqueolóxico na mencionada fortaleza, durante as obras de rehabilitación e restauración. O apartado de materiais atópase baseado no estudo realizado por Ramón Martínez Casal (López-Felpeto Gómez, 2015, p. 196), veterano dos estudos sobre cerámica medieval en castelos como o de Moeche e Rocha Forte (Martínez Casal, 2006, 2007). Na síntese cerámica destácase a existencia de pezas de produción galega, como é a cerámica común dominada por olas de pestana, olas de bordo horizontal cóncavo e olas de bordo realzado, manifestada en pastas negras e grises groseiras. Por outra banda destacan producións vermellas e alaranxadas, con acabados ás veces brunidos para xerras cuxa orixe podería atoparse en Valladolid (López-Felpeto Gómez, 2015, p. 199). Finalmente as anforetas de Indias complementan o conxunto xunto con importacións de louza vidrada provinte de Sevilla e Aragón (López-Felpeto Gómez, 2015, p. 200).

Grazas ao proxecto *Tecnología y producción de la cerámica medieval de Galicia (MC-PTG). HAR2015-64441-P (Plan Nacional: Ministerio de Economía y Competitividad, Convocatorias 2015, Proyectos EXCELENCIA y Proyectos RETOS, Dirección General de Investigación Científica y Técnica, Subdirección General de Proyectos de Investigación)* cuxa I.P. era a profesora M<sup>a</sup>. Pilar Prieto Martínez, a partir do ano 2015 cóntase en Galicia con financiamento para a realización de análíticas arqueométricas como datacións absolutas en contextos vinculados á cerámica medieval galega. Vendo a luz varias publicacións, grazas a este financiamento.

A través da revisión dos materiais localizados en diversas intervencións na contorna de Santiago de Compostela e Padrón como son a finca Simeón, a capela e lazareto medieval de San Lázaro, o Banco de España, a rúa do Franco nº 1 e a rúa do Franco nº31 en Santiago e o Bordel en Padrón establécense as características das pastas e formas identificadas na área en época plenomedieval (Alonso Toucido, 2015).

Como vimos no apartado de documentación, o uso de recipientes

de madeira para o servizo de mesa está constatado a nivel escrito dende antigo, sendo escasas as intervencións onde se recupera materia orgánica ben conservada. No 2016 foi realizado un estudo que relaciona os rexistros en madeira de dúas intervencións en Santiago de Compostela, en lugares con auga, polo tanto anaerobios e as pezas cerámicas que nelas foron recuperadas. Observándose a presenza de servizo de mesa en madeira, en forma de pratos, fontes e xerras e un rexistro cerámico de cociña, en base principalmente a olas, aínda que tamén con xerras (Río Canedo et al., 2016).

Froito de intervencións antigas, algunhas delas non publicadas, nos almacéns da Facultade de Historia da USC existen materiais arqueolóxicos de interese para o estudo da Idade Media galega, dúas desas intervencións son as realizadas nos castelos de Rocha Branca, en Padrón e na Rocha Vella en Santiago. Ao tratarse de castelos da mitra compostelá vinculados á nobreza e ao arcebispo directamente, o seu rexistro reflicte materiais de luxo de procedencia esóxena, os cales foron analizados dende unha óptica arqueométrica (Prieto Martínez et al., 2017). O material construtivo dunha destas intervencións, a de Rocha Branca, será tamén sometido a análíticas arqueométricas, destacando o seu excepcional conxunto de azulexos (Prieto Martínez et al., 2019).

O anteriormente mencionado, excepcional conxunto de Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz, volve a ser obxecto de traballos dende o ano 2017. Estudándose en detalle a súa morfoloxía, debuxándose e fotografándose todo o conxunto, sistematizando as súas decoracións e realizando á súa vez análises arqueométricas, chegando a publicarse en revistas de prestixio como *Archeologia Medievale*, debido á súa singularidade a nivel europeo (Alonso Toucido et al., 2017; Prieto-Martínez et al., 2019).

Dentro do proxecto do *Plan Nacional* anteriormente mencionado realízanse varias datacións absolutas no xacemento do Bordel en Padrón, fornecendo datas posibles entre os séculos XIII e VII para o amortecemento de 3 estruturas negativas. Os materiais desas

estruturas foron analizadas e publicados, identificándose escasas diferencias entre os mesmos (Alonso Toucido & Prieto Martínez, 2018b). Financiadas polo proxecto do *Plan Nacional* atópanse boa parte das analíticas indicadas no capítulo dedicado a Galicia do importante libro *Arqueometría de los materiales cerámicos de época medieval en España*. Nesta publicacións documéntase a diferenza de temperaturas de cocción entre a cerámica de luxo e a común, realizada a segunda a menos de 900 graos. Cunhas producións de cerámica común cuxas pastas evidencian o uso de arxilas das súas contornas e unha cerámica de luxo claramente de importación, coas súas pastas calcarias (Prieto Martínez et al., 2018a).

As secuencias “postcampamentais” do xacemento da Cidadela en Sobrado dos Monxes foron unha cuestión escasamente tratada ata anos relativamente recentes, nun primeiro momento a través de perspectivas da arqueoloxía da arquitectura, principalmente (Blanco-Rotea, García, et al., 2015), e posteriormente dende unha perspectiva interdisciplinaria, chegándose a documentar materiais encadrados en séculos plenomedievais e altomedievais (Sánchez-Pardo et al., 2020, p. 162).

Unha das primeiras escavacións en fortificacións en altura altomedievais e tardoantigas en Galicia, a do Faro de Budiño, O Porriño, forneceu un escaso conxunto de materiais, encadrados en dúas fases. Unha tardoantiga, entre os séculos IV e VI e outra altomedieval, entre os século VIII e IX. As cerámicas da última fase son heteroxéneas en coloración, entre o gris e o laranxa, de escasa calidade técnica, con desgrasantes de grande tamaño e ao igual que sucedía coas pezas de Penamoa, clasificadas como de aparencia prehistórica (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 177). A fragmentación do conxunto non permitiu a identificación clara de formas.

Recentemente veu a luz un artigo que busca sistematizar a evolución da produción nos primeiros séculos da Idade Media a través de varios xacementos arqueolóxicos, entre o s.V e o XI d.C. (Tejerizo-García et al., 2021). Varios dos xacementos nel mencionados son

tratados no presente traballo.

Vistos a maioría de traballos no mundo da cerámica medieval galega, podemos chegar a varias conclusións. Os recipientes deste período caracterízanse por pertencer maioritariamente á cerámica común, tamén coñecida como “cerámica común rexional” (César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, p. 300), sendo características as tonalidades grises pero sen desbotar os tons marróns, ocres, avermellados ou alaranxados en función da cronoloxía onde nos situemos. Esta cerámica común aparenta ser bastante homoxénea durante todo o período, pero consideramos que, como veremos máis adiante, pode haber diversos elementos que axuden a distinguir pezas de diferentes cronoloxías quedando aínda moito traballo por facer na caracterización de novas tipoloxías. Fronte a esta cerámica común existirían elementos foráneos, vidrados de procedencia europea, polo momento en anos posteriores ao 1000 ou peninsular xa dende a Baixa Idade Media. Quedarían por confirmar os contactos con Al-Andalus a nivel cerámico, xa que ata o momento so se realizaron hipóteses.

Pode parecer que Galicia conta cun gran número de publicacións e que o coñecemento sobre esta cerámica é suficiente, pero como vimos, aínda que existe una cantidade considerable de datos a nivel cuantitativo; a nivel cualitativo estes teñen bastantes inconvenientes. Moitas das cerámicas estudadas proveñen de contextos pouco claros, ben prospeccións superficiais, ben de escavacións antigas ou ilegais que non permiten ser estudadas nun contexto estratigráfico. Noutras ocasións, pese a existir ese contexto estratigráfico, os niveles atópanse totalmente revoltos podendo estarse mesturando elementos de diferentes épocas. A maiores as datacións absolutas son escasas o que dificulta realizar unha periodización das producións, estando a maioría de estudos baseados en cronoloxías relativas, pendentes de confirmar co radiocarbono.

A escasa publicación dos resultados de intervención e incluso a tristemente frecuente non entrega de materiais nin memoria nos museos, dificultan enormemente a investigación en cerámica

medieval. Fan falta novos traballos que axuden a encadrar con precisión as producións e poñan en común os datos ata o de agora conseguidos. Se analizamos o coñecemento xerado a través dunha publicación de índole historiográfica (Martínez Peñín, 2013), dende unha perspectiva cronolóxica, a maioría de estudos recollen cerámica tipificada simplemente como medieval (49%), sen ser capaces de precisar máis. Así a época con producións aparentemente máis coñecidas sería a baixomedieval (31%), o coñecemento das cerámicas altomedievais e plenomedievais é bastante máis reducido (12% e 8% respectivamente) (Figura 23).




Figura 23. Cronoloxía dos xacementos medievais galegos estudados mencionados en Martínez Peñín 2013.

Se comparamos o estado da investigación en Galicia co doutros lugares da Península Ibérica, vemos como no resto de Iberia constátase un coñecemento máis completo das producións cerámicas medievais.

En territorios do sur peninsular destacan traballos de doutoramento como a investigación sobre as producións

baixomedievais do castelo de Lorca, en Murcia (González Ballesteros, 2017). No caso andaluz, teses como a de Fernández de Marcos afondan no importante centro oleira de Sevilla xa na temperá Idade Moderna (Fernández de Marcos García, 2019).

No contexto dos reinos cristiáns destaca o caso de Cataluña (Martínez Peñín, 2013), onde téñense celebrado reunións científicas monográficas (González Moreno-Navarro, 1997), mesas redondas (Comas et al., 1997), cursos (Padilla et al., 1999), e tense empregado a arqueometría con frecuencia (p.e. Buxeda i Garrigós & Cau Ontiveros, 2006). Así como diversas teses de doutoramento, como por exemplo a de Di Febo, onde se estudan as producións da cidade de Barcelona dende unha perspectiva petrográfica (Febo, 2015). Ou o destacado conxunto situado en Cabrera d'Anoia, Barcelona, un alfar medieval de cerámica culinaria cuxa máxima produción sitúase no século XIII e que conta coa peculiaridade dun sistema de produción definido como “en gruta”. Nunha contorna con numerosos abrigos e covas naturais, estes foron aproveitados ben como lugares de moldeado ou incluso con estruturas escavadas a modo de forno (Padilla Lapuente et al., 2011; José Ignacio Padilla Lapuente et al., 2008; Travé Allepuz, 2009).

No norte peninsular é salientable a tese de doutoramento de Solaun Bustinza sobre a olería medieval do País Vasco, un amplo traballo no que se recolle a evolución da produción dende o século VIII ata o III (Solaun Bustinza, 2005). Así como as aproximacións arqueométricas para cerámica baixomedieval e moderna realizadas por Puig Barrachina na súa tese de doutoramento (Puig Barrachina, 2016). En Navarra a tese de doutoramento sobre as cerámicas de Estella (Aznar Auzmendi, 2016), remarca o papel de vila comercial do lugar e afonda no coñecemento da cerámica Navarra a cal conta con estudos de calidade dende finais dos anos 80 (Tabar Sarrias & Jusué Simonena, 1988). Na Rioja un bo aporte ao coñecemento da súa cerámica é a tese de doutoramento escrita por Martínez González, onde se realiza o estudo das producións do obradoiro da rúa Hospital Viejo de Logroño (Martínez González, 2013). Xa en zonas máis próximas a Galicia, como é León, a investigadora

Raquel Martínez Peñín ten realizado numerosos traballos sobre a cerámica da provincia (p.e. Martínez Peñín, 2007, 2008), incluíndo a súa tese de doutoramento (Martínez Peñín, 2010).

O caso Portugués é de suma importancia para o coñecemento da cerámica medieval galega, dada a unidade xeográfica e histórico-política con Galicia, da súa zona setentrional. Aínda que no norte de Portugal a investigación cerámica comezou na mesma época que en Galicia, nos anos 70 (Martínez Peñín, 2013); o seu desenvolvemento foi superior cualitativa e cuantitativamente. Un fito na investigación lusa foron as Primeiras Jornadas de Cerámica Medieval e Pós-Medieval. Métodos e resultados para o seu estudo (Azebedo, 1995), chegaronse a realizar cinco reunións en Tondela, no distrito de Viseu, con especialistas internacionais e que incidían na necesidade de realizar, a parte dos estudos clásicos, estudos etno-arqueolóxicos e arqueométricos (Martínez Peñín, 2013). As de Tondela non foron as únicas xornadas sobre cerámica no norte e centro de Portugal, son destacadas tamén as de Matosinhos onde foi presentado un interesante proxecto denominado “A Producção cerámica do Norte (séc. XII-XX) estudo histórico, tipolóxico e laboratorial” o cal buscaba dende unha perspectiva novidosa as relacións entre a abundante cerámica tradicional portuguesa e a medieval a través de todas as fontes dispoñibles (Fernandes, 1997), aínda que finalmente os resultados foron escasos. Nos anos 90 realízase a *IV Reunião de Arqueologia Cristã Hispânica* en Lisboa, onde comezan a ter maior peso os estudos sobre cerámica alto medieval (Mazoni Venturini de Souza & Cordero Ruiz, 2020, p. 145). Na importante cidade de Braga confluiron moitos destes estudos sobre cerámica medieval (Delgado & Morais, 2009; Gaspar, 2004). Se ben, no norte de Portugal faltaría unha tese de conxunto que unificase os múltiples estudos existentes ata o momento, o coñecemento da rexión veuse ampliado grazas á publicación do libro *Estudos de cerámica medieval. O norte e centro de Portugal, séculos IX a XII* (Man & Tente, 2014), así como diversos traballos como por exemplo o referido ao castelo de Crestuma, en Vila Nova de Gaia, a carón do Porto, cun posible contexto portuario dos século IV e VII (Soares Pinto et al., 2015), ou Cilhades no municipio de Torre de

Moncorvo cun conxunto cerámico que vai dende o século IV ata o XIII (Rossello et al., 2016). *Conimbriga* aportará un conxunto de interese entre os séculos IV e XII con claros paralelos con producións galegas como os *alguidares de base en disco* (Man et al., 2014), ou olas e xerros similares aos producidos en Galicia nos séculos centrais da Idade Media (Gaspar, 2004).

A cerámica andalusí conta cunha importante tradición de estudio (Martínez Peñín, 2013, p. 34); tanto en Portugal, como no resto da Península. No país luso destacan para este período traballos vinculados ao Campo Arqueolóxico de Mértola (Gómez-Martínez, 2004).

Como vemos o resto de áreas peninsulares contan cun gran elenco de investigadores que organizan reunións, publicacións colectivas, teses, etc. Algo do que adoece Galicia. Ademais as similitudes entre as producións plenomedievais galegas e portuguesas son evidentes, froito dun devir cultural e político común. Sería moi necesario que os dous lados da raia traballaran en coordinación, para poder explicar en conxunto as características desta cerámica e os porqués da converxencia das súas características.

## **6. Formulacións, obxectivos e metodoloxía**

A cerámica medieval, como dixemos anteriormente, aínda segue sendo pouco coñecida, en parte polo escaso desenvolvemento da propia arqueoloxía medieval, en parte polo escaso interese que suscita ao considerarse moi homoxénea. Esta consideración fai que se cheguen a tomar os resultados do estudo dun único xacemento como referente, sen ter en conta áreas xeográficas, tradicións ou cronoloxías. Resultando identificacións cronolóxicas de varios séculos de amplitude ou con claros erros de adserción.

Pensamos que a pesares desa aparente homoxeneidade, pódense extraer características particulares que orienten mellor unha cronoloxía, que permitan identificar a evolución dos tipos, peculiaridades xeográficas, influencias externas, etc. Aínda que para elo sexa necesario estudala con sumo detalle, cun contexto claro, ben documentado, sen intromisións e co apoio de datacións absolutas e análises arqueométricas. Con todo, non pretendemos unicamente aportar un valor cronolóxico á cerámica medieval senón afondar nas caracterizacións sociais a través das pezas, a economía, as tecnoloxías de produción o comercio, a funcionalidade dos recipientes, etc.

O punto de partida do estudo é a reconstrución das cadeas tecnolóxico operativas (CTOs) dos diferentes conxuntos. Termo empregado por Leroi-Gourhan (Leroi-Gourhan, 1971); que en Galicia para os estudos cerámicos, comezou a espallarse hai uns 25 anos (Cobas Fernández & Prieto Martínez, 1998; Cobas Fernández & Prieto Martínez, 1998; Prieto-Martínez, 1998). O concepto non busca unicamente definir unha secuencia de xestos ata a consecución da peza cerámica (Julieu, 1992, pp. 176-179), senón tamén á relación cos conceptos necesarios para esa execución e como todo o proceso

relaciónase co contexto social do momento (Cobas Fernández & Prieto-Martínez, 2001, p. 8). Aínda que a CTO actúa en contraste coas tipoloxías cerámicas tradicionais (Martinón-Torres, 2002, p. 38), non busca deixalas relegadas a un segundo plano, senón incorporalas nunha interpretación máis global. Desta maneira aproximámonos ás realidades tecnolóxicas e sociais dos creadores e creadoras das cerámicas estudadas, contando tamén cos procesos de uso, deposicionais e postdeposicionais. Achegádonos así a unha arqueoloxía da produción (Mannoni & Giannichedda, 2004).

A CTO comezou a ser empregada en estudos cerámicos galegos en contextos prehistóricos (Prieto-Martínez, 2001, 2007), sendo o seu uso na cerámica medieval galega, pouco común salvo polas publicacións recollidas no presente traballo. Onde destaca a realizada sobre o conxunto de Santa Mariña de Augas Santas aportando unha perspectiva global sobre a cerámica pero tamén do seu contexto inmediato e social empregando para elo análíticas arqueométricas (Prieto-Martínez et al., 2019). Noutros territorios como a conca do Douro ou Madrid, trátase dunha metodoloxía aplicada dende hai anos para o coñecemento da cerámica medieval (Centeno Cea et al., 2010; Tejerizo-García, 2015; Vigil-Escalera Guirado, 2003).

Moitos dos traballos arqueolóxicos que se desenvolven nos nosos días realízanse en áreas urbanas, en cidades cunha importante ocupación medieval e moderna. Os recentes traballos en xacementos de cronoloxía altomedieval como por exemplo as fortificacións en altura (Fernández Pereiro, 2018), abren novos campos de traballo. Compre pois sistematizar correctamente as producións constatadas e desbotar mitos como por exemplo que no século XVII non existe en Galicia tradición cerámica (Goy Diz, 1998, p. 110).

## 6.1 OBXECTIVOS

Son obxectivos do presente traballo aportar un conxunto de rexistros cerámicos medievais que permitan afondar na caracterización das producións cerámicas dentro dos límites do actual territorio galego dende o século VIII ao XV. Definindo unha base tipolóxica así como as características da produción completando a súa cadea operativa. Tentando escoller os conxuntos en diversos lugares co obxectivo de garantir a suficiente representatividade. Aínda que debemos indicar que o presente traballo é so un primeiro avance, unha introdución para que posteriormente continúese a investigar o mundo da cerámica medieval galega, tanto nas áreas non cubertas neste documento como en novos xacementos ou reestudando os aquí recompilados, dende novas perspectivas.

A nosa hipótese de traballo parte da necesidade dun estudo aglutinador e sintetizador da cerámica medieval galega e do norte de Portugal, identificando unha tipoloxía e cronoloxías claras, sen deixar de lado o valor funcional das pezas, así como o seu valor como representantes da realidade social do seu momento. En definitiva, preténdese completar a Cadea Técnico Operativa das producións cerámicas medievais galegas, completando unha rama de coñecemento, como é a arqueoloxía medieval, non suficientemente desenvolta en Galicia e achegándonos á sociedade medieval do noroeste a través da súa materialidade.

¿Como se fornecen as cidades de material cerámico? ¿Distribúese este de maneira homoxénea por todo o territorio galego? ¿A súa produción é comarca, local ou por centros especializados? ¿Que tipo de tecnoloxía se emprega? ¿Trátase de producións autóctonas froito da súa propia evolución ou contan con influencias externas? ¿Existen variacións cronolóxicas nas cadeas operativas? Estas preguntas poden tentar responderse mediante a descrición dos procesos de manufactura, funcionalidade e distribución a partir dun estudio a nivel visual e arqueométrico e a realización de grupos tipolóxicos

significativos. Algunhas das anteriores preguntas puideron ser respostas, pero outras quedan pendentes dun maior avance da investigación.

## 6.2 METODOLOXÍA

Para a realización do presente traballo foinos imposible empregar unha metodoloxía única en todos os estudos cerámicos realizados posto que a disposición de materiais e tempo para estudalos foi diferente en cada caso. A necesidade de compaxinar investigación con traballo arqueolóxico persoal supuxo a escasa posibilidade de acceso aos museos onde se custodia o material, todos con horario matutino, unicamente un dos conxuntos estudados en profundidade atópase nun museo, o Franco nº31 (Santiago de Compostela), no museo das Peregrinacións e de Santiago. En moitos casos optouse por material do cal podíase ter plena dispoñibilidade, é dicir, o material aínda non depositado nos seus correspondentes museos, polos directores das escavacións, como por exemplo o Bordel (Padrón), materiais depositados na USC, como os de Rocha Branca (Padrón), materiais dos cales se nos encargou o estudo dentro do propio proceso de escavación, como os do castro de San Lourenzo (A Pobra do Brollón) ou materias de intervencións propias como as sondaxes realizadas no castelo de Naraío (San Sadurníño).

Son numerosas as publicacións nas que se fai mención aos aspectos metodolóxicos da investigación cerámica, dentro dunha metodoloxía clásica seguimos a obra de Orton Clive et al. (1997:58), mentres que dende unha perspectiva máis próxima xeográfica e cronoloxicamente tíñamos como exemplo o traballo de Ráquel Martínez Peñín sobre metodoloxía para a cerámica medieval (Martínez Peñín, 2008b), se ben as formulacións metodolóxicas que maioritariamente empregamos foron as comprendidas na publicación de Cobas Fernández e Prieto Martínez (1998), recollendo a partir desta publicación os campos de descrición das cerámicas de varios estudos. Para un correcto uso do galego e ante a non recollida por parte da Real Academia Galega de moitos dos termos científicos necesarios, empregamos o *Diccionario de termos de arqueoloxía e prehistoria* (Romero Masiá & Arias Vilas, 1995).

Na maioría dos casos os materiais cerámicos chegaron a nos xa tratados, correspondentemente lavados e siglados, salvo contadas excepcións, como por exemplo a intervención no Bordel, onde debémosnos encargar do seu tratamento e xestión, lavando e siglando as pezas do estudo.

A información das diferentes intervencións foi recompilada en bases de datos en formato *Excel*, adaptadas a cada proxecto, en función do tempo dispoñible, as características da intervención ou a información dispoñible, co obxectivo de satisfacer o uso que se pensaba facer dos datos dunha maneira óptima (Clive et al., 1997, p. 74; Rey Castiñeira et al., 2009).

En función das posibilidades foron realizadas bases de datos a nivel de fragmento e outras a nivel de recipiente, por exemplo para a intervención na rúa do Franco nº31. Os datos a recoller nas bases de datos foron específicos para cada intervención, a escoller entre:

Datos de contexto e localización: o número de sigla de cada peza, a súa U.E., as posibles observacións a destacar, o código do recipiente do que forman parte e a adscrición cultural.

Datos morfolóxicos: o tipo de parte constitutiva do recipiente, as medidas das pezas nalgúns casos (altura, anchura e grosor de fractura), o diámetro do fragmento de ser bordo ou fondo, o tipo de recipiente.

Datos do tratamento da pasta: a técnica de modelado, o tipo de desgrasante empregado, o seu tamaño medio, a cantidade de desgrasante e a súa distribución, o tipo de acabado das pezas, a cor de ámbalas superficies e da fractura, o tipo de textura, as marcas de uso e fabricación, os tipos de rodamento, a necesidade de recoller mostras.

Datos referentes á decoración: unha descrición da decoración atopada, as técnicas decorativas e o tipo de deseños.

Estas bases de datos foron complementadas cun conxunto de

materiais gráficos en base a debuxos e fotografías das pezas de interese, seguindo o modelo clásico (Clive et al., 1997, p. 106).

A derradeira fase de traballo foi a análise e a posterior interpretación de tódolos datos anteriormente recollidos e a redacción dos estudos cerámicos que aquí se presentan. Ante a desacougante necesidade de mellorar o coñecemento sobre a cerámica medieval galega, ao longo das diferentes fases de traballo da presente tese fóronse publicando en diferentes revistas e actas os resultados dos nosos traballos. Por tal motivo a tese conta en boa parte dos seus apartados con reproducións debidamente autorizadas polos coautores e editores desas publicacións, seguindo as normas de edición de tese da propia USC.



## **7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas.**

O proceso de selección de xacementos a estudar non foi sistemático, dependeu da accesibilidade ao material, os nosos propios traballos de campo e a busca dunha representatividade cronolóxica e funcional que permitira a documentación de diversos contextos ao longo da Idade Media Galega. Esta escolla permitiu contar con despoboados altomedievais como Casanova ou A Pousada, fortalezas da mesma cronoloxía como o Faro de Budiño ou o Castelo de Portomeiro, espazos de produción e almacenaxe agrarios altomedievais como Porto Traveso e plenomedievais como Bordel ou o Franco nº31, lugares de culto pleno e baixomedievais como a basílica da Ascensión e os Fornos de Augas Santas ou a igrexa de San Lourenzo e espazos de poder como os castelos da mitra compostelá da Rocha Forte e Rocha Branca ou de clases nobres como o de Naraío.

O diverso do conxunto permite tamén contar con coleccións de técnicas variadas como modelados a man, torneta ou torno así como unha representación xeográfica das catro provincias galegas.

## FRANCISCO ALONSO TOUCIDO

| Nome  | Concello               | Provincia  | Contexto               | Cronoloxía   | Nº Pezas | Tipo estudo realizado |
|---|------------------------|------------|------------------------|--------------|----------|-----------------------|
| Casanova  | Abadín                 | Lugo       | Habitacional           | VI-VII       | 415      | Superficial           |
| As Pereiras                                       | Amociro                | Ourense    | Habitacional           | VIII-X       | 2133     | Superficial           |
| A Pousada   | Santiago de Compostela | A Coruña   | Habitacional           | VII-X        | 45       | Superficial           |
| Porto Traveso                                     | Boiro                  | A Coruña   | Agrario                | VI-X         | 68       | Intensivo             |
| Faro de Budiño                                    | O Porriño              | Pontevedra | Fortificación          | IV-IX        | 126      | Intensivo             |
| Cova Eirós  | Triacastela            | Lugo       | Agrario                | VIII-XIII    | 900      | Medio                 |
| Castelo de Portomeiro                             | Val do Dubra           | A Coruña   | Fortificación          | VIII-IX      | 854      | Bibliográfico         |
| Bordel  | Padrón                 | A Coruña   | Agrario/indet erminado | IX-XIII-XVII | 29998    | Intensivo             |
| Castro de San Lourenzo                            | A Pobra do Brollón     | Lugo       | Relixioso              | XI-XVIII     | 3593     | Intensivo             |
| Franco nº 31                                      | Santiago de Compostela | A Coruña   | Agrario                | XII-XVII     | 394      | Intensivo             |
| Rocha Branca                                      | Padrón                 | A Coruña   | Fortificación          | XII-XVII     | 488      | Intensivo             |
| Rocha Forte                                       | Santiago de Compostela | A Coruña   | Fortificación          | XIII-XV      | 14       | Intensivo             |
| Castelo de Naraío                                 | San Sadurniño          | A Coruña   | Fortificación          | XII-XV       | 270      | Medio                 |
| Basilica da Ascensión e os Fornos de Augas Santas | Allariz                | Ourense    | Relixioso              | XIII-XV      | 120      | Intensivo             |

Figura 24. Localización dos xacementos obxecto de estudo. Elaboración propia

## 7.1 OS CONTEXTOS DA CERÁMICA

A continuación preséntanse os diferentes contextos arqueolóxicos estudados, trátase de xacementos con rexistros e localizacións variados, desde castelos baixomedievais como Naraío (San Sadurniño), Rocha Forte (Santiago de Compostela), Rocha Branca (Padrón) ata altomedievais como Portomeiro (Val do Dubra), pasando por reocupacións medievais de castros, con vinculación a un culto relixioso como o Castro de San Lourenzo (A Pobra do Brollón), xacementos vinculados ao mundo agrario como Porto Traveso (Boiro) ou reocupacións en cova como Cova Eirós (Triacastela). As súas cronoloxías e distribución xeográfica variadas permiten examinar dunha maneira diacrónica a evolución da produción e poder contar con posibles variedades cerámicas en función da área de traballo ou funcionalidade do sitio.




Figura 25. Localización dos xacementos obxecto de estudo. Elaboración propia.

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas

### 7.1.1 A Pousada

No lugar de Bornais, na parroquia santiaguesa de San Cristovo do Eixo no contexto da execución da autoestrada central galega Santiago de Compostela-Alto de Santo Domingo foron localizadas diversas acumulacións de materiais en superficie que trala realización de sondaxes valorativas e unha escavación en área permitiron a identificación do xacemento da Pousada. Coordenadas X: 538.172 e Y: 4.744.071(SRS: ETRS89 UTM 29N).




Figura 26. Localización do xacemento da Pousada (López González & Blanco-Rotea, 2001, p. 8).

O xacemento trala escavación dirixida por Luis Francisco López González e Rebeca Blanco Rotea documéntase un xacemento con ocupación dende fases altomedievais ata modernas, con función residencial vinculada a tarefas agrícolas (Blanco-Rotea et al., 2009, p. 119).

Nas primeiras fases de ocupación encadradas entre o século VI e o VIII documentáronse cinco fosas posiblemente empregadas como silos ou con algunha outra vinculación agrícola descoñecida. Nun segundo momento vinculado a fases temperás constrúese en cachotería de grande tamaño en seco unha estancia de 15,48x3,71 m (Blanco-Rotea et al., 2009, p. 113), vinculada a pavimentos de arxila e tella. Aparentemente o xacemento continuaría ocupado na Plena Idade Media cando se reconfiguran a estruturas pétreas. Durante a Baixa Idade Media constrúense novas edificacións, sendo finalmente na Idade Moderna sistematicamente espoliado o xacemento. A cerámica recuperada na Pousada sería estudada e divulgada en varias publicacións (Blanco-Rotea et al., 2009; Prieto Martínez et al., 2018b).



Figura 27. Proceso de escavación do xacemento (López González & Blanco-Rotea, 2001, p. 15).

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas



Figura 28. Mapa xeolóxico da contorna da Pousada. Verdes xistos, azul ortogneis, rosa anfibolita. Fonte IGME.

### 7.1.2 As Pereiras

Localizado no concello de Amoeiro, parroquia de San Pedro de Trasalba o xacemento de As Pereiras domina unha chaira a 400 metros de altura no val do río Miño e do río Barbantiño. Foi localizado grazas ao control arqueolóxico executado polo Grupo de Investigación de Arqueoloxía da Paisaxe da Universidade de Santiago de Compostela da Rede de Gasificación de Galicia, no seu ramal cara Ourense dende Pontevedra na coordenadas X: 584.507 e Y: 4.690.000(SRS: ETRS89 UTM 29N) (Aboal Fernández & Cobas Fernández, 1999, p. 5).



Figura 29. Localización do xacemento (Aboal Fernández & Parcero Oubiña, 1999, p.

308).

No proceso de apertura da gabia para a instalación da rede de gas foron documentadas 8 estruturas recheas a maior parte delas con pedra e tella no seu interior, nun área de 50 metros de lonxitude. Ademais localizáronse nas proximidades rebaixes construtivos en laxes da contorna. Ante estes resultados realizase unha sondaxe valorativa co obxectivo de definir en planta as estruturas localizadas na gabia de obra.

As sondaxes confirmaron a dispersión de estruturas en área, destacando como material localizado nos niveis superiores un broche en bronce revestido dunha lámina de prata con que se le XPS SI/T) / TECUM “Cristo sexa contigo” (Lorenzo Rumbado, 2015), cunha cronoloxía entre os séculos V e VII pero cunha maior probabilidade de ser adscrito no VII (Rodríguez Resino, 2003, p. 288). A intervención documentou dúas fases, unha de cronoloxía romana con sixilata hispánica tardía vinculada a unha probable estrutura habitacional e un segundo momento con cerámica altomedieval con materiais mesturados entre ambas fases. A fase romana vincúlase un muro e dúas fosas de tamaños variados cun posible chan de ocupación mentres que a fase altomedieval está vinculada cunha grande fosa con entullos e niveis de queimado no seu interior.




Figura 30. Debuxo do broche das Pereiras (Lorenzo Rumbado, 2015).



Figura 31. Vista xeral da área escavada (Aboal Fernández & Cobas Fernández, 1999, p. 14).

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas




Figura 32. Mapa xeolóxico da contorna das Pereiras. Verde xistos, azul granodioritas, vermello granito. Fonte IGME.

### 7.1.3 Basílica da Ascensión e os Fornos de Augas Santas

A riqueza patrimonial do núcleo urbano do concello ourensán de Allariz provoca que outros elementos patrimoniais de interese localizados nas súas parroquias extra muros véxanse solapados por esta. É o caso de Santa Mariña de Augas Santas, parroquia allarizá situada a uns 6 km en dirección N con respecto do núcleo do Arnoia.



Figura 33. Localización do conxunto de Augas Santas (Alonso Toucido et al., 2015).

O núcleo de Santa Mariña de Augas Santas é unha aldea tradicional cunha excepcional igrexa románica dedicada a Santa Mariña cuxa lenda atópase perfectamente vinculada con diferentes espazos e topónimos da parroquia, situando a tradición en cada un

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas

deles diferentes escenas dos martirio de Santa Mariña (García Quintela, 2014). A 600 m da igrexa parroquial en dirección NE sitúase o castro da Cibdá de Armea un rico xacemento arqueolóxico de importante tamaño e urbanismo, tipificado como *oppidum* bracarense con ocupación entre o século I e III d.C. (Fernández-Fernández & Rodríguez Nóvoa, 2016, p. 861). Dende a igrexa parroquial parte en dirección á Cibdá o coñecido como camiño dos Fornos, na entrada ao castro a través deste camiño sitúase a basílica inconclusa da Ascensión e os Fornos, con coordenadas X: 599.555 e Y: 4.677.509 (SRS: ETRS89 UTM 29N), en cuxa cripta sitúase unha sauna galaico-romana con uso posterior no século VI e adecuacións medievais entre os séculos XIII e XIV (Blanco-Rotea, Rodríguez, et al., 2015, p. 127).



Figura 34. Imaxe do interior da cripta.

Na segunda metade do século XX realízanse diferentes accións de conservación na basílica da Ascensión, entre elas buscouse mellorar a capacidade de evacuación de auga da cripta, limpando para tal fin as canles de saída. Será neste proceso cando se documenten 128 xerras

entre os sedimentos que cubrían os canos de evacuación. Hoxe en día consérvanse 122 xerras localizadas entre o Museo Arqueolóxico de Ourense e a igrexa parroquial de Santa Mariña, este conxunto excepcional foi sometido a estudo e a diversas publicacións como veremos.



Figura 35. Xerras de Augas Santas trala súa localización (Ref. 007A. Arquivo fotográfico da Real Academia de Belas Artes, A Coruña. Fondo fotográfico Chamoso Lamas).

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas



Figura 36. Mapa xeolóxico da área de Augas Santas. En vermello granito. Fonte: IGME.

### 7.1.4 Bordel

A intervención na rúa Bordel levouse a cabo ao norte do núcleo de Padrón, no concello homónimo, a medio camiño entre a igrexa de Santiago de Padrón e a igrexa de Santa María a Maior de Iria Flavia, a uns 450 m de cada unha, en liña recta. Con coordenadas X: 527.929 e Y: 4.732.288 (SRS: ETRS89 UTM 29N), aparentemente no lateral oeste do antigo camiño real que unía Padrón e Iria Flavia, por tanto a rentes do camiño de Santiago (Figura 37).




Figura 37 Situación da intervención con respecto a Padrón e Iria Flavia, en azul as súas igrexas.

Trátase dunha zona situada a escasos metros do río Sar; o cal debeu de influír nos procesos de formación dos niveis xeolóxicos do xacemento, posto que se identifican pequenos cantos rodados nos niveis inferiores (Rúa Carril, 2007, p. 20).

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas

A nivel xeolóxico a área de Padrón caracterízase pola preponderancia do granito nun 75% fronte o gneis e xistos que ocuparían o 25% restante, como se mostra no mapa xeolóxico, estes datos serán importantes á hora de establecer a procedencia da cerámica a escala macroscópica (Figura 38). Sen esquecermos da súa situación en plena depresión meridiana, vía natural de comunicacións e a proximidade ao caudaloso Ulla. A súa situación no interior da ría de Arousa fai da zona un lugar protexido climaticamente e a posible paleoenseada que existiría na zona, fana un lugar idóneo de atraque (Suárez Otero, 2004, pp. 247-250).




Figura 38. Detalle do plano xeolóxico de Padrón, en rosa granitos, azul material aluvial e verde xistos. Fonte IGME.

A intervención arqueolóxica ven propiciada polo proxecto de obras para a construción dun edificio de vivendas. O entorno da colexiata de Iria, a casa de Rosalía de Castro e o xardín de Padrón foi declarado segundo Real Decreto 3260/1977 do 11 de novembro publicado no BOE o 20 de decembro de 2007; como paraxe

pintoresca. Trátase dunha figura de protección que non existe na lexislación actual e que se equipara á categoría de sitio histórico (Mesía López, 2014, p. 480). Por ese motivo a DXPC informa desfavorablemente sobre o proxecto de obra e solicita que se realicen sondaxes valorativas previas. Estas sondaxes serán dirixidas polo arqueólogo D. Víctor Rúa Carril e nelas identifícanse restos de entidade, tales como estruturas pétreas, estruturas en negativo e abundante cerámica. Ante os achados a DXPC solicita a realización dunha escavación en área, executada no ano 2007 e da que proveñen os materiais do presente estudo.

A riqueza arqueolóxica de Padrón e Iria é coñecida de vello. As primeiras mencións existentes sobre materiais antigos documentados en Iria, datan do século XVII (Pérez Losada, 2002, p. 90), con posterioridade a esas datas as mencións a materiais propios da Antigüidade serán frecuentes, López Ferreiro a finais do século XIX fará fincapé na grande abundancia de ladrillos romanos que existía entre Iria e “*Cesuris*” (López Ferreiro, 1898, p. 219). A mediados do s. XX Bouza Brey e D’Ors farán referencia ás inscricións romanas existentes no entorno (Bouza Brey & D’Ors, 1949) e Chamoso Lamas, en homenaxe a López Ferreiro; realizará escavacións en Iria, das que dará noticias sobre a súa importancia a nivel arqueolóxico nunha publicación no *Archivo Español de Arqueología* (Chamoso Lamas, 1974). Con posterioridade volverase a incidir na epigrafía do lugar (Pereira Menaut, 1991, pp. 47-70) e na súa importancia a nivel comercial dende a perspectiva dos materiais arqueolóxicos, neste caso as *sigillatas* (López Pérez et al., 1999). Será coa tese de Pérez Losada cando mellor se xustifique a importancia de toda a contorna como xacemento arqueolóxico romano singular, formando un aglomerado secundario (Pérez Losada, 2002, pp. 87-108).

Algúns dos materiais romanos localizados na zona son de especial “rareza e/ou riqueza a nivel galaicoromano” como a TSG *marmoratta*. Na intervención do Bordel, localizouse material romano residual *ex situ*, como *tegula*. Pero tamén identificamos varios fragmentos do coñecido como “mármore de Lacedemonia”, un pórfido verde de orixe

7. Base empítica: xacementos,  
contextos e pezas

espartana de singular valor, manufacturado en planchas de varios grosos e con estrías rectas e paralelas (Figura 39). Malia que as pezas foron localizadas nun nivel claramente medieval e non podemos descartar que nesa época se usase o serpentino verde, para algún tipo de decoración en igrexas por exemplo, tendo en conta que o xacemento atópase relativamente próximo a dúas. Este material adoita documentarse en vilas romanas tales como a de La Vega en Balazote (Albacete) ou Carranque (Toledo) (García-Entero & Vidal Álvarez, 2008; Sarabia Bautista & Muñoz Ojeda, 2005).



Figura 39. Lapis Lacedaemonius, con estrías, procedente da intervención do Bordel.

cronoloxía medieval catalogados, se ben as fichas que obran na DXPC non adoitan afondar moito nas particularidades de cada un, xa que están baseadas en traballos de prospección superficial (Figura 40).

| Nome do Xacemento             | Código Ga  | Coordenadas           | Tipoloxía               |
|-------------------------------|------------|-----------------------|-------------------------|
| Iria Flavia                   | GA15065001 | X:528230<br>Y:4732830 | Asentamento             |
| Rocha Branca                  | GA15065002 | X:528510<br>Y:4732800 | Fortificación           |
| O Castrelo                    | GA15065004 | X:529517<br>Y:4732486 | Fortificación           |
| Castelo Redondo               | GA15065006 | X:530790<br>Y:4734770 | Fortificación           |
| Casa de Meigas/ Pena Angueira | GA15065007 | X:530370<br>Y:4738110 | Fortificación           |
| Santiagoño do Monte           | GA15065013 | X:527310<br>Y:4732000 | Relixioso               |
| Marco de Queiruga             | GA15065016 | X:529531<br>Y:4736410 | Marco de <u>término</u> |
| Petróglifo do Muiño           | GA15065017 | X:529323<br>Y:4736256 | Petróglifo              |
| Marco de Porto <u>Lampai</u>  | GA15065020 | X:530712<br>Y:4736356 | Marco de <u>término</u> |
| Marco dos Coutos              | GA15065021 | X:528985<br>Y:4735543 | Marco de <u>término</u> |

Figura 40. Xacementos de cronoloxía medieval próximos ao Bordel.

En contextos medievais, estarían as intervencións de Chamoso e López Ferreiro, cos problemas asociados que adoitan presentar estas antigas escavacións. Nelas constatouse unha importante necrópole medieval, con diferentes fases, nas proximidades da colexiata de Iria. Dende o ano 1996 sucédense na contorna da rúa Bordel diferentes intervencións preventivas ou de urxencia, relacionadas con tarefas de construción de vivendas ou servizos cuxos informes e memorias atópanse nos arquivos da DXPC; das que pasamos a relatar o máis interesante.

No solar nº 10 da devandita rúa localizáronse 2 cuncheiros así como 57 fragmentos de cerámica gris e algunha peza de material

7. Base empítica: xacementos,  
contextos e pezas

romano, como *sigillata* e *tegula*. Identificáronse 5 niveis estratigráficos. O material cerámico estaba composto por olas e xerras, de bordo volto cara o exterior e redondeado. Con cuarzos e micas de calibre medio como desgrasante e decoracións en pescozo e ombro a base de molduras e impresións (Abad Vidal, 1996). Nas sondaxes arqueolóxicas previas á construción do tanatorio de Padrón, xusto enfrente ó solar da nosa intervención; identificáronse restos modernos, medievais e romanos. Sendo estes últimos material baixoimperial rodado (Doval Galán, 2001). A cerámica maioritaria foi tipificada como altomedieval con decoración unglada e incisa e realizada a torneta. No 2005 durante a realización dun control, documéntanse numerosos materiais romanos e medievais, tales como *sigillatas* e cerámica común (López Alonso, 2005).

Trala consulta dos informes e memorias referidos á contorna do solar que escavou D. Víctor Rúa Carril, podemos asegurar que ao norte do actual núcleo padronés debeu de existir unha ampla zona de ocupación medieval, cuxas características deberían ser similares aos vestixios identificados por Rúa Carril.

Centrándonos xa na intervención onde se localizou a cerámica que nos ocupa, esta desenvolveuse no ano 2007. Nunha superficie de 1793 metros cadrados sendo delimitada a efectos de rexistro en cadros de 10x10 m. Os materiais arqueolóxicos eran recollidos en bolsas de plástico, nas que se apuntaba a data, o nivel estratigráfico, o número de estrutura (de ser localizado nunha estrutura) e o cadro (Rúa Carril, 2007, pp. 16-17).

A nivel xeral, en toda a intervención localizáronse 5 niveis estratigráficos, sen contar os presentes ni interior das diferentes estruturas:

- Nivel 1: terras de labor nas que se mesturan fragmentos cerámicos medievais, con modernos e contemporáneos.

-Nivel 2: arqueoloxicamente fértil. Trátase do nivel medieval do

xacemento, localizándose nel a maior parte dos fragmentos cerámicos.

-Nivel 3: sedimentos de formación natural.

-Nivel 4: sedimentos de formación natural.

-Nivel 5: xabre.

Por debaixo do nivel 2 localizáronse un conxunto de 16 fosas, posiblemente silos, con estratigrafía propia, as cales foron numeradas precedéndolle a letra E.




Figura 41. Corte estratigráfico da fosa E7, os niveis A e B correspóndense cos 3 e 4 da fosa (Rúa Carril 2007: 22 fig. 7).

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

parte polo nivel 2. Pero tamén posúen niveis individuais, frecuentemente con abundantes restos de carbóns e cerámicas. Existen á súa vez estruturas totalmente e unicamente colmatadas polo nivel 2, pero adoitan ser buratos de poste. Estes buratos de poste son moi abundantes, existindo ata medio cento deles (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2008). Diversos tipos de gabias foron identificadas sen que se lles poida outorgar unha función determinada.

Con respecto ás estruturas en positivo, identificáronse varios muros de cachotería, illados ou conformando valados e estancias, varios deles con uso recente. As estancias son dúas, duns 12 metros cadrados e sen pavimento (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2008). Constatouse a existencia de pavimentos, de escasas dimensións, realizados mediante “aporte de sedimentos minerais” (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2008), a carón ou sobre os cales existen evidencias de fogares. Un destes pavimentos foi interpretado como un posible forno rudimentario e de pequeno tamaño, aínda que tal feito so se trata dunha hipótese.

No xacemento identificáronse varias fases ocupacionais, sintetizadas da seguinte maneira:

Nunha fase recente, documéntanse estruturas en positivo, principalmente muros (Figura 42).




Figura 42. Fase 1 do xacemento, estruturas en positivo.

Nunha segunda fase localizaríanse gran cantidade de estruturas en negativo (Figura 43). Estas estruturas son fosas, silos e tamén numerosos buracos de poste que evidencian un tipo de arquitectura en materiais perecedoiros.

## 7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas




Figura 43. Segunda fase do xacemento, estruturas en negativo.

A localización de tódalas estruturas preferentemente na zona este do sitio, evidencian unha concentración en relación coa actual rúa Bordel, moi posiblemente, o antigo camiño que unía Padrón con Iria e Santiago. Lamentablemente a escavación non se levou a cabo nas inmediatas proximidades do camiño, se non que se deixaron uns metros entre este e a área intervida, de realizar unhas sondaxes nesa zona, poderíamos comprobar a hipótese de que o camiño é o eixo vertebrador destas ocupacións.

A datación para o xacemento ven dada pola propia cerámica, de características plenomedievais, polas estruturas en negativo propias de xacementos deste período (Rodríguez Resino, 2013), e pola aparición dun diñeiro de Alfonso VII, monarca que reinou entre 1126 e 1157 (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2008), aínda que tamén podería coincidir con emisións de Alfonso VI (Mozo Monroy & García Montes, 2011, p. 72), quen reinou entre 1073 e 1109 sobre a cidade de Toledo, lugar da ceca. Con posterioridade á intervención realizaríanse datacións

absolutas sobre carbóns vinculados ás cerámicas recuperadas, aportando datas entre o século X e XIII e cunha datación de entre o VII e o IX mais esta última con problemas na súa xustificación (Alonso Toucido & Prieto Martínez, 2018b).

A parte das datacións anteriormente referenciadas, o xacemento ten sido froito de publicacións, tales como o, xa citado, artigo na revista *Gallaecia* sobre as evidencias da cerca e suburbios de *Villa Patrono* (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2008); un informe sobre as madeiras localizadas no mesmo (Martín Seijo, 2010); un estudo sobre as sementes de cereixa localizadas nunha das fosas (Teira Brión, 2013), e os pertinentes resumos da fase de sondaxes e escavación en área editados pola Xunta (Rúa Carril, 2008, 2009).

Coa conversión dos suevos á relixión cristiá, Iria converterase en sede episcopal (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2010, p. 49), pero escasas son as informacións que se conservan sobre o lugar a partir deste feito, na Alta Idade Media. A *Historia Compostelana* reflicte as costas galegas como perigosas; sometidas a continuos ataques por parte de musulmáns ou viquingos, sobre todo nas proximidades de Santiago de Compostela. De feito ante isto sinálase que a franxa litoral adoita estar despoboada nos meses calorosos (Barbeito Pose & Rúa Carril, 2010, p. 50). A zona interna da ría de Arousa non debía de ser allea a estes problemas, xa que os atacantes adoitaban empregar as súas illas como base de operacións.

A partires do século X estes ataques veranse respondidos por unha política de defensa iniciada por Sisnando II e continuada por Xelmírez, grazas a cal constrúense entre outras, as fortalezas de Torres de Oeste e a Lanzada. Será no século X cando se documente por primeira vez o topónimo “*villa de Petrono*” (López Alsina, 2020), na doazón da corte que o rei Ordoño II tiña alí, ao mosteiro de San Martiño Pinario. Nesa mesma centuria edifícase a igrexa de Santiago de Padrón.

O fenómeno xacobeo é o gran motor da urbanización en Galicia

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

(López Alsina, 2020), Padrón, implicado por varios motivos nese fenómeno (porto de recepción de peregrinos e lugar vinculado á *inventio*) verá como a súa realidade urbana irase consolidando pouco a pouco. Todo elo en detrimento de Iria Flavia, tralo descubrimento do sepulcro do apóstolo os seus bispos comezan a residir en Santiago. A Iria, sometida ás incursións normandas se lle reduce o seu territorio ao sur do Ulla para pagar ós *milites* do Salnés, encargados da defensa da área. Todo isto provoca que en 1095 Urbano II traslade a sé episcopal a Compostela a pesares dos esforzos de Cresconio e Diego Peláez por devolverlle a dignidade a Iria, construíndo palacios e reedificando a igrexa, con advocación a partir dese momento a Santa María (López Alsina, 2004, p. 829). A pesares disto, a *Historia Compostelana* indica que a flota de Xelmírez foi construída en Iria e tiña como base o seu porto, chegando como froito do seu uso moitas riquezas a Iria en forma de botíns (Falque Rey, 1994, p. 246).

A partir de 1050 as transformacións da vila de Padrón a burgo, son claras. Aumenta a poboación e o número de edificacións e o máis importante, comezan a asentarse no núcleo non so campesiños senón tamén persoas vinculadas ao mundo dos servizos e artesanía, panadeiros, cociñeiros, carpinteiros, pescadores así como mercadores.

Durante o século XII Padrón accederá á “plena condición urbana” (López Alsina, 2020, p. 110). Baixo o goberno de Xelmírez reedifícase a igrexa de Santiago de Padrón e dítanse en 1113 decretos para o bo goberno das terras de Santiago (Falque Rey, 1994, p. 116), pero ditas normas non deben rexer en Compostela nin nos burgos, debido á afluencia de estranxeiros, tendo en conta que un de eses burgos era Padrón, danos idea da diversidade do núcleo. Habendo constancia de que en 1130 chegan ao porto de Padrón mercadores ingleses e lotarínxios (López Alsina, 2020, p. 110). Finalmente Padrón verá completado o seu proceso de conformación como núcleo urbano medieval en 1164 co foro que lle outorga o rei Fernando II (Vigo Trasancos, 1999, p. 64).

Polo tanto, vemos que Padrón ten un papel importante e o seu

desenvolvimento está intrinsecamente unido ao de Santiago de Compostela nas datas plenomedievais, nas que se centra a nosa cerámica.

### 7.1.5 Casanova

O xacemento de Casanova sitúase na parroquia de San Xoán de Castromaior en Abadín, Lugo. Inventariado co GA27001015 foi localizado grazas aos traballo de acompañamento arqueolóxico do gasoduto de transporte Ribadeo-Vilalba nas coordenadas X: 619.743 e Y: 4.800.339 (SRS: ETRS89 UTM 29N). (Martínez López et al., 2000). No contexto das obras realizouse unha primeira intervención consistente na documentación de perfís de fosas e a sondaxe dunha estrutura negativa que aportaba material medieval. Interpretouse o xacemento como un área agraria cun posible hábitat nas súas proximidades (Martínez López et al., 2000, p. 19).



Figura 44. Localización do xacemento de Casanova segundo o PBA.

Coas obras de construción da autovía do cantábrico A-8 tramo Touzas-Castromaior o xacemento é escavado en área pola empresa Ambiotec baixo a dirección de Javier Morchón Viñas (Morchón

Viñas, 2008, 2009). As escavacións realizadas documentaron un conxunto de estruturas en base a muros, fosas, buratos de poste, tumbas, fondos de cabana, estruturas de combustión entre outras. O director da intervención define ao xacemento como un hábitat de tipo poboado de cronoloxía tardoantiga ou altomedieval feito no que incide a tumba de inhumación realizada parcialmente en tegula (Morchón Viñas, 2009, p. 95).



Figura 45. Enterramento localizado durante a intervención (Morchón Viñas, 2009, p. 88).

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas




Figura 46. Detalle do plano xeolóxico da área de Casanova, en vermello xistos, en laranxa cuarzo. Fonte IGME.

### 7.1.6 Castelo de Naraío

Localizado no concello coruñés de San Sadurniño o castelo de Naraío atópase situado a carón do río Castro, nun pequeno cumio granítico nunha situación non prominente con respecto da súa contorna, con coordenadas X: 576.079 e Y: 4.816.178 (SRS: ETRS89 UTM 29N). O castelo está conformado por dous recintos murados posiblemente de diferente cronoloxía (López-Felpeto Gómez, 2015, p. 171). Cunha torre da homenaxe central trátase dun castelo de reducidas dimensións, ocupando unha superficie aproximada de 2387 metros cadrados. A nivel cronolóxico o castelo contaría cunha fase inicial entre os séculos XIII e XIV na que se configuraría o recinto superior da fortificación. Nunha segunda fase encadrada entre os séculos XIV e XV realizárase o recinto exterior para que posteriormente durante as guerras irmandiñas o castelo vísese asaltado e destruído parcialmente, trala guerra sería sometido a reparacións puntuais (López-Felpeto Gómez, 2015, pp. 202-205).



## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

No ano 2007 intervénse por primeira vez no castelo co obxectivo de potenciar a súa posta en valor, mediante a retirada de vexetación e consolidación de estruturas. Esta intervención de posta en valor foi acompañada por unha actuación arqueolóxica de sondaxes e control dirixida polo arqueólogo Manuel Anxo López-Felpeto Gómez. As sondaxes definiron unha estratigrafía sinxela, dominada polos derrubes e acumulacións de sedimentos con posterioridade á ocupación do castelo, permitindo a retirada de entullos e así definir superficies de paso para a visita.



Figura 48. Antes e despois da intervención de 2007 (López-Felpeto Gómez, 2015).

Entre o ano 2009 e 2010 vólvese realizar unha intervención de posta en valor baixo a mesma dirección arqueolóxica de Manuel Anxo López-Felpeto Gómez. A intervención buscou constatar a existencia de foso defensivo exterior así como os restos conservados nos accesos ao castelo, tanto en pavimentos orixinais como estruturas. Dando resultados positivos en todas as sondaxes realizadas, constatándose o foso defensivo, pavimentos de acceso, os restos dunha porta exterior e un alxibe de coidada estereotomía. Durante as obras procedeu ao encamisado do extremo norte e noroeste da muralla do castelo así como a consolidación da torre do homenaxe e do seu alxibe.

accesibilidade e consolidación de estruturas, neste caso a intervención arqueolóxica foi dirixida por Francisco Alonso Toucido. A pesares das actuacións previas o castelo non contou dende a última intervención no ano 2010 ata o 2018 con mantemento, por tanto a vexetación volveu a invadir boa parte do recinto así como as sondaxes realizadas con anterioridade. O proxecto arquitectónico buscaba mellorar a accesibilidade ao xacemento, conformando un camiño de acceso en xabre, con estruturas en metal no inicio e no interior da torre da homenaxe, permitindo así a subida ata o seu cumio, a maiores consolidáronse muros como o de contención do acceso da porta principal. Creáronse escaleiras en pedra de acceso á torre e de saída pola poterna así como un percorrido en madeira no recinto inferior. Para seguir avanzando no coñecemento arqueolóxico do castelo realizáronse varias sondaxes, no interior da torre da homenaxe, na poterna e na zona de acceso pola porta principal. Destas sondaxes provén o material estudado no presente traballo.




Figura 49. Mapa xeolóxico da área de Naraío. En vermello granitos, en verde cuarzos e ampelitas. Fonte IGME.

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

### 7.1.7 Castelo de Portomeiro

O Castelo de Portomeiro está situado na parroquia de San Cosme de Portomeiro, no concello coruñés de Val do Dubra con coordenadas X: 531.580 e Y: 4.758.376 (SRS: ETRS89 UTM 29N). Dominando a penechira fértil de Portomeiro polo norte e ao sur parte do río Tambre. Trátase dun recinto fortificado de 80x55 m rodeado por unha potente muralla de cachotería de granito visible nas ortofotos dos anos 50 (Sánchez Pardo & Galbán Malagon, 2015, p. 142).




Figura 50. Voo Americano sobre o Castelo de Portomeiro (Fernández Pereiro, 2018, p. 208).

Nas diferentes fichas de catálogo e estudos recentes o xacemento foi tipificado en orixe como castro, pero posteriormente como castelo tardoantigo ou medieval (Fernández Pereiro, 2018, p. 210). No ano 2018 o xacemento foi incluído nos prospectados polo doutor D. Mario Fernández Pereiro no contexto da súa tese de doutoramento sobre recintos fortificados en altura.

Ante a excepcionalidade do sitio dentro do proxecto Arqueoloxía tardoantiga e altomedieval en Galicia (2015-PN002) financiado polo Ministerio de Economía e Ciencia e dirixido polo Dr. José Carlos Sánchez Pardo realizouse unha campaña de sondaxes valorativas dirixidas tecnicamente por D. Mario Fernández Pereiro e polo autor do presente traballo. A intervención consistiu na realización de 3 sondaxes valorativas no interior do recinto fortificado, dando resultados positivos todas elas e confirmando unha fase de ocupación do xacemento entre os séculos VIII e X d.C., cunha posible fase de ocupación tardoantiga así como outra prehistórica. A intervención forneceu un conxunto cerámico excepcional debido á súa cantidade e calidade o cal foi estudado no contexto de realización do seu TFM por Alba Lucía Carneiro Alonso contando co apoio do autor do presente traballo. A cronoloxía está amparada por datacións absolutas pendentes de publicación, que encadran a maioría da cerámica constatada, no século X d.C.

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas



Figura 51. Proceso de escavación de sondaxe no Castelo de Portomeiro.




Figura 52. Mapa xeolóxico da área do Castelo de Portomeiro, en laranxa e vermello, granitos, en verde xistos. Fonte IGME.

### 7.1.8 Castro de San Lourenzo

O castro de San Lourenzo encóntrase situado no concello lucense da Pobra do Brollón, na parroquia de San Pedro de Cereixa, con coordenadas X: 630.427 e Y: 4.712.720 (SRS: ETRS89 UTM 29N),. Encadrado nunha zona de val conformada polo río Saa, conta con planta circular definida por un prominente parapeto. Dende o ano 2016 no castro realízanse campañas puntuais de escavación vinculadas a un proxecto de arqueoloxía comunitaria dirixido por Xurxo Ayán Vila.

O castro é interpretado como un poboado mineiro no que en época medieval é erixida unha igrexa con advocación á San Lourenzo (Ayán Vila, 2017, p. 7). As escavación arqueolóxicas realizáronse en dous sectores, o sector 1 situado no sureste do castro onde foi identificada a ermida e o sector 2 no norte, onde foron exhumadas estruturas da Idade do Ferro (Ayán Vila, 2021, pp. 80-81).

As estruturas da Idade do Ferro están formadas por dúas cabanas, unha escavada na súa totalidade de planta cuadrangular e esquinas redondeadas e outra escavada parcialmente. Ambas realizadas en base a muros de coios de cuarcita e con evidencias de pallabarro que implicarían un alzado dese material (Ayán Vila, 2021, p. 84). Documentáronse á súa vez evidencias de traballo con mineral de ferro en base a escouras e mineral. As cronoloxías fornecidas polos materiais reflicten un castro sen evidencias de contacto co mundo romano encadrado na segunda Idade do Ferro (Ayán Vila, 2021, p. 93).

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas



Figura 53. Sector 2 da escavación no castro de San Lourenzo (Ayán Vila, 2021, p. 84).

No sector 1 foi localizada a capela a cal tiña asociada unha importante necrópole medieval de ata o momento 65 tumbas (Ayán Vila, 2021, p. 114). As estruturas da capela estaban realizadas ao igual que as cabanas de habitación, en coios de cuarcita autóctonos da mesma maneira que as paredes laterais das tumbas, igualmente empregando coios. As datacións absolutas realizadas na necrópole mostraron o uso da mesma nun abano de posibilidades entre os séculos IX e XVI, cunha especial concentración na Plena Idade Media. As moedas recuperadas neste sector reflicten unha reocupación do espazo no século XVII (Ayán Vila, 2021, p. 153).




Figura 54. Planimetría do sector 1 do castro de San Lourenzo (Ayán Vila, 2021, p. 110).

| CÓDIGO | TUMBA | CAMPAÑA     | PROBABILIDADES | DATACIÓN         |
|--------|-------|-------------|----------------|------------------|
| 573103 | 17    | OUTONO 2017 | 82,6 %         | 1430-1522 CAL AD |
| 573104 | 42    | 2019        | 90,3 %         | 950-1032 CAL AD  |
| 573107 | 43    | 2019        | 86,7 %         | 948-1026 CAL AD  |
| 573109 | 53    | 2019        | 95,4 %         | 1024-1155 CAL AD |
| 575902 | 35    | 2019        | 95,4 %         | 1025-1165 CAL AD |
| 575903 | 50    | 2019        | 95,4 %         | 887-1013 CAL AD  |

Figura 55. Datacións realizadas na necrópole do castro de San Lourenzo (Ayán Vila, 2021, p. 126).

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas




Figura 56. Mapa xeolóxico da área do castro de San Lourenzo, en amarelo areas e arxilas, en gris cantos e arxilas, verde depósitos aluviais. Fonte IGME.

### 7.1.9 Cova Eirós

Cova Eirós é unha cavidade situada no concello lucense de Triacastela fronte ao núcleo de Cancelo, a 780 m sobre o nivel do mar, nunha das escasas franxas calcarias de Galicia, con coordenadas X: 646.802 e Y: 4.736.409 (SRS: ETRS89 UTM 29N). Grazas á localización de restos de oso cas cavernas durante os anos 80, realizáronse diversas intervencións de índole paleontolóxica como arqueolóxica, convertendo ao xacemento nun dos principais no rexistro de *Ursus spelaeus* da Península Ibérica (Grandal d'Anglade, 1993).




Figura 57. Localización de Cova Eirós (Lazuén Fernández et al., 2011, p. 238).

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas

Dende o ano 2008 o Grupo de Estudo para a Prehistoria do NW Ibérico da Universidade de Santiago de Compostela leva realizando diversas campañas de escavación co obxectivo de documentar os seus niveis de cronoloxía paleolítica (Fábregas Valcarce et al., 2008, 2009). Pero á marxe dos niveis prehistóricos os estratos superiores da cova presentan unha interesante concentración de material arqueolóxico histórico así como a evidencia de silos de almacenaxe medievais (Teira Brión et al., 2011).



Figura 58. Mapa xeolóxico da área de Canelo. Verde claro: cuarcitas, verde escuro: pizarras, mosaico azul: calizas. Fonte IGME.

Os estratos de noso interese son polo tanto o nivel superficial no que se documentou un lousado de acondicionamento da cavidade, un fogar (Fábregas Valcarce et al., 2012, p. 20), e dúas grandes estruturas negativas de almacenaxe de tipo silo, UA 1 e UA2. Nas que se documentaron abundantes materiais cerámicos e óseos de cronoloxía medieval mesturados con fauna e líticos prehistóricos (Fábregas Valcarce et al., 2009, p. 18). A datación do fogar mediante C14

forneceu unha cronoloxía entre mediados/finais do século X e comezos do século XI d.C. ( $1040 \pm 30$  BP, Beta-308578; 949-1032 Cal AD -2s-) (Fábregas Valcarce et al., 2012, p. 22). Estas datacións serían coincidentes coas documentadas no interior da cavidade, en torno ao cambio de milenio (Figura 59).

| PROCEDENCIA                  | REF. LABORATORIO | MUESTRA                       | EDAD RADIOCARBÓNICA BP | EDAD CALIBRADA |
|------------------------------|------------------|-------------------------------|------------------------|----------------|
| Hogar entrada (UA6)          | Beta - 308578    | Carbón (Fabaceae)             | $1040 \pm 30$          | 901-1033 AD    |
| Hoguera Gran Sala            | Beta - 333971    | Carbón                        | $1020 \pm 30$          | 969-1046 AD    |
| Fisura inmediata al panel XI | Beta - 345400    | Carbón ( <i>Quercus sp.</i> ) | $1050 \pm 30$          | 900-1027 AD    |
| Fecha Combinada              |                  |                               | $1037 \pm 18$          | 982-1024 AD    |

Figura 59. Datacións absolutas en contextos medievais de Cova Eirós (César Vila et al., 2018).

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas




Figura 60. Perfecto oeste de Cova Eirós cos silos medievais en branco e planta da zona da entrada con estruturas medievias.

### **7.1.10 Faro de Budiño**

O Faro de Budiño atópase situado no concello pontevedrés do Porriño dominando a depresión meridiana na marxe esquerda do río Louriña, con coordenadas X: 534.247 e Y: 4.664.314 (SRS: ETRS89 UTM 29N), (Figura 61). Trátase dun esporón granítico de grande entidade e por tanto un referente visual en toda a área, cunha altura de 435 metros sobre o nivel do mar. A superficie con evidencias materiais conta con 11 hectáreas e cunha superficie útil de 8 hectáreas (Fernández Pereiro, 2014, p. 351). O terreo no que se sitúa o xacemento atópase dominado por batolitos graníticos entre os cales no seu perímetro documéntanse evidencias de muralla de cachotería granítica defendendo os accesos con ata tres liñas (Fernández-Pereiro et al., 2018, p. 129).

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas




Figura 61. Localización do Faro de Budiño (Fernández Pereiro, 2014, p. 351).

Tradicionalmente existía a referencia á presenza dunha “cidade encantada” no cumio do Faro, incluso referenciada por Antonio Palacios nos anos 30<sup>8</sup>. Posteriormente existen mencións derivadas de prospeccións superficiais que identifican o sitio como unha fortaleza tardoantiga (Fernández Pereiro, 2014; Garrido Rodríguez, 1987, pp. 38-40).

---

<sup>8</sup> <https://www.farodevigo.es/comarcas/2015/10/03/vecinos-porrino-recuperan-ruta-palacios-16799603.html>. Consultado o 07 do 02 de 2021.




Figura 62. Planimetría do Faro de Budiño realizada a través de prospección superficial (Fernández Pereiro, 2014, p. 355).

Na zona central da acrópole destacaba, sen necesidade de escavación, a través de irregularidades no terreo un gran edificio de planta en U duns 728 m<sup>2</sup> e compartimentado en diferentes estancias que daban a un patio central, con 3 estancias no lateral este, 2 no oeste e unha no sur (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 170).

Durante o ano 2018 levouse a cabo a primeira escavación arqueolóxica no Faro de Budiño, dirixida polo autor da presente tese

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

de doutoramento. A intervención consistiu na execución dunha sondaxe de 3x5 metros no esquinale SE do grande edificio, financiada por unha axuda do Ministerio de Ciencia e Innovación asociada ao contrato Ramón y Cajal do profesor D. José Carlos Sánchez Pardo (RYC-2013-14425) no contexto de investigación da tese de doutoramento de D. Mario Fernández Pereiro denominada “Recintos Fortificados en Altura na costa atlántica galega. Estudo arqueolóxico” (Fernández Pereiro, 2018). Os resultados da devandita intervención foron publicados na revista *Munibe* (Fernández-Pereiro et al., 2020).




Figura 63. Mapa xeolóxico da área do Faro de Budiño. Rosa granito, azul granodiorita. Fonte IGME.




Figura 64. Ortofoto e planimetría da área escavada (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 171).

A intervención constatou a existencia dun grande edificio cun patio central, evidenciado por dous muros de cachotería de granito no eixo N-S outro no E-W en uso durante a Alta Idade Media, nos séculos VIII-IX o cal está cuberto con materiais perecedoiros e emprega *tegula* como ripio nos muros, pero non na cuberta. Deste edificio escavouse parcialmente a estancia sur e unha pequena área do da esquina SE do seu patio central. Con anterioridade a este grande edificio existe no lugar outro, cuxas estruturas son profundamente espoliadas e contan con técnicas construtivas diferentes, abundante morteiro amarelento de terra nos seus muros e cubertas de *tegula*. A nivel cronolóxico esta fase encadraríase en época tardoantiga, séculos

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

IV-V d.C. Descoñecemos o tamaño deste edificio anterior, pero na superficie escavada, o trazado dos seus muros coincide, con certas variacións, cos do edificio altomedieval. Dada a cantidade de *tegula* documentada, faltarían estruturas murarias asociadas á mesma por constatar. O encadramento cronolóxico destes resultados foi definido a través da cultura material e a realización de datacións absolutas mediante C14 (Figura 65).

| Código Muestra | Lab. Cód.   | Material           | UE                 | Fecha BP     | Cal BC-AD 1 signa   | Cal BC-AD 2 signa  |
|----------------|-------------|--------------------|--------------------|--------------|---|--|
| FB18MU08       | Beta-492388 | Carbón             | 104 (fase II)      | 1200 + 30 BP | 788-872 cal AD (64,8%)<br>774-779 cal AD (3,4%)   | 765-895 cal AD (87,6%)<br>714-744 cal AD (6,2%)<br>928-940 cal AD (1,4%) |
| FB18MU11       | Beta-492390 | Carbón + sedimento | 109 (fase I)       | 1550 + 30 BP | 430-492 cal AD (50%)<br>529-550 cal AD (15,7%)<br>512-516 cal AD (2,5%)                             | 422-574 cal AD (95,4%)   |
| FB18MU14       | Beta-498466 | Mortero            | 110 (fase I)       | 1160 + 30 BP | 860-898 cal AD (26,1%)<br>804-842 cal AD (20,4%)<br>924-944 cal AD (12,7%)<br>778-791 cal AD (9,1%) | 773-906 cal AD (71,8%)<br>916-968 cal AD (23,6%)                         |
| FB18MU15       | Beta-492389 | Carbón + sedimento | 111 (fase I)       | 1680 + 30 BP | 338-400 cal AD (68,2%)  | 321-422 cal AD (85,2%)<br>258-296 cal AD (10,2%)                         |
| FB18MU16       | Beta-498447 | Sedimento          | 112 (solo natural) | 2130 + 30 BP | 202-108 cal AD (68,2%)  | 210-52 cal AD (84,9%)<br>350-308 cal AD (10,5%)                          |

Figura 65. Resultados das datacións absolutas practicadas no xacemento (Fernández-Pereiro et al., 2020).



Figura 66. Vista da zona norte da intervención, con muro previo en planta (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 175).

### **7.1.11 Franco nº 31**

Esta intervención foi realizada no número 31 da céntrica rúa do Franco, en Santiago de Compostela nas coordenadas X: 537.139 e Y: 4.747.390 (SRS: ETRS89 UTM 29N), (Figura 67). Con motivo do acondicionamento dun local de hostalería, realizouse unha intervención arqueolóxica dividida en dúas fases unha primeira dirixida pola arqueóloga Dona Manuel Pérez Mato centrada principalmente nos niveis superiores, de cronoloxía moderna. E una segunda dirixida por D. Álvaro Rodríguez Resino, quen se encargou de documentar un conxunto de fosas en liña, escavadas na rocha (Figura 69), de gran tamaño, que non respectaban a distribución parcelaria actual da cidade. Estas estruturas en negativo foron clasificadas como silos de almacenamento (Rodríguez Resino, 2012), datados na Plena Idade Media. Neles constatáronse tres U.E.s con material medieval e dúas con material moderno.

7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas



Figura 67. Localización da intervención na rúa do Franco nº31.

Os resultados da intervención contan con algún paralelo dentro do núcleo histórico da cidade de Santiago de Compostela, por exemplo a realizada no solar dos grandes almacenes do Pilar, localizada na rúa do Preguntoiro e consistente nun campo de silos; o Franco nº 4 onde se constatan elementos cerámicos idénticos aos do Franco nº 31; así como o Banco de España. Un dos mellores xacementos que permitirían comprender mellor o contexto do Franco nº 31 e de toda a cidade é a catedral, onde habería elementos de datación numismática para a época que nos ocupa, pero as escavacións de López Ferreiro no XIX e Chamoso Lamas a mediados do século XX no deixaron un rexistro arqueolóxico acorde coas metodoloxías actuais (Suárez Otero, 1999c).




Figura 68. Mapa xeolóxico de Santiago de Compostela, verde e azul: xistos, rosa e granate: granitos. Fonte IGME.

A nivel histórico será nesta época cando se conforme a sociedade urbana santiaguesa (López Alsina, 2013, p. 263), coa creación dos primeiros suburbios fora do primitivo *locus* e iranse asentando mercadores e artesáns que xa non precisan vivir da terra, animados polo foro de Alfonso V. A súa vez construírse a muralla en torno aos séculos plenomedievais así como a catedral románica. A época de amortización dos silos ven caracterizada pois, polo cambio, momento do posible nacemento dun mercado “urbano” en Santiago. .

7. Base empítica: xacementos,  
contextos e pezas



Figura 69. Fotografía das fosas documentadas (Rodríguez Resino, 2012, p. 10).

### 7.1.12 Porto Traveso

A Serra do Barbanza, atópase situada entre as rías de Muros-Noia e a de Arousa, na súa zona alta, a uns 400 metros de altitude sobre o nivel do mar, localízanse as Chans do Barbanza, unha plataforma de máis de 4.500 hectáreas (Barbeito Pose et al., 2015, p. 126). A partir do ano 2013 realízanse numerosas actuacións arqueolóxicas na serra, coordinadas polo Grupo de Estudos da Prehistoria do Noroeste (GEPN, USC), consistentes tanto en prospección como en escavacións arqueolóxicas (Barbeito Pose et al., 2015, p. 127). A principal novidade destes traballos foi a documentación dun tipo de xacemento con escasos paralelos en Galicia, son os denominados “agregados” ou “grupos” situados preto das ribeiras dos regatos e fontes que existen nas Chans. Trátase de estruturas de pequeno tamaño realizadas mediante cachotería e lousas de granito, en seco, son “cercados, currais, cabanas, chozas, etc. (Barbeito Pose et al., 2015, p. 130), situados na contorna dos 400 metros de altitude e vinculados ao aproveitamento gandeiro-pastoril.



Figura 70. Exemplo de estrutura localizada, Folgoso Vello, cun cercado lítico. Imaxe: (Barbeito Pose et al., 2015, p. 130).

## 7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas

No contexto das prospeccións realizadas documéntase o xacemento arqueolóxico de Porto Traveso. Situado a carón do Rego da Pousada, a 100 m do río Barbanza con coordenadas X: 504.626 e Y: 4.726.845 (SRS: ETRS89 UTM 29N). No mesmo realizáronse tres intervencións entre os anos 2013 e 2015, no presente apartado trátase o conxunto cerámico recuperado no ano 2014.




Figura 71. Localización de Porto Traveso e Río Barbanza, na serra do Barbanza (Barbeito Pose et al., 2015, p. 139).

No xacemento definíronse dúas áreas de traballo, en función do Rego da Pousada, no seu lado sur, documentouse unha cabana de forma cuadrangular de 4 m de lado cun anexo semicircular a modo de vestíbulo. Partes do vestíbulo e do interior da cabana atopábanse lousadas mediante pezas de granito (Barbeito Pose et al., 2015, p. 139), as pezas do presente estudo proveñen da escavación da cabana. No sector norte do espazo escaváronse diversos espazos no ano 2015, interpretados como cortes para o gando.



Figura 72. Lousado no interior da estrutura de Porto Traveso. Imaxe: BARBEIRO POSE et al. 2015:140.

A cabana situada no sector sur, foi reconstruída co material procedente da propia escavación, aportando uns muros cunha altura de 1,50 m.

A parte do conxunto cerámico, foron recuperados varias pezas líticas, dende mans de muíño ata pezas criptocristalinas como jaspes ou calcedonias, presentes na península do Barbanza e de boas características para a talla, así como seixos con evidencias de percusión para o seu probable uso como isqueiros (Barbeito Pose et al., 2015, p. 143).

7. Base empítica: xacementos, contextos e pezas



Figura 73. Material lítico de Porto Traveso. Imaxe: (Barbeito Pose et al., 2015, p. 143).

Sobre o único nivel de ocupación detectado (UE 005), á entrada da estrutura cuadrangular, constatouse unha pequena acumulación de carbóns, probablemente unha fogueira, o equipo de escavación realizou unha datación por carbono 14. Esta datación forneceu uns resultados encadrados entre o VIII e o IX d.C. Estas datacións coincidirían cos resultados de xacementos próximos, como Río Barbanza, tamén con fases altomedievais (Barbeito Pose et al., 2018, p. 26).

| DATACIÓN PORTO TRAVESO   |   |          |               |  |
|--|---|----------|---------------|--|
| Código   | Contexto  | Material | Datación BP   | Cal. 2 $\sigma$ (Probabilidade)            |
| BETA-402486  | Concentración de carbóns / nivel de ocupación (UE005) | Carbón   | 2170 $\pm$ 30 | 771-903 d.C. (0.84)<br>918-964 d.C. (0.15) |
| A data foi calibrada mediante o programa CALIB, versión 7.1 (STUIVER AND REIMER, 1986-2016), recurrido á curva de calibración IntCal13 |   |          |               |  |

Figura 74. Táboa de datacións procedente de (Barbeito Pose et al., 2015, p. 143).




Figura 75. Mapa xeolóxico da península do Barbanza. En marrón, xistos, en vermello e rosa granitos.

### 7.1.13 Rocha Branca

O castelo arcebispal da Rocha Branca sitúase na parroquia padronesa de Santa María de Iria Flavia nas coordenadas X: 528.510; Y: 4.732.800 (SRS: ETRS89 UTM 29N). Erixido na Baixa Idade Media foi ocupado entre os séculos XIII e XV (Fernández Abella, 2015, p. 417). A fortificación contaba cunha finalidade defensiva pero tamén simbólica ao ser á par que castelo, pazo dos arcebispos composteláns cun singular luxo asociado e recollido a través de testemuñas no preito Tabera-Fonseca, posto que foi destruído durante a revolta Irmandiña: “*dicha Rocha Blanca... ..la mas hermosa e deleitosa que abía en todo el Reino... ..abía muchos hedifícios... ..ricos y fermosos dorados y pintados e ladrillados todo el suelo de azulejos y con sus huertas, naranjales, bosque, fuentes y estanques y otras cosas para deleite...*” (Yzquierdo Perrín, 2006, p. 126).




Figura 76. Localización do xacemento MTD (a partir de Patrimonio Galego e detalle do xacemento (a partir de (Fernández Abella, 2015) (Prieto Martínez et al., 2019, p. 129).

Entre as estruturas do xacemento, visibles en superficie destaca un recinto circular de 61 m de diámetro delimitado por unha muralla de sillares de granito e un foso de entre 8,5 e 18 m (Fernández Abella,

2015, pp. 411-412). No ano 1981 realizase unha intervención arqueolóxica dende a facultade de historia da USC encabezada polos profesores Ermelindo Portela Silva, María del Carmen Pallares Méndez e Fernando Acuña Castroviejo onde se documenta unha grande torre central, un muro perimetral e un foso, aínda que son escasas as referencias sobre esa intervención. No ano 2014 realízanse actuacións de limpeza de vexetación dirixidas por David Fernández Abella.




Figura 77. Mapa xeolóxico da área de Rocha Branca, rosa granitos, azul sedimentos aluviais. Fonte IGME.

## 7. Base empírica: xacementos, contextos e pezas

### 7.1.14 Rocha Forte

Ao igual que Rocha Branca a fortaleza de Rocha Forte formaba parte da rede de castelos da mitra compostelá. Situada ás aforas de Santiago de Compostela en dirección SW controla o acceso dende o camiño portugués e polo tanto dende o porto de Padrón, localizándose tamén próxima ao camiño histórico dende Noia nas coordenadas X: 534.870; Y: 4.745.464 (SRS: ETRS89 UTM 29N).




Figura 78. Localización do xacemento sobre o voo americano (López-Costas & Teira Brión, 2015, p. 259).

A primeira referencia documental sobre o castelo de Rocha Forte encádrase en 1253 d.C. nun documento asinado por Alfonso X (López-Costas & Teira Brión, 2015, p. 259). En 1467 o castelo é derruído no contexto das revoltas Irmandiñas. Dada a súa proximidade á cidade de Santiago, foi empregado en numerosas ocasións como refuxio dos arcebispos compostelás durante episodios de conflito coa

cidade. A fortaleza é de planta concéntrica con 3500 metros cadrados, catro torres circulares en cada esquina e outras dúas na entrada así como unha grande torre central xunto con torres centrais rectangulares nos puntos centrais de cada lenzo, salvo no de entrada. En reformas posteriores crearíase unha barbacá para a defensa contra a artillería (Suárez Otero et al., 2013).

A partir do ano 2002 grazas ao financiamento do concello e consorcio de Santiago realízanse diversas campañas de escavación no xacemento por parte da Universidade de Santiago de Compostela baixo a dirección de Raquel Casal García e Fernando Acuña Castroviejo (Casal García et al., 2004). Durante estas campañas documentáronse partes fundamentais da fortaleza, como a súa entrada, diversas torres e accesos subterráneos (Casal García et al., 2004, 2005, 2006). Tras unha intervención de restauración de estruturas no ano 2009 realizada pola empresa Terra Arqueos, no ano 2013 baixo a dirección de María José Bóveda Fernández as empresas Eiriña S.L. e A Citania S.L. realizan as “Obras de escavación arqueolóxica e restauración do Castelo de A Rocha Forte (Santiago de Compostela), o proxecto máis ambicioso realizado na fortaleza ata o momento. Durante estes traballos constatouse o amplo alcance do episodio bélico no século XV que sufriu a fortaleza. A escavación deixou á vista os restos dunha fortaleza cuadrangular con dúas murallas defensivas e unha torre da homenaxe central. A muralla exterior conta cun marcado alambor e abundante material reempregado na súa construción encadrándose nos momentos finais do castelo, no século XV. Localizouse á súa vez a capela de Santa Eufemia, grazas aos restos de vidreiras e enterramentos (Bóveda Fernández, 2013a).

7. Base empítica: xacementos,  
contextos e pezas



Figura 79. Áreas intervidas nos diferentes traballos en Rocha Forte (Bóveda Fernández, 2013a).




Figura 80. Mapa xeolóxico de Santiago de Compostela, verde e azul: xistos, rosa e granate: granitos. Fonte IGME.

## **8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media**

No presente apartado realizaremos, a través dun fío condutor cronolóxico, unha revisión dos contextos cerámicos estudados no presente traballo. Para aqueles contextos publicados empregaremos os artigos e capítulos de libro nos que participamos como autores, contando coa preceptiva autorización.

## 8.1 CASANOVA, AS PEREIRAS E A POUSADA

Como vimos no apartado correspondente, os xacementos de Casanova, As Pereiras e A Pousada identifícanse con espazos rurais vinculados a actividades agropecuarias. Situados nas provincias da Coruña, Lugo e Ourense a súa escolla permite contar con exemplos cerámicos previos ao século X d.C. Os tres xacementos foron escavados grazas a proxectos de obras públicas, remarcando a importancia dunha correcta xestión arqueolóxica nas obras e o destacado coñecemento que esta pode aportar.

A revisión dos materiais destes xacementos foi publicada xunto a materiais provintes de Viladonga e Os Castros en Mondoñedo, na revista *Pyrenae*. Os autores, Carlos Tejerizo García, Francisco Alonso Toucido e Diego Torres Iglesias pretendíamos dar a coñecer as características da producións cerámicas de época altomedieval, escasamente divulgada en Galicia e a súa evolución ao longo do período.

Tejerizo-García, C., Alonso Toucido, F., & Torres Iglesias, D. (2021). “Cerámicas del interior de Galicia desde el tardoimperio a la Alta Edad Media (s. V-X/XI d. n. e.): algunos casos de estudio” *Pyrenae*, 52(2), 149–185. ISSN: 0079-8215 EISSN: 2339-9171 <https://doi.org/10.1344/Pyrenae2021.vol52 num 2.7>

Tejerizo-García, C., Alonso Toucido, F., & Torres Iglesias, D. (2021). “Cerámicas del interior de Galicia desde el tardoimperio a la Alta Edad Media (s. V-X/XI d. n. e.): algunos casos de estudio” *Pyrenae*, 52(2), 149–185. ISSN: 0079-8215 EISSN: 2339-9171 <https://doi.org/10.1344/Pyrenae2021.vol52 num 2.7>

Cerámicas del interior de Galicia desde el tardoimperio a la Alta Edad Media (s. V-X/XI d. n. e.): algunos casos de estudio

*Pottery from inland Galicia from the Late Empire to Early Medieval period (5th-10th/11th c. AD): Some case studies*

CARLOS TEJERIZO-GARCÍA

Universidad del País Vasco. Facultad de Letras  
Paseo de la Universidad, 5, E-01006 Vitoria-Gasteiz  
carlosteje@gmail.com

FRANCISCO ALONSO TOUCIDO

Universidade de Santiago de Compostela. Tempos Arqueólogos  
SL  
Av. Lugo, 13, 2 C, E-36940 Cangas do Morrazo (Pontevedra)  
franalonsotoucido@hotmail.com

DIEGO TORRES IGLESIAS

Universidade de Vigo  
Gontade, 1, E-36679 Piñeiro, Cuntis (Pontevedra)  
dtorres.ig@gmail.com

En este artículo se presentan un conjunto de contextos cerámicos provenientes del interior del actual territorio de Galicia desde los momentos finales del Imperio romano hasta la Alta Edad Media. Estos han sido estudiados a partir del análisis morfotecnológico de diversos contextos estratigráficos de cinco yacimientos recientemente excavados. De esta forma, el objetivo principal de este artículo es el de ofrecer un marco comparativo que permita una mejor

caracterización cronológica y social de los yacimientos de un período que, desde el punto de vista historiográfico, ha sido escasamente tratado en el contexto del noroeste peninsular.

#### PALABRAS CLAVE

CERÁMICA, ALTA EDAD MEDIA, GALICIA, CADENAS TECNOLÓGICO-OPERATIVAS, MUNDO RURAL

*This paper presents a group of pottery contexts from a number of different rural contexts from the interior of the present day province of Galicia dating to between the end of the Roman Empire and the Early Middle Ages. This study merges the formal and technological analyses of a diverse assemblage of stratigraphical contexts from five selected, recently excavated sites. Thus the main aim of the paper is to offer a comparative framework which offers a better chronological and social characterization of those sites for a period that, from a historiographical point of view, have been scarcely addressed in the context of northwestern Iberia.*

#### KEYWORDS

POTTERY, EARLY MIDDLE AGES, GALICIA, CHAÎNES OPÉRATOIRES, RURAL WORLD

### 1. Introducción

La cerámica es, sin duda, uno de los principales materiales que mejor han permitido visibilizar, caracterizar e interpretar arqueológicamente el complejo período correspondiente a la transición entre el mundo antiguo y el medieval (Tejerizo García y Quirós Castillo, 2018). Su estudio marcó uno de los hitos principales en la configuración de la arqueología medieval en la Península Ibérica ya desde sus inicios como disciplina (Gutiérrez González y Bohigas Roldán, 1989; Riu Riu, 1977) y, en los últimos años, los análisis sobre este material han crecido exponencialmente. Un auge cuyo origen se

encuentra en los cientos de intervenciones que han tenido lugar en los últimos veinte años, sumado a un nutrido número de proyectos de investigación específicamente dirigidos al tema (Vigil-Escalera, 2018). Muestra de ello son varios volúmenes recientes que recopilan las investigaciones más punteras a este respecto (De Man y Tente, 2014; Grassi y Quirós Castillo, 2018; Martín Viso, et al., 2018; Vigil-Escalera y Quirós Castillo, 2016). Estos recientes avances permiten no sólo datar con un alto grado de precisión los contextos de este período, sino también profundizar en los aspectos tecnológicos, sociales, económicos y políticos vinculados a la producción, consumo y distribución de este objeto tan necesario para las sociedades preindustriales (Kramer, 1985). Sin embargo, esto sólo es posible si existen secuencias y seriaciones cerámicas sólidas que establezcan un punto de comparación para los nuevos yacimientos excavados.

Si bien estas secuencias y seriaciones cerámicas están bien establecidas en territorios como Madrid, Cataluña, País Vasco o el suroeste peninsular, el caso de Galicia es algo distinto. Aunque se han realizado algunos pioneros intentos (ver apartado siguiente), a día de hoy no existen referencias sólidas que permitan establecer un punto de comparación para los materiales provenientes de las excavaciones, como ya ha sido comentado por otros autores (Fernández Fernández y Bartolomé Abreira, 2016: 105; Sánchez Pardo, 2010). Este vacío en la investigación conlleva algunos problemas interpretativos. Así, por ejemplo, aquellos yacimientos cuyos materiales no corresponden al período romano, mejor conocido, o a un claro contexto medieval o moderno, son clasificados reiteradamente bajo categorías muy laxas como «galaico-romano», «tardorromano» o «romano-medieval», lo que ocasiona interpretaciones circulares o muy deterministas.

Este panorama está cambiando en los últimos años en el contexto de Galicia por tres motivos principales. El primero es la ampliación de la masa de datos disponible mediante la excavación de numerosos contextos durante el período de auge de la arqueología comercial en Galicia —y, en particular, de la denominada «arqueología de la gasificación», entre finales de los años 90 e inicios del siglo XXI—

hasta nuestros días (Criado Boado, et al., 1998). El segundo motivo es la publicación de un número muy significativo de trabajos pioneros en torno a la arqueología de este período en general, y a la cerámica en particular, que han renovado la disciplina por completo (Sánchez Pardo y Rodríguez Resino, 2009). Por último, la introducción de nuevas metodologías de trabajo en el estudio de la cerámica altomedieval, con especial mención a la arqueometría, que están empezando a ser aplicadas con estimulantes resultados (Prieto Martínez, et al., 2018b). Por lo tanto, actualmente contamos con todos los elementos para confrontar con un alto grado de rigurosidad el vacío que supone el estudio de la cerámica en Galicia entre los siglos V y X d. n. e.

En el contexto de varios proyectos de investigación<sup>9</sup>, tuvimos la oportunidad de revisar la secuencia estratigráfica y el repertorio cerámico de un nutrido grupo de yacimientos datados en el período objeto de estudio. De estos, presentamos aquí los resultados obtenidos en cinco de ellos, a través de los cuales se pueden sugerir algunas primeras propuestas de secuenciación cerámica de los contextos rurales del noroeste peninsular en el período comprendido entre el siglo V y el X/XI d. n. e. Este estudio es el resultado de un análisis exhaustivo y combinado de las producciones cerámicas documentadas en cada uno de los yacimientos, cuya datación ha sido propuesta mediante una combinación de los datos previamente existentes de cada uno de los yacimientos, el análisis de las producciones cerámicas diagnósticas de cada uno de ellos y su comparación con otros contextos mejor conocidos. Por su parte, la metodología de estudio cerámico aplicada en ellos ha sido la misma —salvo en el caso del yacimiento de A Pousada, por los motivos que luego se comentarán—. Partiendo de los principios de la antropología de la tecnología desarrollada por P. Lemonnier (Lemonnier, 1992), se revisaron todos

---

<sup>9</sup> Concretamente, el proyecto postdoctoral «Sputnik Labrego. Resiliencia e resistencia da sociedade labrega galega en ‘momentos de perigo’: unha análise antropolóxica e arqueolóxica na longa duración», financiado por la Xunta de Galicia y dirigido por C. Tejerizo, y la investigación para la realización de la tesis doctoral «Cerámica medieval galega, características, uso e evolución da produción», de F. Alonso y dirigida por P. Prieto.

los fragmentos cerámicos de cada unidad estratigráfica, diferenciando las cadenas tecnológico-productivas (CTO) presentes, en base tanto a sus características morfológicas como tecnológicas. Una vez diferenciadas las producciones, estas fueron cuantificadas siguiendo el sistema de doble registro proveniente del ámbito anglosajón, atendiendo al número de fragmentos y el peso en gramos. Esta cuantificación permite analizar la importancia de una producción dentro del conjunto total, aspecto esencial para determinar, por ejemplo, la datación de los conjuntos en el período que aquí nos ocupa (Adroher Auroux, et al., 2016; Vigil- Escalera, 2006). En términos morfológicos y de descripción decorativa, se han seguido las propuestas establecidas por los principales referentes del estudio cerámico del período medieval, tanto en la Península Ibérica como en Europa (Coll Conesa, 2011; Orton, et al., 1997; VV. AA., 1998). De esta forma, una vez determinadas las principales CTO de cada yacimiento, se ponían en comparación con el resto, determinando las producciones presentes y su contextualización estratigráfica y estableciendo una secuencia relativa entre ellas, lo que ha permitido una primera aproximación en términos cronológicos a las cadenas tecnológicas, las cuales, a su vez, se establecen como una base comparativa para futuros estudios.

## **2. Apuntes sobre la historiografía de la cerámica medieval en Galicia**

El objetivo de este apartado no es el de realizar un análisis historiográfico exhaustivo sobre el desarrollo de los estudios cerámicos en el noroeste peninsular en general y en Galicia en particular, sino presentar una síntesis razonada de los principales hitos como marco referencial para nuestro propio trabajo. Por ello es importante destacar que, dentro del panorama historiográfico peninsular, Galicia es uno de los territorios donde la arqueología medieval ha tenido una menor proyección desde el punto de vista de la investigación académica (Acuña Castroviejo, et al., 2012; Xusto Rodríguez y Eguileta Franco, 1992). Es por ello que los estudios cerámicos son reducidos y están centrados, sobre todo, en los períodos

pleno y bajomedieval. Esta situación se agrava en tanto en cuanto las actuaciones provenientes de las excavaciones de urgencia rara vez se publican, permaneciendo inéditas en una literatura gris que es un lugar común en la arqueología medieval peninsular (Quirós Castillo, 2018).

Desde finales del siglo XIX, con las excavaciones ejecutadas en la catedral de Santiago de Compostela por el canónigo López Ferreiro como un hito fundador, hasta los años 80 del siglo XX son varias las intervenciones realizadas en contextos medievales, si bien pocas de las publicaciones se centraron en los conjuntos cerámicos. Algunas excepciones son los trabajos de Manuel Chamoso Lamas y José Guerra Campos en la catedral compostelana, o los trabajos del primero en Iria Flavia (Padrón) y Torres de Oeste (Catoira) (Chamoso Lamas, 1951, 1972-1974). Habrá que esperar hasta 1975 para que se publique la primera síntesis sobre cerámica medieval gallega por parte de Francisco Fariña Busto (Fariña Busto, 1975). En este trabajo se identifican dos tipos de producciones: una a torno, con superficies cuidadas, pastas claras y con algún engobe rojo; y otra producción «gris perla», realizada a torneta. Tras esta primera síntesis, se realizan nuevas intervenciones en yacimientos medievales, si bien con referencias escasas a las cerámicas o sin una perspectiva estratigráfica, como ocurre por ejemplo con las excavaciones en la torre bajomedieval de Meira (Moaña) (Acuña Fernández, et al., 1976), la intervención en Ouvigo (Os Blancos) (Rodríguez Colmenero, et al., 1985) o en el castillo bajomedieval de Soutomaior (Soutomaior) (De la Peña Santos, 1985).

En 1988, Fariña Busto y Suárez Otero realizan una nueva propuesta de secuenciación cerámica, estableciendo tres grupos de producciones en función de su cronología: en primer lugar, un grupo heterogéneo para las cerámicas comprendidas entre los siglos IX y XI; en segundo lugar, producciones «gris perla» para la Plena Edad Media; y, en último lugar, recipientes grises con elementos de importación de producciones vidriadas, en la Baja Edad Media (Fariña Busto & Suárez Otero, 1988; Martínez Peñín, 2013). Un año después, dentro del volumen *La cerámica medieval en el norte y noroeste de la*

*Península Ibérica: aproximación a su estudio* (Gutiérrez González y Bohigas Roldán, 1989), se realiza una síntesis de la cerámica gallega en la que se afirma que entre los siglos IX y XI las cerámicas suelen contar con unas características pastas rojizas o acastañadas heterogéneas, realizadas a mano y con bruñido exterior. A partir del siglo XI la cerámica se homogeneizará en torno a producciones de coloración variada en grises, entre los que destacará el «gris perla», y se documentará por primera vez el torno alto como sistema de producción (Suárez Otero, et al., 1989: 287).

Si bien en los años 1990 las secuencias cerámicas medievales en Galicia no serán objeto de una revisión exhaustiva, sí que se avanza en la detección de nuevas producciones para este período. Será en 1993 cuando se publique un tipo cerámico poco común en Galicia, las jarras engobadas y decoradas con líneas de pintura blanca, cuya cronología rondaría el siglo XIII, y ese mismo año aparecerá el primer trabajo sobre cerámica vidriada bajomedieval (Suárez Otero, 1993). Diez años más tarde verá la luz el estudio de los materiales cerámicos del castillo de A Lúa, en Rianxo, siendo una de las publicaciones fundamentales para comprender la cerámica bajomedieval gallega (César Vila y Bonilla Rodríguez, 2003), entre cuyo repertorio destacan las ollas de borde horizontal cóncavo y las ollas de borde de pestaña. A este estudio se le suma posteriormente el trabajo realizado en el lazareto medieval de San Lázaro, en Santiago de Compostela, donde se recupera un importante conjunto de cerámica «gris perla», plenomedieval (Bonilla Rodríguez y César Vila, 2005).

El cambio de milenio resultará fructífero para la cerámica medieval gallega, pero también para las secuencias cerámicas más tempranas en el intervalo cronológico que aquí analizamos. Así, será entonces cuando se publiquen los estudios del material recuperado en la fortaleza de Rocha Forte (Santiago de Compostela) (Martínez Casal, 2006), así como los primeros trabajos sobre cerámica de importación bajomedieval (Caramés Moreira, et al., 2006) o las primeras sistematizaciones del conocimiento sobre las producciones de sigillata (César Vila, et al., 2010). Por su parte, será en esta primera

década del siglo XXI cuando aparece el fundamental trabajo de Enrique Alcorta sobre las producciones lucenses, auténtico referente para el análisis de las transformaciones en la producción cerámica durante el fin del Imperio romano en Occidente (Alcorta Irastorza, 2001). Igualmente, fueron muy relevantes las excavaciones llevadas a cabo en el puerto de Vigo (Fernández Fernández, 2014), que fue el impulsor de la que puede ser considerada la única propuesta de secuenciación de la cerámica entre los siglos V y VII d. n. e. en el territorio gallego (Fernández Fernández y Bartolomé Abaira, 2016).

En 2010 se realiza una nueva propuesta de síntesis cerámica de las producciones desde la Plena Edad Media a la Baja Edad Media, incorporando algunas dataciones absolutas (César Vila, et al., 2010). A partir de este momento se realizarán las primeras analíticas arqueométricas a conjuntos medievales (Prieto Martínez, et al., 2010), que se han aplicado a otros contextos en los últimos años (Prieto Martínez, et al., 2018a, 2018b).

En los últimos años, el número de publicaciones sobre conjuntos cerámicos en Galicia del período que nos ocupa ha sido escaso, pero no inexistente. En el año 2013 se publica el estudio cerámico de una intervención realizada en la calle del Franco, en Santiago de Compostela. En el mismo se realiza una aproximación a la cerámica plenomedieval de la ciudad (Alonso Toucido, et al., 2014), a la que se le sumarán posteriormente aportaciones desde una óptica supralocal (Alonso Toucido, 2015). Así mismo, ese mismo año se publica un importante trabajo de sistematización de las producciones de terra sigillata hispánica tardía (TSHT) localizadas en territorio gallego (López Pérez, et al., 2013). Más recientemente ha visto la luz un trabajo sobre el excepcional conjunto de 120 jarritas bajomedievales de Augas Santas (Allariz) (Prieto Martínez, et al., 2019), así como un importante trabajo sobre el yacimiento de Cova Eirós (Triacastela) (César Vila, et al., 2018), junto con algunos trabajos sobre distintos contextos tardoimperiales (Alcorta Irastorza y Bartolomé Abaira, 2012; Tejerizo García, et al., 2018).

### **3. Análisis de la secuencia estratigráfica y de los repertorios cerámicos**

En el próximo apartado presentaremos los principales datos de la revisión de cinco yacimientos dentro de la actual Comunidad Autónoma de Galicia (fig. 1). Todos ellos se caracterizan por presentar cronologías inscritas dentro del intervalo de los siglos V-X/XI d. n. e. —tanto las otorgadas por los excavadores originalmente como las que finalmente se proponen en el presente trabajo—, haber sido excavados con metodología estratigráfica, así como por su carácter rural. Las características principales de estos asentamientos se resumen en la tabla 1.

De cada yacimiento nos centraremos en tres aspectos fundamentales: cuantificación y descripción de las cadenas tecnológicas, descripción de las principales formas documentadas y caracterización de los aparatos decorativos. Estas tres variables nos permitirán no sólo poner en comparación estos yacimientos entre sí y con otros del entorno, sino establecer una secuenciación relativa entre ellos, metodología que ha sido muy útil en el estudio de este tipo de cerámicas en yacimientos similares de otras regiones (Tejerizo García, 2016; Vigil-Escalera, 2003, 2006, 2007). Lo que se presenta aquí, por tanto, son los resultados del estudio en conjunto de toda la estratigrafía del yacimiento, agrupando y caracterizando todas las cadenas tecnológicas documentadas en cada sitio.



Figura 1. Yacimientos objeto de estudio y otros sitios mencionados en el trabajo.

| Nombre      | Tipo de asentamiento                   | Año de excavación                    | Fragmentos<br>cerámicos analizados | Peso total<br>(kg) |
|-------------|--|--------------------------------------|------------------------------------|--------------------|
| Viladonga   | Asentamiento fortificado               | Distintas campañas desde los años 70 | 5.751                              | 110,7              |
| Os Castros  | Asentamiento rural abierto             | 2017                                 | 124                                | 3,2                |
| Casanova    | Asentamiento rural abierto tipo aldea  | 2008 y 2009                          | 415                                | 3,03               |
| A Pousada   | Asentamiento rural abierto tipo granja | 2001                                 | 45                                 |                    |
| As Pereiras | Asentamiento rural abierto             | 1998                                 | 2.133                              | 25,8               |

Tabla 1. Características principales de los yacimientos analizados.

### 3.1 Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo): finales s. IV - inicios s. VI d. n. e.

El castro de Viladonga pasa por ser uno de los yacimientos más señeros de toda la historiografía del noroeste peninsular. Situado a 22 km al noreste de la ciudad de Lugo, se encuentra en el límite oriental de la llamada Terra Chá. Su posición privilegiada le otorga un gran dominio visual de la zona. El substrato geológico está formado por pizarras de Cándana y areniscas, con la presencia de intercalaciones de rocas calcáreas y magnesitas a apenas 300 m al sur. Este yacimiento de 4 hectáreas de extensión —de los cuales 8.000 m<sup>2</sup> corresponderían

a la croa— pasa por ser uno de los asentamientos fortificados más excavados en extensión, cerca de 6.600 m<sup>2</sup>. Esta gran extensión excavada es consecuencia de una historiografía muy particular y de intervenciones reiteradas sobre el sitio desde los años 70 hasta la actualidad, con una propuesta de datación cronológica por parte de sus excavadores desde la Prehistoria Reciente hasta el siglo VI d. n. e. (véase una síntesis en Arias Vilas, et al., 2013: 23-34).

Durante el año 2017 tuvimos la ocasión de revisar el material cerámico de las últimas seis campañas de excavación del sitio, un total de 5.751 fragmentos con un peso total de 110,7 kg, lo que nos permitió realizar una nueva propuesta de secuenciación estratigráfica del yacimiento (Tejerizo García, et al., 2019). Así, pudimos establecer hasta cuatro fases principales de ocupación y de abandono, de las cuales la tercera se correspondería con una reocupación del sitio, que datamos entre finales del siglo IV e inicios del siglo VI d. n. e. Esta fase se caracterizaría por una reocupación del castro tras, al menos, dos siglos de abandono, lo que supuso la reconstrucción completa de las unidades domésticas, del entramado urbano interior y de las fortificaciones (Tejerizo García, et al., 2019). De esta tercera fase de ocupación del sitio pudimos revisar un total de 2.431 fragmentos cerámicos con un peso de 51,8 kg, distinguiendo un total de 9 CTO, que se describen en la tabla 2 (Tejerizo García, et al., 2018b).

Lo más significativo del conjunto de Viladonga es la gran variedad de producciones cerámicas. Entre ellas, cabe destacar la presencia de un pequeño conjunto de sigillatas tardías (5 % de los fragmentos y 1,36 % del peso), cuyas decoraciones, sobre todo la presencia de estampillados, mostrarían una ocupación del sitio ya dentro de la quinta centuria, sin descartar que ya fuera ocupado en los últimos estadios de la cuarta (Vigil-Escalera, 2013). A este momento cronológico corresponderían también otro tipo de producciones, como la presencia, mínima, de cerámicas de imitación de sigillata (CIS: 0,29 % de los fragmentos y 0,33 % del peso) y distintas formas de terra sigillata gris con decoraciones bruñidas —que podrían llegar hasta mediados de la sexta centuria (Juan Tovar, 2012; Raynaud, 1993)—.

El grupo más nutrido de cerámicas correspondería a las características cerámicas engobadas lucenses (22 % de los fragmentos y 20 % del peso), producidas desde el cambio de era hasta, por lo menos, mediados de la quinta centuria (Alcorta Irastorza y Bartolomé Abraira, 2012). El segundo grupo más numeroso de producciones correspondería a aquellas realizadas con sistemas de rotación rápida de cocción oxidante, dentro de los conocidos como ciclos de la cerámica común romana —algunas de las cuales han sido objeto de un reciente estudio (Barbazán Domínguez, et al., 2018)—, tanto en sus variantes depuradas (CCRA: 0,82 % de los fragmentos y 0,58 % del peso) como, sobre todo, en las menos depuradas (CCRB: 36,15 % de los fragmentos y 36,92 % del peso).

| CTO      | Descripción  | Frag. (n.º) | Frag. (%) | Peso (g) | Peso (%) |
|----------|--|-------------|-----------|----------|----------|
| TSHT     | <i>Terra sigillata</i> hispánica tardía  | 123         | 5,06      | 811      | 1,56     |
| CIS      | Cerámica imitación de <i>sigillata</i> (CIS). Normalmente con presencia de barnices color ocre y avellanas con desgrasantes de pequeño y mediano tamaño de cuarzo y mica plateada.   | 7           | 0,29      | 173      | 0,33     |
| CCRA     | Cerámica a torno rápido y cocción oxidante con pastas bien depuradas con desgrasantes de mediano tamaño de cuarzo.   | 20          | 0,82      | 299      | 0,58     |
| CCRB     | Cerámica a torno rápido y cocciones mixtas (tendente a oxidantes) de pastas poco depuradas con desgrasantes de mediano y gran tamaño de cuarzo, mica, mica plateada y chamota.   | 879         | 36,15     | 19.149   | 36,92    |
Estas xerras, debido á súa gran capacidade adoitan presentar cordóns dixitados tanto no seu pescozo como no seu corpo, cumprindo dúas funcións, a decorativa e a funcional; como reforzo da peza (Alonso Toucido et al., 2013, p. 224). En Cova Eirós localizáronse varios fragmentos con este tipo de decoración e gran diámetro que poderían pertencer a unha xerra ou a un cántaro.



Figura 131. Bico botador de xerra.

No caso das xerriñas a pesares de non contar con ningún recipiente deste tipo totalmente definido, constatamos a presenza das mesmas debido ás asas en cinta de reducido tamaño e con decoración punzada. As xerriñas foron identificadas noutros lugares de Galicia, principalmente na cidade de Santiago de Compostela (Alonso Toucido et al., 2013, p. 225; Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005; Doval Galán, 1999; Gil Agra, 2013). Son similares ás xerras, co seu pico trilobulado; pero de reducido tamaño e máis aplanadas. Non adoitan presentar cordóns dixitados, xa que non son necesarios, como reforzo, debido á súa reducida capacidade.

### **Olas:**

Un dos tipos de recipientes máis representativos do conxunto de Covas Eirós é a ola, xeralmente de bordo curto, pescozo estrangulado, corpo globular e base plana. A principal diferenza tipolóxica dentro do

conxunto de olas é o seu tipo de bordo, de orientación xeralmente oblicua con beizos apuntados, rectangulares, biselados, engrosados, redondeados, ou un exemplar de bordo bífido.



Figura 132. Conxunto de olas.

Entre os diferentes tipos de bordo, o máis abundante é o biselado, con 14 exemplares, cun bordo cuxa sección se asemella a un bisel e cunha lixeira concavidade interior. Os diámetros destes exemplares oscilan entre os 10 e os 18 cm. Estes beizos biselados tamén poden

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

presentar un lixeiro engrosamento final. En canto aos bordos apuntados o seu beizo é de remate lixeiramente redondeado pero de escaso grosor. Destacan non polo seu número pero si pola súa estraña tipoloxía os beizos rectangulares. A decoración asociada a estes recipientes baséase en liñas de dixitacións descontinuas, así como incisións en zigzag.




Figura 133. Debuxos das olas de Cova Eirós (César Vila et al., 2018). Abaixo as propostas como altomedievais.

A ola é un tipo xeneralizado en todas as fases da idade media galega debido á súa funcionalidade (César Vila et al., 2010, pp. 150-151; César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, pp. 307-308). O uso de tapadeiras nestes recipientes interprétase debido á concavidade interior que presentan os seus bordos (César Vila et al., 2010, p. 149; César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, p. 303).

### **Barcal:**

Existe un tipo e bordo escaso no conxunto, xeralmente biselado ou oblicuo, cuxas paredes remontan un recipiente aberto, de perfil lixeiramente curvo e tipo de base descoñecida, cando están decorados presentan un cordón dixitado.

Estes fragmentos foron relacionados con recipientes de tipo barcal. Trátase de tipos pouco investigados dentro do mundo da cerámica medieval galaica. Son formas abertas, de gran diámetro.



Figura 134. Barcal con cordón dixitado.



Figura 135. Perfil do barcal precedente.

#### Pezas de atribución probable ou indeterminada.

A parte do conxunto relativamente homoxéneo tipificado como cerámica medieval, existen varias producións que pola falta de paralelos ou polos seus diferentes características, fan difícil a súa adscripción a época medieval. Como son un pequeno conxunto de recipientes adscritos a época romana entre os que se atopan pezas de cerámica común lucense (Fernández Fernández e Alcorta Irastorza com pers.). Ou ben dous fragmentos de posibles “potes meleiros” cuxas pastas poden ser clasificadas como medievais, pero a ausencia de paralelos obríganos a expor reservas. Os devanditos pots, presentan un reborde perimetral dixitado, no seu bandullo, que permitiría o depósito de auga, evitando así o acceso de insectos á boca do recipiente, na olaría tradicional de Samos foron identificados meleiros pero non con este tipo de reborde dixitado (García Alén, 2008, p. 241).



Figura 136. Pote meleiro.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 137. Perfil do pote meleiro.

Mención a parte merecen as producións clasificadas como posiblemente altomedievais. Trátase de recipientes cuxas pastas e formas non coinciden coas características da cerámica medieval galega, nin con tipos doutras épocas. Son pastas escuras e acastañadas, con desgrasantes moi mal calibrados e factura totalmente a man. Por decoración ou acabado presentan un cepillado vertical e as súas formas evocan olas e oliñas.

A pesar da estratigrafía e os escasos estudos sobre o tema, aparentemente; as peculiaridades da maior parte do conxunto cerámico de Cova Eirós coincidirían con exemplares datados entre os séculos IX e XI. Etapa na que destacan as producións acastañadas, con escasa decoración e de superficies irregulares (Suárez Otero et al., 1989, p. 287). Algo consecuente cos resultados das datacións radiocarbónicas. Pero no elenco de Cova Eirós existe un conxunto de cerámicas de pastas bastas, con grandes desgrasantes, cores negras ou marrón escuro realizadas a man e cun acabado das súas superficies nalgúns casos cepillado que encaixarían con produción constatadas en Casanova e As Pereiras, identificadas como cerámica micácea de cociña podendo ser datables polo tanto en contextos anteriores ao século IX.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 138. Fotografías dos materiais altomedievais de Cova Eirós.

Aínda que o conxunto a nivel cronolóxico é amplo chegándose a apreciar producións posiblemente romanas, altomedievais, medievais modernas e contemporáneas, as medievais son as predominantes. Con respecto ás mesmas, aínda que as súas características formais e decorativas coinciden grosso modo, coas cerámicas localizadas noutros xacementos publicados do noroeste peninsular. Serán as súas características físicas as que difiran en certa medida das coñecidas até o momento, xa que predominan pastas de cor acastañado, fronte ao

característico gris medieval galaico así como a presenza de posibles desgrasantes locais, como é a pedra calcaria.

## 8.5 CASTELO DE PORTOMEIRO

Como indicamos con anterioridade o estudo da cerámica provinte do Castelo de Portomeiro foi realizado por Alba Lucía Carneiro Alonso para o seu Traballo de Fin de Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade baixo a dirección de José Carlos Sánchez Pardo e Mario César Vila, contando coa nosa colaboración para a execución do mesmo (Carneiro Alonso, 2021).

No conxunto cerámico de 851 fragmentos identificáronse tres cadeas operativas diferenciadas, unha prehistórica co 8% dos fragmentos, unha de tradición romana con apenas un 1% dos fragmentos e unha medieval co 83% dos fragmentos recuperados (Carneiro Alonso, 2021, p. 23).

No caso das producións medievais foi identificado un conxunto de cerámica común dominado polas olas con sutís diferenzas nos seus bordos, por un lado olas de bordo biselado e olas de bordo biselado engrosado con orientación oblicua. As olas son de pescozo curto e pouco estrangulado, de corpo globular e cun diámetro na boca de entre 27 e 18 cm (Carneiro Alonso, 2021, p. 28). En varias ocasións os bordos destas olas presentan un saínte exterior identificado como protopeñana.

Con respecto á técnica de modelado identificouse a torneta como maioritaria. As pezas presentan pastas de textura porosa con desgrasantes de gran tamaño de tipo granítico, mica e cuarzo. As tonalidades son ocre, marrón claro e nalgún caso grises e con tendencia ao negro, identificándose dous tipos de pasta unha maioritaria con grandes desgrasantes e feitura bruta vinculada a cores ocre e marróns e outra produción de pastas escuras con tendencia ao gris e negro con desgrasantes de menor tamaño e máis coidadas (Carneiro Alonso, 2021, pp. 33-34).

As decoracións do conxunto realízanse en base a cordóns

dixitados ou incisos distribuídos de maneira perimetral así como escasas pezas con incisións puntuais oblicuas.



Figura 139. Imaxes de bordos de olas (Carneiro Alonso, 2021, p. 65).

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media




Figura 140. Debuxos de olas medievais de bordo biselado (Carneiro Alonso, 2021, p. 84).



Figura 141. Recipientes decorados (Carneiro Alonso, 2021, p. 70).



USC UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Figura 142. Pastas ocre e marróns (Carneiro Alonso, 2021, p. 69).

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 143. Pastas escuras (Carneiro Alonso, 2021, p. 70).

## 8.6 BORDEL

Os traballos realizados no xacemento do Bordel foron divulgados parcialmente a través de diferentes publicacións:

Alonso Toucido, F., & Prieto Martínez, M. P. (2018). Periodizando la cerámica de la Edad Media en Galicia: el caso de O Bordel (Padrón). En *Arqueología en el Valle del Duero: del Paleolítico a la Edad Media* (pp. 574-592). Valladolid, Glyphos. ISBN: 978-84-947952-1-3.

Alonso Toucido, F. (2015). Estudio preliminar de la cerámica del área de Santiago de Compostela en época plenomedieval. En R. Martínez Peñín & G. Cavero Domínguez (Eds.), *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica* (pp. 239-252). Instituto de Estudios Medievales de la Universidad de León y Unidade de Arqueologia de la Universidade do Minho. ISBN: 978-84-942791-8-8.

O conxunto de fragmentos cerámicos recuperado na intervención da rúa Bordel chega a 29998 elementos. Co obxectivo de centrar o traballo de investigación e facelo viable optouse por enfocar o estudo cara os niveis inferiores ao 2 xa que estes estaban , localizados dentro das estruturas. Esta decisión ven motivada porque se trata dos estratos máis antigos, onde se localizou a moeda que nos aporta datación e onde a cerámica é máis homoxénea. Ademais as fosas son contextos pechados, con niveis de incendio nos seus fondos e algunhas delas amortizadas nun curto proceso de tempo. A cerámica que nelas aparece, debería ser representativa dun momento determinado sen que houbera tantos perigos de intromisión como no nivel 2. Con todo unha pequena mostra do nivel 2 co obxectivo de establecer comparacións tipolóxicas, foi estudada.

O estudo partiu da identificación de recipientes, chegándose a contar con 462, entre os cales identificáronse 8 formas diferentes: :

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

olas, xerras, xerriñas, cántaros, barcais, cuncos, tapadeiras e posibles queixeiros ou coadores; así como un bo número de recipientes indeterminados




Figura 144. Porcentaxe de recipientes identificados.

Con 162 exemplares a ola é o recipiente máis abundante no conxunto do Bordel. Son recipientes globulares de pescozo curto e parcialmente estrangulado de fondo plano. O tipo de bordo documentado no Bordel é maioritariamente oblicuo con beizo biselado ou engrosado triangular, tamén se constataron en menor medida olas de bordo oblicuo curto, horizontal e olas de beizo realzado ou sinxelo. Os diámetros dos seus bordos están comprendidos entre os 15 e 20 cm. Estas olas adoitan presentar unha lixeira concavidade na zona final do seu bordo, o que se relaciona co asentamento de tapadeiras (César Vila et al., 2010, p. 149; César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, p. 303).




Figura 145. Debuxos e fotografías de olas do Bordel.

As decoracións das olas están formadas por cordóns dixitados, impresión dixitadas e incisións ou acanaladuras. Ben representadas individualmente, ben en conxunto. O que nunca constatamos foi a unión de impresións dixitadas e cordóns dixitados nun mesmo recipiente.

En canto á coloración das pastas, a maioritaria son de pastas grises con 100 exemplares, existindo tamén pastas vermello-acastañadas con 38 exemplares e negras con 24.




Figura 146. Distribución por coloración das pastas.

Foron identificados 42 exemplares de xerras, as cales posúen unha boca trilobulada, corpo globular e pescozo estrangulado. Teñen un asa oposta ao pico que ao igual que en numerosos xacementos mencionados, adoita estar decorada mediante incisión punzante. No seu corpo presentan decoración a base de cordóns dixitados, especialmente no seu pescozo, para reforzar zonas críticas de rotura.

As xerras do Bordel contan cunha peculiaridade, os seus bordos son menos oblicuos que as xerras de Compostela, como as de San Lázaro (Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005, p. 240). Debido á irregularidade das súas bocas é poucas veces viable extraer o diámetro das mesmas.

Dos 42 exemplares de xerras documentados, todos salvo 3 negras, contan con pastas do grupo gris. Mentres que dos 7 exemplares dubidosos entre xerra ou xerriña todos posúen pastas grises.

As xerriñas son similares as xerras pero dun tamaño máis reducido. A xerriña posúe un bordo trilobulado, un asa oposta o seu pico, e unha aparencia máis aplanada que as xerras. A súa decoración adoita situarse nas asas, en forma de incisións punzantes, e na parte alta do seu corpo, con impresións dixitadas ou incisións. Non adoitan presentar cordóns, xa que son totalmente innecesarios en recipientes tan pequenos que non son sometidos a grandes presións.

Con respecto ás pastas, salvo 3 exemplares con pastas vermello-acastañadas, o resto posúe pastas de tons grises.




Figura 147. Xerras e xerriñas do Bordel.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

identificar, posto que a súa forma é similar ás xerras pero de maior tamaño. É un recipiente pouco coñecido dentro da cerámica medieval galega, con exemplos puntuais na rúa do Franco e na finca Simeón en Santiago de Compostela (Alonso Toucido et al., 2013, p. 23; Pérez Outeiriño & Pesquera Vaquero, 2001, pp. 176-177).

Contan con decoración a base de incisións punzantes na súa asa e de cordóns dixitados no seu corpo, ante o gran peso que deben soportar. As súas pastas corresponden ó grupo de grises. En canto os seus diámetros de corpo oscilan entre os 26 e os 57 cm.




Figura 148. Cántaros do Bordel.

Os barcais son pezas abertas de bordo biselado, parades oblicuas e fondo cun reborde perimétrico. Lamentablemente no conservamos ningunha peza que conecte bordo e fondo, pero as pastas destes recipientes son moi características; xa que son bícromas grises de tipo bocadillo, cunha distribución e cantidade de desgrasantes coincidentes entre bordos e fondos.

Os 22 barcais recollidos son pezas de grande diámetro, superiores case todos aos 30 cm. A nivel decorativo identificamos neles algún cordón dixitado e case que tódolos seus fondos posúen o reborde

perimétrico dixitado.

Estes recipientes teñen escasos paralelos en Galicia, xa que so se documentaron pezas con reborde perimétrico no xacemento romano-medieval das Pereiras (Aboal Fernández & Cobas Fernández, 1999, p. 24) e un barcal sen fondo, na Pousada (Blanco-Rotea et al., 2009, p. 117). Non obstante en Portugal estudáronse pezas similares en xacementos plenomedievais como o castelo de Arouca (Silva & Ribeiro, 2006, p. 77) ou no Alto Mondego (Tente et al., 2014, p. 125). As posibles queixeiras son similares a estes barcais, pero presentan orificios de gran tamaño nas súas paredes.



Figura 149. Barcais.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

Aos cuncos poderíamos chamalos tamén escudelas, son formas abertas e baixas, duns 18-20 cm de diámetro. So conservamos os bordos dos mesmos.

As pastas dos 3 exemplares inventariados son grises, dous deles presentan pastas tipo bocadillo similares aos barcais.




Figura 150. Cuncos.

Identificouse un conxunto de 6 tapadeiras, todas pezas cerámicas planas coa súa parte superior moi rica en decoración. Esta consiste na impresión dixitada e cordón dixitado, en círculos concéntricos ou disposición lineal curva. Os bordos das pezas adoitan estar impresos tamén con dedadas. Unha das tapadeiras presenta o arranque dun asa central. As súas pastas compréndense na escala de grises.



Figura 151. Tapadeiras.

Foron constatados 4 fragmentos de cerámica vidrada en verde. Dous bordos e dúas asas. Trátase de cerámica de importación da área francesa ou británica. Son de pastas calcáreas cor beixe e contan cun vidrado verdoso de base cúprica. Son fragmentos de reducido tamaño, pero poderían tratarse de xerras. Este tipo de producións, ata o momento escasamente publicadas en Galicia representan as primeiras cerámicas de importación medieval constatadas no territorio.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 152. Cerámicas de importación vidradas.

Na colección estudada documentáronse un total de 210 vasillas con decoración. Os deseños son simples con elementos decorativos de liñas rectas ou curvas que discorren horizontalmente nos recipientes, atópanse principalmente na parte superior dos cacharros. Raramente se decoran os interiores das pezas e as bases.

A variabilidade decorativa da olería deste xacemento apóiase na diversidade das técnicas empregadas nun número moi limitado de motivos. Identificáronse ata sete técnicas decorativas diferentes: cordóns dixitados, impresión dixitada, incisión punzante, incisión/acanalado, relevo plástico, esgrafiado e cordón inciso.




Figura 153. Porcentaxe de técnicas decorativas.

A técnica maioritaria, con 66 recipientes, consiste na aplicación dun cordón horizontal de pasta cerámica sobre a parede da peza que posteriormente é dixitado, cumprindo así unha dobre función, decorativa e funcional, xa que tamén reforza a peza. Esta técnica de reforzo está documentada na olería tradicional galega (García Alén, 2008, p. 70). Debido a estas características non é de estrañar que o cordón dixitado se documente principalmente nas vasillas de maior tamaño así como en recipientes sometidos a presións físicas como xerras ou cántaros, aínda que no Bordel tamén se teñen documentado en grandes olas. Trátase dunha decoración común en contextos medievais galegos (César Vila et al., 2010, p. 148; Martínez Casal, 2006, p. 201).

O oleiro ou a oleira adoitaba realizar a peza empregando un trapo húmido, para evitar así que a pasta cerámica se lle quedara pegada ás mans e conseguir un mellor acabado. O emprego deste pano conséntase en numerosos cordóns dixitados xa que quedou marcada a pegada das fibras téxtiles. Xa que os téxtiles non adoitan conservarse

no rexistro arqueolóxico, este feito pode ser unha interesante maneira de aproximarse ó mundo do tecido medieval, posto que os reticulados aprécianse perfectamente, evidenciándose diferentes técnicas de tecer.

A incisión punzante é un tipo de incisión característico das asas, trátase de incisións puntuais de grande fondura distribuídas de maneira vertical. Téñense documentado en contextos plenomedievais como a Finca Simeón ou o Lazareto de San Lázaro (Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005, p. 240; Pérez Outeiriño & Pesquera Vaquero, 2001, pp. 176-177). Foi identificado en 50 exemplares.

A impresión dixitada identifícase coa aplicación directa dos dedos sobre a peza, en moitas ocasións, tamén empregando un pano coas súas consecuentes pegadas de fibras. Presente en 42 pezas, a disposición destas impresións é nunha liña horizontal discontinua. Neste caso a decoración debilita á peza, constatándose numerosas roturas de vasillas, sobre todo olas, xusto pola liña de decoración. Na rúa do Franco nº31 é a decoración maioritaria (Alonso Toucido et al., 2013, p. 33).

O acanalado non deixa de ser un tipo de incisión cuxo suco é máis ancho, duns 4 mm ou máis. A disposición destas incisións é en forma de liña horizontal, mediante ondulacións máis ou menos sinuosas. Aínda que tamén documentamos algunha escasa incisión vertical curta. Existen 45 elementos dentro do estudo con estas características.

No caso do cordón inciso non se aplica o dedo sobre o mesmo, senón algún utensilio tipo palla ou coitelo, que provoca pequenas incisións verticais. Un tipo decorativo moi pouco común na cerámica medieval galega e no xacemento con 2 recipientes.

Outro tipo estraño na olería medieval é o esgrafiado. Consiste na retirada de pasta cerámica unha vez cocida a peza. So documentamos un fragmento, de morfoloxía descoñecida e formando un cruce de liñas.

O relevo plástico tamén é estraño na olería medieval galega, trátase dun único recipiente que no seu bordo presenta un cordón vertical cun saínte en forma de pico e unha dixitación, lamentablemente o fragmento é de reducidas dimensións e non permite unha visión máis clara.



Figura 154. Diferentes decoracións identificadas.

As pezas do xacemento do Bordel, en ocasións son difíciles de tipificar tecnicamente. Coñecer o instrumento mediante o cal foron moldeadas é complicado debido a que presentan bordos con claras estrías de torno pero paredes con numerosas imperfeccións, pegadas de dedos, marcas de churros, etc.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 155. Pegadas de dedos en disposición vertical, no interior dunha peza.

Da a impresión de que o corpo realizouse practicamente a man, mentres que para moldear o bordo empregouse un torno. Estas características coinciden coas producidas pola torneta ou torno baixo.




Figura 156. Técnicas de modelado identificadas.

As pastas destas cerámicas caracterízanse maioritariamente pola gran presenza de desgrasantes, principalmente cuarzo e mica, aínda que en algún recipiente pódese apreciar xisto pero isto estaría pendente de se confirmar arqueometricamente. Aínda que a maioría de recipientes presentan unha coloración grisácea con desgrasantes graníticos, nin as pastas nin os desgrasantes son homoxéneos no conxunto.

En canto ás pegadas de fabricación, a parte das marcas de alzado de peza, en numerosas asas podemos comprobar como se realiza a fase de pegado coa parede da peza. Primeiro modélase a asa, posteriormente se lle practica unha incisión na parte que irá pegada á parede dividíndoa en dous, a continuación eses dous saíntes serán pegados a parede da peza e reforzados se é necesario con máis pasta aplicada con posterioridade. Nalgunhas pezas tamén podemos localizar marcas de churros, é un xesto técnico que se emprega para levantar a peza, vanse conformando rolos de pasta coas mans, que se

irán poñendo uns enriba doutros coa forma aproximada da vasilla a conseguir; posteriormente alísanse as superficies e regularízanse empregando a torneta.

Outro curioso xesto que localizamos en varios recipientes, é a marca de unllas. Xusto no bordo, na parte exterior da vasilla aprécianse marcas con forma de unlla nalgúns casos e noutros como se fosen incisión, formando liñas diagonais de suco irregular; estas últimas veñen propiciadas pola rotación da torneta.

A descrición sistemática das características das pastas permitiu establecer grupos en función dos criterios que consideramos máis importantes: o acabado das pezas, a súa coloración e o tipo, tamaño e distribución do desgrasante na pasta arxilosa. Clasificamos 3 grandes tipos de pastas en función das súas cores: gris, negro e vermello-acastañado os cales foron subdivididos en 5 subgrupos grises, 5 vermello-acastañados e 3 negros.

Dentro do grupo de grises identificamos un subgrupo xeral (G1), de características heteroxéneas que recolle unha variedade ampla da escala de grises así como distribucións e tamaños de desgrasante diferenciados (231 recipientes). Outro grupo de pastas é o das pezas de textura areosa (G2), que mesmo desprenden pequenas partículas de material nas súas bolsas (32 recipientes). Un terceiro grupo é o constituído polas pastas gris moi claro, as cales denominados prateadas (G3) (56 recipientes). O cuarto é característico de pastas bícromas ou de tipo sandwich con abundante desgrasante de cuarzo branco (G4) (12 recipientes). Finalmente o subgrupo micáceo, formado por recipientes con abundante mica nas súas superficies e polo tanto cun brillo característico (G5) (16 recipientes).

O grupo das vermello-acastañadas o RA1 caracterízase por ser un grupo heteroxéneo con recipientes de diversas características con nexo común a súa coloración (15 recipientes). As RA2 son pastas de gran compacidade, coidado acabado pero con mestura de desgrasantes finos e grosos (3 recipientes). O RA4 presenta pastas de abundante

desgrasante de gran tamaño, na que destacan partículas de xisto (55 exemplares). O RA5 presenta pastas lixeiramente vermellas, con desgrasantes de cuarzo branco abundante.

O último grupo, negro, fórmano un recipiente de pastas con abundante desgrasante de gran tamaño (N1). Outro de pastas de cor negra pero con abundante mica nas súas superficies (N2) (11 recipientes) e un derradeiro subgrupo de pastas compactas, laminadas y de superficies coidadas.

A partes destes grupos identificamos varios recipientes con pastas illadas ou pouco comúns dentro do conxunto, como as cerámicas vidradas.



Figura 157. Exemplos dos tipos de pastas identificados no xacemento, de arriba a baixo: gris (G3, G4 e G5) , vermello-acastañada (RA1, RA5 e RA3) e negra (N2, N1 e

N3).

O principal elemento que nos reflicte datos sobre a funcionalidade das pezas, é o frecuente enfeluxado, o cal está presente nuns 140 recipientes. Este dato correlacionado con aspectos de morfoloxía e tratamento de pastas pode axudarnos a establecer ao menos grandes ámbitos funcionais. Se detallamos este aspecto por morfoloxía comprobamos como numerosas olas atópanse recubertas de feluxe que evidencia unha exposición ó lume. Pero se salientable é o enfeluxado, tamén debe selo a súa ausencia. Xa que a ola se concibe como un instrumento para a elaboración de alimentos. A ausencia de feluxe en bastantes olas, denota un uso diferente, tal vez de conservación de produtos e non so elaboración



Figura 158. Recipiente con feluxe no seu exterior.

Xerras e cántaros, recipientes de grandes capacidades non presentan feluxe, namentres as xerriñas adoitan telo nas súas paredes. Parece que existe un uso das xerras diferente ó que actualmente concebimos, a xerra podería ter sido empregada como un elemento de

quentado de líquidos, sexa viño, leite ou outros elementos, o feluxe evidencia que estes quentábanse dentro da propia xerra someténdoa ó lume e posteriormente o líquido era servido ou consumido dende ela, sen necesidade de empregar lentos culleróns.

Os cántaros tampouco presentan marcas de queima, como é lóxico, pero si debemos ser precavidos á hora de relacionalos unicamente con líquidos, xa que a nivel etnográfico téñense documentado recipientes similares, como as “amboas”, nas que se podía chegar a almacenar cereal (García Alén, 2008, p. 51).

No caso dos barcais, con esas formas tan abertas, o seu uso parece relacionado con tarefas domésticas, como limpeza ou preparación de alimentos en frío, ao igual que os cuncos, non presentan restos de feluxe.

Con respecto á relación entre decoración e exposición ó lume, documentamos olas decoradas, principalmente con impresión dixitada, que son sometidas ó lume, sen que a decoración sexa por tanto un inconveniente para o uso do recipiente para cociñar.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

Alonso Toucido, F., & Prieto Martínez, M. P. (2018).  
Periodizando la cerámica de la Edad Media en Galicia: el caso de O  
Bordel (Padrón). En *Arqueología en el Valle del Duero: del  
Paleolítico a la Edad Media* (pp. 574-592). Valladolid, Glyphos.  
ISBN: 978-84-947952-1-3.

Periodizando la cerámica de la Edad Media en Galicia: el caso de  
O Bordel (PADRÓN)

Francisco Alonso Toucido  
M. Pilar Prieto Martínez  
Universidad de Santiago de Compostela

#### RESUMEN

Para el conocimiento cronológico de la cerámica medieval gallega, contamos por el momento con pocas publicaciones de conjunto o yacimientos con dataciones absolutas. El yacimiento de O Bordel se encuentra en el límite municipal de Padrón, próximo a su núcleo histórico, durante la excavación en área de varias parcelas, se documentaron un gran elenco de estructuras en negativo junto con una colección de materiales arqueológicos, muy abundante, más de 30.000 fragmentos. El estudio de los materiales cerámicos del yacimiento y la datación absoluta de varias de sus estructuras, nos permiten ofrecer datos para una mejor comprensión cronológica de la cerámica pleno y bajomedieval gallega. El objetivo de esta publicación es relacionar la información, estratigráfica, tipológica y cronológica que nos permita realizar una secuencia del yacimiento.

Palabras clave: Silos, Padrón, Datación Absoluta, Urbanismo medieval.

#### ABSTRACT

In Galicia we have at the moment very few publications about medieval sites with absolute dates. The site of O Bordel is located in

Padrón, near its historical nucleus, during its area excavation it was documented a great cast of negative structures with a collection of archaeological materials, very abundant, more than 30,000 fragments. The study of the ceramic materials of the deposit and the absolute dating of several of its structures allow us to offer data for a better chronological understanding of Galician medieval pottery. The objective of this publication is to relate the stratigraphic, typological and chronological information, that allows us to carry out a sequence of the deposit.

Key words: Silos, Padrón, Absolute dating, medieval urban planning.

## INTRODUCCIÓN

Las dataciones radiométricas en contextos medievales son relativamente escasas, destacan por ejemplo las practicadas en la Torre de Hércules, en Coruña (Bello Diéguez, Sanjurjo Sánchez y Fernández Osquera 2008) o en el despoblado medieval de A Pousada (Blanco Rotea et al. 2009). Pero las dataciones absolutas asociadas a estudios estratigráficos y cerámicos sistemáticos, que permitan establecer una secuencia cronotipológica en Galicia, son aún más escasas. Entre los trabajos realizados en esta dirección, destaca el elaborado por César Vila, Bonilla Rodríguez y López Pérez (2010), donde se realiza una recopilación de dataciones absolutas procedentes de yacimientos de la provincia de Coruña, estos son:

- La iglesia románica de San Román das Encrobas, en Cerceda, cuya excavación se produce con motivo del traslado de la misma ante la ampliación de la mina de Limeisa (César Vila y Bonilla Rodríguez 2011).
- El castillo da Lúa en Rianxo, sometido a una intervención de excavación con el objetivo de su puesta en valor (César Vila y Bonilla Rodríguez 2003).

•El círculo lítico de A Mourela, As Pontes, un cercado para ganado de origen medieval (César Vila 2009).

Estas dataciones proporcionaron una batería de fechas encuadradas entre el año 1280 y 1285 propias del castillo da Lúa y la iglesia das Encrobas, hasta el siglo XV, si no tenemos en cuenta las correspondientes con la Edad Moderna y la Contemporánea (César Vila, Bonilla Rodríguez y López Pérez 2010: 160). Y a través del estudio comparativo de sus colecciones cerámicas, se realiza una propuesta de caracterización tipológica y cronológica.

Pero como observamos, son escasos aún los estudios que aúnen analíticas radiométricas con los resultados de la investigación tipológica. Muchas de las dataciones realizadas en yacimientos medievales en Galicia proceden de contextos relacionados con la actividad agraria, como por ejemplo, los silos de almacenaje de los almacenes El Pilar, en Santiago de Compostela (Teira Brión et al. 2010) o las efectuadas en las terrazas de cultivo del monte Gaiás también en Santiago de Compostela (Ballesteros Arias et al. 2006).

Ante esta realidad, son nuestros objetivos divulgar nuevas dataciones para el conocimiento de la arqueología medieval de la región, así como de los contextos de tipo silo. Asimismo pretendemos mejorar la comprensión de un yacimiento complejo como es el caso del Bordel, profundizando en su posible funcionalidad. Finalmente, deseamos fomentar el conocimiento del Padrón medieval, mediante el estudio de un yacimiento situado extramuros de la localidad medieval.

## EL YACIMIENTO

El yacimiento de O Bordel se encuentra en el término municipal de Padrón, provincia de Coruña, situado a unos 450 m del núcleo de Padrón y del de Iria Flavia y a escasos metros del río Sar (Fig. 1).

A nivel histórico, la zona goza de suma importancia, Iria Flavia ha sido tipificada como un aglomerado secundario de época romana

(Pérez Losada 2002: 87-108), el cual llegaría a ser sede episcopal, hasta su traslado por Urbano II en 1095 a la ciudad de Santiago de Compostela. Iria Flavia perdería importancia a lo largo del tiempo, pero quedaría siempre relacionada con los obispos y arzobispos de Santiago, siendo la base de operaciones de la armada gallega creada por el arzobispo Diego Xelmírez (Falque Rey 1994: 246), o siendo sede de uno de los castillos de disfrute del arzobispado, a Rocha Branca.

En el caso de Padrón, su primera mención en la documentación como “villa de Petrono” se remonta al siglo X, en la donación del palacio que el rey Ordoño II poseía allí, al monasterio de San Martín Pinario (López Alsina 1987: 111). Padrón estará relacionado al culto jacobeo desde su origen, haciendo referencia su topónimo al “Pedrón” el ara romana donde la tradición sitúa el amarre de la barca que traía al apóstol Santiago durante la translatio. Su condición de puerto próximo a Santiago, bien defendido por fortalezas como las Torres de Oeste, hace que ya en el siglo XI, se empiece a configurar su imagen de burgo para en el XII, adquirir su ‘plena condición urbana’ ” (López Alsina 1987: 110).

Nos encontramos pues ante un contexto de abundante e importante ocupación tanto romana como medieval (Fernández Abella 2011), en una zona dinámica, donde se cruzan dos vías de comunicación de suma importancia, el río Ulla con su afluente, el Sar; una de las entradas naturales de tipo fluvial, al interior de Galicia así como la depresión meridiana. Una línea de fracturas geológicas que recorre Galicia de norte a sur en su zona costera, por la que discurrirán tanto la vía XIX del itinerario de Antonino así como el camino de Santiago portugués. Padrón está en el punto de unión entre depresión meridiana y el río Ulla.

La intervención arqueológica que nos concierne se realiza en el año 2007, en el formato de excavación en área, en una superficie de 1793 m<sup>2</sup>, dirigida por Víctor Rúa Carril. Tras la realización de unos sondeos valorativos con motivo de una promoción urbanística, se

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

identifica un conxunto de estruturas, principalmente en negativo, pero tamén algunha muraria. Isto propiciou a realización de la excavación en área, cuxos materiais e estruturas son los mencionados en el presente traballo (fig. 2). Los resultados de la intervención fueron publicados en su momento (Barbeito Pose y Rúa Carril 2008).




Figura 1. Localización del yacimiento.

A nivel general, se identificaron 5 niveles durante la intervención:

- Nv 1: tierras de labor y fragmentos cerámicos de varias épocas mezclados.
- Nv 2: arqueológicamente fértil, se trata del nivel medieval y que agrupa la mayor parte de fragmentos cerámicos. Bajo este nivel se localizaron: 16 fosas y 50 agujeros de poste junco con diversas zanjas.

- Nv 3: sedimentos de formación natural.
- Nv 4: sedimentos de formación natural.
- Nv 5: substrato.

Estos niveles permitieron identificar varias fases, entre las que destacan:

- Edad Media: Encuadrada cronológicamente gracias a la cerámica, de características plenomedievales, por las estructuras en negativo, propias de yacimientos de este periodo y por la aparición de un dinero de Alfonso VII, monarca que reinó entre 1126 y 1157.
  - Época Moderna: con la constatación de diversos fragmentos de lozas vidriadas de importación.

Durante la intervención se recuperó una ingente cantidad de materiales arqueológicos, principalmente cerámicos, como podemos ver en la relación siguiente.

- Fragmentos cerámicos: 29,998
- Fusayolas y piezas reutilizadas para hilado: 35
- Vidriados: 100
- Recipientes: 646
- Líticos: 10
- Material constructivo: 8
- Metálicos: 5 (de los cuales 2 son numismas).

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Fig. 2. Planta excavación con los 2 niveles.

## LAS DATAACIONES Y LOS MATERIALES CERÁMICOS

Dada la singularidad y abundancia de estructuras en negativo documentadas durante la intervención, se seleccionaron tres para proceder a efectuar su datación absoluta. Estas estructuras son estratigráficamente complejas, debido a que se constatan sucesivos niveles en las mismas. Hubiera sido ideal, poder datar diferentes niveles dentro de una estructura, para conocer su proceso de formación, uso y amortización, pero las muestras conservadas, no lo han hecho posible. Este tipo de estructuras han sido interpretadas como silos de almacenaje (Rodríguez Resino 2013) como en el caso de los encontrados en las excavaciones llevadas a cabo en Santiago de Compostela, aunque no se descarta que en el caso de O Bordel, dada la heterogeneidad morfológica de algunas estructuras, puedan tener otra funcionalidad (figs. 3 y 4, tabla 1).



Fig. 3. Localización de las muestras datadas.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Fig. 4. Relación de piezas cerámicas y estructuras.

Pasamos seguidamente a sintetizar los contextos concretos de las dataciones obtenidas en este yacimiento.

### ESTRUCTURA E39

La estructura en negativo E39 es de planta circular y escasa profundidad, su interior albergaba un conjunto de once niveles estratigráficos, de los cuales fue datado en nº9, siendo recuperada en el nº9 un numisma de Alfonso VII (que reinó entre 1126 y 1157 AD).

La datación se efectúa sobre unos carbones adheridos a uno de los fragmentos cerámicos (figs. 5 y 6, tabla 2).

A nivel cerámico, en todos sus niveles se recuperan unos 500 fragmentos aproximadamente y una fusayola. Aparentemente sus producciones no presentan diferencias entre niveles, siendo predominantes las pastas grises, micáceas, entre las cuales puede documentarse de manera muy residual algún fragmento oxidante o marrón. A nivel tipológico se identifican ollas de borde biselados y jarras, con decoraciones típicas plenomedievales como son las digitaciones, los cordones digitados o las incisiones punzantes.

La presencia del numisma en el nivel nº8, así como la similitud formal y de pastas entre las producciones de los diferentes niveles, nos hace replantearnos que la datación encuadrada entre el 683 y el 892 AD está envejeciendo los niveles de la estructura, bien porque se trata de un sedimento aportado desde otro lugar por motivos que no conocemos, de cronología más antigua a la fosa, o bien porque el carbón se adhirió a la cerámica, durante la fase de excavación.

#### ESTRUCTURA E41

La estructura E41 es de planta y sección circular, con su boca más cerrada que su punto más ancho, su profundidad es escasa, de unos 50 cm. En ella se identificaron tres niveles, con unos 700 fragmentos cerámicos y tres fusayolas (figs. 7 y 8, tabla 3).

Sus pastas y características tipológicas son similares a las de las estructuras E39, pastas grises, ollas, jarras y una tapadera, con decoraciones en forma de incisiones y digitaciones, bien simples, bien sobre cordón.

En su nivel más profundo, el nº4, se identifican además de producciones grises con abundante mica, un fragmento de olla de borde horizontal y labio apuntado, con pastas marrones, que podría ser la evidencia de una producción de mayor antigüedad, pero su

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

interpretación en base a un único fragmento es más que dudosa.

La datación se ha realizado sobre el hollín interior de una pieza cerámica del nivel nº3, aportando una cronología, creemos que coherente con los rasgos cerámicos, entre los siglos XI y XII.

| Laboratorio | Datación BP | Cal. (2 $\sigma$ ) | AÑOS SIGLOS DE PROBABILIDAD DE CENTRACIÓN (1 $\sigma$ ) | AÑOS SIGLOS DE PROBABILIDAD DE CENTRACIÓN (2 $\sigma$ ) | MEAN PROBABILITY | Datación  |
|-------------|-------------|--------------------|---|---|------------------|---|
| Item 43045  | 750±80      | 1225-1286 AD       | 1254-1282 AD  | 1225-1286 AD (1)  | 1264             | Nivel 3, estructura E37. Solamente compatible con loza de cabón. Alberg. material en condiciones asociadas. |
| Item 43046  | 1.200±40    | 613-692 AD         | 725-740 (0.156) 767-784 (0.115) 787-892 (0.748)         | 680-806 AD (1)  | 801              | Nivel 9, estructura E39. Alberg. material en condiciones asociadas.   |
| Item 43047  | 900±80      | 1039-1212 AD       | 1065-1090 (0.490) 1121-1139 (0.173) 1146-1183 (0.335)   | 1039-1110 (0.469) 1115-1210 (0.540)                     | 1222             | Nivel 5, estructura E41. Alberg. material en condiciones asociadas.   |

Tabla 1. Dataciones de O Bordel (Padrón)

| Estructura | Nivel | Fuente de cerámicas | Recuperadas | Fuente de cerámicas | Códigos de las recuperadas |
|------------|-------|---------------------|-------------|---------------------|----------------------------|
| E39        | 4     | 9                   |             |                     |                            |
| E39        | 5     | 10                  |             |                     |                            |
| E39        | 6     | 45                  | 4           |                     | 386, 388, 389, 392         |
| E39        | 7     | 70                  |             |                     |                            |
| E39        | 8     | 61                  | 4           |                     | 415, 416, 417, 418,        |
| E39        | 9     | 89                  | 3           |                     | 380, 381, 382              |
| E39        | 10    | 113                 |             | 1                   |                            |
| E39        | 11    | 134                 |             |                     |                            |
|            |       | 531                 | 11          | 1                   |                            |

Tabla 2. Relación de piezas cerámicas por nivel, localizadas en la E39.



Fig. 5. Estructura E39 Datación.

| ESTRUCTURA | NIVEL | FRAGMENTOS | RECIPIENTES | FUSAIOLAS | CÓDIGOS DE RECIPIENTE |
|------------|-------|------------|-------------|-----------|-----------------------|
| E41        | 2     | 140        | 4           |           | 122, 123, 124, 125    |
| E41        | 3     | 516        | 4           | 1         | 287, 288, 289, 290,   |
| E41        | 4     | 66         |             | 2         |                       |
|            |       | 722        | 8           | 3         |                       |

Tabla 3. Relación de piezas cerámicas por nivel, localizadas en la E41.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Fig. 6. Estructura E39 Materiales.

## ESTRUCTURA E57

La estructura E57 cuenta con una forma de U abierta, una profundidad de 50 cm, aproximadamente y una planta circular casi perfecta. Su datación se realiza sobre los carbones localizados en un paquete de sedimento compacto, interpretado como el enlucido interior de la estructura. En ella se identificaron 3 niveles (figs. 9 y 10, tabla 4).




Fig. 7. Estructura E41 Datación.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Fig. 8. Estructura E41 Materiales.




Fig. 9. Estructura E57 Datación.

Sus cerámicas representadas en un conjunto de 751 fragmentos, a nivel de pastas siguen las tónicas anteriormente descritas, pastas grises con alguna intromisión marrón u oxidante, pero escasas. Como piezas singulares, en su nivel 3, el datado, se conservaron un asa de una gran recipiente de almacenaje, así como un gran fragmento de jarra trilobulada, estas jarras presentan un cuello más esbelto, que otras de la región, como por ejemplo las de Santiago de Compostela, con un cuello más corto (Alonso Toucido et al. 2013).

La datación del nivel nº3 de esta estructura ha proporcionado una fecha encuadrada en el siglo XIII, y al igual que la anterior, parece coherente con el conjunto cerámico allí registrado.

Examinando las tres estructuras en su conjunto, desde el punto de vista morfotipológico las tres presentan características similares, ollas de borde de pestaña, asas con incisiones punzantes propias de jarras

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

trilobuladas, con alguna singularidad, por exemplo el asa del gran recipiente de almacenaje o una tapadera, pero descartando estas piezas, el conjunto es homogéneo. A nivel de pastas, las grises, típicas del mundo medieval gallego, son las predominantes. La excepción son los recipientes de pastas marrones, mucho menos trabajadas, con abundante desgrasante y de gran tamaño, presentan un modelado y formas más deficientes, no pudiendo establecer por el momento si se trata de producciones más antiguas o tal vez provenientes de un taller específico.

No se aprecian diferencias entre estructuras ni entre niveles, teniendo en cuenta la diferencia de un siglo, entre las estructuras E39 y E41 con respecto a la E57, vemos que tal vez sea muy difícil poder dilucidar diferencias cronotipológicas entre el siglo XII y el XIII.



Fig. 10. Estructura E57 Materiales.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

| ESTRUCTURA | NIVEL | FRAGMENTOS | RECIPIENTES | FUSAIOLAS | CÓDIGOS DE RECIPIENTE   |
|------------|-------|------------|-------------|-----------|---|
| E57        | 2     | 240        |             |           |   |
| E57        | 3     | 453        | 30          |           | 155, 156, 157, 158, 159, 161, 162, 163, 164, ,166, 167, 169, 170, 171, 172, 173, 174, 175, 176, 193, 194, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 291, 295, 435 |
| E57        | 4     | 58         | 4           |           | 424, 425, 426, 427  |
|            |       | 751        | 34          |           |   |

Tabla 4. Relación de piezas cerámicas por nivel, localizadas en la E57.

## CONCLUSIONES

En la zona inmediata a Santiago hay claras semejanzas morfotipológicas entre yacimientos y fases, como así ocurre en general para la plena Edad Media gallega, aunque empezamos a vislumbrar pequeñas diferencias, indicadoras de una posible tradición local, como por ejemplo el tipo de cuello de las jarras, más o menos esbelto. Aún están por definir los focos productores y los sistemas de distribución de la cerámica medieval en Galicia, pero estas sutiles diferencias, pueden ayudar a perfilarlos. Si tenemos en cuenta otras comarcas más alejadas, vemos que en Ourense se evidencian jarras del tipo Augas Santas, de perfil troncocónico, no documentadas por el momento en otras zonas de Galicia, o en Coruña donde existen decoración aplicada en diamante.

El tipo de estructuras estudiadas están relacionadas con el sector agrario y son una oportunidad única para aproximarnos a los profundos cambios sociales del momento y al fenómeno protourbano. De hecho, la gran densidad de materiales en esta zona de Padrón, en época plenomedieval, en un lugar extramuros, hace replantearse la importancia que tendría el burgo, cuyas actividades se ven obligadas a traspasar el sistema defensivo.

Con todo, yacimientos como O Bordel son difíciles de interpretar debido a que su estratificación es horizontal y la actividad evidenciada en los mismos es fruto de su prolongado uso a lo largo de varios siglos. Pero el estudio pormenorizado de estructuras y sus materiales podría aclarar aspectos más funcionales que temporales de este tipo de yacimientos.

El yacimiento de O Bordel, pasa a engrosar el número de lugares relacionados con el mundo agrario estudiados en la zona de Santiago (figs. 11 y 12), en este caso con los sistemas de almacenamiento. En varios de ellos se han realizado dataciones absolutas, que permiten ir definiendo cronológicamente las estructuras de tipo silo, pero también la primera antropización del paisaje agrario a gran escala, con las terrazas de cultivo, de la ciudad de Santiago.

#### RECONOCIMIENTOS

Tecnología y producción de la cerámica medieval de Galicia (MC-PTG). HAR2015-64441-P (Plan Nacional: Ministerio de Economía y Competitividad, Convocatorias 2015, Proyectos EXCELENCIA y Proyectos RETOS, Dirección General de Investigación Científica y Técnica, Subdirección General de Proyectos de Investigación). I.P. Pilar Prieto.

Axudas do Programa de Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas. Modalidade Grupos de Referencia Competitiva n.º expte GRC2014/009 (GI-1919. SÍN-CRISIS) Universidade de Santiago de Compostela. I.P. M: García Quintela.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Fig. 11. Mapa de distribución de yacimientos con silos datados en la comarca Padrón-Santiago.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO TOUCIDO, F.; PRIETO MARTÍNEZ, M. P.; RODRÍGUEZ RESINO, A. 2013. Cerámica en silos. Contextos medievais e modernos na rúa do Franco n. 31. Santiago de Compostela. Gallaccia 32: 215-248.

Armas Castro, J. 2003. “El afianzamiento de la realidad urbana después del año mil” en Portela Silva, E coord. Historia de la ciudad de Santiago de Compostela, Concello, Consorcio y Universidad de Santiago de Compostela pp. 81-126.

BALLESTEROS ARIAS, P., CRIADO BOADO, F. y ANDRADE CERNADAS, J.M. 2006. “Formas y fechas de un paisaje agrario de época medieval: A Cidade da Cultura en Santiago de Compostela”. Arqueología Espacial 26: 193-225.

BARBEITO POSE, V. J. y RÚA CARRIL, V. 2008 “Evidencias arqueolóxicas da cerca e dos suburbios medievais de Villa Patrono (Padrón, A Coruña)”. Gallaccia, nº 27, pp. 241-271

BELLO DIÉGUEZ, J.M<sup>a</sup>., SANJURJO SÁNCHEZ, J. e FERNÁNDEZ OSQUERA, D. 2008. “Los niveles medievales de la Torre de Hércules: caracterización arqueológica y datación mediante TL y OSL”. Férvedes, nº 5, pp. 453-464.

BLANCO ROTEA, R., PRIETO MARTÍNEZ, M<sup>a</sup> P<sup>a</sup>, BALLESTEROS ARIAS, P. e LÓPEZ GONZÁLEZ, L. 2009. “El despoblado de A Pousada: La formación de una aldea rural en la Alta Edad Media”. En Prieto, P. e Criado, F. (coords.), Reconstruyendo la historia de la comarca del Ulla-Deza (Galicia, España): escenarios arqueológicos del pasado, Tapa 41, CSIC. Santiago de Compostela, pp. 111-120.

Bonilla Rodríguez, A.; César Vila, M. 2005. “Excavación arqueológica en área en el solar de la antigua capilla y lazareto

medieval de S. Lázaro (Santiago de Compostela, A Coruña)". Gallaecia, 24. Santiago de Compostela: 219-242.

CÉSAR VILA, M. 2009. "Estudo da cerámica e outros materiais arqueolóxicos". En Bonilla, A. e Fábregas, R. (eds.), Círculo de engaños: Excavación del Cromlech de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña). Andavira Editora, Santiago de Compostela.

CÉSAR VILA, M. e BONILLA RODRÍGUEZ, A. 2003. "Estudio de los materiales cerámicos del "Castelo da Lúa" (Rianxo, A Coruña)". Gallaecia, 22, pp. 297-367.

CÉSAR VILA, M e BONILLA RODRÍGUEZ, A. 2011. "Síntesis de los materiales cerámicos procedentes del yacimiento de As Encrobas (Cerdeira – A Coruña)". En S. GONZÁLEZ (ed.), La cerámica en Galicia: de los castros a Sargadelos. Actas del XIV congreso anual asociación de ceramología. A Coruña, 143-152.

CÉSAR VILA, M., BONILLA RODRÍGUEZ, A. e LÓPEZ PÉREZ, M. C. 2010. "Aportaciones al conocimiento de la cerámica producida en la última fase de la Edad Media en Galicia". En M. CRESPO y R. MARTÍNEZ (eds.), Metodología de Análisis Aplicada los Estudios de Cerámica Tardoantigua y Medieval de la Península Ibérica. León, pp. 145-160.

FALQUE REY, E. (ed.) 1994. Historia Compostelana. Akal, Madrid.

FERNÁNDEZ ABELLA, DAVID, 2011. El río Ulla: primeras investigaciones en la ruta fluvial al corazón de Galicia a la luz de la convención de la UNESCO. JIA 2011. 8

LÓPEZ ALSINA, F. 1987: "La formación de los núcleos urbanos de la fachada atlántica del señorío de la Iglesia de Santiago de Compostela en el siglo XII: Padrón, Noya y Pontevedra". En Jubilatío.

Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González. Tomo 1, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago, pp. 107-117.

PÉREZ LOSADA, F. 2002: Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia. Brigantium, nº 13, Museo de San Antón, Coruña.

DOVAL GALÁN, J.F. 1999. “Excavación de urgencia en la calle del Franco nº 1/ Plaza de Fonseca nº 4 (Santiago): Indicios del posible origen de dicha calle”. En A. RODRÍGUEZ (ed.), Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico: actas del Congreso Internacional, Lugo 15-18 de mayo de 1996: 1375-1394. Servicio de Publicaciones de la diputación de Lugo. Lugo.

LÓPEZ ALSINA, F. 2013. La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media Consorcio y Universidad de Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ PUENTES, E., E REY SEARA, E. 1987: Informe-memoria de las labores arqueológicas en la Rúa Azabachería 29 de Santiago de Compostela e inventario de materiales, memoria técnica inédita depositada no Concello de Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ RESINO, A. 2012. Memoria final da excavación en área do solar da rúa do Franco 31, Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

RODRÍGUEZ RESINO, A. 2013. “Sistemas subterráneos de almacenamiento en la Galicia medieval. Una primera tipología y consideraciones para su estudio”. En A. VIGIL, G. BIANCHI e J. A. QUIRÓS (eds.). Horrea, barns ans silos. Storage and incomes in Early Medieval Europe Servicio editorial de la Universidad del País Vasco: 193-208.

TEIRA BRIÓN, A., CURRÁS DOMÍNGUEZ, A., PORTILLO, M., ALBERT, R. M. E PÉREZ MATO, M. 2010. “La excavación

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

arqueológica de los grandes almacenes de El Pilar (Santiago de Compostela, Galicia, España): Un estudio arqueobotánico de silos de almacenaje medievales”. *Estudos de Quaternário*, 6, APEQ, Braga: 75-90.

## 8.7 CASTRO DE SAN LORENZO

Realizouse o estudo dos materiais cerámicos medievais das intervencións do ano 2016, 2017 e 2018 no castro de San Lourenzo. O estudo tiña como obxectivos a delimitación cronolóxica do conxunto cerámico así como a súa identificación tipolóxica e funcional. Tentando para conseguilos, coñecer os diferentes pasos da cadea técnico-operativa das producións cerámicas. Dende o seu proceso de fabricación, tendo en conta as técnicas de fabricación e materias primas que puideran indicar procedencias foráneas ata a súa funcionalidade.

O conxunto de materiais é heteroxéneo a nivel tipolóxico e cronolóxico, contándose na zona con escasos paralelos e publicacións de comparación, feito que condiciona en grande medida o estudo.

### Campaña do 2016

O número total de fragmentos cerámicos sometidos a estudo foi de 891. Estes fragmentos correspóndense cos localizados no sector da capela, situado no sur do castro, o sector 1.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 159. Delimitación de sectores do castro sobre malla de prospección xeomagnética.

Nunha primeira aproximación ao conxunto, destaca a súa abundante fragmentación a cal condicionará en boa medida a calidade dos datos que podemos extraer do mesmo e a súa vez, danos información de contexto estratigráfico. Esta fragmentación, na que moitos dos restos non superan os 5 cm de tamaño, denota unha gran actividade no lugar, a cal pode estar condicionada, polo propio uso da capela, así como polas obras de desmontaxe da mesma ou pola acción dos espolios posteriores, identificados durante o proceso de escavación. Esta fragmentación, contrasta cos niveis anteriores ás fases da capela, onde se chegaron a recuperar fragmentos de recipientes da Idade do Ferro, rotos *in situ*.




Figura 160. En vermello, diferentes espolios documentados durante a intervención na capela.

Os 891 fragmentos cerámicos divídense entre asas, bordos, fondos, corpos, ladrillos e tellas. Sendo a parte do recipiente máis representativa, o corpo, co 55% dos fragmentos, seguido dos bordos co 9%. Sen centrarnos unicamente en recipientes, a segunda referencia, en abundancia, son as tellas co 23% do conxunto. Fondos e asas, teñen a mesma porcentaxe, un 6%.

### Distribución dos fragmentos




Figura 161. Distribución dos fragmentos por parte de recipiente.

Con respecto ao tratamento técnico, debido á referida fragmentación do conxunto, é difícil afondar nos métodos de modelado, xa que unha das técnicas predominantes en época medieval é a torneta e a súa identificación en coleccións altamente fragmentadas é problemática.



Figura 162. Anciás empregando unha torneta en Gundivós (García Alén, 2008, p. 65).

A torneta caracterízase por ser un torno baixo e as veces lento, é entendida por algúns autores como un instrumento auxiliar do modelado a man (Solaun Bustinza, 2005, p. 43). A evidencia da torneta nas pezas preséntase en forma de paredes con abundantes dedadas, o cal parece indicar a súa realización a man, pero cuns bordos con claras liñas de torneado, debido ás revolucións que se lle da á torneta, para o remate final da peza. No caso de non constatar fragmentos de bordo e corpo unidos, a identificación clara da torneta ou da feitura manual, é problemática, de aí que en moitos casos, non fósemos quen de definir unha técnica de modelado concreta, aínda que se presupón que a maioría das pezas, podan estar realizadas a torneta ou a man. Esta técnica de modelado, na que ás veces era necesaria a presenza de dúas persoas para aplicala, foi empregada en lugares de

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

tradición cerámica próximos á Pobra de Brollón, como por exemplo Gundivós, no concello de Sober.

Polos motivos antes expostos ou por non poder distinguir nun simple corpo entre a técnica manual e a torneta, os fragmentos catalogados como de técnica de fabricación descoñecida, son tan abundantes, un 48% do conxunto. A segunda técnica en abundancia é a manual, pero esta debe ser matizada ante a gran presenza de fragmentos de tella, os cales foron todos incluídos na estatística. O torno e a torneta son os métodos menos identificados no conxunto.

### Técnicas de modelado




Figura 163. Técnicas de modelado identificadas na cerámica da campaña de 2016.

En canto ás pastas e o seu tratamento, a colección amosa unha preponderancia de tons marróns, en diferentes escalas, así como pastas negras e laranxas, destacando a ausencia de elementos en gris, dada a posible cronoloxía medieval da capela.




Figura 164. Coloración do conxunto recuperado na campaña de 2016.

No caso dos desgrasantes empregados, apréciase unha grande presenza de mica e cuarzo. Nalgúns casos puntuais, identificáronse algúns feldepatos e granitos a nivel visual así como, un posible fragmento de caliza, nunha tella. A homoxeneidade dos desgrasantes, así como a súa distribución nas pezas, fainos pensar nunha produción local das mesmas.

Á hora da catalogación das pezas dende unha óptica tipolóxica, seguiuise unha perspectiva conservadora, ante a fragmentación do conxunto. O feito de contar unicamente con pequenos fragmentos de bordo, sen continuidade co corpo ou asas soltas. Fai complicada a identificación correcta de cada morfotipo, non sabendo se estamos ante simples olas, cando conservamos un bordo; ou xerras cando conservamos unha asa, ante a posibilidade de existencia de olas con asa. A ausencia de paralelos na zona e publicacións dentro das cronoloxías marcadas, afondan nestas dificultades. Son estes os motivos desa catalogación conservadora na base de datos, pero os posibles diferentes tipos, son marcados a través de debuxos e

fotografías.

Un total de 211 elementos foron identificados, cantidade tamén incrementada, polo amplo conxunto de tellas. Entre estas identificacións están 5 xerras, 1 xerriña, 194 tellas, 1 tegula, 5 olas, 2 lebrillos e 1 cunco.

En canto as decoracións constatadas, 40 fragmentos a posúen. Sendo maioritarias as incisións e os acanalados, entre as incisións destacan as punzantes, típicas de asas de cronoloxía medieval. Tamén se constataron cordóns de sección triangular ou simples así coma un dixitado, igualmente típico da cerámica medieval. Nun caso identificáronse liñas bruñidas así como un cordado, en forma de impresión.




Figura 165. Procentaxe de decoracións presentes no conxunto de 2016.



Figura 166. Incisións presentes nunha panza e un asa.



Figura 167. Asa con puzóns.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

Foron definíndose posibles cronoloxías, algunhas delas corroboradas a nivel bibliográfico e outras delas, coma hipótese.

En liñas xerais, identificáronse con bastante seguridade 157 fragmentos distribuídos en producións propias da Idade do Ferro, algunhas aínda que escasas posiblemente romanas, producións posiblemente altomedievais, medievais e un conxunto clasificado como posiblemente moderno.




Figura 168. Fragmentos por cronoloxía.

As cerámicas identificadas cronoloxicamente como da Idade do Ferro, veñen marcadas polos seus bordos bifacetados ou monofacetados de tendencia oblicua e con diversos remates do seu beizo. A súas pastas predominantes son as marróns, en tons claros e escuros, mesturándose con pastas negras. Na maioría das pezas adscritas a esta cronoloxía, identificase un bruñido das súas superficies, de calidade, as veces incluso espatulado.



Figura 169. Recipientes de cronoloxía da Idade do Ferro.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 170. Debuxos de recipientes de cronoloxía da Idade do Ferro.

Os recipientes romanos son moi escasos, dentro do conxunto e de dubidosa cronoloxía, dado a similitude de certas cerámicas de época moderna, con producións romanas. Foron localizadas 4 pezas

posiblemente romanas, unha tégula, un corpo bruñado de paredes de reducido grosor, un bordo de xerra cun posible exgrafiado e un bordo de cerámica común de paredes finas.




Figura 171. Debuxo de posible recipiente de cronoloxía romana.



Figura 172. Posible recipiente de cronoloxía romana.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 173. Posible cerámica común de paredes finas.

Dentro do repertorio cerámico estudado, existe un elenco de cerámicas que polas súas pastas, técnicas de fabricación e formas, poderíamos encadralas a comezos da Idade do Ferro ou en época altomedieval. Son 10 fragmentos, de feitura manual e pastas entre o negro e o marrón escuro. Os seus bordos con oblicuos de beizos simples ou lixeiramente apuntados. Este tipo de producións adoitan presentar un cepillado vertical no exterior das súas paredes. Téñense identificado recipientes similares na Cova de Eirós, en Triacastela así como nas costas de Vigo (Fernández-Fernández & Bartolomé Abraira, 2016). Poderían encadrarse cronoloxicamente entre os séculos VI e

IX, aínda que esta afirmación debe tomarse con precaución.




Figura 174. Posible cerámica altomedieval.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media





Figura 175. Debuxos das posibles producións altomedievais.

medieval. Ben identificado polas incisións punzantes das asas, así como polos seus bordos oblicuos de beizo biselado. O destacable do conxunto, son as súas pastas de tonalidades marróns, sen que se teña documentado ningún gris típico medieval. Esta circunstancia, tamén se da no conxunto de Cova Eirós. A ausencia dos grises típicos medievais, pode vir marcada pola existencia de tradicións específicas nesta zona de Galicia, como por exemplo, a cerámica de Samos, que hoxe en día remóntase ó século XVIII e identifícase tamén con pastas marróns (Flores Rivas & Viveiro Veiga, 2018). O non contar con esas producións grises, ben publicadas noutros puntos de Galicia, poder concretar unha cronoloxía para as pezas de San Lourenzo, antóllase difícil. Se ben é certo, os bordos oblicuos biselados, adoitan encadrarse en época Plenomedieval, fronte aos bordos de pestana, dobre dos cales contamos con dous exemplares e que adoitan encadrarse na Baixa Idade Media.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 176. Cerámicas de cronoloxía medieval.



8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 178. Pezas de cronoloxía baixomedieval.




Figura 179. Bordos de pestana dobre.

Un relativo alto número de producións estudadas, deben encadrarse dentro do apartado descoñecidas, ben debido a súa grande fragmentación que non permite identificar ben as súas características, ben pola ausencia de tipos comparativos a nivel bibliográfico. Pero dentro desta categoría existen pezas especiais, que merecen a nosa atención. Por un lado, identificamos un conxunto de producións realizadas a torno, fronte a torneta da Idade Media, e que posúen unhas pastas de tons laranxas, completamente diferentes do resto do conxunto. Dado as reformas coñecidas da capela, en época moderna, así como as diferentes moedas localizadas na mesma, desta época. Formulamos a hipótese de que nos atopemos ante producións locais, de época moderna. As producións comúns galegas modernas son as grandes descoñecidas da arqueoloxía, adoitando estar esta centrada nas producións foráneas de importación, como talaveras e outras pezas vidradas. Lamentablemente a conservación das pezas modernas non é adecuada, téndose recuperado escasos bordos.

Entre as producións descoñecidas, destaca un asa trenzada, un tipo non coñecido en Galicia, así como grandes recipientes de pastas compactas e grosas con asas anulares.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 180. Imaxes superiores gran recipiente de cronoloxía descoñecida, inferiores, cerámicas de posible cronoloxía moderna.



Figura 181. Asa trenzada.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 182. Debuxos de pezas indeterminadas.

A través do presente estudo cerámico, puidemos achegarnos a conclusións relacionadas coa propia cerámica, pero tamén co contexto de escavación, constatándose un uso continuado do espazo, con abundantes reformas que fracturaron en grande medida todo o

conxunto cerámico. Esta característica, reduce as posibilidades de recollida e interpretación de datos con respecto da cerámica. Pero a pesar diso, puidemos identificar varias fases cronolóxicas dentro do conxunto cerámico, que axudan a interpretar as evidencias estruturais documentadas durante a intervención.

A nivel cronolóxico, foron identificadas 5 épocas de uso do espazo, con pezas asociadas á Idade do Ferro, cos seus característicos bruñidos e bordos facetados, pero con case total ausencia de decoración. Estas pezas xunto coas escasas romanas identificadas, están relacionadas cos momentos de ocupación do castro. Outro grupo cerámico identificado aínda que con dificultade e certas reservas, debido ás súas similitudes co Ferro I e II, foi o altomedieval, con cerámicas feitas a man, de pastas marróns e negras, algunhas co seu característico cepillado exterior e bruñido interior. Son pezas que poden remitirnos aos séculos VI-IX e que poden estar relacionadas cos momentos de construción da capela. Con posterioridade virá o abundante elenco medieval, con pastas marróns pouco coñecidas en Galicia e que formulan novas incógnitas de investigación, en busca do foco produtor deste tipo de cerámica, pola comarca. Estas pezas datan de época plenomedieval principalmente, pero tamén se identificaron producións, baixomedievais, aínda que escasas. E por último xunto co grupo de cerámica descoñecida, constátase a presenza de pezas feitas a torno e con pastas laranxas que pouco teñen que ver coas medievais; a cerámica moderna en Galicia segue a ser unha grande descoñecida e formúlase a posibilidade de que estas pezas sexan producións locais desta época, destacando a ausencia de cerámica vidrada. Por último, pezas peculiares como dúas asas de recipientes de grande tamaño e un asa trenzada, fan necesario afondar no coñecemento da cerámica de época histórica nesta zona, xa que propoñen novas incógnitas e retos para a investigación cerámica.

### Campaña do 2017

O conxunto estudado durante esta intervención foi de 2130

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

fragmentos e pezas, entre os que se contan un reducido número de líticos e algún metal. Localizados entre o sector norte, (sector 2) e o sector sur, na zona da igrexa (Sector 1).




Figura 183. Localización dos sectores de intervención sobre a malla de replanteo e datos xeorradar.

Ao igual que os procedentes de campañas anteriores, o conxunto de cerámicas atópase abundantemente fragmentado, provocando que non se conserve ningunha peza co seu perfil completo.




Figura 184. Distribución dos fragmentos recuperados, nos dous sectores.

Os 2130 fragmentos cerámicos divídense entre asas, bordos, fondos e corpos A distribución por partes de recipiente é a seguinte:




Figura 185. Distribución por partes de recipiente no sector 1.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 186. Distribución por partes de recipiente no sector 2.

No caso do sector 1, o tratamento técnico documentado foi máis variado que no sector 2, debido ás abondosas diferenzas cronolóxicas. As cerámicas máis antigas deste sector, as da Idade do Ferro, atópanse realizadas a man e case na súa totalidade brunidas, tanto as súas superficies interiores como exteriores. Nelas predominan as pastas negras, con abundante desgrasante, sendo un grupo minoritario as de pastas marróns, tamén brunidas e de feitura máis coidada.

As pezas estudadas nesta ocasión non permitiron identificar claramente fases altomedievais, sendo unicamente dous fragmentos, caracterizados como posibles altomedievais ou da Idade do Ferro.

No caso das cerámicas plenomedievais, estas atópanse feitas a torneta.

En canto ás pezas baixomedievais e modernas apreciase claramente o emprego de torno rápido nas cerámicas realizadas con pastas laranxas claras, son pezas de maior finura, con paredes de moi

escaso grosor.

Tratando os desgrasantes empregados, apréciase unha grande presenza de mica e cuarzo. A homoxeneidade dos desgrasantes, así como a súa distribución nas pezas, fainos pensar nunha produción local das mesmas.



Figura 187. Marcas de torno no CE56, fondo con círculo aplicado.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

Á hora da catalogación das pezas dende unha óptica tipolóxica, a fragmentación do conxunto, supuxo un grande hándicap. Puidéronse identificar no caso das producións da Idade do Ferro, unicamente olas. Para a Idade Media e Moderna a identificación tipolóxica foi máis complicada, a pesar diso localizáronse un lebrillo, así como varias olas, unha xerra trilobulada e unha posible xerra de boca curta.

As decoracións foron moi escasas nesta intervención. Evidenciáronse dúas impresións, posiblemente de época castrexa. Así como cordóns dixitados e impresións en zigzag de cronoloxías modernas e medievais. As impresións punzantes, características das asas medievais, tamén están presentes.

Destaca o fragmento CE2297, unha peza de corpo de pastas negras e brunidas, que conta con catro estampillados circulares. Foi localizado no interior dunha das tumbas. Así como o CE56 un fragmento de fondo baixomedieval, realizado a torno en cuxo exterior sitúase un círculo aplicado e seccionado por unha liña, en aparente disposición a modo de fibela. Este tipo de marcas téñense documentado en Galicia en xacementos medievais como as Torres do Oeste en Catoira e son comúns en certas cidades da meseta, como por exemplo Zamora. As producións zamoranas encádranse entre o século XI e XII (Turina Gómez, 1994, p. 105), mentres que o tipo de feitura e pastas deste fondo fainos encadralo en época baixomedieval.



Figura 188. Decoración estampillada da CE2297.



Figura 189. CE56, con círculo aplicado.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 190. Fragmento medieval con cordón dixitado.



Figura 191. Fragmento medieval con cordón dixitado.



Figura 192. Fragmento medieval con cordón dixitado.



Figura 193. Impresión punzante en asa de cronología medieval.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 194. Impresión punzante en asa de cronoloxía medieval.

Outro dos fragmentos decorados destacables é un fragmento de asa CE2065, de pastas brunidas e de calidade, o cal atópase moldurado con catro saíntes na súa superficie que o percorren de maneira lonxitudinal. Son coñecidas estas pezas como asas de nervaduras e foron documentadas en castro ourensanos como Castromao ou Armea.



Figura 195. Asa de nervaduras.

Aplicando as características tecnofuncionais documentadas durante o estudo da campaña precedente ás pezas desta intervención, definiuse un elenco de épocas que se atopan presentes no castro.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 196. Distribución das pezas por cronoloxía.

Nesta intervención non se constatou claramente ningunha peza como altomedieval, aínda que si como medievais, nunha cronoloxía que pode ir dende o século X ata o XIII, por outro lado algunhas pezas foron encadradas en época baixomedieval, dos século XIV ao XV e varias destas non poden ser diferenciadas das modernas, posiblemente presentes no castro ata o século XVII.

Dado que a campaña froito de estudo, realizouse a parte do sector sur, no sector norte, onde se localizaron varias estruturas adscribibles á Idade do Ferro é lóxica a abundante presenza de olas deste período, no conxunto cerámico.

Ao igual que na campaña anterior, as cerámicas identificadas cronoloxicamente como da Idade do Ferro, veñen marcadas polos seus bordos bifacetados ou monofacetados de tendencia oblicua e con diversos remates do seu beizo. A súas pastas predominantes son as negras, con algunha presenza de pastas marróns. Na maioría das pezas adscritas a esta cronoloxía, identifícase un bruído de calidade das súas superficies.

Son pezas, como indicamos, realizadas a man con diámetros de máis de 25 cm de bordo, en moitos casos. Destaca a CE2312, unha pequena oliña realizada a man, pero de pastas moi ben brunidas e coidadas.

Durante esta intervención téñense recuperado as primeiras pezas castrexas con decoración, como por exemplo a nº2407 e 2412, ambas pezas con acanalados, unha delas conformando a parte superior dun bordo e outra formando un esquema decorativo incompletamente conservado, nun corpo. Estas pezas atópanse sobre un dos pavimentos da zona da ábsida da igrexa, o que nos indica o nivel de remoción dos estratos no xacemento ao atoparse sobre estruturas de cronoloxía medieval.

Cóntase con pezas como a 303 e a 302, bordos brunidos de olas; realizados a man. Presentan un bordo engrosado biselado e un bordo simple con tendencia oblicua as dúas.

Compre salientar a dificultade de establecer unha cronoloxía máis específica para as producións da Idade do Ferro de San Lourenzo. A escaseza de castros na contorna escavados e publicados non permite unha comparación ceramolóxica. Se a iso sumamos, que para o Ferro II, nos atopamos nunha das áreas de fronteira definidas na historiografía para as zonas oleiras castrexas, entre o interior oriental e as montañas orientais, estaríamos nun castro que albergaría características destas dúas zonas (González Ruibal, 2007).

A zona do interior lucense é a menos estudada a nivel cerámico, existen breves mencións sobre algúns castros coma os de Barán ou Vilela. As pezas de San Lourenzo, coinciden coas destes castros con olas brunidas e unhas decoración moi escasas e simples cando as hai (González Ruibal, 2007, p. 475).

A nivel cronolóxico, se nos atopamos ante un Ferro III, é salientábel a enorme escaseza de material romano, definido como

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

posible na anterior intervención pero unicamente cun número moi reducido de recipientes. Sería moi recomendable a realización de datacións absolutas para poder enmarcar cronoloxicamente o conxunto.



Figura 197. Bordo da Idade do Ferro.



Figura 198. Bordo da Idade do Ferro.



Figura 199. Bordo da Idade do Ferro en perfil.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 200. Fondo da Idade do Ferro.



Figura 201. Oliña CE2312.




Figura 202. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 203. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.




Figura 204. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 205. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.




Figura 206. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.




Figura 207. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media




Figura 208. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados por Álvaro Falquina.




Figura 209. Debuxos de pezas da Idade do Ferro realizados polo autor.

Durante esta campaña non se ten recuperado un conxunto abundante de cerámica medieval, cuxas pezas chegan ata nos en

número similar ás da Idade Moderna.

O establecemento das pezas de pastas marróns como medievais, encadradas dende a Plena Idade Media ata a Baixa Idade Media ven marcada polas asas en cinta con incisións centrais propias deste período e estudadas noutros puntos de Galicia como Santiago de Compostela (Alonso Toucido et al., 2013).

Ao igual que na campaña precedente, as características das pezas medievais localizadas no castro de San Lourenzo posúen características morfotipolóxicas que as achegan ao resto de cerámica medieval galega pero á súa vez as súas pastas marróns claro constitúen unha singularidade dentro do panorama galego. Atopámonos seguramente ante unha tradición comarcal, propia do sur lucense e identificada noutros puntos relativamente próximos coma Cova Eirós, en Triacastela (César Vila et al., 2018).

Identificáronse principalmente olas, de bordo simple así como de bordo de protopeñana, características dos século XII e XIII. Unha delas, a CE1977 presenta un cordón non dixitado no seu pescozo, unha decoración escasa polo momento no NW peninsular. A súa vez, documentáronse varias asas de xerra, probablemente trilobulada, coa súa característica asa con incisión punzante.

En canto ás pezas claramente baixomedievais nos atopamos un barcal similar aos localizados na campaña precedente e que incluso podería formar parte do mesmo recipiente.

Un dos fitos medievais da campaña son as numerosas tumbas localizadas, lamentablemente os escasos fragmentos nelas documentados, son froito principalmente do movemento de terras durante a súa construción, salvo por exemplo a oliña case enteira documentada nunha delas e que se atopa en proceso de estudo.

Dentro da tumba UE 103 recuperáronse un conxunto de 13 pequenos fragmentos, todos son corpos coa excepción dun fondo. Estas pezas conforman dous grupos de pastas diferenciados, por un

lado os de pastas negras e brunidas, presentando en ocasións liñas verticais brunidas entre os que destaca unha peza, a 2297 con decoración estampillada en forma de círculos. O estampillado con estas formas é un elemento decorativo recoñecido na cerámica arqueolóxica, dende a Idade do Bronce (Vázquez et al., 2016), común tamén na Idade do Ferro, así como en fases tardoantigas/altomedievais, pero descoñecido a partir da Plena Idade Media en diante. O feito de atoparse perfectamente bruñido achégao no contexto das producións do castro máis a períodos da Idade do Ferro que a altomedievais, se ben é certo que as pezas decoradas prehistóricas son moi escasas. Canto menos a súa cronoloxía contemporánea ou non á tumba en cuestión é dubidosa.

En canto aos fragmentos marróns a maioría son de moi reducido tamaño, salvo un corpo que presenta un acabado cepillado vertical. Para achegar unha hipótese cronolóxica a esta tumba, os materiais arqueolóxicos son escasos, por un lado os fragmentos brunidos negros entre os que se conta o estampillado, son comúns na Idade do Ferro, e poden ser froito das tarefas de escavación e recheo dunha tumba medieval, nun contexto máis antigo como é un castro. Por tanto poderían ser froito de intromisións, por outra banda o fragmento marrón con cepillado vertical, pode ser coetáneo da mesma, tratándose dunha decoración típica do mundo altomedieval.

A tumba da UE049, conta con escasos restos cerámicas e moi fragmentados, entre eles destaca un fragmento de asa, con decoración en forma de cordón dixitado e pastas marróns. Esta decoración é típica do mundo medieval.

A tumba UE86 non contén fragmentos definitivos, estando estes moi destruídos, as súas pastas recordan a producións medievais ou modernas, sen poder detallar máis a cronoloxía.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 210. Asa de xerra trilobulada.



Figura 211. Bordo de pestana.



Figura 212. Ola medieval.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media




Figura 213. Olas medievais.




Figura 214. Xerras medievals.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 215. Barcal documentado nesta campaña.

Grazas á hipótese marcada na anterior intervención, sobre as pezas de cerámica común moderna localizadas na zona da igrexa, durante o estudo dos materiais procedentes da intervención de 2017, puidéronse identificar máis elementos característicos destas producións.

Ao igual que na campaña precedente, as pezas atópanse moi fragmentadas, e con moi escasos bordos recuperados. A parte das pastas o seu principal fito diferenciador é a conformación das mesmas empregando un torno rápido, unha tecnoloxía non empregada en Galicia ata a Baixa Idade Media.

Na estancia anexa norte, documéntase un bo número de pezas con pastas laranxas, feitas a torno con asas en cinta, pero sen bordos que nos permitan identificar tipoloxías. Son pastas laranxas completamente ou de tipo sandwich entre laranxa e gris, presentan cuarzo como desgrasante e reducidas micas propias da orixe da arxila.

Así como no enlousado da igrexa, onde as pezas están realizadas a torno e son de tons laranxas vivos. Sendo polo tanto este enlousado cuberto por UEs de cronoloxía moderna.

No caso do silo UE 61 este atópase recheo de cerámicas que poden adscribirse a un período medieval ou moderno, tanto polas tellas documentadas como pola cerámica de pastas claras realizada a torno. Sendo por tanto reenchida esta fosa en época baixomedieval ou moderna.

Con respecto dos poucos tipos identificables, documentouse o bordo dunha o posible xerra de boca estrangulada así como un cunco de pastas finas, que podería coincidir con producións modernas ou romanas (CE1396).




Figura 216. Produccións modernas.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 217. Bordo de pastas finas CE1396.




Figura 218. Peza moderna con estrías de torno.

Aínda que nos centramos no estudo cerámico existen outros materiais non realizados con arxilas, pero que poden estar moi relacionados con estas. Falamos por exemplo las tapadeiras de cuarcita de varios tamaños, que poderían ser empregadas para tapar olas. A 314 é unha peza lítica de cuarcita fragmentada de maneira circular, posiblemente para o seu emprego como tapadeira. Cun diámetro de 11,5 cm. A 300 é de xisto e mide 7 cm de diámetro, poden ser de cronoloxía medieval ou prehistórica.

Existe unha ficha de xogo en xisto, a 208. Algo acorde coa tradición de alcorques nos adros da igrexas.

A súa vez, as pezas de lousa con perforación, son comúns en xacementos altomedievais coma por exemplo as fases desta época de Cidadela.



Figura 219. Posible tapadeira lítica.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media



Figura 220. Lousa con perforación.

O estudo cerámico efectuado afondou nas liñas esbozadas na intervención precedente pero con varias novidades, por un lado as posibles pezas altomedievais e romanas non foron documentadas nesta ocasión. Cinguíndose o conxunto a nivel cronolóxico a 4 épocas, nun primeiro momento á Idade do Ferro, presente tanto no sector norte coma no sur, para posteriormente constatarse producións plenomedievais e baixomedievais na zona da igrexa; as formas modernas foron documentadas principalmente na igrexa, pero tamén algún fragmento illado no sector norte.

O conxunto continúa a destacar pola súa grande fragmentación e mala conservación, propio de lugares con abundante actividade de reformas ao longo do tempo, como así se ten constatado na igrexa ante as súas numerosas reformas estruturais pero tamén no seu subsolo, coa creación e tumbas e estruturas negativas coma silos.

Esta campaña tivo como novidade as tumbas localizadas, aparentemente de cronoloxía medieval, os fragmentos que puidemos estudar non son en absoluto definitivos da súa cronoloxía, pero si parece selo unha oliña con restos orgánicos que se atopa en estudo na actualidade.

### Segunda campaña ano 2017

O conxunto estudado durante esta intervención foi de 572 fragmentos, entre os que se contan un reducido número de líticos. Localizados, na zona da igrexa, no sector 1.

Ao igual que os procedentes de campañas anteriores, o conxunto de cerámicas atópase abundantemente fragmentado, provocando que non se conserve ningunha peza co seu perfil completo.

Os 572 fragmentos cerámicos divídense entre asas, bordos, fondos e corpos.




Figura 221. Distribución de fragmentos por partes de recipiente.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

Durante esta campaña documentouse un conxunto heteroxéneo de pezas a nivel cronolóxico, tipolóxico e no que a tratamento técnico se refire. As cerámicas máis antigas como adoita xa ser común en todas as campañas realizadas no castro, son as da Idade do Ferro, atópanse realizadas a man e case na súa totalidade brunidas, tanto as súas superficies interiores como exteriores. Nelas predominan as pastas negras, con abundante desgrasante, sendo un grupo minoritario as de pastas marróns, tamén brunidas e de feitura máis coidada. A pezas de pastas negras adoitan presentar un grosor maior que as realizadas en pastas marróns.



Figura 222. Fragmentos de pastas brunidas da Idade do Ferro.

Non se documentou ningunha peza con certeza como altomedieval, pero si 7 fragmentos como posible, dada a escasa representatividade dos mesmos, é moi probable que sexan adscribibles a fases da Idade do Ferro ou medievais, fronte ás altomedievias. As súas pastas son rudas, con abundante desgrasante e unhas superficies pouco coidadas. Con coloracións variables entre o negro e o marrón e superficies rugosas. Estas producións atoparíanse realizadas a man.



Figura 223. Pastas de cronoloxía medieval.

No caso das cerámicas plenomedievais, nesta campaña tamén se documentaron escasos exemplos claros, estas atópanse feitas a torneta, como vimos noutras campañas.



Figura 224. Peza baixomedieval con estrías de torno, CE2810.

En canto ás pezas baixomedievais, apréciase unha compaxinación entre pezas realizadas a torneta e pezas realizadas a torno alto. As pezas baixomedievais contan con pastas coidadas, marrón claro pouco metálicas, son pezas moito máis homoxéneas en canto a tratamento técnico das súas pastas.

Tratando as cerámicas modernas, documéntanse unhas pastas moi alaranxadas e metálicas, realizadas sempre a torno alto, cuns desgrasantes con calibrado óptimo e ben distribuído.

A materia prima dos desgrasantes en forma de cuarzos e micas, fai pensar nunha produción ben local, ben das proximidades, incluso

con posibles puntos produtores relativamente afastados como Samos.



Figura 225. Pezas CE3181 e CE3333 de cerámica moderna.

Ao igual que en campañas precedentes a grande fragmentación do conxunto cerámico está presente. O que limita bastante a capacidade de realizar identificacións morfotipolóxicas.

Para a Idade do Ferro, as olas foron as documentadas, presentes polos pequenos fragmentos de bordo, facetados ou redondeados.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 226. Ola da Idade do Ferro CE3293.

Para a Idade Media as olas e as xerras foron documentadas, as segundas grazas principalmente ás asas coa súa característica decoración punzada así como a un pico vertedor. As olas foron definidas polos bordos, de pestana, protopestana e biselados.



Figura 227. Pico vertedoiro medieval.

No caso da Idade Moderna, xerras e olas foron tamén identificadas, as olas herdán tipos de bordos medievais como os de pestana, pero as pastas e as súas técnicas de fabricación a torno, delatan a cronoloxía do conxunto.

No tocante ás decoracións seguindo a liña marcada polas intervencións precedentes, estas foron moi reducidas en número e variedade. Estando presente tan só un tipo de decoración, a incisión.

As incisións atópanse presentes en época medieval e moderna, por un lado en época medieval, documéntase numerosas incisións punzantes en asas, feito que pode chegar incluso a recipientes modernos. Por outra banda as liñas simples incisas sobre os corpos das

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media

pezas tamén son recorrentes dos dous momentos así como as liñas en zigzag, documentadas nun fragmento moderno.



Figura 228. Asa de xerra con decoración incisa punzante. CE2817.



Figura 229. Fragmento moderno con decoración en zigzag inciso. CE3140.

Coas características técnicas anteriormente descritas procedeuse á catalogar cada fragmento, de ser posible, en función da súa procedencia cronolóxica.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 230. Distribución das pezas por cronoloxía.

Con respecto ás producións de cronoloxía da Idade do Ferro, estas non presentan problemas de identificación. As altomedievais foron catalogadas todas como posibles, sen tampouco documentarse ningunha clara, sendo moi probable a non existencia das mesmas. No horizonte medieval, é complicada nalgúns casos a diferenza entre producións plenomedievais e baixomedievais, empregando, cando isto era así, o atributo “medieval”. O mesmo ocorre con certas producións baixomedievais con estrías de torno e pastas mal decantadas que poderían encadrarse ben a finais da Idade Media ou ben a comezos da Moderna. A gráfica reflicte todas as posibilidades ante a necesidade de ser prudentes nas identificacións cronolóxicas sobre todo para a cerámica común, a presente en todo o conxunto.

As aproximadamente 94 pezas identificadas como da Idade do Ferro nesta intervención, están definidas polas súas pastas brunidas en negro ou en marrón, así como polos seus bordos de ola bifacetados ou monofacetados de tendencia oblicua e con diversos remates do seu beizo.



Figura 231. Cerámicas da Idade do Ferro, CE2991/1 e CE3298.

As olas da Idade do Ferro adoitan ter tamaños superiores aos da Idade Media, con exemplares de máis de 40 cm nalgúns casos.



Figura 232. Ola da Idade do Ferro CE3293.

Como vimos na campaña precedente a definición máis concreta das producións do ferro, no Castro de San Lourenzo, é moi complexa ante a escaseza de estudos de calidade cos que comparar as formas e

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

produccións, a ausencia de material romano pode marcar cronoloxicamente o espazo sendo un posible indicador de cronoloxías anteriores ao cambio de era.

As pezas medievais son as máis numerosas con máis dun 30% do conxunto. Destacan nas mesmas, as pastas marróns con diferentes tonalidades e facturas. Por un lado as marrón escuro contan con pastas máis rudas que as marrón claro, con desgrasantes menos caligrados e máis abundantes. Por outra banda as marrón claro atópanse cun desgrasante de tamaño reducido, e en varias ocasións son feitas a torno. Isto pode ser un indicador para diferencias entre producións baixomedievais e plenomedievais.




Figura 233. Olas medievais CE3394 e CE2866.

Pese ao abundante material identificado como medieval, a escaseza de bordos non nos permite afinar máis na cronoloxía fronte fases baixo ou plenomedievais.

Grazas á hipótese marcada na anterior intervención, sobre as pezas de cerámica común moderna localizadas na zona da igrexa, durante o estudo dos materiais procedentes da intervención de 2017, puidéronse identificar máis elementos característicos destas producións.

Ao igual que na campaña precedente, as pezas atópanse moi fragmentadas, e con moi escasos bordos recuperados. A parte das pastas o seu principal fito diferenciador é a conformación das mesmas

empregando un torno rápido, unha tecnoloxía non empregada en Galicia ata a Baixa Idade Media.

Documentouse un bo número de pezas con pastas laranxas, feitas a torno e incluso con asas en cinta, a sorpresa ven marcada pola continuación no uso de bordos propios da Baixa Idade Media, como os bordos de pestana, aínda que moito máis aristados. Por tanto documéntase unha herdanza das fases medievais, na tradición cerámica moderna.



Figura 234. Corpo e bordo de cronoloxía moderna, CE2934 e CE2983.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 235. Ola de cronoloxía moderna.

Ao igual que en campañas precedentes documentáronse varios líticos de interese, por un lado, pezas de lousa perforada, típicas de tellados de colmo, por tanto dunha fase previa ao tellado de tella documentada na intervención.

Ademais constatouse un posible afiador así como unha tapadeira de cuarcita, común en xacemento de cronoloxía alto e plenomedieval.



Figura 236. Lousa perforada.




Figura 237. De arriba abaixo, ola da Idade do Ferro, dúas olas modernas e inferior medieval.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

No caso da segunda campaña de 2017, o estudo cerámico contou con menos fragmentos que os de campañas precedentes. Pese a iso, corrobóranse hipóteses documentadas noutros anos, como por exemplo a das fases. Quedando patente a posible inexistencia de fases altomedievais, anteriores ao século X. E por tanto moi probablemente a primeira fase da igrexa de San Lourenzo dese en época plenomedieval. Cunha continuidade no espazo durante época baixomedieval e moderna, cando a igrexa é abandonada, posiblemente durante o século XVI, dadas as producións cerámicas similares ás baixomedievais.

O conxunto deste ano continúa a ser moi fragmentado, evidencia dun espazo profusamente ocupado nas súas diferentes fases históricas así como con multitude de reformas e incluso espolios.

A cerámica da Idade do Ferro segue a ter un peso reducido, posiblemente nunca atopada in situ, ante as reformas posteriores medievais e modernas. Destaca a ausencia de cerámica romana.

## 8.8 FRANCO Nº31

Os resultados dos estudos na rúa do Franco foron divulgados en diferentes artigos:

Alonso Toucido, F., & Prieto Martínez, M. P. (2018). Franco no 31 (Santiago de Compostela), una nueva datación para la arqueología medieval de la ciudad. En *Arqueología en el Valle del Duero: del Paleolítico a la Edad Media* (pp. 670-676). Valladolid, Glyphos, 2018. ISBN: 978-84-947952-1-3

Alonso Toucido, F. (2015). Estudio preliminar de la cerámica del área de Santiago de Compostela en época plenomedieval. En R. Martínez Peñín & G. Cavero Domínguez (Eds.), *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica* (pp. 239-252). Instituto de Estudios Medievales de la Universidad de León y Unidade de Arqueologia de la Universidade do Minho. ISBN: 978-84-942791-8-8.

Durante a intervención arqueolóxica foron recuperados un total de 394 fragmentos cerámicos. A maioría dos fragmentos encádranse en cronoloxías medievais cun total de 327 elementos, mentres que cunha cronoloxía moderna foron identificados 67. O traballo realizado cos materiais desta intervención foi publicado na revista *Gallaecia* (Alonso Toucido et al., 2013). A continuación realízase un resumo das conclusións sacadas durante o traballo posto que os materiais complementan a visión global da cerámica medieval do presente traballo e tamén cóntase con produción científica vinculada a esta intervención, durante o período de elaboración da tese, como veremos.

Con respecto aos materiais medievais un 11% dos mesmos atopábanse decorados con 38 elementos. Trátase en xeral de fragmentos de reducido tamaño cunha media en torno a 5 cm de longo e cun escaso rodamento, presentando a maioría fracturas ariscadas, o que incide na escasa dispersión dos mesmos e orixe nas proximidades da intervención.

8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media




Figura 238. Porcentaxes de fragmentos decorados e non decorados.

Durante o traballo foron identificados 32 recipientes cerámicos adscribibles a unha cadea técnico operativa medieval, xunto cunha grella e dúas tellas. Dende o punto de vista morfolóxico foron identificadas principalmente formas globulares en base a olas, xerras, xerriñas, cántaros, grellas e tellas.




Figura 239. Porcentaxes de formas identificadas.

As pezas medievais presentan evidencias de ter sido maioritariamente realizadas a torneta. Con corpos con imperfeccións e marcas de dedos pero con bordos con claras estrías de torno.

As pastas son compactas en grao medio con abundantes desgrasantes de tipo granítico destacando a abundante mica nas superficies exteriores dos recipientes. Como remate presentan un alisado basto. O conxunto conta co gris como cor predominante pero con tons heteroxéneos, tamén existe un pequeno conxunto de cerámicas marróns de pastas menos compactas que as grises, ambas evidencian un ambiente de cocción redutor.

8. Resultados: as coleccións  
cerámicas na Idade Media



Figura 240. Peza con evidencias de alzado mediante torneta.




Figura 241. Imaxes das formas identificadas no Franco nº31, a) olas, b) xerríñas, c) xerras e d) cántaro (Alonso Toucido et al., 2013, p. 224).

### Ola de bordo oblicuo e cóncavo

Trátase do tipo maioritario dentro do conxunto cun 40% das formas identificadas da intervención. Contan cun bordo esvasado e oblicuo lixeiramente cóncavo na súa parte interna posiblemente para o emprego de tapadeiras (César Vila & Bonilla Rodríguez, 2003, p. 303; Suárez Otero et al., 1989, p. 289). Os seus beizos son biselados con diferentes tipos de engrosamento ou ben rematados nunha protopestan. De pescozo curto, corpo globular e fondo plano. Presentan diámetros de boca entre 14 e 21 cm.

### Xerra trilobulada:

A súa principal peculiaridade é a forma trilobulada do seu bordo, esvasado e oblicuo cun pico vertedor oposto a unha asa xeralmente con decoración en base a punzóns, o corpo é globular con base plana.

### Xerriña trilobulada:

Son similares ás xerras pero de menor tamaño. No caso do Franco nº31 adoitan presentar marcas de feluxe asociadas ao seu uso para quentar líquidos.

### Cántaro:

Trátase de recipientes similares ás xerras pero dun tamaño superior. Contan con bordo trilobulado e asas igualmente con punzóns.




Figura 242. Debuxos das formas identificadas no Franco nº31, a) olas, b) xerriñas, c) xerras e d) cántaro

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

En canto á decoración 20 recipientes contan con ela, en base a incisión, impresión e decoración plástica. As incisión están presentes nas asas das xerras e xerriñas mediante punzóns verticais así como nos corpos de olas e xerras en disposición horizontal e continua.



Figura 243. Detalle de decoración incisa en dúas xerras.

A impresión é a técnica máis abundante con 15 recipientes e presente en todas as formas. Son impresións dixitadas nun esquema lineal e horizontal. A decoración plástica unicamente foi identificada en tres recipientes, contando os tres coa peculiaridade de posuír gran tamaño. Emprégase o cordón dixitado en puntos de tensión das pezas coma os pescozos.



Figura 244. Detalle de decoración plástica e impresa.

Destaca a identificación de pezas practicamente iguais entre unha xerriña do Franco nº 31 e outra recuperada nas intervencións do antigo Banco de España, podendo proceder do mesmo obradoiro.



Figura 245. Xerriña do banco de España e xerriña do Franco nº31.

## 8. Resultados: as coleccións cerámicas na Idade Media

As xerras, xerros e botellas globulares de gres, presentan formas moi pouco variables até o século XVII, caracterizadas na súa primeira fase por unha base plana moldurada e a característica asa vertical no colo; as tonalidades non varían, aparecendo tan só a produción típica de Frechen, a cidade industrial onde se emprazaban os pozos de arxila máis propicios para a cocción a altas temperaturas, algún deles compartidos coa cidade de Raeren, de pasta gris e acabado marrón vetado, e as de pasta amarroada con acabado decorativo en azul cobalto característica de Westerwald entre outras.

Aínda que as xerras e xerros teñen unha variabilidade maior nos seus tamaños, o estudo dos pecios holandeses ofreceu tres tamaños para as botellas, de 120, 160 e 250 mm, se ben as máis evolucionadas nas que a decoración é complexa, faciana barbada/medallón, mesmo chegan a 360 mm e unha capacidade de 3 litros (RUIZ GIL 2014: 5).

No século XVII as xerras e botellas barbudas acadan a súa máxima difusión, aínda que perden calidade e as facianas fanse dun xeito máis esquemático, sen tanta definición nos trazos faciais; en troques, baixo esta decoración aplicada comezan a proliferar adicións de escudos familiares, medallóns, figuras da antigüidade, follas entrelazadas, etc., mesmo emblemas de compañías comerciais ou bodegas ás que van destinados; noutros casos tamén se gravaban lemas relixiosos en alemán. Algúns autores pensan que certo tipo de medallón podería relacionarse con marcas de fábrica, xa que representan o escudo das cidades nas que se elaboraron (figura 9).



Figura 9. Botella de Tipo Bellarmino do fondeadoiro de Baiona.

Se con anterioridade as pezas terían unha orixe nas cidades industriais dos arredores de Colonia e saída comercial a través do Rin cara os portos holandeses e ingleses, xa neste século XVII existen fábricas noutros puntos de Europa, especialmente Inglaterra, onde estas pezas acadan un gran pulo comercial; deste xeito, a olería de gres de John Dwight no barrio londinense de Fulham (1672 circa) supón a distribución de xerras e botellas de “cologneware” por boa parte do

Imperio Británico, acadando as Trece Colonias americanas e o Índico (GAIMSTER 1997). A identificación destas pezas con respecto ás renanas non é doada, aínda que as inglesas carecen de asas e da decoración xermana, máis aló de representacións de personaxes da época e deuses da antigüidade, en xeral menos elaborados. Tamén se poden diferenciar a través dunha base moito máis ancha que as primixenias, características que poderemos ver na cerámica de gres que se desenvolve nas fábricas que imitan a Fulham xa no século XVIII, como en Staffordshire, Bristol ou Nottingham e que desenvolverán a louza fina branca a imitación da de Delft, unha vez que abandonan o gres coma produto estrela. En algúns exemplares as siglas “WR” e variantes identifican ás pezas inglesas, dado que existía un control aduaneiro das exportacións deste país.

Co tempo, os “Bartmann” (“Bartmannkrug” en alemán), como comezan a denominarse no mundo anglosaxón (GAIMSTER 1997), perden a súa simboloxía inicial e vólvense produtos de consumo máis xeral, especialmente as botellas, empregadas dun curioso xeito, a modo de “botellas de bruxas” no mundo anglosaxón, que por esas datas permanecía inxerido nun ambiente de persecución extrema das práctica esotéricas que tanto empregaban as xentes do rural. Estas botellas servían para sacar o meigallo ou mal de ollo, polo que o afectado enterraba un exemplar preto da súa vivenda ou mesmo baixo dela, introducindo xofre, cravos de ferro, teas en forma de corazón, cabelos, ouriños ou uñas para capturar o conxuro. Estas prácticas non se detectaron até as décadas finais do século pasado, a raíz da descuberta de exemplares en Inglaterra, onde no barrio de Greenwich, nas aforas de Londres apareceu o primeiro exemplar completo, publicado pola British Archaeology e posteriormente outras pezas de Duck Street, Cedars Park e do Museo Pitt Rivers tamén se relacionaron co fenómeno das “botellas de bruxas”. A partires de diversos estudos vanse identificando estas accións con documentación derivada dos procesos contra a bruxería, coma proba o recollido por Joseph Blagrove na cidade de Reading: "Outra forma (de contrarrestar o meigallo) é introducir os ouriños do paciente nunha botella e poñer tres cravos, alfileres ou agullas (j) ; canto mais tempo permanezan

estes elementos na botella, a vida da meiga estará en perigo...", texto datado cara 1671. Non temos constancia do seu emprego a nivel peninsular neste eido, aínda que non sería de descartar dado que existen exemplares de botellas de Raeren nas que se representan escenas relixiosas, que en contextos eclesiásticos católicos fan as funcións de contedores de auga bendita, do que si temos exemplos en Islandia (MEHLER 2009).

A distribución do gres entre os séculos XVI e XVIII semella moi mediatizada polo tráfico comercial anglo-holandés (REINEKING 1980) e as súas áreas de influencia, aínda que é probable que naves españolas e portuguesas transportaran pequenas remesas desta cerámica, como pon de relevo o magnífico estudo de K. Deagan para o Caribe e colonias españolas (DEAGAN 1987), ou mesmo que proveñan do comercio clandestino. Moitos destes exemplares correspóndense con pezas do século XVI e orixe en Frechen, quizais debido a que esta zona pasou varias veces a mans do Imperio Español durante as guerras acaecidas nesa centuria, aínda que dubidamos que a denominación de Bellarminos tivera cabida no ámbito Católico, máis aló do prestixio que esta cerámica acadou na orde internacional.

Para o ámbito caribeño, coñecemos exemplares de gres, non só Bellarminos, en Puerto Real e no pecio do Monte Cristi, acaecido entre 1652 e 1656 e no que se documentaron 1.371 anacos de gres (LESSMAN 1997). Na República Dominicana; no pecio do barco inglés Sea Venture, afundido nas Bermudas en 1609; nas Antillas Holandesas -probablemente do buque Nevis, afundido en 1680-; no pecio do Witte Leeuw en Santa Helena, cuxas pezas están expostas no Museo de Amsterdam, así coma en Haití. Na costa estadounidense aberta ó Golfo de México coñecemos os exemplares de San Agustín da Florida (PLEGUEZUELO e SÁNCHEZ 1997; MARTÍN ET AL . 2008: 68) e o famoso naufraxio do barco San Esteban en Padre Island, Texas, USA, en datas tan temperás coma 1554 (LESSMAN 1997).

No Cono Sur Americano publicáronse recentemente algunhas pezas en Buenos Aires (ZORZI 2014), así coma coleccións de pezas

de Westerwald, sen presenza de Bellarminos, máis tardías, en Santa Fé e no convento de xesuítas de Tucumán (SCHÁVELZON 2001: 259), ou no caso mellor coñecido e estudado, a cidade de Panamá “el Viejo” (MARTÍN ET AL . 2008), que forneceu un pequeno pero representativo conxunto de gres, destacando pezas de Frechen (maioritarias), Colonia, Siegburg, e Renania (xenérico), en datas tan temperás coma 1540, mentres que outros fragmentos de Westerwald e Raeren dátanse na centuria seguinte. En Salvador de Bahía (Brasil), no contexto do ataque e toma da cidade por parte dos ingleses en 1627, tamén se documentaron algunhas pezas de gres, en datas nas que a cidade formaba parte das colonias de Ultramar, pero cunha condicións moito máis abertas ó comercio con outras nacionalidades.

Fóra do ámbito español, cómpre destacar a presenza de pezas deste tipo en Norteamérica localizándose principalmente nas áreas de máis pronta colonización inglesa e forte inmigración europea da fachada atlántica, como Maine, Albany –Fort Orange-, Virxinia – Jamestown- (HUME 1969) e Rhode Island (DEAGAN 1997), ou colonización francesa, como Canada (BRÖKER 2008). E mesmo en pecios máis tardíos como o do buque de guerra Mary Rose, actualmente no Museo Victoria e Alberto de Londres (ELLIOT 1986).

A Compañía Holandesa das Indias Orientais, coas siglas VOC, Verenigde Oostindische Compagnie, que aparece en pezas de gres do século XIX, transportaba numerosas botellas deste tipo, curiosamente xunto a importantes lotes de xofre para a minería, detectado en pecios do Mar do Norte e diversos xacementos habitacionais de Islandia, do círculo comercial do Báltico e xa no Oriente nas illas Indonesias, Indochina, Xapón e outros puntos de maneira residual, en Sri Lanka -pecio de Avondster, 1659- (RASIKA ET AL.), e até Australia Occidental -buque Batavia, afundido en 1629 ou o Vergulde Draeck, 1656- ou mesmo no Canadá -naufraxio do Sapphire, 1696-, xa en datas avanzadas do século XVII (LESSMAN 1997; PRIETO ET AL . 2014).

Outro ámbito de comercio do gres, xa dende o século XVI foi o

Golfo de Guinea e illas dese entorno da costa de África, moi relacionadas co tráfico de escravos portugués e inglés. Pola contra, o Mediterráneo semella alleo ó comercio de gres alemán, máis aló de achádegos puntuais, quizais pola falta de coñecemento desta tipoloxías ou debido a que os estudos priman outro tipo de cerámicas mellor coñecidas neses ámbitos. Para unha completa revisión dos achádegos de gres alemán, recomendamos a xa citada tese de A. Lessman (LESSMAN 1997), mapa tamén incluído e ampliado en Prieto et al. (PRIETO ET AL . 2014: 264).

No ámbito peninsular, como xa dixemos con anterioridade, as pezas publicadas son escasas, froito do descoñecemento do gres renano ou do seu valor crono-tipolóxico. Algunhas pezas procedentes de Xerez, apareceron en recheos de “louza quebrada” do claustro do Convento de Santo Domingo (RUIZ GIL 2014). Tamén existen exemplares na Bacía de Cádiz, Sancti Petri, Osuna, Sevilla (Torre de la Plata), Barcelona (BELTRÁN DE HEREDIA BERCERO Y MIRÓ I ALAIX 2009), na costa de Portugal nas cidades de Lisboa, Porto, Aveiro e no Alentejo (OSSORIO e SILVA 1998) e mesmo na costa de Marrocos (RUIZ GIL 1999).

Finalmente, no Noroeste peninsular apenas contamos con algunhas pezas coñecidas –que non as existentes, con toda seguridade e con meras citas na bibliografía, como é o caso do Bellarmino e outras pezas de Casa do Deán (Compostela). Na cidade de Ourense coñecemos tamén fragmentos dunha xerra de gres marrón de Raeren e outra bicónica de Westerwald, achados en niveis de época moderna no solar “Mirador de San Francisco” anexo á porta da muralla de Cima de Vila, seguramente un antigo pazo (VV.AA. 2009: 83), así coma outra xerra semellante, tamén de Westerwald, procedente da Casa dos Gaioso, edificio patego do século XVI e relacionado coa xerarquía eclesiástica ourensá, xa que a peza procede da escavación do patio renacentista, moi preto da propia catedral (CARAMÉS MOREIRA 2004; XUSTO RODRÍGUEZ 2004; CASTRO LORENZO 2009; XUSTO ET AL. 2009: 219).

Tamén sabemos de pezas indeterminadas de gres en Pontevedra, nunha intervención dirixida por Miguel Sartal nas inmediacións da Ponte do Burgo, pero descoñecemos a súa identificación tipolóxica. No caso do gres de Raeren atopado no xacemento medieval e moderno de A Pousada, nas aforas de Compostela, estaríamos ante un caso peculiar e até certo punto difícil de explicar (PRIETO ET AL. 2014: 264). Nunha intervención recente, exhumouse un fragmento de gres de Westerwald nas escavacións do Castelo de Eirís nas proximidades de A Coruña, nunha construción defensiva datada en 1636 e logo convertida en pazo. Por último, o máis coñecido até o de agora procede do Parque da Palma de Baiona, datado cara o século XVII e acompañado de cerámicas de Westerwald nunha intervención da que se derivaron diversos artigos sobre os materiais exhumados (CARAMÉS MOREIRA 2004).

Moi recentemente coñecemos novas pezas de gres, aínda non publicadas, pero que falan ben ás claras da importancia comercial de outros portos galegos, coma no caso do fondeadoiro de Ribadeo (Lugo), onde se localizaron abondosas pezas de época moderna derivadas de residuos de navegación, entre as que se contaban dúas xerras de Westerwald e un Bellarmino, sen descartar que exista un naufraxio nas inmediacións, seguramente un barco inglés ou holandés do século XVII, dada a alta concentración de materiais.

Máis polo miúdo, unha destas pezas de Ribadeo (RIB-019/011) corresponderíase cunha botella de tipo Bellarmino antiga, co característico “Tigerware” marrón, pasta gris e coa faciana moi estilizada e naturalista, que recorda a algunha peza de Siegburg. Xunto a esta peza, localizáronse os que quizais sexan os mellores exemplares de botellas de Westerwald do Noroeste, como a de pasta clara (RIB-018/11) e salpicado de manchóns azuis, e a gran botella decorada con impresións de flores de seis pétalos, manchóns azuis e tres medallóns nos que se representa a unha aguia bicéfala (figuras 10, 13 y 14).



Figura 10. Cerámica de Westerwald de Ribadeo.



Figura 11. Bellarmino de Baiona.



Figura 12. Canecos achados en Galicia, á esquerda exemplares das Illas Cíes e á dereita de Ribadeo.



Figura 13. Fragmento de Bellarmino de Ribadeo.



Figura 14. Botella de Westerwald de Ribadeo.

Nun caso moi parello ó anterior, o fondeadoiro de Baiona (Pontevedra) nas proximidades do Castelo de Monte Real, aportou até catro pezas de gres alemán das cales dúas son Bellarminos, aínda que sabemos que existen outras pezas de gres indeterminadas e non identificadas tipolóxicamente. No contexto dunha draga no porto, recuperouse unha cantidade inxente de material derivado do emprego diacrónico do fondeadoiro, que como xa dixemos era Porto Real e con dereito de desembarco de mercadorías, polo que a publicación completa dos seus materiais resultará chave para o coñecemento do comercio en época moderna.

Xa se coñecía con anterioridade o Bellarmino do Parque da Palma de Baiona (CARAMÉS MOREIRA 2004), unha peza singular e sen parangón nos outros exemplares coñecidos no Noroeste, xa que presenta unhas características de pasta e acabado brillante que o diferencia, ademais da expresividade do rostro. Os outros dous Bellarminos de Baiona derivan da draga do fondeadoiro, e aseméllanse máis ó que presentamos procedente de Vigo; no primeiro caso (pezas sen sigla), presenta cor, acabado e uns trazos faciais practicamente idénticos á peza viguesa, coa salvedade dunha expresión máis grotesca e pola presenza de dúas rosetas sobre un bigote revirado cara o nariz, polo que pensamos que se trata dunha peza evoluída dentro do repertorio. No segundo exemplar, identificado coma parte superior dunha botella, consérvase a queixada do rostro, cunha espesa e ben distribuída barba e cara amable; xa no corpo da peza, albíscanse até tres medallóns parciais, que semellan representar elementos vexetais a modo de coroa, sobre un escudo cuarteado, case que desaparecido. Ámbalas pezas poderíamos datalas no século XVII, ó igual que outras de gres do mesmo contexto, como a botella en dous fragmentos (sigla 15/11), de tipo “Tigerware” marrón e outra similar (sigla 28/1/08) con menor brillo, asa en cinta e golete no colo (figuras 11 y 15).



Figura 15. Xerra de gres alemán de Baiona.



Figura 16. Bellarminos no pecio do Dalarö Wreck ao SE de Estocolmo, Suecia [www.sjohistoriska.se](http://www.sjohistoriska.se).

No século XVIII e XIX a fabricación de gres redúcese considerablemente, debido á existencia de novos contedores, pero pervive en forma de “canecos”, botellas cerradas con asa na parte superior, que contiñan xenebra (RUIZ GIL e MÁRQUEZ CARMONA 2010: 5), produto estrela de Alemaña nestas datas (que substitúe ó ron caribeño de grande éxito até entón), quedando o contedor como mero receptáculo do líquido. Exemplos de “canecos” de gres antigos no Noroeste abundan nas zonas costeiras, coma en Ribadeo, Baiona, Vigo e mesmo nun recente achádego nas Illas Cíes, peza na que se intúen as iniciais da Compañía Holandesa das Indias Orientais, VOC e unha “S” na parte inferior (figura 12).

Cara estas datas de comezos do século XIX, a louza porcelánica copa a totalidade dos mercados, manténdose redutos de modas anteriores que persisten, coma as nova xerras de cervexa popularizadas en Francia e especialmente Inglaterra, chamadas Toby Jug, nas que se representan personaxes vestidos de época, sentados e coas facianas expresivas que os caracterizan, son os famosos “Mambrús” dos que Sargadelos producirá gran cantidade e que non

deixan de ser unha reminiscencia da tradición anterior.

## CONCLUSIÓNS

Como acabamos de expor, a presenza de pezas de gres en Vigo e na costa galega non é algo alleo, senón que se inxire na dinámica comercial marítima da súa época; a falta de estudos e de publicacións sobre estas pezas é a eiva coa que contamos na actualidade, sobre todo logo da descuberta dunha grande cantidade de fragmentos no Porto Real de Baiona que fala ben ás claras dun panorama arqueolóxico que chama ás nosas portas coma recurso a explotar

A existencia xa non só de pezas illadas, senón de auténticos depósitos comerciais en Baiona reflicte unha situación que comezamos a valorar dende fai ben pouco; a existencia de pezas de gres, até o de agora restrinxida a ámbitos eclesiásticos como a Casa do Deán e Claustro da Catedral de Santiago de Compostela, nos luxosos pazos urbanos da mitra ourensá, en ámbitos como o do xacemento de Pousada nas aforas de Compostela (PRIETO ET AL. 2014) ou no noso caso das inmediacións do Castelo de San Sebastián, abre a porta a unha visión non tan reduccionista deste comercio. Producións que seguramente tiveron unha aceptación e mercado moito maior do que até o de agora pensabamos, formando parte dun enxoval ou pertenzas privadas de gran valor suntuario, restrinxido nun primeiro momento a clases con poder adquisitivo e co paso do tempo e a proliferación de fábricas e tipos, acadaría estratos intermedios da sociedade. Con toda seguridade, en vindeiras intervencións arqueolóxicas documentaranse novos exemplares, abrindo o panorama de distribución do gres a boa parte do mapa do Noroeste peninsular.

Este achádego que acabamos de presentar, coma outros ben recentes, pon de relevo a importancia comercial dos portos galegos, unindo case que tódolos puntos da rede marítima a nivel mundial, polo que é un perfecto exemplo da transcendencia que os materiais arqueolóxicos posúen á hora de estudar os movementos comerciais e humanos na Idade Moderna, momento no que por primeira vez o

mundo se volve globalizado e no que as cidades costeiras galegas de maior relevancia aparecen coma puntos de carga e descarga de ditas mercancías, ou ben chegan aquí da man de descoñecidos viaxeiros. Os portos contan historias que a arqueoloxía desentraña.

Esperamos que artigos coma este poñan en solfa esta cerámica de importante papel diagnóstico, que tan desapercibida pasou polo de agora no ámbito arqueolóxico galego até aquela descuberta dun Bellarmino na escavación do Parque da Palma de Baiona alá por 1992; dende entón, as diferentes producións publicadas dese mal logrado “reduto da Vila Vella” e o seu Porto Real, seguen a marcar o aínda incipiente estudo das cerámicas da Idade Moderna en Galicia. Alguén tiña que abrir camiño.

### NOTAS FINAIS E AGRADECEMENTOS

Para o traballo con este tipo de recipientes e cerámica moderna en xeral, recomendamos o catálogo de pezas da páxina <http://www.flmnh.ufl.edu/>, lamentablemente a denominación de moitas das tipoloxías deriva dos achédegos do Caribe con base a clasificacións realizadas por Goggin (GOGGIN 1968) e máis tarde por Lister e Lister (LIESTER e LISTER 1987), toda vez que serviron de base ó seu estudo na zona, deixando totalmente de lado a investigación realizada en Europa. No tocante a Galicia, recomendamos as publicacións de M. Xusto (XUSTO RODRÍGUEZ 2004) sobre as cerámicas de Westerwald, de M.L. Castro sobre importacións italianas de Montelupo (CASTRO LORENZO 2006) e das cerámicas de luxo en diversos contextos da cidade de Santiago de Compostela (CASTRO LORENZO 2009), de A. Folgueira sobre as louzas modernas de Lugo (FOLGUEIRA CASTRO 2015), a obra de P. Prieto, O. Lantes e A. Toucido sobre a curiosa peza de A Pousada (PRIETO ET AL . 2014) e, especialmente, as publicacións de V. Caramés sobre o amplo repertorio de pezas da Idade Moderna da Vilavella de Baiona (CARAMÉS MOREIRA 2004 e 2006).

De maneira xenérica, o traballo máis completo sobre o gres

alemán é a tese de de A. Lessman (1997), aínda que lamentablemente carece de datos da Península Ibérica.

Agradecemos a Don Miguel Sartal Lorenzo a posibilidade de elaborar este artigo, así como toda a información aportada e a cesión da Memoria técnica “Proyecto marco 2013. Control arqueológico de redes subterráneas de hasta 20 Kv, en Vigo (Pontevedra)”. Datos provisionais doutra das súas intervencións, nun solar das inmediacións de Ponte do Burgo (Pontevedra), onde se localizou a muralla da vila pontevedresa e diversas estruturas relacionadas co porto e fondeadoiro, tamén nos permitiu identificar pezas que semellan corresponderse con producións xermanas de época moderna.

Agradecemos tamén a colaboración e contribucións de outros arqueólogos como o persoal da empresa Argos Actividades Subacuáticas, especialmente a David Abella, encargados da prospección subacuática para a Carta Arqueolóxica de Galicia, costeadá pola Xunta no ano 2011, que conlevou a descuberta dos materiais de Ribadeo.

Por último, agradecemos enormemente a inestimable axuda de Andrea Serodio e Vicente Caramés, tanto polas facilidades dadas para a consulta de pezas así coma tódalas súas aportacións ó coñecemento da cerámica moderna no NW.

Os materiais arqueolóxicos consultados atópanse depositados no Museo Quiñones de León e no Museo do Mar de Galicia.

## BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA PIÑEIRO, A. 1997. “Vigo: notas de arqueoloxía urbana”. A Buguina nº 1, pp. 16-19.

BELTRÁN DE HEREDIA BERCERO, J. & MIRÓ I ALAIX, N. 2009. “El comerçals segles XVI-XVII a través del materials arqueològics apareguts a Barcelona”, en XI Congrés d’Historia de

Barcelona – La ciutat en xarxa. Barcelona, pp. 14-91

BRÖKER, A. (2008). Rheinisches Steinzeug in der Nouvelle-France Quebec/Kanada. Inaugural-Dissertation zur Erlangung des Doktorgrades der Philosophie an der Ludwig-Maximilians-Universität München. (publicación web: [https://edoc.ub.uni-muenchen.de/10084/1/Broeker\\_Anna.pdf](https://edoc.ub.uni-muenchen.de/10084/1/Broeker_Anna.pdf). consultada o día 10 de maio de 2016).

CARAMÉS MOREIRA, V. 2006. “Lozas Sevillanas en Baiona en los siglos XV y XVI”. *Glaukopis*, 12, pp. 203-228

CARAMÉS MOREIRA, V. 2004. “Fragmento de gres alemán”, en V. Caramés Moreira (coord.) *Ate o confín do mundo: Diálogos entre Santiago e O Mar*. Vigo, Deputación de Pontevedra, pp. 238

CASTRO LORENZO M.L. 2009. “La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología”. *Pontevedra. Revista de Estudos Provinciais*, 22, pp. 123-158.

CASTRO LORENZO M.L. 2006. “La mayólica italiana: platos de Montelupo con decoración “al blu graffito” en Santiago de Compostela”. *Boletín Auriense*, XXXVI, pp. 35-46.

CÉSAR VILA M. & BONILLA RODRÍGUEZ, A. 2003. “Estudio de los materiales cerámicos del Castelo da Lúa (Rianxo, A Coruña)”. *Gallaecia*, 22, pp. 297-367.

DEAGAN, K. 1987. *Artifacts of the spanish colonies of Florida and the caribbean, 1500-1800*. Washington D.C., Smithsonian Institution Press.

ELLIOT, G.B. 1986. “The success of Frechener facons exported as “CologneWare“ in Late Medieval trade from the Rhine”. *The International Journal of Nautical Archaeology and Underwater*

Exploration, 15 (2), pp. 85-91.

ERIAS MARTÍNEZ, A. 2009. "O home que vomita ramas (green man ou home verde, Santiago o Verde...), e algunhas figuras de resucitados da Galicia Medieval, reflexións a partir de algúns casos". Anuario Brigantino, 32., pp. 285-308.

FOLGUEIRA CASTRO, A. 2015. "Contextos cerámicos de época moderna en Lugo (ss. XVI-XVIII)", Férvedes, Revista de Investigación, 8, pp. 431-437.

GAIMSTER, D. 1987. "The supply of Rhenish stoneware to London, 1350-1600". The London Archaeologist, 5, pp. 339-347.

GAIMSTER, D. 1997. German Stoneware 1200-1900: archaeology and cultural history. Londres, British Museum Press.

GARRIDO RODRÍGUEZ, J. 2011. El origen de Vigo. El Monte de O Castro y su castillo. Vigo, Deputación de Pontevedra.

GOGGIN, J.M. 1968. Spanish Majolica in the New World: Types of the Sixteenth to Eighteenth Centuries, Yale University., Department of Anthropology.

GOGGIN, J.M. 1960. "The Spanish Olive Jar. An introductory study", en Papers in Caribbean Anthropology, 62. Yale University., Department of Anthropology.

HUGONOT, J.Y. 2006. Terres de Saintonge. L'Art de la poterie XIIème-XIXème siècle. Saintes, Ed. Somogy.

HUME, I. N. 1969. A guide to artifacts of colonial America. Philadelphia, University of Pennsylvania Press.

LESSMAN, A.W. 1997. The rhenish stoneware from the Monte Cristi shipwreck, Dominican Republic. Tesis Doctoral. Texas A&M

University.

LISTER, F.C. & LISTER R.H. 1987. *Andalusian ceramics in Spain and New Spain: A Cultural Register from the Third Century B.C. to 1700*. Tucson, The University of Arizona Press.

MARTIN, J.G.; ZEISCHKA-KENZLER, A.; MOMMSEN, H. & KOTTMANN, A. 2008. “La sutil presencia alemana en el Panamá colonial”, en *Canto Rodado*, 3, pp. 65-94.

MARTÍNEZ CASAL, J.R. 2006. “A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudo”. *Gallaecia*, 25, pp. 187-225.

MEHLER, N. 2009. “The perception and interpretation of Hanseatic material culture in the North Atlantic: problems and suggestions”. *Journal of North Atlantic*, 1, pp. 89-108.

OSORIO, M.I. & SILVA, A.M. 1998. “Cerámicas vidriadas de época moderna no Porto”, J. M. Diogo y H. Abraços (coords.), en *Actas das 2ª jornadas de cerámica medieval e pos-medieval. Métodos e resultados par o seu Estudo*, Cámara Municipal de Tondela, pp. 283-314.

PLEGUEZUELO, A. & SÁNCHEZ, J.M. 1997. “La exportación a América de cerámicas europeas (1492-1650).”, en *Transferencias y comerci de cerámica a l’Europa mediterránea (segles XIV-XVIII)*, XV Jornades de d’Estudis Histories Locals”, Mallorca, pp. 333-263.

PETRI, B. 2006. *Steinzeug aus Frechen*, en *Frechener Bartmannkrüge*, Ed. Stiftung Keramion, Frechen.

PRIETO MARTÍNEZ, M.P.; LANTES-SUÁREZ, O. & ALONSO TOUCIDO, F. 2014. “Una cerámica de gres de Raeren en Santiago de Compostela (NW de España), en *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península*

Ibérica. León, Univ. De León , pp. 253-268.

RASIKA MUTHUCUMARANA, R.; WEERASINHA, P. & DAYANANDA, A. M. A. Beardman jugs from the Avondster site. Publicación web: <http://maritimeasia.ws/maritimelanka/avondster/beardman.html>. Consultada o día 29 de maio de 2016.

REINEKING VON BOCK, G. 1980. “Verbreitung von rheinischem Steinzeug”. Lübecker Schriften zur Archäologie und Kulturgeschichte, 4, pp. 115-119.

RÍO CANEDO del V. & RODRÍGUEZ, X. 2015. “Cerámica vermella de Aveiro na Casa do Deán (Santiago de Compostela). Unha aproximación tipolóxica”. Boletín Auriense, XLV, pp. 119-156.

RUIZ GIL, J.A. 2014. “Las “bellarminas” alemanas”, en “La Pieza del Mes” del Museo Arqueológico Municipal de Jerez. Museo Arqueológico de Jerez (publicación web: [http://www.jerez.es/fileadmin/Image\\_Archive/Museo/Las\\_bellarminas\\_alemanas.pdf](http://www.jerez.es/fileadmin/Image_Archive/Museo/Las_bellarminas_alemanas.pdf), consultada o día 29 de xaneiro de 2016).

RUIZ GIL, J.A. 1999. Arqueología de la Bahía de Cádiz. Tesis Doctoral da Universidade de Huelva.

RUIZ GIL, J.A. & MÁRQUEZ CARMONA, L. 2010. “Canecos y ginebra: tráfico comercial en la provincia de Cádiz”, en Cuaternario y arqueología: homenaje a Francisco Giles Pacheco., Universidad de Cádiz, pp. 331-339.

SCHÁVELZON, D. 2001. Catálogo de cerámicas históricas de Buenos Aires (siglos XVI-XX). Con notas sobre la región del Río de la Plata. Fundación para la investigación del arte argentino (publicación web: <http://www.iaa.fadu.uba.ar/cau/?p=1110>, consultada o día 11 de febreiro de 2016).

XUSTO RODRÍGUEZ, M. 2004. “Exemplos de cerámicas de Westerwald (Renania, Alemania) atopadas en Galicia”, en V. Caramés Moreira (coord.) Ate o confín do mundo: Diálogos entre Santiago e o Mar. Vigo, Deputación de Pontevedra, pp. 240.

XUSTO RODRÍGUEZ, M. & FERNÁNDEZ QUINTELA, X.M. 2009. “Intervención arqueolóxica no pazo dos Gaioso”, en VV.AA. 2009. Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI. Estudos. Museo Arqueolóxico de Ourense, pp. 211-248.

VV.AA. (SEARA, A.; ORERO, L.; CRISTÓBAL, R.; ÁLVAREZ Y; LÓPEZ, L.F.; RODRÍGUEZ, C.; FERRER, S.; GARCÍA. M.; LAMAS, J.; FARIÑA, F.; FERNÁNDEZ, X.M. & XUSTO, M. ) 2009. Ourense. A cidade, da orixe ao século XVI. Catálogo. Museo Arqueolóxico de Ourense.

ZORZI, F. 2014. Arqueología en Buenos Aires (publicación web: <https://sites.google.com/site/arqueologiaenbuenosaires/notas-sobre-los-materiales-recuperados/una-bellarmina-alemana-del-siglo-xvii>, consultada o 14 de febreiro de 2016).

Prieto Martínez, M. P., Lantes-Suárez, O., & Alonso Toucido, F. (2015). Una cerámica de gres de Raeren en Santiago de Compostela (NW de España). En R. Martínez Peñín & G. Cavero Domínguez (Eds.), *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica* (pp. 253-268). El Forastero. ISBN: 978-84-942791-8-8.

Una cerámica de gres de Raeren en Santiago de Compostela (NW Spain)

María Pilar Prieto Martínez  
Universidad de Santiago de Compostela

Óscar Lantes-Suárez  
Universidad de Santiago de Compostela

Francisco Alonso Toucido  
Universidad de Santiago de Compostela

We present the research results obtained from the finding of an exceptional fragment of pottery found during archaeological excavations in Galicia: a piece of German stoneware with complex decoration, from the pottery workshops of Raeren. We provide data on different aspects of the pottery, from its morphological and iconographic features through to more detailed technical data, obtained from the archaeometric analyses carried out on the clay and glaze.

The main aim of this study is to reconstruct the operational sequence of this vessel, from its manufacture and use through to its abandonment in the site of 'A Pousada', where the piece was recovered, close to the city of Santiago de Compostela. We also provide information on the presence of German stoneware in different sites in Galicia, the Iberian Peninsula and its distribution at international level. We note that although only a few pieces have been

found in Galicia, their density is still greater than for other parts of the Iberian Peninsula.

Finally, through this study we hope to demonstrate the need to identify and study this type of pottery from an archaeological perspective, as it is found more frequently than would be expected. This allows us to determine its chronology quite precisely in some cases, which would be of great help in studying contexts from the modern age.

### Introducción

La cerámica denominada postmedieval o de época moderna es un elemento de cultura material apenas estudiado en arqueología y mucho menos desde una línea de investigación arqueométrica. En concreto, en España, la Arqueología de Época Moderna (*historical archaeology*) está escasamente desarrollada pues parece mucho más accesible el estudio de las fuentes escritas para poder obtener conocimiento histórico en esa fase de nuestro pasado. En particular en Galicia este terreno ha sido desbrozado de manera preliminar por unas pocas publicaciones, entre las que destacan los trabajos de Castro Lorenzo (2006 y 2009), que básicamente se han centrado en lo que se denominan las cerámicas importadas de lujo, y para la cerámica común regional contamos con el estudio de César Vila y Bonilla Rodríguez (2003) sobre los materiales procedentes del "castillo de A Lúa", en Rianxo. Debemos destacar que el material de este período, entre otras funciones, puede ser utilizado como elemento de gran utilidad para la datación relativa de los niveles modernos en excavaciones principalmente urbanas, en las que a menudo no hay medios económicos para financiar una datación radiocarbónica y en algún caso esta cerámica, si es bien conocida, puede permitir ajustar una cronología con igual o incluso mayor precisión que cualquier analítica.

En el año 2001 a raíz de la realización de una serie de trabajos arqueológicos en las proximidades de Santiago de Compostela, en el

yacimiento de “A Pousada” (Fig. 1), se documentó una pieza de especial interés para el registro cerámico de época Moderna y que mostramos en el presente trabajo. Se trata de un fragmento de gres que se corresponde con una jarra fabricada en talleres renanos alemanes entre 1580 y 1600.

Nuestro objetivo es dar a conocer este fragmento de gres renano, y para ello aportamos información arqueológica de la cerámica e información arqueométrica (obtenida en este trabajo, con diferentes técnicas de análisis) y hemos combinado esta información con aquella conocida para la producción de este tipo de cerámica.

Partiendo del estudio particular de la pieza hemos indagado sobre este tipo de producción en Galicia, descubriendo que estas cerámicas son muy escasas, poco conocidas, y por tanto de difícil identificación por parte de los arqueólogos, pasando desapercibidas en la mayor parte de los casos. Por lo que el interés de nuestro trabajo radica asimismo en sacar a la luz un tipo cerámico fácil de identificar una vez que se ha aprendido a reconocer.

## 10. A cerámica de época moderna



Figura 1. Localización del yacimiento. Mapa de los ayuntamientos por los que discurre el trazado de la autopista Santiago-Alto de Santo Domingo y localización de Bornáis lugar en el que se encuentra el yacimiento de “A Pousada” (a partir de Blanco et al., 2010, fig. 1).

En el conjunto de las cerámicas estudiadas en Galicia únicamente se menciona la presencia de jarras de gres alemán en la provincia de Pontevedra (Baiona, Vigo y Pontevedra capital) (Caramés, 2004; Beltrán y Miró, 2009: 10), gres de Westerwald y Raeren en el horizonte correspondiente a los siglos XVI-XVII-mediados del XVIII documentadas en la “Casa del Deán” de la ciudad de Santiago de Compostela (Xusto, 2004; Castro Lorenzo, 2009: 140) y gres de Westerwald del XVII en Ourense capital (Xusto, 2004), sin más detalles cuantitativos ni cualitativos.

La interpretación que se da a estos hallazgos en el caso de Santiago de Compostela es que su uso se asocia a un ambiente de clases pudientes y acomodadas, pues son documentados en barrios próximos a la Catedral (Castro Lorenzo, 2009: 151). Además, debe añadirse la importancia del carácter cosmopolita que tenían las ciudades gallegas en esos tiempos del Renacimiento tardío, en donde se demuestra que la costa gallega jugaba un papel destacado dentro del flujo comercial existente entre el Mediterráneo y los puertos del Norte de Europa (Xusto, 2004). La cerámica de los alfares de Westerwald relaciona las principales ciudades gallegas con las del N de Europa en el siglo XVII (Xusto, 2004).

Además de Galicia, se han hallado en la Península Ibérica algunas piezas de gres alemán, si bien su número no es muy amplio. Se conoce su presencia en Barcelona, una pieza casi completa de gres alemán sin decorar amortizada en un estrato del siglo XVIII (Beltrán y Miró, 2010: 78). En la costa atlántica los hallazgos son más frecuentes, ya en la zona de Sevilla y la costa portuguesa se suman 7 yacimientos. En Sevilla capital (Pleguezuelo y Sánchez, 1997) y en la provincia, en Estepa y en Osuna, aparte de un recipiente de gres alemán se encontraron en una intervención arqueológica fragmentos de otro recipiente que decorativa y morfológicamente se asimila al gres alemán pero realizado en cerámica vidriada melada de tradición islámica. Con una factura más burda y proporciones rechonchas, se interpreta esta pieza como una imitación hispana del gres europeo (Ruiz Cecil y Jofre Serra, 2004: 124). Finalmente, en la costa

portuguesa se conocen al menos 4 ciudades en las que se documentó gres alemán: Lisboa, Porto, Aveiro y Alentejo (Osorio y Silva, 1998; Alves, 1998; Pita, 2001, referencias tomadas a partir de Ruiz Cecil y Jofre Serra, 2004). Por tanto, las piezas de gres alemán son excepcionales en el registro arqueológico, en particular y por el momento, el tipo de pieza documentada en A Pousada es única en la Península Ibérica, como veremos a lo largo de este trabajo.

## 2. El contexto: el yacimiento de “A Pousada”

La pieza cerámica objeto de este trabajo ha sido recuperada en el yacimiento de “A Pousada” emplazado en el lugar de Bornais (Santiago de Compostela). La excavación realizada en 2001 abarcó una extensión de 432 m<sup>2</sup> y fueron identificadas ocho fases de ocupación y uso. En las cuatro primeras fases el sitio sería un asentamiento vinculado a un uso residencial relacionado con las labores agrícolas, las fases V y VI estarían relacionadas con diferentes procesos de abandono del mismo, y las dos últimas estarían orientadas a la reutilización de dicho espacio como área e cultivo (Ballesteros et al., 2006; Blanco et al., 2010).

La cerámica estudiada se recuperó en la UE20 del yacimiento (Fig. 2) y se asocia a la primera fase de abandono (fase V) de adscripción Bajomedieval-Temprana Edad Media (Blanco et al., 2010). La adscripción asignada a partir del estudio estratigráfico y de los materiales, coincide bien con las fechas de fabricación conocidas para la pieza, entre 1580 y 1600 (Gaimster, 1997). Sin embargo, se debe mantener cierta cautela, ya que estas piezas de gres pueden tener un tiempo prolongado de uso.




Figura 2. Planta de la excavación con la ubicación estratigráfica de la pieza de estudio. Se diferencian las fases identificadas (a partir de Blanco et al., 2010, fig. 2).

### 3. La pieza

Se trata de un fragmento de panza de pequeño tamaño (81x60x8 mm) que se corresponde con la morfología de una jarra (12 cm de diámetro). La textura es de aspecto compacto con desgrasante fino distribuido regularmente y que apenas se aprecia de visu, y en éste no se puede determinar la angulosidad debido a su tamaño (el grano mayor detectado en la pieza tiene tan solo 0,05 mm de diámetro). El color exterior es pardo-melado homogéneo, con sección monocroma claramente gris, y color interior pardo mate. En la superficie interior, se pueden apreciar claramente las marcas paralelas regulares resultado de la técnica de modelado empleada. Estos rasgos son característicos del gres.

La pieza, realizada con técnica de torno bajo, está decorada con una escena religiosa organizada en un friso que rodea el galbo y toda la superficie está recubierta por un vidriado. Sus características se

corresponden con las de una jarra de importación de procedencia renana y sabemos que la matriz del molde de este friso se documenta hacia 1580, por lo cual podemos datar de manera aproximada su producción en el último cuarto del XVI (Kohnemann, 1982), aunque hay que tener en cuenta que esta matriz fue utilizada durante varias generaciones. La escena representada es un fragmento del nacimiento de Cristo, en el que José reposa en sus rodillas delante del recién nacido Cristo, detrás de un guardia. Esta escena se vincula con una iconografía típica, en seis imágenes, de algunas jarras de esta región.




Figura 3. Montaje de dibujo y fotografías de la pieza (código de recipiente CAPOU056). (1): Dibujo arqueológico. (2): Foto general: cara externa (izquierda) / cara interna (derecha). (3): Detalle fragmento: cara externa (izquierda) / cara interna (derecha). (4): Detalle fragmento fractura fresca (izquierda) / fractura pulida (derecha).

A partir de recipientes completos se conoce la iconografía de las seis escenas, como se puede ver en la figura que se adjunta (Fig. 4) la imagen de una jarra que posee esta iconografía bien conservada y completa, de rasgos semejantes a la jarra documentada en “A

Pousada”, ésta es la siguiente:

1. Anunciación de María por el arcángel Gabriel (Ave María).
2. María e Isabel.
3. El nacimiento del Cristo.
4. La visita por los pastores.
5. La visita de los Reyes magos.
6. La huida de José a Egipto.



Figura 4. Recipiente completo (Deutsches Keramikmuseum-Hetjens Museum en Düsseldorf-D), N° d'inv. C210, a la izquierda. Escena completa del nacimiento de Cristo, a la derecha.

Se han realizado, además análisis de pastas en la pieza. En lo que se refiere a la metodología analítica seguimos los procedimientos de análisis publicados en Martínez Cortizas et al. (2008) y Lantes-Suárez et al. (2011) y que resumimos a continuación.

La composición elemental del cuerpo cerámico se determinó con Espectrometría de Fluorescencia de rayos X (XRF), eliminando

previamente el vidriado externo en el fragmento utilizado para el análisis. Se determinaron 26 elementos químicos entre biófilos, mayoritarios y minoritarios, traza litogénicos, traza metálicos y afines y halogenuros. La mineralogía del cuerpo cerámico se determinó con la técnica de difracción de rayos X de Polvo Cristalino. El vidriado se estudió con microscopía estereográfica (ME) y con microscopía electrónica de barrido con microsonda acoplada para el microanálisis elemental en superficie (SEM-EDX).

En cuanto a los resultados arqueométricos, cabe destacar que para el cuerpo cerámico, se determinó la concentración de elementos biófilos como el carbono, con una concentración de 0,24%, el fósforo con 262  $\mu\text{g g}^{-1}$  (ppm, partes por millón en peso) y el azufre con 819  $\mu\text{g g}^{-1}$ .

No se detecta nitrógeno en cantidades cuantificables. Los elementos mayoritarios identificados son el aluminio y silicio (Al: 9,2%, Si: 34,4%). Dentro de los elementos minoritarios se analizó hierro (0,70%), titanio (0,90%), potasio (0,50%) y calcio (0,10%). El magnesio no se detectó.

Entre los elementos minoritarios, se identifica galio (11  $\mu\text{g g}^{-1}$ ), rubidio (69  $\mu\text{g g}^{-1}$ ), estroncio (68  $\mu\text{g g}^{-1}$ ), itrio (53  $\mu\text{g g}^{-1}$ ), zirconio (418  $\mu\text{g g}^{-1}$ ), niobio (23  $\mu\text{g g}^{-1}$ ) y torio (no cuantificable). Los elementos traza metálicos y afines presentaron concentraciones siempre inferiores a los 400  $\mu\text{g g}^{-1}$ , vanadio: 141  $\mu\text{g g}^{-1}$ , cromo: 96  $\mu\text{g g}^{-1}$ , níquel: 17  $\mu\text{g g}^{-1}$ , zinc: 63  $\mu\text{g g}^{-1}$ , plomo: 372  $\mu\text{g g}^{-1}$ , arsénico: 1  $\mu\text{g g}^{-1}$ . También se detectó manganeso y cobre que no se han podido cuantificar por solapamiento de sus líneas espectrales con las del plomo. Finalmente, entre los halogenuros, se detecta bromo, tampoco cuantificable por solapamiento espectral con el plomo, y cloro, con 214  $\mu\text{g g}^{-1}$ . La composición elemental es pues, muy rica en cuarzo y aluminio y muy pobre en álcalis, hierro y en otros elementos traza, destacando los valores relativamente altos para el plomo (elemento que puede aparecer como traza por reemplazamiento natural del  $\text{K}^+$  en minerales como los feldspatos potásicos (Makarona et al., 2012).

La mineralogía del cuerpo cerámico se comprobó que estaba formada por tres minerales, cristobalita (82%), cuarzo (16%) y mullita (3%). La cristobalita y mullita son minerales de neoformación que cristalizan a partir de la sílice y alúmina liberadas al destruirse la caolinita en procesos térmicos de alta temperatura habitualmente entre los 900 y 1100 °C (Heimann, 1989; Herz y Garrison, 1998). La presencia de estos minerales y la ausencia de otros nos indicaría que la arcilla con la que se elaboró esta cerámica es de tipo caolinítico, con ausencia de material calcáreo y que ha sido sometida a altas temperaturas (Capel, 1985; McKenzie, 1970: 526, Velde, 1992: 174, Heimann, 1989). La cristobalita empieza a fundirse a los 1655°C y la mullita a los 1930°C, en función de los fundentes que estén presentes, como pueden ser los feldespatos (Morales Güeto, 2005: 69, 77 y 84). De este modo, la presencia de cristobalita y de mullita es incompatible con la identificación difractométrica de la caolinita heredada. La ausencia de espinela, el alto porcentaje de cristobalita y la baja concentración de mullita, sugiere que la temperatura no ha debido de ser muy superior a los 1100°C y casi seguro que no superó los 1500-1600°C, pues en este caso, deberíamos encontrar mayores proporciones de mullita en relación a la cristobalita y el cuarzo.

La composición de la pasta cruda atribuida a esta pieza, sería similar a las descritas por Vittel (1986) para gres común de Alemania y Francia (caolinita: 55%; cuarzo: 40%; feldespato K: 5%).




Figura 5. Montaje de fotos y espectros de la pieza. (1): Gráfico de síntesis de elementos químicos de la pieza. (2): Espectro matriz. (3): Espectro superficie del vidriado. (4): Imagen SEM en sección vertical (izquierda) y en superficie de vidriado (derecha). Na: sodio; Mg: magnesio; Al: aluminio; Si: silicio; P: fósforo; S: azufre; Cl: cloro; K: potasio; Ca: calcio; Ti: titanio; Mn: manganeso; Fe: hierro.

En relación con el vidriado, de color marrón translúcido, se comprobó en ME y SEM, (Fig. 5) que no se encontraba fisurado ni fracturado y tan sólo estaba rayado superficialmente.

En SEM, en el modo de detección de electrones retrodispersados y con la pieza observada en sección vertical, no se apreció una capa diferenciada, lo que nos indica que la composición elemental es la misma o muy similar a la del cuerpo cerámico (en este modo de detección se contrastan fuertemente las diferencias composicionales). Sí se observa, en el análisis SEM de la superficie, la presencia de una capa vidriada muy fina, pues en alguna zona se vislumbra la matriz (del mismo modo que una película más o menos transparente, que en sus zonas menos gruesas permitiría ver lo que hay bajo ella). Los elementos detectados con la microsonda de electrones son: sodio, magnesio, aluminio, silicio, fósforo, azufre, potasio, calcio, titanio, manganeso e hierro. No se detectó, sin embargo, la presencia de plomo. En comparación con el análisis del cuerpo cerámico, se observa como el vidriado es más rico en sodio, potasio, calcio, titanio e hierro y tiene una menor concentración de aluminio y silicio. Se descarta que se trate de un vidriado plúmbico y se identifica como un vidriado a la sal (con un 2,4% de sodio). En el proceso, de “esmaltado por salamiento”, el Na se combina con la sílice y la alúmina de la arcilla, y el Cl, por su parte, se evapora (Vittel, 1986: 55).

#### 4. La producción de gres alemán

Raeren, se localiza en la Wallonia belga actual, en el NE de Bélgica, justo al lado de la frontera con Alemania, forma parte de un grupo de cinco prestigiosos talleres de la zona renana con una amplia tradición (los talleres de Langerwere, Frechen, Siegburg y Westerwald se sitúan en la actual Alemania) (Fig. 6).



Figura 6. Localización de los talleres que fabrican gres renano, a la izquierda. Zona de extracción de barros en el taller de Raeren (Mennicken, 2005: 31, fig. 1), a la derecha.

Su cerámica, gres de lujo, responde a un estilo caracterizado por una gran variedad de morfologías fabricadas a torno bajo en gres y vidriadas inicialmente en marrón. Su cocción duraba varios días, alcanzando una temperatura de  $1250^{\circ}\text{C}$ . El área de extracción de la materia prima está en las proximidades de Raeren, entre 2 y 4 km localizadas al N y W (Adler, 2005: 261). Está hecho con vidriado a la sal, técnica descubierta en el siglo XV (Hildyard, 1999: 13), que consistía en introducir cerca de 400 kilos de sal de cocina gruesa ( $\text{NaCl}$ , cloruro sódico) por las aperturas de las chimeneas. A esta temperatura, la sal se descomponía. Por un lado, el sodio se asociaba con los silicatos contenidos en la arcilla para formar el esmalte o el vidriado (silicatos de sodio), mientras que los vapores de cloro se escapaban bajo la forma de nubes blancas (Musée de la Poterie de Raeren, 2012).

Alrededor de 1550 se produjo un impulso repentino en la cerámica de Raeren y sus piezas de gres se desarrollaron cada vez más lejos de los modelos de Colonia y Siegburg, llegando a ser más independientes en las formas y las decoraciones (Adler, 2005: 262). Se pasa de un perfil esférico en las panzas al desarrollo de una forma arquitectónica (el que presenta la cerámica de “A Pousada” y que se

aprecia muy bien en la jarra completa de la figura 4 de este trabajo). Sobre el cilindro central, el alfarero podía aplicar frisos ilustrados. Estos frisos contaban historias religiosas o profanas que distraían al usuario contribuyendo al éxito del gres de Raeren. Entre las decoraciones profanas hay escenas de la mitología griega y romana, pero también eran muy apreciadas las escenas de soldados de la guerra de los Treinta Años, escudos de armas y personajes históricos. Entre los temas religiosos contamos con escenas vinculadas a la vida de Cristo. Asimismo se pueden encontrar formas geométricas o temas florales, e incluso podían representarse a los electores del Imperio o de otros soberanos europeos sirviendo como propaganda política (Musée de la Poterie de Raeren, 2012).

## 5. La distribución de gres alemán

A partir de finales del siglo XVI, el gres renano es exportado a todas las regiones del mundo conocido. El Rin se constituyó como una de las rutas comerciales europeas más importantes y su papel fue fundamental para la difusión de la cerámica. Entre el XVI y XVIII se cargaron y transportaron enormes cantidades de gres a los Países Bajos y a Inglaterra, los principales intermediarios, aunque también se embarcaron a través de naves españolas y portuguesas (Guillermo Martín et al., 2008: 69). El gres renano alcanza los cinco continentes siendo principalmente localizado en zonas próximas a la costa (Fig. 7), en el caso de Galicia es evidente, aunque se documentan en ciudades del interior también algunos fragmentos, como ya comentamos, Ourense y Santiago de Compostela.

gran mayoría se agrupan en función del yacimiento en el que han sido encontradas, tanto para la cerámica común como en la de lujo. Las temperaturas de cocción son altas ( $<1.100\text{ }^{\circ}\text{C}$ ) en todas las cerámicas de lujo y excepcionalmente en cuatro cerámicas regionales. Para la gran mayoría de cerámicas regionales, sin embargo, las temperaturas de cocción son inferiores a  $900\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Las materias primas que se utilizan en la elaboración de la cerámica regional pueden ser locales, de hecho, la composición de las pastas es coherente con las fuentes disponibles en el entorno de cada uno de los yacimientos; dicho de otro modo, cuando hay homogeneidad litológica en los entornos de los yacimientos, se observa homogeneidad en las pastas de las cerámicas y, por el contrario, cuando hay variedad litológica, esta se refleja de igual manera en las cerámicas procedentes de los sitios. En todos los casos parece poco probable que se hubiesen hecho mezclas de materias primas, salvo para algunos casos concretos constatados de A Pousada, justo el yacimiento asentado en el área litológica más variada. La cerámica vidriada de introducción tardía en la región, sin embargo, es mayoritariamente foránea, tanto los materiales constructivos como los recipientes. La composición calcárea de sus cuerpos cerámicos y el tipo de vidriado sugieren un origen en centros productores del sur y este de la Península Ibérica.

Por lo tanto, dentro de la homogeneidad constatada en la cerámica, se observan cambios tenues principalmente desde el punto de vista tipológico más que técnico, decorativo o composicional. El primero a inicios de la Edad Media respecto al momento anterior, el segundo a partir de la Plena Edad Media y finalmente, en la Baja Edad Media, la importación de cerámica de lujo marca diferencias respecto a la regional gallega.

Este trabajo es preliminar y, en el futuro, se hace necesario ampliar la muestra analizada tanto cuantitativamente como en relación a los contextos estudiados. Esperamos que sirva como base de partida para realizar planteamientos más globales sobre la cerámica medieval de la región, y que futuros trabajos puedan contrastar las aproximaciones aquí elaboradas.

## RECONOCIMIENTOS

Este estudio ha sido realizado gracias a los siguientes proyectos, de los que MPPM ha sido IP:

— Tecnología y producción de la cerámica medieval de Galicia. Proyectos de I+D, del Programa Estatal de Fomento de la Investigación científica y técnica de excelencia, subprograma estatal de generación de conocimiento (HAR2015-64441-P / 2015-PN063).

— Isótopos de Pb e Sr en cerámicas arqueológicas de Galicia: estudio de la procedencia y el acceso a las materias primas. Ayudas a Proyectos de Investigación a Investigadores Emergentes del Plan Gallego de I+D+I, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (EM 2012/054 / 2012-PG217).

— Aplicación de técnicas arqueométricas ó estudio da cerámica antiga da Galiza. Programa de Promoción Xeral de Investigación do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (IN-CITE), Convocatoria 2007. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+C+I), Xunta de Galicia (PGIDI-T07PXIB236075PR).

## BIBLIOGRAFÍA

ALONSO TOUCIDO F., 2014, Caracterización producción cerámica medieval del yacimiento de O Bordel (Padrón). TFM, Máster de Arqueología y Ciencias de la Antigüedad. Universidad de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.

ALONSO TOUCIDO F., 2015, Estudio preli minar de la cerámica del área de Santiago de Compostela en época Plenomedieval, R. MARTÍNEZ PEÑÍN, G. CAVERO DOMÍNGUEZ (eds.), Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste del a Península Ibérica, León, pp. 239-252.

ALONSO TOUCIDO F., PRIETO MARTÍNEZ M. P., RODRÍGUEZ PAZ, A., 2018 (e.p.), Las jarritas de Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, una aproximación a su morfología. *Revista de Estudios Humanísticos* 16.

ALONSO TOUCIDO F., PRIETO MARTÍNEZ M. P., 2018a. Periodizando la cerámica de la Edad Media en Galicia: el caso de O Bordel (Padrón). En *Arqueología en el valle del Duero. Del Paleolítico a la Edad Media*, 6, pp. 582-600 (VI Jornadas de Arqueología do Vale do Douro. Do Paleolítico à Idade Média'. Porto, 17-19 novembro 2016). Porto.

ALONSO TOUCIDO F., PRIETO MARTÍNEZ M. P., 2018b. Franco n.º 31 (Santiago de Compostela), una nueva datación para la arqueología medieval de la ciudad. En *Arqueología en el valle del Duero. Del Paleolítico a la Edad Media*, 6, pp. 664-670 (VI Jornadas de Arqueología do Vale do Douro. Do Paleolítico à Idade Média'. Porto, 17-19 novembro 2016). Porto.

ALONSO F., PRIETO M. P., RODRÍGUEZ A., 2013, Cerámica en silos. Contextos medievales e modernos na rúa do Franco n.º 31, *Gallaecia* 32, pp. 215-248.

ANDRIO GONZALO J., ÁLVAREZ ESTRADA F., BOHIGAS ROLDÁN R., FARIÑA BUSTO F., FERNÁNDEZ CONDE F. J., GARCÍA J., GARCÍA ALONSO M., GARCÍA CAMINO I., GIMENO GARCÍA-LOMAS R., GUTIÉRREZ GONZÁLEZ J. A., JUSUÉ SIMONENA C., LARRÉN IZQUIERDO H., LOYOLA PEREA E., PEÑIL MÍNGUEZ J., SÁEZ SAINZ J., SUÁREZ OTERO J., TABAR SARRÍAS I., URTEAGA ARTIGAS M., 1991, Las cerámicas medievales del norte y noroeste de la Península Ibérica. Rasgos comunes y diferencias regionales, *Actas del IV Coloquio Internacional de Cerámica Medieval en el Mediterráneo Occidental*, Lisboa, pp. 69-86.

BALLESTEROS ARIAS P., BLANCO-ROTEA R., PRIETO MARTÍNEZ, M. P., 2006, The Early Mediaeval site of A Pousada (Santiago de Compostela, A Coruña, Spain), J. A. QUIRÓS CASTILLO, A. VIGIL-ESCALERA GUIRADO, Networks of peasant villages between Toledo and Velegia Alabense, Northwestern Spain (v-xth Centuries), *Archeologia Medievale* XXXIII, pp. 79-128.

BARAHONA E., HUERTAS F., POZZUOLI A., LINARES J., 1985, Firing properties of ceramic clays from Granada, Spain, *Mineralogical Petrographical Acta* 29 (A), pp. 577-590.

BARBEITO POSE V., RÚA CARRIL V., 2008, Evidencias arqueolóxicas da cerca e dos suburbios medievais de Villa Patrono (Padrón, A Coruña), *Gallaecia* 27, pp. 241-271.

BERNA F., BEHAR A., SHAHACK-GROSS R., BERG J., BOARETTO E., GILBOA A., SHARON I., SHALEV S., SHILSTEIN S., YAHALOMMACK N., ZORN J. R., WEINER S., 2007, Sediments exposed to high temperatures: reconstructing pyrotechnological processes in Late Bronze and Iron Age Strata at Tel Door (Israel), *Journal of Archaeological Science* 34, pp. 358-373.

BLANCO ROTEA R., PRIETO MARTÍNEZ P., BALLESTEROS ARIAS P., LÓPEZ GONZÁLEZ L. F., 2010, El despoblado de A Pousada: la formación de una aldea rural en la Alta Edad Media, M. P. PRIETO MARTÍNEZ, F. CRIADO BOADO (coords.), *Reconstruyendo la historia de la comarca del Ulla-Deza (Galicia, España). Escenarios arqueológicos del pasado*, Santiago de Compostela, pp. 111-120.

BLANCO ROTEA R., GARCÍA RODRÍGUEZ S., MATO-FRESÁN C., SANJURJO-SÁNCHEZ J., 2015, La Basílica da Ascensión y Os Fornos (Allariz, Ourense) y la cristianización de la arquitectura en la Antigüedad Tardía, *Estudios de Cuaternario* 12, pp. 111-132.

BONILLA RODRÍGUEZ A., CÉSAR VILA M., 2005, Excavación arqueológica en área de la antigua capilla y lazareto medieval de San Lá-zaro (Santiago de Compostela, A Coruña), *Gallaecia* 24, pp. 219-242.

BÓVEDA FERNÁNDEZ M. J., 2013, Actuación de excavación, restauración e estudo do Cas telo de A Rocha Forte. Santiago de Compostela. Memoria dos traballos realizados. 3 vols. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela <http://rochaforte.info/proxecto/proxecto/> [consultada 21 diciembre 2016].

CAPEL J., HUERTAS F., LINARES J., 1985, High Temperature Reactions and use of Bronze Age Pottery from La Mancha, Central Spain, *Mineralogical Petrographical Acta* 29, pp. 563-575.

CASAL R., ACUÑA, F., 2007, La arqueología de la fortaleza medieval de Rocha Forte (Santiago de Compostela), M. LÓPEZ-MAYAN NA VARRE TE, C. J. GALBÁN MALAGÓN (c oords.), *Del documento escrito a la evidencia material. Actas del I Encuentro Compostelano de Arqueología medieval*, Santiago de Compostela, pp. 87-114.

CASAL R., ACUÑA F., VIDAL L., NODAR C., GONZÁLEZ G., 2006, Fortaleza medieval de A Rocha Forte Santiago de Compostela. Campaña de 2005, *Gallaecia* 25, pp. 147-171.

CASAL R., ACUÑA, F., VIDAL L., NODAR C., RODRÍGUEZ A., 2004, La Fortaleza de la Rocha Forte (Santiago de Compostela). *Trabajos arqueológicos 2002-2003*, *Gallaecia* 23, pp. 195-204.

CASAL R., ACUÑA F., VIDAL L., NODAR C., RODRÍGUEZ A., ALLES M. J., 2005, Fortaleza medieval de A Rocha Forte Santiago de Compostela). Campaña de 2004, *Gallaecia* 24, pp. 193-218.

CÉSAR VILA M., BONILLA RODRÍGUEZ A., 2003, Estudio de los materiales cerámicos del «Castelo da Lúa» (Rianxo, A Coruña), *Gallaecia* 22, pp. 297-367.

CÉSAR VILA M., BONILLA RODRÍGUEZ A., 2011, Síntesis de los materiales cerámicos procedentes del yacimiento de As Engrobas (Cerdeira, A Coruña), S. GONZÁLEZ AMADO (coord.), XIV Congreso de Ceramología, pp. 143-152. Asociación de Ceramología, A Coruña.

CHAMOSO LAMAS M., 1955, Santa Marina de Augas Santas, Cuadernos de Estudios Gallegos X.20, pp. 41-88.

FARIÑA BUSTO F., 2000, Xarriña Cerámica, Peza do Mes (septiembre), Museo de Ourense. FARIÑA BUSTO F., 2002, Santa Mariña de Augas Santas, Ourense.

FERNÁNDEZ ABELLA D., 2014, El castillo de A Rocha Forte, un ejemplo para el estudio de la guerra bajomedieval. Roda da Fortuna, *Revista Electrónica sobre Antiguidade e Medioevo* 3.1-1, pp. 225-256.

FERNÁNDEZ ABELLA D., 2015, El castillo de A Rocha Branca de Padrón (A Coruña), *Férvedes* 8, pp. 411-419.

FERNÁNDEZ NAVARRO J. M., 2003, *El Vidrio*, Madrid.

KAAL J., LANTES O., MARTÍNEZ CORTIZAS A., PRIETO B., PRIETO MARTÍNEZ, M. P., 2014, How useful is pyrolysis GC/MS for the assessment of molecular properties of organic matter in archaeological pottery matrix? An exploratory case study from North-West Spain, *Archaeometry* 56.1, pp. 187-207.

LAGO CERVIÑO M., RIVAS BREA T., MILLOS ALFEIRÁN J., LANTES-SUÁREZ O., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ A., 2014, Una aproximación arqueométrica al estudio de la cerámica común y

de cocina de producción local/regional de contextos tardoantiguos de la UARCII (Vigo, Galicia, España). R. MORAIS, A. FERNÁNDEZ, M. J. SOUSA (eds.), *As produções cerâmicas de imitação na Hispania* (Tomo II), Madrid, pp. 369-380.

LANTES-SUÁREZ O., 2008, Análisis arqueométrico de cerámicas de un yacimiento con ocupación medieval de la ciudad de León y Entorno. Unidade de Arqueometría RIAIDT, Informe inédito, Santiago de Compostela.

LANTES-SUÁREZ O., 2013, Estudio arqueométrico de la cerámica, L. LÓPEZ GONZÁLEZ, R. BLANCO ROTEA (2013), Excavación en área en el lugar de A Pousada (Santiago de Compostela, A Coruña). Memoria Técnica Inédita, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 75-105.

LANTES-SUÁREZ O., 2007, Estudio arqueométrico de las cerámicas medievales del Castro de los Judíos. Puente Castro. León, Unidade de Arqueometría-RIAIDT, Informe inédito, Santiago de Compostela.

LANTES-SUÁREZ O., 2015, Informe da análise físico-química das xerras medievais localizadas no Forno da Santa (Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, Ourense), Unidade de Arqueometría-RIAIDT, Informe inédito, Santiago de Compostela.

LANTES-SUÁREZ O., GONZÁLEZ PAZOS A., PRIETO MARTÍNEZ M. P., ALONSO TOUCIDO F., FLORES RIVAS H., VIVEIRO VEIGA O., DOMÍNGUEZ LAGO A., MARIÑO CALVO V., 2017 (en elaboración), Cerámica de Bonxe, desde a prehistoria ata a actualidade. Estudo arqueométrico de cerámicas de diferentes épocas e das materias primas de uso tradicional.

LANTES-SUÁREZ O., PRIETO B., PRIETO- MARTÍNEZ M. P., FERRO-VÁZQUEZ C., MARTÍNEZ-CORTIZAS A., 2015, The colour of ceramics from Bell Beaker contexts in NW Spain: relation to

elemental composition and mineralogy, *Journal of Archaeological Science* 54, pp. 99-109.

LANTES-SUÁREZ O., PRIETO-MARTÍNEZ M. P., MARTÍNEZ-CORTIZAS A., 2011, Aplicación de la Microscopía Electrónica de Barrido al estudio de los acabados de cerámica antigua de Galicia, *Gallaecia* 30, pp. 117-125.

MAGGETI M., 1982, Phase analysis and its significance for technology and origin, J. S. OLIN, A. D. FRANKLIN (eds.), *Archaeological Ceramic*, Washington, pp. 121-133.

MARTÍNEZ CASAL J. R., 2006, A cerámica medieval da fortaleza de A Rocha Forte. Contribución ao seu estudo, *Gallaecia* 25, pp. 187-225.

MARTÍNEZ CASAL J. R., 2007, Estudio del material ergológico: Cerámica, Moeche, Fortaleza Museo del siglo xxi, Concello de Moeche, A Coruña, pp. 89-116.

MARTÍNEZ CORTIZAS A., PRIETO LAMAS B., LANTES SUÁREZ O., PRIETO MARTÍNEZ M. P., 2008, Análisis elemental y cromático de cerámica prehistórica del área Ulla-Deza (NW P. Ibérica), S. ROVIRA LLORENS, M. GARCÍA HERAS, M. GENER MORET, I. MONTERO RUIZ (eds.), *Actas del VII Congreso Ibérico de Arqueometría*, CSIC, Museo Arqueológico Nacional, Madrid, pp. 250-64.

MARTÍNEZ-CORTIZAS A., LANTES-SUÁREZ O., PRIETO-MARTÍNEZ M. P., 2011, Cerámica campaniforme del NW de la Península Ibérica. Indagando en sus materias primas, elecciones tecnológicas y procedencia, M. P. PRIETO-MARTÍNEZ, L. SALANOVA (c oords.), *Las Comunidades Campaniformes en Galicia. Cambios sociales en el III y II Milenios BC en el NW de la Península Ibérica*, Pontevedra, pp. 309-332.

PARGA CASTRO A., 1996, Excavación arqueológica en el yacimiento de O Cepo (San Cibrao das Viñas, Ourense). Autovía Rías Bajas N-525. Tramo: San Cibrao das Viñas - Alto de Allariz. Informe valorativo inédito, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

PARGA CASTRO A.; PRIETO MARTÍNEZ M. P., SÁNCHEZ BLANCO F., 2017. Datación de un yacimiento de la Edad del Hierro no fortificado en Galicia: el caso de O Cepo (San Cibrao de Viñas, Ourense). En Juan A. Barceló, Igor Bogdanovic y Berta Morell. (eds.), *IberCrono. Cronometrías para la Historia de la Península Ibérica. Actas del Congreso de Cronometrías Para la Historia de la Península Ibérica (IberCrono 2016)*, pp. 260-271. Barcelona, Spain, September 17-19, 2016. CEUR-WS, Vol-2024 (urn:nbn:de:0074-2024-4). <http://ceur-ws.org/Vol-2024/>

PEREIRA MARIÓN C., 1991, As cerámicas medievais de Santa María de Augas Santas (Allariz, Ourense), *Arqueoloxía Informes 2*, Campaña 1988, Santiago de Compostela, pp. 347-350.

POLVORINOS DEL RÍO A., CASTAING J., 2010, Lustre-decorated ceramics from a 15th to 16th century production in Sevilla, *Archaeometry* 52.1, pp.83-98.

POLVORINOS A., AUCOUTURIER M., BOUQUILLON A., CASTAING J., CAMPS J., 2011, The evolution of lustre ceramics from Manises (Valencia, Spain) between the 14th and 18th centuries, *Archaeometry* 53.3, pp. 490-509.

PRIETO MARTÍNEZ M. P., 1999, Caracterización del estilo cerámico de la Edad del Bronce en Galicia: cerámica campaniforme y cerámica no decorada, *Complutum* 10, pp. 71-90.

PRIETO MARTÍNEZ M. P., 2013, Estudio de la cultura material del yacimiento de A Pousada, L. LÓPEZ GONZÁLEZ, R. BLANCO ROTEA (coords.), *Excavación en área en el lugar de A Pousada (Santiago de Compostela, A Coruña)*. Memoria Técnica Inédita,

Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, pp. 45-74.

PRIETO MARTÍNEZ M. P., ALONSO TOUCIDO F., LANTES SUÁREZ O., ACUÑA CASTROVIEJO F., CASAL GARCÍA R., 2016, Materiales constructivos de A Rocha Branca (Padrón, A Coruña). Poster presentado en las III Jornadas Internacionales «Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica», Astorga, abril de 2016. DOI: 10.13140/RG.2.2.32499.12321

PRIETO MARTÍNEZ M. P., ALONSO TOUCIDO F., LANTES SUÁREZ O., CASAL GARCÍA R., ACUÑA CASTROVIEJO F., 2018 (e.p.), Cerámica de lujo medieval en los castillos de la mitra compostelana. *Revista de Estudios Humanísticos* 16.

PRIETO MARTÍNEZ M. P., LANTES SUÁREZ O., ALONSO TOUCIDO F., 2017 (e.p.), La cerámica vidriada de A Pousada (Santiago de Compostela): un estudio tecnológico y arqueométrico. *Gallaecia* 36.

PRIETO MARTÍNEZ M. P., LANTES SUÁREZ O., ALONSO TOUCIDO F., 2015, Una cerámica de gres de Raeren en Santiago de Compostela (NW de España), R. MARTÍNEZ PEÑÍN, G. CAVERO DOMÍNGUEZ (eds.), *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica*, León, pp. 253-268.

PRIETO M. P., 2008, Bell beakers communities in Thy. The first Bronze Age society in Denmark, *Norwegian Archaeological Review* 41.2, pp. 115-158.

PRIETO M. P., SALANOVA L., 2009, Coquilles et Campaniforme en Galice et en Bretagne: mécanismes de circulation et stratégies identitaires, *Bulletin de la Société Préhistorique Française* 106.1, pp. 73-93.

PRIETO-MARTÍNEZ M. P., 2001, La cultura material cerámica

en la Prehistoria reciente de Galicia: yacimientos al aire libre, Santiago de Compostela.

PRIETO-MARTÍNEZ M. P., LANTES-SUÁREZ O., VÁZQUEZ-LIZ P., MARTÍNEZ-CORTIZAS A., 2010, La cerámica de dos túmulos de Roza das Aveas (Outeiro de Rei, Lugo): Un estudio diacrónico del estilo y la composición, BSAA arqueología LXXVI, pp. 27-62.

ROMERO-PASTOR J., GARCÍA-PORRAS A., VAN GRIEKEN R., POTGIETER-VERMAAK S., COLL-CONESA J., CARDELL C., 2015, New insights in technology characterization of medieval Valencia glazes, X-Ray spectrometry 44.6, pp. 426-435.

SALANOVA L., PRIETO-MARTÍNEZ M. P., CLOP GARCÍA X., CONVERTINI F., LANTES-SUÁREZ O., MARTÍNEZ-CORTIZAS A., 2016, What are large-scale archaeometric programmes for? Bell beaker pottery and societies from the third millennium bc in western europe, Archeometry 58.5, pp. 722-735.

SÁNCHEZ BLANCO F., 2016a, O xacemento de O Cepo (San Cibrao de Viñas, Ourense): o estudo da cerámica da Idade do Ferro. Unha aproximación ao seu contexto. TFG, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

SÁNCHEZ BLANCO F., 2016b, A cerámica ar queolóxica do xacemento de O Cepo (San Cibrao de Viñas, Ourense). Poster presentado en Xornada de Divulgación Científica «Primeiros pasos na ciencia», 7 de outubro 2016, Campus de Lugo-USC.

SOLAUN BUSTINZA J. L., 2005, La cerámica medieval en el País Vasco (siglos viii-xiii), Vitoria.

SUÁREZ OTERO J., GIMENO GARCÍA-LOMAS R., FARIÑA BUSTO F., 1989, La cerámica medieval en Galicia, J. AVELINO, R. BOHIGAS (eds.), La cerámica medieval en el norte y noroeste de la

Península Ibérica. Aproximación a su estudio, León, pp. 285-301.

TENTE C., LANTES O., PRIETO P., 2014, A produçyó cerámica dos séculos –ix a xi na região do Alto Mondego (Portugal), A. DE MAN, C. TENTE (coords.), Estudos de Cerámica Medieval. O Norte e Centro de Portugal –séculos xi a xii. IEM, Lisboa, pp. 109-139.

VARELA SIEIRO X., 2003, Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: O Enxoval, A Coruña.

YZQUIERDO PERRÍN R., 2006-2007, El mece nazgo del arzobispo compostelano Don Lope de Mendoza en Santiago y Padrón, Abrente: Boletín de la Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario, pp. 117-172.



## **12. Análise dos datos: cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega**

A continuación a través das diferentes fases identificadas nos xacementos obxecto de estudo, sintetizaranse as características das CTO de cada momento. Para elo empregaremos os resultados obtidos dos diferentes xacementos estudados así como doutros que poidan estar publicados.

### **12.1.1 Séculos VI-VII**

O xacemento de Casanova, en Abadín, encádrase dentro do abano cronolóxico entre o século VI e VII sen descartar ocupación no VIII (Tejerizo-García et al., 2021, p. 165). Pese a non contar con datacións absolutas a datación establécese por comparativa con outros xacementos mellor coñecidos (Fernández-Fernández & Bartolomé Abraira, 2016; Tejerizo-García, 2016; Vigil-Escalera Guirado, 2003, 2006). Por comparativa tamén establecemos nesta cronoloxía os materiais máis antigos de Cova Eirós, correspondéndose recipientes de pastas negras cepilladas

#### **Formas**

Predominan as formas pechadas de tipo ola ou pequenas xerras. As olas de Casanova representan o 95% do conxunto. As olas contan con perfís en S de bordo esvasado e beizo lixeiramente redondeado no caso de Casanova, mentres que en Cova Eirós presentan bordos tendentes á verticalidade con remate apuntado ou simple. No 5% restante de Casanova existen formas abertas de tipo cunco, algúns deles con carena e con beizo cóncavo para o asento dunha tapadeira.





Figura 257. Debuxos dos materiais de Casanova, arriba (Tejerizo-García et al., 2021, p. 166), debuxo dos materiais de Cova Eirós, abaixo (César Vila et al., 2018, p. 87).

## **Pastas**

No caso de Casanova o 19,5% dos fragmentos atópanse realizados mediante rotacións rápidas e cocidos en ambientes redutores, fronte ao 13,5% realizado con rotacións lentas e tendencia ao ambiente redutor. Dentro das rotacións lentas destaca un 8% dos fragmentos coincidentes con producións graníticas con abundante mica, que poderían corresponderse coa cerámica micácea de cociña (Fernández-Fernández & Bartolomé Abreira, 2016). Varios dos recipientes adoitan contar con brunido exterior. En canto ás coloracións identifícanse recipientes grisáceos e ocreos. En Cova Eirós as producións son realizadas a man con cores negras ou pardas. Outro lugar onde foron identificadas as cerámicas micáceas é a cidade de Vigo en contextos dos século VI-VII (Fernández-Fernández, 2014). Para estas cronoloxías non contamos con material analizado arqueometricamente.

## **Decoracións**

No caso de Casanova documéntanse incisión en base a ondas no perímetro das pezas, ben individuais ben en grupo, incluso con interseccións entre elas. Tamén existen as liñas incisas formando peiteados e o brunido é empregado a través de liñas verticais. As pezas de Cova Eirós destacan por presentar un peiteado vertical exterior identificado tamén nas producións de Vigo.



Figura 258. Fotografías dos materiais de Cova Eiros (Columna esquerda) e Casanova (Columna dereita).

### **12.1.2 Séculos VIII-IX**

Os xacementos de As Pereiras, A Pousada, Porto Traveso e o Faro de Budiño encadraríanse neste momento, os tres últimos encadrados cronoloxicamente grazas a datacións absolutas mentres que As Pereiras dátase por comparativa cerámica (Barbeito Pose et al., 2018; Blanco-Rotea et al., 2009; Fernández-Pereiro et al., 2020; Tejerizo-García et al., 2021). No caso da Pousada contamos con datacións adscribíbles tamén aos séculos X-XI.

#### **Formas**

Ao igual que na fase anterior predominan as formas pechadas de tipo ola e oliña de pescozo curto, neste caso de bordo oblicuo e beizo biselado ou biselado engrosado. Identifícanse tamén asas o cal podería marcar a existencia de xerras. No caso das Pereiras as olas presentan unha sutil protopestana e identifícanse barcais e un pote meleiro os cales deben ser interpretados con cautela ante a ausencia de datacións, xa que poderían pertencer a fases posteriores. No Faro de Budiño as formas son escasas como escasos os recipientes, pero identifícanse olas de bordo oblicuo e simple, unha delas cun lixeiro engrosamento.



Figura 259. Imaxes dos materiais de arriba a abaixo: A Pousada, Pereiras, Porto Traveso e Faro de Budino

## **Pastas**


As producións nestes séculos realizaranse a man ou con rotacións moi lentas de coccións irregulares con coloracións grises, negras e pardas maioritarias aínda que dentro dun conxunto heteroxéneo onde estas coloracións mestúranse con conxuntos vermellos como os das Pereiras e A Pousada ou alaranxados como os do Faro de Budiño, os seus desgrasantes están mal calibrados e adoitan ser abundantes. Trátase dun momento no que se chegou a definir a cerámica como de aparencia prehistórica (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 117). As pastas son compactas con tactos heteroxéneos como fariñentos, rugosos ou porosos. Destaca o caso particular de Porto Traveso con materiais cocidos a baixa temperatura cunha doada fractura e fariñentos, de coloracións grises e puntualmente avermelladas.

As analíticas efectuadas en pezas de Porto Traveso puxeron de manifesto a escasa temperatura de cocción coa que foron realizadas, en torno a 650 °C (Barbeito Pose et al., 2015, p. 142). No caso da Pousada, as analíticas mostran resultados acordes coa xeoloxía da contorna pero en varias ocasións identifícase a mestura de materias primas procedentes de contextos xeolóxicos diferentes aínda que presentes nas proximidades do xacemento. As temperaturas de cocción da Pousada son inferiores aos 900 °C.

## **Decoracións**


En Porto Traveso o único exemplo de decoración é unha incisión ondulante ao igual que na Pousada onde a maioría do conxunto encadrable nos séculos VIII-IX conta con nula decoración, salvo dous fragmentos incisos. No Faro de Budiño non se ten identificado decoración. Nas Pereiras foron identificadas liñas incisas en zigzag así como cepillados similares aos de Cova Eirós.

As Pereiras




A Pousada

1. FOSAS PREVIAS Y NIVELACION PARA CONSTRUCCION CASA (Finales s. VII/s.VIII)



2. OCUPACIÓN UNIDAD DOMÉSTICA (S. VIII-X/XI)



Faro de Budiño



Figura 260. Debuxos das das Pereiras (Tejerizo-García et al., 2021, p. 175), A Pousada (Tejerizo-García et al., 2021, p. 170), e Faro de Budiño (Fernández-Pereiro et al., 2020, p. 176).

### 12.1.3 Século X

Para este momento contamos cun xacemento excepcional, polo nivel de conservación das súas estruturas como pola escaseza de contextos similares escavados en Galicia, o castelo de Portomeiro. A súa adscrición cronolóxica ven confirmada por datacións absolutas. No caso de Cova Eirós tamén se conta con datacións absolutas no século X, pero a localización das cerámicas nun mesmo nivel e a dificultade de identificar as pezas deste período, fai que nos centremos nun contexto moito máis fiable como o Castelo de Portomeiro.

#### Formas

Todo o conxunto medieval de Portomeiro está dominado polas olas de bordo oblicuo biselado, estas presentan pequenas variacións nos seus bordos en función do engrosamento do seu beizo algunhas veces clasificable como “protopestana”. Son recipientes de corpo globular e pescozo pouco estrangulado, o seu fondo é plano.


#### Pastas

A torneta é a técnica de modelado maioritaria. As pastas son de textura porosa con grandes desgrasantes de tipo granítico. As cores dos recipientes son ocre, marrón claro e nalgún caso grises con tendencia ao negro, evidenciando coccións irregulares. Constátanse dous tipos de CTO unha bruta e maioritaria con grandes desgrasantes e relacionada con cores ocre e marróns e outra de maior calidade relacionada con cores grises e negra e con desgrasantes de menor tamaño. Non contamos con analíticas arqueométricas do Castelo de Portomeiro.

#### Decoracións

A decoración maioritaria é o cordón dixitado, con presenza

puntual de cordóns incisos. Estes localízanse no perímetro da peza. Documentátese un reducido número de pezas con incisións curtas e oblicuas.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Figura 261. Olas de Portomeiro.

### 12.1.4 Séculos XI-XIII

Os xacementos con recipientes destas cronoloxías son Cova Eirós, O Bordel, o castro de San Lourenzo e o Franco nº31.

#### Formas

Asistimos na Plena Idade Media á incorporación xeral das xerras e xerriñas á maioría de rexistros deste momento, estando con anterioridade presentes de maneira testemuñal. Contan cun bordo trilobulado e oblicuo, con pico vertedoiro central nun lado e no oposto un asa en cinta, xeralmente punzada. Trátase de recipientes de máis de 25 cm de altura e un diámetro de pescozo aproximado de 12 cm. Contan coa súa variante de menor tamaño máis aplanada que as xerras e presentan a peculiaridade de evidenciar feluxe no seu exterior, sendo empregadas por tanto para quentar líquidos. Como indicamos trátanse de exemplares comúns na maioría de intervencións con niveis plenomedievais como o lazareto de San Lázaro, a rúa do Franco nº31, o Banco de España e A Pousada en Santiago de Compostela, así como no Bordel, o castro de San Lourenzo, Cova Eirós, A Torre de Hércules na Coruña, As Encrobas, San Vitor de Barxacova, e Ouvigo entre outros (Alonso Toucido et al., 2013; Alonso Toucido & Prieto Martínez, 2018b; Bello Diéguez et al., 2008; Blanco-Rotea et al., 2009; Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005; César Vila et al., 2018; César Vila & Bonilla Rodríguez, 2011; Nieto Muñiz, 2014; M. Prieto Martínez et al., 2010; Rodríguez Colmenero et al., 1985).




Figura 262. Xerriñas e olas. De arriba a abaixo Bordel, Franco nº31, Cova Eirós (César Vila et al., 2018) e San Lázaro (Bonilla Rodríguez & César Vila, 2005).

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega



Figura 263. Xerriñas e xerras documentadas.

Neste momento contárase coas primeiras producións de importación provintes da zona de Saintonge, en Francia. Trátase de xerras con vidrado verdoso a base de cobre, de pastas claras calcáreas. Conservamos algún asa con incisión. Ata o momento son as primeiras importacións cerámicas documentadas en Galicia dende o século VI. Trátase de producións comúns nas costas atlánticas neste período, en lugares como Irlanda, Escocia, Inglaterra, Asturias, País Vasco ou o resto da costa continental europea, posto que as pezas fabricábanse en lugares próximos ao porto de La Rochelle o cal era empregado como punto de exportación marítima (Busto Zapico, 2015, p. 796; Escribano Ruiz, 2014, p. 425; Gutiérrez González, 2012, p. 397; Haggarty, 2005; Mccutcheon & Meenan, 2011).



Figura 264. Cerámica da área de Saintonge localizada na Coruña, fotografía do autor.

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega




Figura 265. Cerámicas de importación da área de Saintonge localizadas no Bordel.

Similares as xerras pero de maior tamaño son os cántaros. Trátase dunha forma escasa no repertorio cerámico medieval. Constan de boca trilobulada aínda que tamén poderían presentala circular, ao igual que as xerras presentan asa na zona oposta ao bico, trátase de asas de cinta de grande tamaño e tamén punzadas. Contamos con cántaros no Bordel, no Franco nº31 e na Finca Simeón en Santiago de Compostela (Alonso Toucido, 2015; Alonso Toucido et al., 2013; Pérez Outeiriño & Pesquera Vaquero, 2001, pp. 176-177).




Figura 266. Cántaros da contorna de Santiago de Compostela. Arriba Bordel, abaixo en imaxe, Finca Simeón, abaixo dereita Franco nº31.

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

As olas seguirán sendo o elemento máis abundante. Similares ás localizadas no Castelo de Portomeiro trátase de recipientes globulares de pescozo curto semiestrangulado e fondo plano. Contan xeralmente con bordo oblicuo con diferentes remates de beizo, xeralmente prima o biselado, pero tamén existen engrosados, engrosados triangulares ou simples. En xeral o engrosamento defínese como protopestana para así diferenciar estas olas das olas de pestana, características de momentos finais da Idade Media. Estes bordos poden presentar unha lixeira concavidade para o asento de tapadeiras. Os seus tamaños son variados, identificándose olas e oliñas.

As pezas adoitan presentar feluxe nas súas paredes externas, evidencia do seu emprego como olas de cociña, aínda que as mesmas tamén poderían ser usadas para almacenaxe, posto que non todas presentan feluxe. Dada a súa xeralización as olas son documentadas en todos os xacementos de cronoloxía plenomedieval, como por exemplo o lazareto de San Lázaro, o Franco nº31, o castro de San Lourenzo, Bordel, o Banco de España en Santiago de Compostela, etc.




Figura 267. Debuxos de olas Plenomedievais.

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega



Franco nº31



Cova Eirós



Bordel



Banco de España



Figura 268. Olas Plenomedievais.

Os barcais son das escasas formas abertas producidas en Galicia, con forma troncocónica presentan paredes oblicuas de fondo a bordo, este presenta beizo biselado ás veces cunha pequena protopestanda. O seu fondo é plano, característico polo seu rebordo perimetral xeralmente decorado con dixitación. O seu rebordo fai que sexan identificados en Portugal como “alguidares de base ou fondo em disco”. Trátase dun elemento que claramente conecta as olerías das actuais Galicia e Portugal na Plena Idade Media comportándose como un indicador da unión político-cultural destes dous territorios na Idade Media no antigo reino de Galicia. Non son elementos moi abundantes no rexistro, pero téñense documentado no Bordel, en Ouvigo, na Pousada e nas Pereiras en territorio galego mentres que tamén en Portugal no castelo de Arouca, en Guimarýes, no Alto Mondego, no Vale do Sabor e en Conimbriga (Alonso Toucido, 2015; Blanco-Rotea et al., 2009; Freitas, 2013, p. 72; Man et al., 2014, p. 59; Rodríguez Colmenero et al., 1985; Rossello et al., 2016, p. 45; Silva & Ribeiro, 2006, p. 77; Tente et al., 2014, p. 125).

Similares aos barcais na súa forma aberta pero de fondo descoñecido son os cuncos. Poderían ser considerados tamén como escudelas. Recipientes abertos, baixos con diámetros entre 18 e 20 cm rematados en bordo biselado ou con protopestanda. Son formas escasas no repertorio plenomedieval galego, contando unicamente con 3 exemplares no Bordel.




Figura 269. Cuncos do Bordel.

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega




Figura 270. Barcels documentados en Galicia e no norte de Portugal (Freitas, 2013, p. 73; Man et al., 2014, p. 64; Rodríguez Colmenero et al., 1985; Rossello et al., 2016, p. 56; Silva & Ribeiro, 2006, p. 88; Tejerizo-García et al., 2021; Tente et al., 2014, p. 125).



Figura 271. Distribución dos barcals ou “alguidares” (triángulos) no territorio portugués, coincidindo coas fronteiras do antigo reino de Galicia no século XII (Man et al., 2014, p. 64).

Coñecemos as tapadeiras grazas ás documentadas no Bordel, trátase de elementos planos circulares cunha abundante decoración na súa superficie exterior en base a cordóns dixitados no seu interior e dixitacións no perímetro exterior similares ás dos barcais. Unha das tapadeiras do Bordel conta no seu centro co arranque do que parece ser un asa de cinta, formulándose a posibilidade de que as tapadeiras galegas contén con este tipo de agarre central.

No Franco nº31 documentouse un elemento plano circular con pastas grises fariñentas e claras evidencias de ser exposto ao lume. Presenta un orificio central e impresións circulares pouco fondas por boa parte da súa superficie. Foi interpretada como unha grella.

### **Pastas**

Entre as pastas de cronoloxía plenomedieval destacan as denominadas gris perla. Un conxunto de orixe granítica de texturas compactas e sons metálicos ao contacto, pero que se alternan con pastas ás veces fariñentas. As súas superficies adoitan presentar gran cantidade de mica, e entre os seus desgrasantes están o granito, a mica, o cuarzo e os feldespatos. Trátase dun tipo de pasta identificado principalmente na zona occidental galega, na contorna de Santiago de Compostela e no eixo da depresión meridiana. As súas coloracións evidencian coccións irregulares, localizándose as veces as mesmas pastas con cores negras, propias da cocción. O gris perla altermase na mesma área con pastas negras ou ás veces lixeiramente avermelladas e acastañadas, evidenciando diversas CTOs nun mesmo espazo xeográfico. Noutros puntos de Galicia como a cidade da Coruña, ou a Terra de Lemos, existen tamén producións pardas e negras, cunha coloración similar á que posteriormente na Idade Moderna presentarán as pezas de Samos. A modo de hipótese establécese a posibilidade de que a área de Samos, comece de maneira temperá a producir cerámica amparada polo propio control do mosteiro, como se ten constatado noutros puntos como Vilanova de Gaia en Portugal (Barroca, 1993, p. 164).

Existen dous tipos de recipientes que contan con pastas claramente diferenciadas os barcais e os cuncos. Estas formas abertas adoitan estar realizadas maioritariamente en pastas de tipo bocadillo con diferentes tons de gris e desgrasantes abundantes pero ben distribuídos e seleccionados. Tendo en conta que se trata de elementos que poderían pertencer ao servizo de mesa a selección das materiais primas e da cocción podería estar relacionada con criterios estéticos.

En xeral as pastas non se atopan especialmente decantadas nin tratadas, presentando por tanto desgrasantes de gran tamaño. A torneta é o sistema de modelado maioritario, descoñecéndose o torno nestes séculos; a mesma permite traballar pastas pouco elaboradas como as do período.

As analíticas arqueométricas practicadas en pezas do Bordel indican unha orixe posible orixe local das materias primas, destacando a toponimia relacionada co barro nun máxima de 9 km en liña recta con respecto do xacemento, como son exemplo: Barros, Lamas e Borreiros. As temperaturas de cocción serían inferiores a 900 °C.

### **Decoracións**

As decoracións son abundantes neste período destacando a incisión a impresión e a decoración plástica como principais técnicas. As incisións adoitan presentarse en zigzag no exterior das pezas ou en onda, contándose a súa vez cun menor elenco de incisións curtas oblicuas distribuídas en liña. As asas incisivas das xerras e xerriñas son un referente para este momento con incisións punzantes que en certas ocasións poden perforar a asa completamente. Os cordóns dixitados, xa constatados na fase precedente neste momento contan con gran presenza, principalmente en pezas de certo calado posto que á par que decorar serven para reforzar o recipiente. Trátase de cordóns sobre os cales a oleira ou oleiro colocou o seu dedo en ocasións empregando un pano húmido grazas ao cal podemos contar hoxe en día coa pegada das fibras téxtiles do pano. As dixitacións simples, sen cordón tamén

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega

adoitan en recipientes de menor tamaño, formando liñas perimetrais.  
Contamos cun caso pouco común no Bordel de cordón inciso.



Figura 272. Pegadas de fibras en decoracións dixitais do Bordel.

### 12.1.5 Séculos XIV-XV

Para a Baixa Idade Media contamos cos xacementos de Augas Santas, os castelos da mitra compostelá de Rocha Branca e Rocha Forte así como o castelo de Naraío.

#### Formas

As formas da Plena Idade Media seguen presentes en época baixomedieval con lixeiras variacións nos seus bordos e técnicas. As xerras deixan de ser unicamente trilobuladas pasando a existir troncocónicas, tetralobuladas, de tipo vaso ou ola como as de Augas Santas. Existen en diferentes tamaños, por tanto mantendo tamén a distinción entre xerras e xerriñas. A asa ao igual que en momentos precedentes sitúase nun punto oposto ao bico vertedoiro contando igualmente con incisións punzantes. Na Baixa Idade Media as asas deixan de ser maioritariamente en cinta e incorporándose tamén a sección anular.

As xerras de tipo troncocónico unicamente foron identificadas ata o momento na área ourensá, con exemplares en Castro Caldelas, no Castelo de Mouresiños en Allariz, Augas Santas e na cidade de Ourense (Fernández Fernández et al., 2017, p. 58; MAPO (Museo Arqueolóxico de Ourense), 2008). Un exemplar de xerriña troncocónica puido ser reempregado como peto, trátase do documentado no monte do Rego en Ourense, aparentemente unha xerriña seccionada polo seu pescozo para así poder taponar mellor o recipiente e gardar as moedas (Rodríguez García & Fariña Busto, 2015). Nas xerras de Augas Santas identifícanse exemplares trilobulados con bico pinzado, unha solución similar á famosa xerra de bigotes de Gundivós.

12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega



Figura 273. Xerra de bigotes Gundivós e xerra pinzada de Augas Santas (Santos Farto, 2019, p. 217).

Con respecto das olas, ao igual que en momentos precedentes estas seguen a ser o elemento maioritario nos rexistros cerámicos. Son igualmente recipientes globulares de base plana pero que na Baixa Idade Media contan cunha maior variabilidade a nivel formal e técnico, destacando os diferentes tipos de bordos e a existencia de olas con asa como na cidade de Ourense (MAPO (Museo Arqueolóxico de Ourense), 2008).

Pese a que continúan a existir olas de bordo oblicuo a ola de bordo horizontal cóncavo pasa a ser maioritaria neste momento, a concavidade asóciase ao asento de tapadeiras. Presenta varias modalidades salientando o seu pescozo moi curto, en ocasións inexistente, debido á que se deixa secar a peza boca abaixo unha vez modelada o bordo pégase ao corpo do recipiente, outra variante sería a de bordo realzado, cun pescozo máis alto. Os beizos deste tipo rematan en bordo biselado, bordo apuntado ou bordo simple.




Figura 274. Olas de bordo horizontal de Rocha Forte (Bóveda Fernández, 2013b, p. 24).

Existe un modelo de bordo oblicuo co característico beixo de pestana o cal gaña protagonismo neste período sendo un claro indicador cronolóxico a presenza masiva dos mesmos. En comparación cos séculos precedentes a pestana, calificada anteriormente como protopestana pasa a sobresaír moito máis do bordo, dando como resultado ás veces bordos en T ou con dobre pestana.

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega




Figura 275. Olas de bordo de pestana de Rocha Forte (Bóveda Fernández, 2013b, p. 27).

Neste momento as tapadeiras continúan a existir aínda que en proporcións reducidas, son exemplares moi decorados ao igual que en fases precedentes.



Figura 276. Tapadeira da Rocha Forte (Bóveda Fernández, 2013b, p. 37).

Como novidade no tocante as formas será neste momento cando os pratos fagan acto de presenza, farano en forma de importacións provintes de obradoiros sevillanos, turolenses ou levantinos. Trátase de cerámica de luxo a cal documéntase en castelos e contornas urbanas. Son producións vidradas de grande calidade como a louza de reflexo dourado que seguen a evidenciar a ausencia de dominio da técnica do vidrado en Galicia.

### **Pastas**

A continuidade das pastas grises plenomedievais é evidente pero o repertorio amplíase habendo unha maior variedade. O gris perla segue presente como se pode comprobar coas xerras de Augas Santas, pero nesta ocasión con maior calidade que en época precedentes e cunha clara innovación, a reintrodución do torno nalgúns obradoiros galegos, as pezas de maior calidade, como estas xerras empregan rotacións rápidas para ser modeladas. Pese a iso o torno baixo segue

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

moi presente realizándose producións negras, ocre, marrón escuro nesta técnica, producións que evidencian unha mala selección de desgrasantes e unhas pastas pouco tratadas destacando o contraste entre producións de calidade coas brutas. Moitas das olas de bordo de pestana atópanse realizadas en pastas ben decantadas e que podemos clasificar incluso como finas de cor negro. As coloracións das pezas seguen a evidenciar, de maneira xeral, coccións pouco controladas con pezas de calidade como as de Augas Santas con restos de feluxe de forno. As pastas e técnicas evidencian a existencia de obradoiros moi especializados xunto con obradoiros de peor calidade e repartidos por todo o territorio.

As xerras de Augas Santas serían cocidas a uns 1100 °C trátase da temperatura máis alta dos conxuntos analizados arqueometricamente. As composicións dos materiais primas indican procedencias coincidentes coas áreas de producións tradicionais máis próximas como é o caso de Niñodaguia a uns 14 km.

### **Decoracións**

Moitas das decoracións que se atopan presentes neste momento son continuidade das precedentes, incisións, incisións punzantes nas asas, cordóns dixitados, pero introdúcense novidades. Téñense documentado en Rocha Forte xerras con liñas brunidas verticais (Martínez Casal, 2006, p. 207), e a grande novidade é a existencia de cerámica común pintada en conxuntos reducidos como Iria Flavia, pendentes dun maior estudo e de contar con mellores contextos, abren unha nova técnica no mundo da cerámica medieval galega (Suárez Otero, 1993b).

As olas contan cun novo tipo de decoración en base a incisións dixitadas oblicuas presentes no corpo do recipiente, unha técnica non documentada con anterioridade.




Figura 277. Ola con decoración dixitada incisa (Bóveda Fernández, 2013b, p. 24).

### 12.1.6 Séculos XVI-XVIII

Neste momento, xa na Idade Moderna, perdemos a pista das producións comúns galegas, sabemos que existen grazas á súa documentación en niveis modernos en intervencións urbanas e en castelos, pero a súa publicación é moi deficiente.

Os bordos de pestana continúan a estar presentes en producións finas negras con boa selección de pastas e cocción pero o comercio global provoca a entrada de novos recipientes, tanto de luxo como os mencionados no apartado correspondente, gres alemán, faiança, louzas, pezas talaveranas, etc, como cerámica común, sendo exemplo a cerámica de Miranda. Como único exemplo estudado de cerámica común autóctona deste período contamos cos escasos fragmentos do castro de San Lourenzo, unha cerámica de pastas claras realizada a torno que presenta técnicas decorativas herdadas da Idade Media como é a incisión en zig-zag. Os fragmentos non permiten ir máis aló en canto a morfoloxía.

Na cidade de Lugo téñense realizado estudos de cerámica común moderna os cales evidencia a continuidade dos bordos de pestana, cada vez máis complexos na súa forma. En pastas cuarcíticas e micáceas compactadas cor gris e acastañada. Son bordos de olas de cociña (Folgueira Castro, 2015).




Figura 278. Olas de cronoloxía moderna localizadas na cidade de Lugo (Folgueira Castro, 2015, p. 435).

O estudo da cerámica común deste período queda por realizarse en Galicia, faltando por coñecer, entre outras moitas cousas, cando os obradoiros galegos incorporan a técnica de vidroado.

### 12.1.7 Interpretación de conxunto

Como xa indicaran algúns autores (Fernández Fernández & Bartolomé Abreira, 2016, p. 107), hoxe en día continúan a ser escasos os xacementos dispoñibles para o estudo da cerámica entre os séculos VII e X en Galicia. No presente traballo tivemos ocasión de revisar contextos datados nesas datas, como son: Casanova, As Pereiras, A Pousada, Porto Traveso, Faro de Budiño, Cova Eirós e o Castelo de Portomeiro.

No século V d.C. iníciase un conxunto de trocos nas producións cerámicas que verán o seu punto álxido no século VIII. A partir do V d.C. iníciase procesos de rexionalización da produción e da comercialización da cerámica comúns a boa parte do norte e centro peninsulares (Tejerizo-García, 2016, p. 248; Vigil-Escalera Guirado, 2003). No actual territorio galego definíronse estes trocos como un xiro cara a autarquía excepcionando o *emporium* de Vigo (Fernández Fernández & Bartolomé Abreira, 2016, p. 100). Tanto en Braga como en Lugo importantes centros produtores cerámicos do noroeste a partires do século VI redúcese o repertorio formal das súas cerámicas grises, pérdese calidade nos acabados e a produción céntrase en formas utilitarias (Fernández Fernández & Bartolomé Abreira, 2016, p. 105). Polo momento no suroeste de Galicia e na cidade de Lugo identificouse un tipo de produción denominada, tal vez de maneira demasiado atrevida, “cerámica micácea de cociña de tradición castrexa” con feitura a man e abundante mica nas súas superficies, presentan desgrasantes graníticos e cun peiteado diagonal exterior (Fernández Fernández & Bartolomé Abreira, 2016, p. 96), estas producións que comezan no século V son o claro precedente das coleccións que dominarán o repertorio galego a partir do século VIII. Estes procesos de autarquía cerámica encaixan coa desarticulación do entramado imperial romano e a conformación das aldeas e granxas de cronoloxía altomedieval, cun campesiñado con sistemas de produción baseados no autoconsumo (Sánchez Pardo, 2010, p. 300; Tejerizo-García, 2016, p. 252). As caídas en mans musulmáns dos importantes

núcleos comerciais de Antioquía e Cartago durante o século VII e a posterior invasión da Península Ibérica fomentarían o corte no comercio co Mediterráneo e a potenciación das producións autóricas (Fernández Fernández, 2013, p. 206).

O anteriormente indicado queda patente no caso de Casanova, con contextos con ausencia total de *sigillata* e unha mínima cantidade de cerámica engobada. O conxunto está representado principalmente por cerámica común redutora realizada a torno rápido e lento cun 19,5% e 13,5 % dos fragmentos respectivamente, destacando a posible identificación da cerámica micéica de cociña cun 8%, identificada tamén en Cova Eirós, unicamente en olas. O 95% do conxunto está dominado polas olas sendo excepcionais os cuncos. Dende o punto de vista decorativo triunfan as incisións ondulantes, tanto individuais como en grupo e incluso con interseccións entre as mesmas destacando o emprego do brunido tanto como remate das pezas como con perspectiva decorativa en base a liñas verticais (Tejerizo-García et al., 2021, p. 166). Trátase dun momento no que continúan a existir producións realizadas en obradoiros especializados, como a cerámica engobada, pero que se mesturan con cada vez máis producións que poderían ser consideradas de autoconsumo ou realizadas por obradoiros menos especializados. O repertorio formal simplifícase con respecto a épocas precedentes e as formas abertas convértense en residuais marcando o inicio dunha tendencia que non se recuperará ata a Plena Idade Media con cuncas e barcais. As decoracións tamén se simplifícan con respecto ás técnicas precedentes, marcando o camiño ao igual que as formas para os momentos posteriores, coas ondas incisas.

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega



Figura 279. Fotografías dos materiais de Casanova.

Se para os séculos VI-VII contábamos con rotacións rápidas, as fases identificadas a partir do século VIII do xacemento da Pousada evidencian unha fabricación da totalidade do conxunto a man ou a rotacións moi lentas. A nivel formal segue primando a identificación de olas con pastas pouco depuradas e coccións imperfectas dominadas polas cores escuras aínda que cunha produción escasamente representada de pastas vermellas ou con tendencia oxidante. Esta última produción é similar á constatada no Faro de Budiño. Estas características repítense no xacemento das Pereiras con cores grises e pardos e con feitura a man maioritaria nas fases altomedievais. Nas Pereiras o repertorio formal aumenta con olas, oliñas, xerras, unha

meleira e un posible barcal. As olas presentan bordos con tendencia vertical e oblicua e beizo biselado cunha sutil protopestana. A nivel decorativo presenta incisións ondulantes e dixitacións así como cepillados verticais similares aos de Cova Eirós (Tejerizo-García et al., 2021, p. 174).



Figura 280. Fotografía dos materiais da Pousada

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega



Figura 281. Fotografía dos materiais das Pereiras.

O xacemento de Porto Traveso cunha datación entre os séculos VIII e X, apenas pode aportar información dende unha óptica morfolóxica pero si nas características da produción. Trátase dun conxunto con arxilas mal seleccionadas e decantadas cuns grandes desgrasantes e cocido a baixa temperatura, o que provoca un pésimo estado de conservación. Contamos pois para este período con producións posiblemente realizadas para autoconsumo, sen obradoiros

especializados e cunha reducida capacidade de distribución, limitándose completamente a importación de cerámica esóxena, como así ocorre noutros espazos como o País Vasco (Azkarate Garai-Olaun & Solaun Bustinza, 2003). Algo que contrasta co Castelo de Portomeiro, posiblemente cunha colección encadrada entre os séculos IX e X, cunha estandarización de tipos evidente, en base a olas de pastas ocreas ou alaranxadas maioritariamente aínda que tamén con presenza máis reducida de pastas negras, feitas principalmente a torneta. Será neste momento cando se constate o emprego dos cordóns dixitados con efectos decorativos e de reforzo das pezas. Os bordos son oblicuos, biselados e biselados engrosados. O caso de Portomeiro trátase da primeira constatación das características incipientes que posteriormente terá a cerámica plenomedieval, no tocante ás características das olas. Posto que as olas de Portomeiro son similares ás que posteriormente estandarizaranse na Plena Idade Media galega. Neste caso constatamos o fortalecemento das elites do territorio iniciado no século VII (Sánchez Pardo, 2010, p. 301), e do que a estandarización de Portomeiro pode ser un indicador. Así como a volta á existencia de obradoiros especializados que produzan en cantidade suficiente para garantir un subministro de cerámicas estandarizadas e por tanto a recuperación paulatina de redes comerciais, feito coincidente coa grande expansión de igrexas polo territorio (Sánchez Pardo et al., 2017), ou a reacuñaación de moeda no século XI (Núñez Meneses, 2013).

12. Análise dos datos cara a  
caracterización da CTO da  
cerámica medieval galega



Figura 282. Imaxes dos materiais de Porto Traveso

Destaca en Portomeiro a ausencia de xerras, sendo un tipo que aparentemente xeralízase a partires do século XI, como coas constadas no Bordel, o Franco nº31 ou o castro de San Lourenzo. Neste momento na Plena Idade Media as producións estandarízanse, a xerra de incisións punzantes na súa asa está presente en todo o territorio galego, incluso ao sur do Miño, xunto con olas de bordo principalmente oblicuo e beizos maioritariamente biselados ou de protopestanda, tamén os barcais comezarán a estenderse en maior medida, chegando incluso á altura de Viseu (Tente et al., 2014). Constitúese neste momento unha tradición cultural cerámica galega a través de obradoiros especializados dispersos polo país e que posiblemente contén coa capacidade de distribuír as súas producións máis aló dunha escala local, parece que *a revolución do ano mil* faise patente tamén na cerámica galega (Bois, 1997). É posible que os cambios feudais que se dan na Plena Idade Media galega (López Carreira, 2008, p. 321), teñan a súa manifestación nas cerámicas do período.

Semella o século XII un momento de reestruturación das producións como tamén sucede no País Vasco (Solaun Bustinza & Escribano Ruiz, 2006, p. 255) e de melloras técnicas como en León (Gutiérrez González & Miguel Hernández, 2009, p. 452). Varias das características da cerámica deste momentos chegarán ás producións tradicionais dos nosos días, como as xerras trilobuladas de Gundivós, os cordóns dixitados, os zig-zags ou certo tipo de pastas. O impulso da cerámica da Plena Idade Media e o seu sistema de produción e distribución asociado á bonanza económica do século XII coa expansión do románico pode consolidarse e marcar o que serán as bases da produción artesanal deste material durante os mil anos posteriores ata os nosos días.

Na beira occidental de Galicia a cerámica é de pastas grises, a denominada gris perla, con abundante mica, mentres que no oriente destacan as producións marróns. As diferencias de pastas evidencian a existencia de diferentes centros produtores pero que seguen unha

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

mesma dinámica en base a formas similares, con todo este proceso denota unha especialización da produción, a feitura a man comeza a abandonarse xa antes do cambio de milenio mentres que na Plena Idade Media a torneta atópase xeralizada. Aparentemente a produción pasaría dunha óptica de autoconsumo altomedieval a lóxicas de especialización por zonas ou comarcas, similares ás lóxicas de produción da cerámica tradicional galega ou do norte de Portugal. Xestionándose dende diferentes centros produtores especializados a distribución cara as súas áreas de influencia, esta posibilidade vese referendada polas analíticas arqueométricas que salvo polo caso da Pousada, concordan con orixes das materiais primas, próximas aos xacementos. É posible que este sistema de produción chegue dende época Pleno Medieval ata mediados do século XX cando comezan a desartellarse os numerosos centros produtores oleiros galegos. Será na Baixa Idade Media cando as primeiras importacións sexan documentadas, importacións que vinculan o comercio internacional galego co norte de Europa, por vía atlántica, haberá que esperar á Baixa Idade Media para constatar importacións dende outros puntos peninsulares. Estas importacións están marcadas polo emprego de vidrado, tecnoloxía aparentemente nunca dominada na Galicia medieval.

Os fornos telleiros adoitan estar presentes na documentación histórica medieval de Galicia e Portugal porque os mesmos debían pagar taxas polo seu uso, incluso no norte de Portugal téñense localizado fornos de tella de reguengo (Barroca, 1993, p. 162). Como apunta Barroca, os fornos oleiros non adoitan localizarse na documentación medieval galaico-portuguesa. Se temos en conta a preponderancia de cocciós oxidantes nas tellas, isto podería indicar a súa fabricación mediante fornos con estrutura construída de dobre cámara, combustión e cocedura, elementos fisicamente estables, duradeiros e recoñecibles, por tanto suxeitos a gravame, de aí que aparezan na documentación. Dada a preponderancia de cocciós reductoras no rexistro anteriormente exposto, poderíamos atoparnos ante fornos de fosa simple, non perdurables, non complexos e por tanto non sometidos a taxas (Barroca, 1993, p. 167). Hoxe en día

existen principalmente no norte de Portugal lugares onde se continúan a modelar as pezas mediante torno baixo e a súa cocedura efectúase nas denominadas *soengas*, amplas fosas non moi fondas, nas que nun primeiro momento colocaríanse a carón do lume as pezas para o seu secado e precoción, posteriormente sobre as brasas colocaríanse as pezas para a seguir incorporar leña sobre as mesmas, unha vez parcialmente consumida incorporaríanse rapidamente terróns ou palla sobre o lume, formando unha base para a terra solta procedente da fosa que é incorporada creando así unha atmosfera redutora. Esta técnica pódese realizar incluso sen escavar unha fosa, directamente sobre o chan (Fernandes, 2012, p. 164). Sería unha técnica de cocción que encaixaría coas temperaturas inferiores a 900 °C identificadas nos conxuntos da Pousada e O Bordel.

12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega



Figura 283. Cocedura mediante *soenga* de arriba a baixo en orde do proceso.<sup>81</sup>

Este tipo de técnica de cocedura foi documentada arqueoloxicamente en Vilanova de Gaia, en Coimbrje s ás aforas da cidade de Porto (Ribeiro, 2000), cumprindo co constatado dende perspectiva documental para o subministro de cerámica ás cidades dende os seus arrabaldes en época medieval, pero neste caso con cronoloxías do século XVII en diante<sup>82</sup>.

<sup>81</sup> Imaxes da web <https://www.scmamarante.pt/a-soenga-barro-preto-de-gondar/>

<sup>82</sup> <http://194.65.130.225/index.php?sid=sitios&subsid=54430>



Figura 284. *Soengas* documentadas documentadas en Coimbrões, coa impronta da colocación de recipientes e tapadeiras<sup>83</sup>.

Polo momento descoñécense as áreas de produción da cerámica medieval galega, feito que contrasta coa realidade doutros territorios como Cataluña, onde se coñecen ata 8 *terrisseries* (Travé Allepuz, 2009, p. 60). Se temos en conta que este tipo de técnica de cocción podería ser a habitual en Galicia, a identificación das áreas de produción medieval faise complicada.

Como xa indicamos a especialización de diferentes parroquias ou concellos na produción cerámica dende época moderna como Niñodagua, Buño ou Gundivós, podería ser o indicador da orixe destes centros produtores ou canto menos deste modelo de produción na Idade Media, de feito, como vimos, as materias primas empregadas para a realización das xerras de Augas Santas coinciden coas de

<sup>83</sup> Imaxes do Portal do Arqueólogo:

<http://194.65.130.225/index.php?sid=sitios&subsid=54430>

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

Niñodagua. O estudo dende perspectiva arqueolóxica tanto das producións como dos espazos de fabricación aportaría un maior coñecemento das producións galegas, a súa realidade tecnolóxica e os seus métodos de organización económica e social, sendo un piar fundamental para coñecer o artesanato medieval. Neste senso destacan os esforzos realizados en Asturias onde grazas a intervencións arqueolóxicas foi coñecida a orixe da cerámica tradicional de Faro en fases medievais (Fanjul Peraza, 2016; Fanjul Peraza et al., 2013).

Para fases plenomedievais a identificación de producións similares en función da zona de Galicia onde se sitúe o xacemento destaca o contraste entre as cerámicas da Galicia oriental e da occidental. Mentres que no Eixo Atlántico predominan as cerámicas con pastas gris perla en época plenomedieval, nas áreas orientais estudadas predominan as pastas marróns. Un posible indicador da existencia de obradoiros especializados asentados nun area parroquial ou supraparroquial dende os cales se consegue distribuír pezas a certa escala, aínda que posiblemente non moi afastada do lugar de orixe. Conformándose centros oleiros que dominan a súa área inmediata nun rango máximo de dúas ou tres xornadas de camiño dende o punto produtor, se consideramos que estas pezas foran vendidas polos propios oleiros, sen mediación dun comerciante. Este modelo de produción e distribución é o propio da cerámica tradicional galega ata inicios do século XX.

Na Baixa Idade Media a cerámica gris segue presente pero introdúcense novas técnicas de modelado como o torno, así o exemplifica o conxunto de Augas Santas, sen que se abandone nunca totalmente a torneta. Tamén en Augas Santas evidénciase unha mellora dos sistemas de cocción, con fornos que poden alcanzar temperaturas de 1100 °C. No tocante ás pastas, comeza a producirse en maior medida unha cerámica ocre ou marrón representada en olas e xerras producíndose un proceso de diversificación nas pastas. As olas neste período contan coa peculiaridade de presentar bordos maioritariamente horizontais, feito diferenciador fronte os conxuntos

plenomedievais de bordos oblicuos e por tanto, un indicador cronolóxico. A produción irase mellorando en técnica creando nas olas paredes cada vez máis finas con pastas máis depuradas de cor negro e co característico bordo de pestana o cal se adentrará na Idade Moderna, pero esta mellora puntual irá parella con producións brutas destacando o contraste entre ambas, sendo isto un posible indicador da inestabilidade social da Galicia baixomedieval. O bordo de pestana é un factor de diferenciación cronolóxica facéndose máis prominente a pestana conforme nos adentremos na Baixa Idade Media e sendo unha “protopestana” na Alta e Plena Idade Media.



Figura 285. Cerámica das intervencións de Rocha Forte, de pastas marróns.

Na Baixa Idade Media en contornos de luxo comezarán a introducirse cerámicas de Sevilla e levantinas, destacando a louza

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

dourada exemplos dun incipiente comercio que terá a súa máxima expansión na Idade Moderna, coa chegada a Galicia de producións peninsulares pero tamén do norte de Europa e incluso do Mediterráneo, do que son exemplo os greses renanos ou as talaveras. Estas cerámicas serán distribuídas dende os portos e núcleos urbanos cara contornos de luxo rurais como pazos, castelos e mosteiros.

As formas importadas contan cunha novidade, trátase da primeira constatación de pratos no rexistro arqueolóxico cerámico galego dende os séculos V-VI. Non se conta con servizo de mesa en toda a Idade Media, salvo polos barcais e algún cunco e polas importacións baixomedievais, formulando esta ausencia a hipótese da existencia destes recipientes en materiais perecedoiros, unicamente conservados en condicións excepcionais como os vistos do caso Santiagués. É difícil comprender a inmensa presenza de recipientes en madeira que debeu existir nos séculos medievais. Se temos en conta as representacións artísticas esbozadas ao comezo do presente traballo, podemos comprobar como os tipos indicados non coinciden con recipientes coñecidos no rexistro arqueolóxico, sendo a hipótese máis probable que estiveran realizados en madeira. A tornería foi unha profesión artesanal presente en Galicia ata o século XX.

A Idade Moderna supón a entrada nun comercio global que permite a chegada de producións en grandes cantidades dende Portugal coas súas *faianças*, Europa co gres renano ou mediterráneas coas cerámicas italianas e incluso Asturianas, como vimos co caso de Miranda (Fanjul Peraza et al., 2018). Este momento supón certa democratización canto menos en espazos urbanos do acceso a cerámicas vidradas, as cales son as que se atopan minimamente estudadas en Galicia dende perspectiva arqueolóxica pero existindo unha clara eiva no estudo das producións de cerámica común, as cales seguen a producirse como se puido apreciar no castro de San Lourenzo ou coas conservadas do centro oleiro de Samos (Flores Rivas & Viveiro Veiga, 2018).




Figura 286. Síntese das formas por período.

## 12. Análise dos datos cara a caracterización da CTO da cerámica medieval galega

Séculos VI-VII: Cova Eirós e Casanova



Séculos VIII-IX: As Pereiras, A Pousada e Faro de Budiño



Século X: Castelo de Portomeiro



Séculos XI-XII: Franco nº31, Cova Eirós e Castro de San Lourenzo



Séculos XIV-XV: Rocha Forte e Augas Santas



Figura 287. Síntese das pastas por período.



## 13. Conclusións

A revisión de ata 13 conxuntos medievais e coa complementariedade de varias coleccións de cronoloxía moderna permitiu fornecer un estudo driaacrónico por primeira vez para a cerámica medieval en Galicia, amparado en varias ocasións por datacións absolutas e estudos arqueométricos. O traballo incide na existencia de obradoiros de cerámica común ao longo de toda a Idade Media con maior ou menor especialización en función do contexto histórico e que nunca chegan a dominar técnicas alóctonas coma o vidrado.

A través do traballo realizado púidose comprobar como o rexistro cerámico en todos os campos da cadea operativa mostra as diferentes realidades histórico sociais da Idade Media galega, indo paralela a técnica ou distribución da cerámica á realidade social de cada momento. Así atopámonos con cada vez menor calidade nos séculos VII e VIII, nas fabricación de cerámica común, nun primeiro momento asociadas a producións vinculadas a tradicións anteriores como a cerámica engobada pero que posteriormente dominarán en exclusiva o rexistro cerámico con formas centradas nas olas, realizadas en cocións irregulares ás veces de pouca temperatura e con decoracións básicas en base a incisións. Neste momento a feitura a man irá gañando terreo, perdendo o torno a súa presenza no territorio e contando tamén coa presenza da torneta.

Conforme a realidade social váiase facendo máis complexa as producións comezarán a estandarizarse e a mostrar as peculiaridades que dominarán o rexistro ao longo do resto da Idade Media, con posterioridade os séculos IX-X. Neste momento, tamén dominado polas olas, os bordos oblicuos biselados serán os representativos dunhas olas que presentarán por primeira vez decoración en base a

cordóns dixitados e unha clara estandarización, sendo a evidencia da recuperación de obradoiros cada vez máis especializados nos que se xeraliza a torneta e posiblemente a instauración de novas redes de distribución da produción dentro dun contexto protofeudal. Esta tradición será herdada na Plena Idade Media cando as producións pasen a equipararse en todo o territorio do antigo reino de Galicia, chegando as cerámicas a ser similares en puntos do norte de Portugal e Galicia, sendo un caso paradigmático o dos barcais ou alguidares de base em disco, e que posiblemente a partir da independencia do reino de Portugal as tradicións dunha beira e doutra do Miño sepárense paulatinamente. Esta realidade de contactos norte-sur atópase en perfecta lóxica coa dinámica de expansión cara o sur dos reinos cristiás, así como coa comparativa entre as cerámicas galegas e as producidas en León ou Asturias as cales responden a tradicións diferentes ás galegas.

Na Plena Idade Media a denominada cerámica gris perla dominará o rexistro arqueolóxico da área occidental de Galicia propia dun substrato granítico coa súa abundante presenza de mica. Neste período ampliarase o repertorio formal, contando con olas, xerras, xerriñas, barcais e tapadeiras, evidencia dun maior dinamismo produtivo e comercial. As pastas melloran en calidade, controlándose en maior medidas as coccións e continuándose co uso xeral da torneta. Noutros puntos de Galicia como a área estudada da Terra de Lemos o rexistro atópase dominado por cerámicas marróns de posible orixe local e influenciadas pola realidade xeolóxica da zona. Con todo as súas formas serán similares ás da área occidental coas xerras de asas con incisión punzada e olas de bordo biselado. Neste espazo os importantes centros produtores de Samos e Gundivós en fabricación durante o século XX, poderían ser os herdeiros deste tipo de tradición, sendo factible este feito no caso de Samos onde unha produción organizada dende o mosteiro non sería desbotable. É entre as centurias do XII e XIII cando se documentan as primeiras importacións de cerámica vidrada, incorporándose unha nova e alóctona cadea operativa ao rexistro galego, cos vidrados cúpricos procedentes das costas galas.

A partires do século XIII a produción faise cada vez máis heteroxénea en canto a pastas en toda Galicia, estas xa non so se diferencian por áreas xeográficas, senón que podemos atoparnos cerámicas grises mesturadas con cerámicas marróns independentemente da área na que se localicen. O rexistro formal segue a ser similar ao plenomedieval coa excepción da aparente desaparición dos barcais e unha maior variedade de tipos de olas. Conforme avance a Baixa Idade Media comezará a producirse cerámica común fina, a cal estenderá a súa produción pola Idade Moderna. Con todo a cerámica común basta continuará a fabricarse neste período contando coa peculiaridade da maior presenza de bordos horizontais nas súas olas.

Trátase o baixomedieval dun período no cal as clases nobiliarias comezan a adquirir produtos de luxo importados doutros puntos da Península Ibérica. As importacións aportan recipientes cerámicos a un espazo no cal non adoitaban estar presentes, o servizo de mesa, a maioría de recipientes importados correspóndense con pratos e xerras, os primeiros nunca antes identificados no rexistro arqueolóxicos. A nivel cerámico a Baixa Idade Media será un precedente do que acontecerá na Idade Moderna, cunha importación masiva de producións europeas e peninsulares de servizo de mesa as cales se abaratan e poden chegar a un maior conxunto da poboación grazas á difusión do comercio global.

A distribución de cerámicas de importación en grandes cantidades non será un impedimento para que as producións comúns continúen a fabricarse en Galicia. Estas daban servizo ás necesidades de recipientes para cociñar de tódalas clases sociais pero tamén cubrían completamente as necesidades cerámicas das clases populares e zonas rurais.

O tipo de hábitat e as necesidade de consumo cerámico non mudarían en exceso dende o século XII ata o século XX, este feito permite formular a posibilidade de continuidade nalgún dos centros

olerios do século XX dende época medieval, como así foi constatado en puntos próximos como Faro en Asturias e como así indican as características dalgunhas das tradicións oleiras actuais, como Gundivós coas súas xerras trilobuladas.

As producións modernas e contemporáneas contan con necesidades dende o punto de vista da investigación aínda non cubertas. É preciso proceder a unha sistematización das producións destes dous períodos dende perspectiva arqueolóxica, coñecer os seus lugares de produción e as súas áreas de distribución. Así como poder realizar escavacións arqueolóxicas en lugares de tradición oleira como Gundivós ou Sober que permitan datar o seu momento de inicio como centros produtores. Trátase dun estudo que entroncaría a actual produción oleira artesá coas súas raíces máis fondas recuperando a memoria do seu traballo.

A variedade dos diferentes tipos de xacementos empregados permite unha achega a contextos claramente diferenciados, co afán de empregar un conxunto de estudo que sexa representativo das diferentes realidades sociais e funcionais. Desta maneira cóntase con asentamentos rurais como As Pereiras ou A Pousada, espazos agropecuarios como Porto Traveso, Cova Eirós, Bordel e o Franco, fortificacións como Faro de Budiño, Portomeiro xunto con Rocha Branca, Rocha Forte e Naraío e espazos relixiosos como o castro de San Lourenzo ou Augas Santas.

O presente traballo constitúe unha primeira aproximación global ao mundo da cerámica medieval en Galicia, abordándoa dende diferentes ópticas e técnicas e tentando realizar estudos representativos de todo o territorio. O conxunto limitado de xacementos estudados permite fornecer unha primeira achega, na que se identifican as dinámicas xerais da cerámica medieval galega ao longo da súa historia, como primeiro punto de partida para a achega dun maior número de coleccións que permitan ir debullando o mapa deste sector artesá, o cal non gozaba dunha tese de doutoramento ata o momento. A combinación de datacións absolutas co rexistro cerámico e a

realización de analíticas arqueométricas constitúen un fito na investigación desta cerámica historiograficamente esquecida salvo honrosas excepcións.

No presente traballo empregamos por primeira vez nunha tese de doutoramento galega a CTO aplicada ao coñecemento da cerámica medieval, avanzando información que vai máis aló dun estudo tipolóxico. En varias ocasións grazas aos estudos arqueométricos puidemos reconstruír completamente a CTO incluso facendo mención aos procesos postdeposiciónais. Esta reconstrución das CTO permitiu formular hipóteses de traballo para o futuro en relación ás dinámicas de produción e distribución da cerámica na Idade Media pero tamén ata os nosos días, sendo un traballo a realizar de maneira urxente ante a perda dos últimos oleiros tradicionais hoxe en día. Estes novos datos xerados esperamos que poidan contribuír a trocar a idea, xeralmente espallada entre o sector arqueolóxico galego, do caixón de xastre para a cerámica común medieval, catalogándose os xacementos e as producións simplemente como “medievais” sen ter en conta a riqueza cultura e diversidade técnica deste período.

Os resultados sonsacados conflúen co estudado a través doutras temáticas, como por exemplo o proceso de consolidación da paisaxe galega a partir do século X, a instauración de dinámicas protofeudais, a volta a acuñar moeda no século XI, a expansión das ordes monacais e do importante románico galego; o dinamismo de Galicia no século XII e a confluencia co Condado Portucalense ata ese momento, son procesos dos que a evolución da produción cerámica dá indicios e é fiel representante material dos mesmos.

O aproveitamento de datacións absolutas así como a posibilidade de estudar puntualmente contextos pechados supuxo un antes e un despois na caracterización cerámica que permitiu ir máis aló da tipoloxía. Con todo é preciso seguir aumentando o conxunto de estudos sobre cerámica medieval en Galicia, existindo numerosas coleccións nos museos pendentes de ser minimamente documentadas.

A comparación das colección estudadas con outras xa publicadas aporta un carácter máis global ao traballo, axudando á conformación dunha arqueoloxía medieval galega na que os estudos cerámicos súmanse por fin aos estudos artísticos, poboacionais, de hábitat e de fortificacións.

A realización da tese de doutoramento sendo compaxinada co traballo como arqueólogo de empresa, supuxo por unha banda a posibilidade de incorporación de novos rexistros nos que se ía traballando así como unha importante e abundante experiencia de campo e gabinete. Por outra banda isto provocou que non se puideran aplicar os mesmos recursos a todos os xacementos por igual, tanto pola imposibilidade temporal ou material de facelo como pola diferente información que cada xacemento podía aportar á investigación. Non todos os xacementos puideron contar coa financiación adecuada nin co tempo ideal de dedicación. A pesar diso a execución dunha tese de doutoramento á vez que se traballa en arqueoloxía de empresa constitúe un fito no persoal e no laboral, posto que demostra a capacidade de investigación e de xeración de coñecemento que dende a empresa pódese xerar, sendo unha maneira de devolución á sociedade do invertido tanto na formación persoal como nos diferentes proxectos executados profesionalmente e financiados con fondos públicos.

Como perspectivas de traballo futuro quédanos seguir completando a definición das características da olería medieval galega, no presente estudo so esbozadas, así como tentar afondar no coñecemento das cerámicas de cronoloxía moderna e contemporánea como herdeiras da tradición medieval. Realizar estudos comparativos entre os territorios próximos como Portugal, Asturias e León así como seguir contribuíndo na divulgación de resultados e na mellora do coñecemento arqueolóxico, dando a coñecer a través de publicacións os diferentes contextos nos que traballamos e favorecer unha maior valoración social do patrimonio, por todos os medios posibles, en base aos preceptos da interpretación do patrimonio.

## 14. Bibliografía:

Abad Vidal, E. A. (1996). *Control Arqueológico en el solar nº10 de la calle Bordel, Padrón*.

Aboal Fernández, R., & Cobas Fernández, I. (1999). *La arqueología en la Gasificación de Galicia 10: Sondeos en el Yacimiento Romano-Medieval de As Pereiras* (TAPA 13). Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais (GIARPa), IIT, Universidade de Santiago de Compostela.

Aboal Fernández, R., & Parcerro Oubiña, C. (1999). Primeros resultados de documentación arqueológica en el yacimiento romano y altomedieval de as Pereiras (Amociuro, Ourense). *Gallaecia*, 18, 301-312.

Acuña Castroviejo, F., & Casal García, R. (2009). Vinte anos de arqueoloxía galaico-romana e medieval. *Minius, historia arte e xeografía*, 17, 121-143.

Acuña Castroviejo, F., Casal García, R., & Rodríguez Resino, Á. (2012). XXV años de arqueología medieval en Galicia (1985-2010). *Boletín de arqueología medieval*, 16.

Acuña Castroviejo, F., Costa Iglesias, A., de la Peña Santos, A., & Rodríguez Casal, A. A. (1976). Prospecciones arqueológicas en la «Torre de Meira» (Moaña, Pontevedra). *Boletín Auriense*, VI, 183-205.

Alcorta Irastorza, E. J. (2001). *Lucus Augusti II. Cerámica común romana de cocina y mesa hallada en las excavaciones de la ciudad*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Alonso Toucido, F. (2015). Estudio preliminar de la cerámica del área de Santiago de Compostela en época plenomedieval. En R. Martínez Peñín & G. Cavero Domínguez (Eds.), *Evolución de los espacios urbanos y sus territorios en el Noroeste de la Península Ibérica* (pp. 239-252). Instituto de Estudios Medievales de la Universidad de León y Unidade de Arqueología de la Universidade do Minho.

Alonso Toucido, F., Blanco-Rotea, R., & Prieto-Martínez, M. P. (2015).

*As xerras medievais de Augas Santas (Allariz). Cartel de exposición.*

Alonso Toucido, F., & Prieto Martínez, M. P. (2018a). Franco nº 31 (Santiago de Compostela), una nueva datación para la arqueología medieval de la ciudad. En *Arqueología en el Valle del Duero: del Paleolítico a la Edad Media* (pp. 670-676). Valladolid, Glyphos, 2018.

Alonso Toucido, F., & Prieto Martínez, M. P. (2018b). Periodizando la cerámica de la Edad Media en Galicia: el caso de O Bordel (Padrón). En *Arqueología en el Valle del Duero: del Paleolítico a la Edad Media* (pp. 574-592). Valladolid, Glyphos, 2018.

Alonso Toucido, F., Prieto Martínez, M. P., & Rodríguez Paz, A. (2017). Las jarritas de Santa Mariña de Augas Santas (Allariz), una aproximación a su morfología. *Estudios humanísticos. Historia*, 16, 177-198.

Alonso Toucido, F., Prieto Martínez, M. P., & Rodríguez Resino, Á. (2013). Cerámica en silos. Contextos Medievais e Modernos na Rúa do Franco nº 31, Santiago de Compostela. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 0(32), 215-248.

Andrío Gonzalos, J., Álvarez Estrada, F., Bohigas Roldán, R., Fariña Busto, F., Fernández Conde, F. J., García, J., García Alonso, M., García Camino, I., Gimeno García-Lomas, R., Gutiérrez González, J. A., Jusue Simonena, C., Larren Izquierdo, H., Loyola Perea, E., Peñil Mínguez, J., Saez Sainz, I., Suárez Otero, J., Tabar Sarrias, I., & Urteaga Artigas, M. (1991). Las cerámicas medievales del Norte y Noroeste de la Península Ibérica. Rasgos comunes y diferencias regionales. En L. Alves da Silva & R. Mateus (Eds.), *A cerâmica medieval no Mediterrâneo Ocidental* (pp. 69-86). Campo Arqueológico de Mértola.

Ayán Vila, X. M. (2017). *Escavación arqueolóxica e consolidación no castro de San Lourenzo (Cereixa, A Pobra do Brollón, Lugo) GA27047014 Memoria Técnica.*

Ayán Vila, X. M. (2021). *San Lourenzo ven a nós. Memorias dun castro galego.* Asociación de veciños María Castaña de Cereixa.

Azebedo, J. (Ed.). (1995). *Primeiras Jornadas de cerâmica medieval e pós-medieval: métodos e resultados para o seu estudo, Tondela, 28-31 de Outubro de 1992.* Cámara Municipal de Tondela,.

Azkarate Garai-Olaun, A., & Solaun Bustinza, J. L. (2003). Después del Imperio Romano y antes del año mil: morfología urbana, técnicas constructivas y producciones cerámicas. *Arqueología de la Arquitectura*, 2,

37. <https://doi.org/10.3989/arq.arqt.2003.22>

Aznar Auzmendi, J. (2016). *La cerámica medieval de Estella (siglos IX-XV)*. Nafarroako Unibertsitate Publikoa.

Balil Illana, A. (1971). Excavaciones en Torres de Oeste de Catoira. (Pontevedra). *Noticario Arqueológico Hispánico*, 13-14, 300-303.

Ballesteros-Arias, P. (2020). *El paisaje rural gallego. La arqueología y la etnografía como métodos de estudio sobre su génesis y transformación en el tiempo*. Universidad del País Vasco.

Ballesteros Arias, P. (2010). La Arqueología Rural y la construcción de un paisaje agrario medieval: El caso de Galicia. En H. Kirchner (Ed.), *Por una arqueología agraria. Perspectivas de investigación sobre espacios de cultivo en las sociedades medievales hispánicas BAR International Series* (pp. 185-202).

Ballesteros Arias, P., & Blanco Rotea, R. (2009). Aldeas y espacios agrarios altomedievales en Galicia. En J. A. Quirós Castillo (Ed.), *The Archaeology of Early Medieval Villages in Europe. Documentos de Arqueología e Historia, nº 1*, (pp. 115-135).

Barbeito Pose, V. J., Fábregas Valcarce, R., Rodríguez Rellán, C., Blanco Chao, R., Costa-Casais, M., Martín Seijo, M., Paz Caamaño, A., Fariña Costa, A., & Gorgoso López, L. (2015). Ocupacións domésticas na Serra do Barbanza: Resultados preliminares. *Gallaecia*, 34, 125-158.

Barbeito Pose, V. J., Fábregas Valcarce, R., Rodríguez Rellán, C., Fariña Costa, A., Paz Camaño, A., López Taboada, M. de los Á., Suárez Piñeiro, A. M., Abascal Palazón, J. M., Fernández Suárez, G. F., Casado González, G., Vázquez Martínez, A., & Mariño Calvo, M. V. (2018). Do planalto ás terras baixas: novas achegas á ocupación da península do Barbanza dende a Prehistoria ata o Medioevo. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 37, 1-38. <https://doi.org/10.15304/gall.37.5131>

Barbeito Pose, V. J., & Rúa Carril, V. (2010). Del romano al medioevo, de Forum Iriensensis a Villa Patrono, de Iria Flavia a Padrón (A Coruña). *Revista de Arqueología*, 349, 49-57.

Barbeito Pose, V., & Rúa Carril, V. (2008). Evidencias arqueológicas da cerca e dos suburbios medievais de Villa Patrono (Padrón, A Coruña). *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 27, 241-271.

Barceló Perelló, M., Kirchner, H., Lloró, J. M., Martí, R., & Torres, J.

M. (1988). *Arqueología medieval en las afueras del «medievalismo»*. Barcelona: Crítica, D.L. 1988.

Barroca, M. J. (1993). Centros oleiros de entre -Douro-e-Minho (Séc. XIII) contributo para o seu inventário e cartografía. *Arqueologia Medieval*, 2, 159-170.

Bello Diéguez, J. M., Sanjurjo-Sánchez, J., Fernández Mosquera, D., Sanjurjo Sánchez, J., & Fernández Mosquera, D. (2008). Los niveles medievales de la Torre de Hércules: caracterización arqueológica y datación mediante TL y OSL. *Férvedes: Revista de investigación*, 5, 453-464.

Beltrán de Heredia, J., & Miró, N. (2009). El comerç als segles XVI-XVII a través del materials arqueòlogics apareguts a Barcelona. En *La ciutat en xarxa. XI Congrés* (pp. 1-12). Ajuntament de Barcelona.

Benlloch del Río, J. E. (2010). Muxía Apuntamento para a súa historia. Séculos XII-XVI. *Nalgures*, 6, 9-55.

Blanco-Rotea, R. (2015). *Arquitectura y Paisaje. Fortificaciones de frontera en el sur de Galicia y norte de Portugal*. Universidad del País Vasco.

Blanco-Rotea, R., García, J. M. C., & Sánchez-Pardo, J. C. (2015). Análisis de la evolución constructiva de las estructuras excavadas en el yacimiento de A Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) y propuestas interpretativas sobre sus “fases tardoantiguas”. *Estudos do Quaternario*, 12, 69-93. <https://doi.org/10.30893/eq.v0i12.112>

Blanco-Rotea, R., Prieto-Martínez, M. P., Ballesteros-Arias, P., & López González, L. F. (2009). El despoblado de A Pousada: La formación de una aldea rural en la Alta Edad Media. En M. P. Prieto-Martínez & F. Criado-Boado (Eds.), *TAPA 41. Reconstruyendo la historia de la comarca del Ulla-Deza (Galicia-España) Escenarios arqueológicos del pasado*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Blanco-Rotea, R., Rodríguez, S. G., Mato-Fresán, C., & Sanjurjo-Sánchez, J. (2015). The Basílica de la ascensión and os fornos (Allariz, Ourense) and the christianization of architecture in late antiquity. *Estudos do Quaternario*, 2015(12).

Blanco Rotea, R. (1998). La arqueología en el muro: lectura estratigráfica de paramentos en San Fiz de Solovio. *Gallaecia*, 17, 481-499.

Blanco Rotea, R. (2005). The study of mediaeval architecture from an

archaeological perspective. En *Act of the XIVth UISPP Congress, University of Liege, Belgium 2-8 September 2001, Section 14, Archaeology and history of the Miiddel Ages General Sessions and Posters* (pp. 81-88). BAR International Series.

Bohigas Roldán, R., & Gutiérrez González, J. A. (1989). *La cerámica medieval en el norte y noroeste de la Península Ibérica: aproximación a su estudio*. Universidad de León, Servicio de Publicaciones.

Bois, G. (1997). *La revolución del año mil*. Grijalbo.

Bonilla Rodríguez, A. (1991a). La Época Medieval: entre los inicios de la Edad Media y la construcción del presente . En *Arqueología del Paisaje, el área Bocelo-Furelos entre los tiempos paleolíticos y medievales (Campañas de 1987, 1988 y 1989)* (pp. 221-242).

Bonilla Rodríguez, A. (1991b). Tipología cerámica medieval: estudio comparativo de varios conjuntos de Galicia. En *Arqueología, Informes 2, Campaña 1988* (pp. 341-345). Xunta de Galicia.

Bonilla Rodríguez, A., & César Vila, M. (2005). Excavación arqueológica en área en el solar de la antigua capilla y lazareto medieval de S. Lázaro (Santiago de Compostela), A Coruña. *Gallaecia, 24*, 219-242.

Bosch i Lloret, A., Chinchilla Sánchez, J., & Tarrús Gaster, J. (2000). *El poblado lacustre neolítico de La Draga. Excavacions de 1990 a 1998*. (Monografía).

Bouza Brey, F., & D.Ors, Á. (1949). *Inscripciones romanas de Galicia*. Instituto de Estudios Padre Sarmiento.

Bóveda Fernández, M. J. (2013a). *Actuación de excavación, restauración e estudo do castelo de A Rocha Forte. Santiago de Compostela. Tomo I*.

Bóveda Fernández, M. J. (2013b). *Intervención arqueológica na Fortaleza da Rocha Forte. Tomo II*.

Busto Zapico, M. (2015). *Cerámica de importación en el Principado de Asturias entre la Baja Edad Media y la primera Edad Moderna*. Universidad de Oviedo, Università di Bologna.

Buxeda i Garrigós, J., & Cau Ontiveros, M. Á. (2006). Caracterització arqueomètrica de les ceràmiques espatulades de la plaça del Rei de Barcelona. *Quarhis, 2*, 140-151.

Caramés Moreira, V. (2004). Fragmento de gres alemán. En *Ate o confín do mundo: Diálogos entre Santiago e O Mar* (p. 238). Museo do Mar de Vigo.

Caramés Moreira, V., Castro Lorenzo, M. L., & Suárez Otero, J. (2006). Cerámicas de lujo en la Galicia del siglo XV. En *Os capítulos da Irmandade. Peregrinación y conflicto social en la Galicia del siglo XV* (pp. 200-211).

Carneiro Alonso, A. L. (2021). *Estudio de materiales del Castelo de Portomeiro (Val do Dubra, A Coruña)*. USC.

Carro Otero, J. C. (1987). Moneda del rey Fernando II de Galicia-León y ‘ceca’ compostelana con el tema de la ‘traslación’ del cuerpo del Apóstol Santiago (1157-1188). *Compostellanum*, XXXII, 575-593.

Casal García, R., Acuña Castroviejo, F., Vidal Caeiro, L., Nodar, C., & González Vila, G. (2006). Fortaleza medieval de A Rocha Forte (Santiago de Compostela): campaña de 2005. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 25, 147-171.

Casal García, R., Acuña Castroviejo, F., Vidal Caeiro, L., Nodar, C., Rodríguez Resino, Á., & Alles León, M. (2005). La fortaleza de A Rocha Forte (Santiago de Compostela). Campaña de 2004. *Gallaecia: revista de arqueoloxía e antigüidade*, 24, 193-218.

Casal García, R., Acuña Castroviejo, F., Vidal Caeiro, L., Rodríguez Resino, Á., & Nodar, C. (2004). La fortaleza de «La Rocha Forte» (Santiago de Compostela): trabajos arqueológicos 2002-2003. *Gallaecia*, 23, 195-204.

Castiñeiras López, J. (2017). *Espacios e Imágenes en el reino de Galicia (1075-1112). Persistencias y reforma*. Universidade de Santiago de Compostela.

Castro Lorenzo, M. L. (2006). La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología. *Boletín Auriense*, 36, 35-46.

Castro Lorenzo, M. L. (2009). La vajilla de lujo en Santiago de Compostela en los siglos XVI y XVII: aportaciones de la arqueología. *Revista de Estudos Provinciais*, 22, 123-158.

Centeno Cea, I. M., Palomino Lázaro, Á. L., & Villadangos García, L. M. (2010). Contextos cerámicos de la primera mitad del s. V en el interior de la meseta. El yacimiento de las Lagunillas (Aldeamayor de San Martín, Valladolid). *BSAA Arqueología*, LXXVI, 91-143.

César Vila, M. (2009). Estudo da cerámica e outros materiais arqueolóxicos. En *Círculo de engaños: Excavación del Cromlech de A Mourela (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)* (pp. 137-162). Andavira Editora.

César Vila, M., & Bonilla Rodríguez, A. (2003). Estudio de los materiales cerámicos del «Castelo da Lúa» (Rianxo, A Coruña). *Galicia fai dovs mil anos o feito diferencial galego*, 22, 297-367.

César Vila, M., & Bonilla Rodríguez, A. (2011). Síntesis de los materiales cerámicos procedentes del yacimiento de As Encrobas (Cerceda - A Coruña). En S. González (Ed.), *La cerámica en Galicia: de los castros a Sargadelos. Actas del XIV congreso anual asociación de ceramología*. (pp. 143-152). Asociación de ceramología.

César Vila, M., Bonilla Rodríguez, A., & López Pérez, M. C. (2010). Aportaciones al conocimiento de la cerámica producida en la última fase de la Edad Media en Galicia. En M. Crespo & R. Martínez Peñín (Eds.), *Metodología de Análisis Aplicada a los Estudios de Cerámica Tardoantigua y Medieval de la Península Ibérica* (pp. 145-160).

César Vila, M., De Lombera Hermida, A., Fábregas Valcarce, R., & Rodríguez-Álvarez, X. P. (2018). Estudio de la cerámica medieval de Cova Eirós (Triacastela, Lugo). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 131, 73-105. <https://doi.org/10.3989/ceg.2018.131.03>

Chamoso Lamas, M. (1943). El Servicio de Recuperación y Defensa del Patrimonio Artístico Nacional. *Boletín de la Sociedad Española de Excursiones Arte-Arqueología-Historia*.

Chamoso Lamas, M. (1951). Excavaciones en Torres de Oeste (Catoria-Pontevedra). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 6, 283-284.

Chamoso Lamas, M. (1974). Noticia sobre la importancia arqueológica de Iria Flavia (Padrón, La Coruña). *Archivo español de arqueología*, 45.1972-74., 125-133.

Chamoso Lamas, M. (2009). *Estudios sobre Arte, Arqueología y Museología*. Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario.

Clive, O., Tyers, P., & Vince, A. (1997). *La cerámica en Arqueología*. Crítica.

Cobas Fernández, M<sup>a</sup> Isabel, & Prieto-Martínez, M. P. (2001). La cadena tecnológica operativa como una herramienta teórica y metodológica.

Una perspectiva desde los planteamientos de la arqueología del paisaje. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLVIII, 1-19.

Cobas Fernández, M<sup>a</sup> Isabel, & Prieto Martínez, M. P. (1998). Criterios y Convenciones para la Gestión y el Tratamiento de la Cultura Material Mueble. En *CAPA 7*. Universidade de Santiago de Compostela. <https://doi.org/10.1007/s13398-014-0173-7.2>

Cobas Fernández, María Isabel, & Prieto Martínez, M. P. (1998). Regularidades espaciales en la cultura material: la cerámica de la Edad del Bronce y la Edad del Hierro en Galicia. *Gallaecia*, 17, 151-176.

Comas, M., Gurt, J. M., López, A., Padros, P., & Roca, M. (1997). *Contextos ceràmics d'època romana tardana i de l'alta edat mitjana (segles IV-X)*. Universitar de Barcelona.

de la Peña Santos, A. (1985). El Castillo de Soutomaioir: Informe Arqueológico. *El Museo de Pontevedra*, XXXIX, 143-158.

Delgado, M., & Morais, R. (2009). *Guia das cerâmicas de produção local de Bracara Augusta*. CITCEM – Centro de Investigaçõ Transdisciplinar «Cultura, Espaço e Memória».

Doval Galán, J. F. (1992). Cerámica de Penamoa. *Gallaecia*, 13, 459-474.

Doval Galán, J. F. (1999). Excavación de urgencia en la calle del Franco nº 1/ Plaza de Fonseca nº 4 (Santiago): Indicios del posible origen de dicha calle. En *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico: actas del Congreso Internacional. Lugo 15-18 de mayo de 1996* (Vol. 2, pp. 1375-1394). Lugo: Servicio de Publicaciones, Diputación Provincial de Lugo, 1999.

Doval Galán, J. F. (2001). *Informe valorativo das sondaxes arqueolóxicas previas á construción dun tanatorio no lugar de Iria*.

Eguileta Franco, J. M., & Rodríguez Cao, C. (1991). Arqueoloxía na Baixa Limia. O Encoro de Lindoso e o seu entorno: Lobios (Ourense). *Arqueoloxía, Informes 2, Campaña 1988*, 139-156.

Escalona Monge, J. (2006). Patrones de fragmentación territorial: el fin del mundo romano en la meseta del Duero. En U. Espinosa & S. Castellanos (Eds.), *Comunidades locales y dinámicas de poder en el norte de la Península Ibérica durante la Antigüedad Tardía*, (pp. 165-200). Universidad de la Rioja.

Escribano Ruiz, S. (2014). *Genealogía del registro cerámico alavés de época preindustrial (Siglos XIV al XVII)*. Euskal Herriko Unibertsitatea.

Fábregas Valcarce, R., Alonso Fernández, S., Ameijenda Iglesias, A., Grandal d'Anglade, A., Lazuén Fernández, T., Lombera Hermida, A. de, Pérez Alberti, A., Pérez Rama, M., Rodríguez-Álvarez, X. P., Rodríguez Rellán, C., Serna González, M., Terradillos Bernal, M., & Vaquero Rodríguez, M. (2009). Novos resultados das intervencións arqueolóxicas no Sur lucense: os xacementos paleolíticos da Depresión Monforte (Monforte de Lemos), Cova Eirós (Triacastela) e Valdavara (Becerreá). *Gallaecia*, 28, 9-32.

Fábregas Valcarce, R., Alonso Fernández, S., Lazuén Fernández, T., Lombera Hermida, A., & Pérez Alberti, A. (2008). Aportacións ó estudo da prehistoria da cunca media do Miño: os asentamentos en cova e ó aire libre. *Gallaecia*, 27, 63-88.

Fábregas Valcarce, R., Lombera Hermida, A., Serna González, M., Vaquero Rodríguez, M., Pérez Rama, M., Grandal d'Anglade, A., Alonso Fernández, S., & Ameijenda Iglesias, A. (2012). Ocupacións prehistóricas e históricas nas cavidades das serras orientais galegas: Cova de Eirós (Triacastela) e Valdavara (Becerreá). *Gallaecia*, 31, 17-45.

Falque Rey, E. (1994). *Historia Compostelana*. Akal.

Fanjul Peraza, A. (2016). *Origen y evolución de la cerámica de Faro*.

Fanjul Peraza, A., Busto Zapico, M., & Alonso Toucido, F. (2018). Observaciones en torno al origen y difusión de la cerámica de Miranda (Avilés). *Arqueología y Territorio Medieval*, 25, 293-305. <https://doi.org/10.17561/aytm.v25.10>

Fanjul Peraza, A., Tobalina Pulido, L., Sánchez Pascual, J., González Cordero, O., & Argüelles Álvarez, P. (2013). El centro campesino y alfarero de casa Juanín/Xuanín (Faro, Oviedo). Observaciones etnográficas a partir de una excavación arqueológica de emergencia. En G. del P. de Asturias (Ed.), *Excavaciones arqueológicas en Asturias 2013-2016* (pp. 391-398).

Fariña Busto, F. (1975). Contribución ao estudo da cerámica medieval en Galicia. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 29, 51-64.

Fariña Busto, F., & Suárez Otero, J. (1988). Arqueoloxía medieval en Galicia: unha aproximación. *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, XXVII, 49-77.

Febo, R. Di. (2015). *La ceràmica de Barcelona entre els segles XIII i XVIII a través de la seva caracterització arqueomètrica. El paper de l'anàlisi petrogràfica*. Universitat de Barcelona.

Fernandes, I. M. (1997). A produçyó ceràmica do norte (Séc. XII-XX) - Estudo histórico, tipológico e laboratorial. O levantamento etnográfico. En *Encontro de Olaria Tradicional: actas* (pp. 44-49). Câmara Municipal de Matosinhos.

Fernandes, I. M. (2016). A cerâmica e seu uso em Portugal, a partir de posturas, tazas e regimentos de oleiros (Séc. XII a XVIII): a análise de algumas peças. En M. J. Gonçalves & S. Gómez-Martínez (Eds.), *Actas do X Congresso Internacional A cerâmica medieval no Mediterrâneo Silves 22 a 27. outubro '12* (pp. 188-202). Campo Arqueológico de Mértola.

Fernandes, I. M. G. (2012). *A louça preta em Portugal: Estudo histórico, modos de fazer e de usar - Parte II*. 410.

Fernández-Fernández, A. (2011). *El comercio tardoantiguo (ss.IV-VII) en el noroeste peninsular a través del registro arqueológico de la ría de Vigo*. Universidade de Vigo.

Fernández-Fernández, A. (2014). El comercio tardoantiguo (ss. IV-VII) en el noroeste peninsular a través del registro cerámico de la ría de Vigo. En *Roman and Late Antique Mediterranean Pottery* (Número 5). Archaeopress.

Fernández-Fernández, A., & Bartolomé Abreira, R. (2016). Cerámicas tardoantiguas en el Noroeste de la Península (Galicia y norte de Portugal): entre la importación y el artesanato local/regional (ss. V-VII). En Juan Antonio Quirós Castillo & A. Vigil-Escalera Guirado (Eds.), *La cerámica de la Alta Edad Media en el cuadrante noroeste de la Península Ibérica (siglos v-x): sistemas de producción, mecanismos de distribución y patrones de consumo* (Vol. 9, pp. 69-111). [Bilbao] : Servicio Editorial de la Universidad del País Vasco = Euskal Herriko Unibertsitateko Argitalpen Zerbitzua, D.L. 2016. <https://doi.org/10.1017/CBO9781107415324.004>

